

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12328 *Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

ÍNDICE

- Título I. Natureza e ámbito de aplicación do imposto.
 - Artigo 1. Natureza.
 - Artigo 2. Ámbito de aplicación espacial.
 - Artigo 3. Tratados e convenios.
- Título II. O feito imponible.
 - Artigo 4. Feito imponible.
 - Artigo 5. Concepto de actividade económica e entidade patrimonial.
 - Artigo 6. Atribución de rendas.
- Título III. Contribuíntes.
 - Artigo 7. Contribuíntes.
 - Artigo 8. Residencia e domicilio fiscal.
 - Artigo 9. Exencións.
- Título IV. A base imponible.
 - Capítulo I. Concepto e determinación da base imponible. Regras de imputación temporal.
 - Artigo 10. Concepto e determinación da base imponible.
 - Artigo 11. Imputación temporal. Inscrición contable de ingresos e gastos.
 - Capítulo II. Limitación á deducibilidade de gastos.
 - Artigo 12. Correccións de valor: amortizacións.
 - Artigo 13. Correccións de valor: perda por deterioración do valor dos elementos patrimoniais.
 - Artigo 14. Provisións e outros gastos.
 - Artigo 15. Gastos non deducibles.
 - Artigo 16. Limitación na deducibilidade de gastos financeiros.
 - Capítulo III. Regras de valoración.
 - Artigo 17. Regra xeral e regras especiais de valoración nos supostos de transmisións lucrativas e societarias.
 - Artigo 18. Operacións vinculadas.
 - Artigo 19. Cambios de residencia, operacións realizadas con ou por persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais e cantidades suxeitas a retención. Regras especiais.

Artigo 20. Efectos da valoración contable diferente á fiscal.

Capítulo IV. Exención para eliminar a dobre imposición. Valores representativos dos fondos propios de entidades e establecementos permanentes.

Artigo 21. Exención para evitar a dobre imposición sobre dividendos e rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades residentes e non residentes en territorio español.

Artigo 22. Exención das rendas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente.

Capítulo V. Reducións na base imponible.

Artigo 23. Redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles.

Artigo 24. Obra benéfico-social das caixas de aforros e fundacións bancarias.

Artigo 25. Reserva de capitalización.

Artigo 26. Compensación de bases impositivas negativas.

Título V. Período impositivo e devindicación do imposto.

Artigo 27. Período impositivo.

Artigo 28. Devindicación do imposto.

Título VI. Débeda tributaria.

Capítulo I. Tipo de gravame e cota íntegra.

Artigo 29. O tipo de gravame.

Artigo 30. Cota íntegra.

Capítulo II. Deducións para evitar a dobre imposición internacional.

Artigo 31. Dedución para evitar a dobre imposición xurídica: imposto soportado polo contribuínte.

Artigo 32. Dedución para evitar a dobre imposición económica internacional: dividendos e participacións en beneficios.

Capítulo III. Bonificacións.

Artigo 33. Bonificación por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.

Artigo 34. Bonificación por prestación de servizos públicos locais.

Capítulo IV. Deducións para incentivar a realización de determinadas actividades.

Artigo 35. Dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Artigo 36. Dedución por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais.

Artigo 37. Deducións por creación de emprego.

Artigo 38. Dedución por creación de emprego para traballadores con discapacidade.

Artigo 39. Normas comúns ás deducións previstas neste capítulo.

Capítulo V. Pagamento fraccionado.

Artigo 40. O pagamento fraccionado.

Capítulo VI. Dedución dos pagamentos á conta.

Artigo 41. Dedución das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados.

- Título VII. Réximes tributarios especiais.
- Capítulo I. Definición e regras de aplicación dos réximes tributarios especiais.
- Artigo 42. Definición e regras de aplicación.
- Capítulo II. Agrupacións de interese económico españolas e europeas e de unións temporais de empresas.
- Artigo 43. Agrupacións de interese económico españolas.
- Artigo 44. Agrupacións europeas de interese económico.
- Artigo 45. Unións temporais de empresas.
- Artigo 46. Criterios de imputación.
- Artigo 47. Identificación de socios ou empresas membros.
- Capítulo III. Entidades dedicadas ao arrendamento de vivenda.
- Artigo 48. Ámbito de aplicación.
- Artigo 49. Bonificacións.
- Capítulo IV. Sociedades e fondos de capital risco e sociedades de desenvolvemento industrial rexional.
- Artigo 50. Entidades de capital risco e os seus socios.
- Artigo 51. Socios das sociedades de desenvolvemento industrial rexional.
- Capítulo V. Institucións de investimento colectivo.
- Artigo 52. Tributación das institucións de investimento colectivo.
- Artigo 53. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo.
- Artigo 54. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.
- Capítulo VI. Réxime de consolidación fiscal.
- Artigo 55. Definición.
- Artigo 56. Contribuínte.
- Artigo 57. Responsabilidades tributarias derivadas da aplicación do réxime de consolidación fiscal.
- Artigo 58. Definición do grupo fiscal. Entidade dominante. Entidades dependentes.
- Artigo 59. Inclusión ou exclusión de entidades no grupo fiscal.
- Artigo 60. Determinación do dominio e dos dereitos de voto nas participacións indirectas.
- Artigo 61. Aplicación do réxime de consolidación fiscal.
- Artigo 62. Determinación da base impoñible do grupo fiscal.
- Artigo 63. Regras especiais aplicables na determinación das bases impoñibles individuais das entidades integrantes do grupo fiscal.
- Artigo 64. Eliminacións.
- Artigo 65. Incorporacións.
- Artigo 66. Compensación de bases impoñibles negativas.
- Artigo 67. Regras especiais de incorporación de entidades no grupo fiscal.
- Artigo 68. Período impositivo.
- Artigo 69. Tipo de gravame do grupo fiscal.
- Artigo 70. Cota íntegra do grupo fiscal.
- Artigo 71. Deducións e bonificacións da cota íntegra do grupo fiscal.
- Artigo 72. Obrigacións de información.
- Artigo 73. Causas determinantes da perda do réxime de consolidación fiscal.

Artigo 74. Efectos da perda do réxime de consolidación fiscal ou da extinción do grupo fiscal.

Artigo 75. Declaración e autoliquidación do grupo fiscal.

Capítulo VII. Réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos, troca de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.

Artigo 76. Definicións.

Artigo 77. Réxime das rendas derivadas da transmisión.

Artigo 78. Valoración fiscal dos bens adquiridos.

Artigo 79. Valoración fiscal das accións ou participacións recibidas en contraprestación da achega.

Artigo 80. Réxime fiscal da troca de valores.

Artigo 81. Tributación dos socios nas operacións de fusión e escisión.

Artigo 82. Participacións no capital da entidade transmitente e da entidade adquirente.

Artigo 83. Limitación na dedución de gastos financeiros destinados á adquisición de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades.

Artigo 84. Subrogación nos dereitos e nas obrigacións tributarias.

Artigo 85. Perdas dos establecementos permanentes.

Artigo 86. Obrigacións contables.

Artigo 87. Achegas non en diñeiro.

Artigo 88. Normas para evitar a dobre imposición.

Artigo 89. Aplicación do réxime fiscal.

Capítulo VIII. Réxime fiscal da minaría.

Artigo 90. Entidades mineiras: liberdade de amortización.

Artigo 91. Factor de esgotamento: ámbito de aplicación e modalidades.

Artigo 92. Factor de esgotamento: investimento.

Artigo 93. Factor de esgotamento: requisitos.

Artigo 94. Factor de esgotamento: incumprimento de requisitos.

Capítulo IX. Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos.

Artigo 95. Exploración, investigación e explotación de hidrocarburos: factor de esgotamento.

Artigo 96. Factor de esgotamento: requisitos.

Artigo 97. Factor de esgotamento: incumprimento de requisitos.

Artigo 98. Titularidade compartida.

Artigo 99. Amortización de investimentos intanxibles e gastos de investigación. Compensación de bases impositivas negativas.

Capítulo X. Transparencia fiscal internacional.

Artigo 100. Imputación de rendas positivas obtidas por entidades non residentes.

Capítulo XI. Incentivos fiscais para as entidades de dimensión reducida

Artigo 101. Ámbito de aplicación. Cifra de negocios.

Artigo 102. Liberdade de amortización.

Artigo 103. Amortización dos elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios e do inmovilizado intanxible.

Artigo 104. Perdas por deterioración dos créditos por posibles insolvencias de debedores.

Artigo 105. Reserva de nivelación de bases impositivas.

Capítulo XII. Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.

- Artigo 106. Contratos de arrendamento financeiro.
- Capítulo XIII. Réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros.
- Artigo 107. Entidades de tenza de valores estranxeiros.
- Artigo 108. Distribución de beneficios. Transmisión da participación.
- Capítulo XIV. Réxime de entidades parcialmente exentas.
- Artigo 109. Ámbito de aplicación.
- Artigo 110. Rendas exentas.
- Artigo 111. Determinación da base imponible.
- Capítulo XV. Réxime das comunidades titulares de montes veciñais en man común.
- Artigo 112. Réxime das comunidades titulares de montes veciñais en man común.
- Capítulo XVI. Réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe.
- Artigo 113. Ámbito de aplicación.
- Artigo 114. Determinación da base imponible polo método de estimación obxectiva.
- Artigo 115. Tipo de gravame e cota.
- Artigo 116. Pagamentos fraccionados.
- Artigo 117. Aplicación do réxime.
- Título VIII. Xestión do imposto.
- Capítulo I. O índice de entidades
- Artigo 118. Índice de entidades.
- Artigo 119. Baixa no índice de entidades.
- Capítulo II. Obrigacións contables. Bens e dereitos non contabilizados. Revalorizacións voluntarias. Estimación de rendas no método de estimación indirecta.
- Artigo 120. Obrigacións contables. Facultades da Administración tributaria.
- Artigo 121. Bens e dereitos non contabilizados ou non declarados: presunción de obtención de rendas.
- Artigo 122. Revalorizacións contables voluntarias.
- Artigo 123. Estimación de rendas no método de estimación indirecta.
- Capítulo III. Declaración, autoliquidación e liquidación provisional.
- Artigo 124. Declaracións.
- Artigo 125. Autoliquidación e ingreso da débeda tributaria.
- Artigo 126. Liquidación provisional.
- Capítulo IV. Devolución.
- Artigo 127. Devolución.
- Capítulo V. Obrigación de reter e ingresar á conta
- Artigo 128. Retencións e ingresos á conta.
- Artigo 129. Normas sobre retención, transmisión e obrigacións formais relativas a activos financeiros e outros valores mobiliarios.
- Capítulo VI. Conversión de activos por imposto diferido en crédito exixible fronte á Administración tributaria.
- Artigo 130. Conversión de activos por imposto diferido en crédito exixible fronte á Administración tributaria.

Capítulo VII. Facultades da Administración para determinar a base impoñible.

Artigo 131. Facultades da Administración para determinar a base impoñible.

Título IX. Orde xurisdiccional.

Artigo 132. Xurisdición competente.

Disposición adicional primeira. Restricións á exención por dobre imposición de dividendos.

Disposición adicional segunda. Réxime do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana en operacións de reestruturación empresarial.

Disposición adicional terceira. Subvencións da política agraria e pesqueira comunitaria e axudas públicas.

Disposición adicional cuarta. Incentivos fiscais para a renovación da frota mercante.

Disposición adicional quinta. Incidencia da reserva para investimentos en Canarias no cálculo dos pagamentos fraccionados.

Disposición adicional sexta. Exención de rendas derivadas da transmisión de determinados inmobles.

Disposición adicional sétima. Entidades deportivas.

Disposición adicional oitava. Réxime fiscal aplicable ás operacións de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

Disposición adicional novena. Participacións preferentes.

Disposición adicional décima. Facultades de comprobación da Administración tributaria.

Disposición adicional décimo primeira. Remisións normativas.

Disposición adicional décimo segunda. Grupos fiscais con entidade dominante sometida á normativa foral da Comunidade Autónoma do País Vasco.

Disposición transitoria primeira. Regularización de axustes extracontables.

Disposición transitoria segunda. Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos e de fomento da minaría.

Disposición transitoria terceira. Beneficios fiscais da reconversión e reindustrialización.

Disposición transitoria cuarta. Contratos de arrendamento financeiro celebrados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Disposición transitoria quinta. Saldos da provisión para insolvencias amparada no artigo 82 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 2631/1982, do 15 de outubro.

Disposición transitoria sexta. Réxime transitorio dos beneficios sobre operacións financeiras.

Disposición transitoria sétima. Valor fiscal das participacións das institucións de investimento colectivo.

Disposición transitoria oitava. Réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de lei da normativa de defensa da competencia.

Disposición transitoria novena. Réxime fiscal das participacións en entidades que aplicasen o réxime fiscal especial de transparencia fiscal establecido na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Disposición transitoria décima. Réxime fiscal das participacións en entidades que aplicasen o réxime especial de sociedades patrimoniais establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición transitoria décimo primeira. Valor fiscal dos elementos patrimoniais adxudicados aos socios con ocasión da disolución de sociedades transparentes e de sociedades patrimoniais.

Disposición transitoria décimo segunda. Réxime fiscal dos axustes contables pola primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, ou do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo.

Disposición transitoria décimo terceira. Aplicación da táboa de amortización prevista nesta lei en elementos patrimoniais adquiridos con anterioridade. Liberdade de amortización pendente de aplicar.

Disposición transitoria décimo cuarta. Fondo de comercio financeiro.

Disposición transitoria décimo quinta. Perdas por deterioración do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios, inmovilizado intanxible e valores representativos de débeda.

Disposición transitoria décimo sexta. Réxime transitorio aplicable ás perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades e ás rendas negativas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente, xeradas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

Disposición transitoria décimo sétima. Réxime aplicable a determinados instrumentos financeiros emitidos ou outorgados con anterioridade ao 20 de xuño de 2014.

Disposición transitoria décimo oitava. Endebedamento de operacións de adquisición de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades.

Disposición transitoria décimo novena. Rendas derivadas da transmisión de participacións.

Disposición transitoria vixésima. Réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles.

Disposición transitoria vixésimo primeira. Bases impoñibles negativas pendentes de compensar no imposto sobre sociedades.

Disposición transitoria vixésimo segunda. Entidades de nova creación. Tipo de gravame reducido por mantemento ou creación de emprego.

Disposición transitoria vixésimo terceira. Réxime transitorio no imposto sobre sociedades das deducións para evitar a dobre imposición.

Disposición transitoria vixésimo cuarta. Deducións para incentivar a realización de determinadas actividades pendentes de aplicar no imposto sobre sociedades.

Disposición transitoria vixésimo quinta. Grupos fiscais.

Disposición transitoria vixésimo sexta. Réxime de consolidación fiscal dos grupos formados por entidades de crédito integrantes dun sistema institucional de protección das caixas de aforros.

Disposición transitoria vixésimo sétima. Participacións no capital da entidade transmitente e da entidade adquirente.

Disposición transitoria vixésimo oitava. Amortización de elementos patrimoniais obxecto de reinvestimento por empresas de dimensión reducida.

Disposición transitoria vixésimo novena. Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.

Disposición transitoria trixésima. Aplicación da Decisión da Comisión Europea do 17 de xullo de 2013, relativa ao réxime fiscal aplicable a determinados acordos de arrendamento financeiro.

Disposición transitoria trixésimo primeira. Entidades de tenza de valores estranxeiros.

Disposición transitoria trixésimo segunda. Sociedades civís suxeitas a este imposto.

Disposición transitoria trixésimo terceira. Conversión de activos por imposto diferido xerados en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 en crédito exigible fronte á Administración tributaria.

Disposición transitoria trixésimo cuarta. Medidas temporais aplicables no período impositivo 2015.

Disposición transitoria trixésimo quinta. Réxime fiscal aplicable a activos intanxibles adquiridos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria trixésimo sexta. Límite na compensación de bases impositivas negativas e activos por imposto diferido para o ano 2016.

Disposición transitoria trixésimo sétima. Dedución por reversión de medidas temporais.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Entidades acollidas á Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

Disposición derradeira segunda. Entidades acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Disposición derradeira terceira. Entidades acollidas á Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

Disposición derradeira cuarta. Modificacións na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

Disposición derradeira quinta. Modificacións na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Disposición derradeira sexta. Modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira sétima. Modificacións na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

Disposición derradeira oitava. Modificacións na Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras.

Disposición derradeira novena. Habilitacións á Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira décima. Habilitación normativa.

Disposición derradeira décimo primeira. Título competencial.

Disposición derradeira décimo segunda. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

A fiscalidade directa no ámbito da actividade económica, desenvolvida polas persoas xurídicas, baséase no imposto sobre sociedades. Esta figura impositiva constitúe un pilar básico da imposición directa en España xunto co imposto sobre a renda das persoas físicas. Ambas as figuras atopan a súa razón de ser no artigo 31 da Constitución, que exige a contribución ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa capacidade económica de cada contribuínte.

A Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, estableceu as regras esenciais da actual estrutura do imposto sobre sociedades, inspirada nos principios de neutralidade, transparencia, sistematización, coordinación internacional e competitividade. Así, a Lei 43/1995, do 27 de decembro, estableceu como unha das súas principais novidades a determinación da base impositiva do imposto de maneira sintética, a partir do resultado contable, corrixido polas excepcións legalmente tipificadas.

Posteriormente, coa finalidade de incrementar a claridade do sistema tributario e mellorar a seguridade xurídica, aprobouse o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a través do Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que tivo como obxectivo fundamental integrar nun único corpo normativo todas as disposicións que afectaban este imposto, salvo casos excepcionais.

Con todo, desde esa aprobación o texto refundido foi obxecto de modificacións constantes, de carácter parcial, que, malia seren todas elas individualmente consistentes, non foron acompañadas dunha revisión global requirida de toda a figura impositiva, revisión que se percibe como indispensable no momento de aprobación desta lei cun novo impulso modernizador e competitivo para o sector empresarial español.

A presente lei mantén a mesma estrutura do imposto sobre sociedades que xa existe desde o ano 1996, de maneira que o resultado contable segue a ser o elemento nuclear da base imponible e constitúe un punto de partida clave na súa determinación. Non obstante, esta lei proporciona esa revisión global indispensable, incorporando unha maior identidade ao imposto sobre sociedades, que abandonou hai tempo o papel de complemento do imposto sobre a renda das persoas físicas, pero sen abandonar os principios esenciais de neutralidade e xustiza inspirados na propia Constitución.

Así mesmo, a pertenza a un mundo globalizado cada vez máis interactivo enmarcado de maneira moi destacada polo contorno da Unión Europea, a necesidade de competir en mercados internacionais, a adaptación da norma ao dereito comunitario ou o incremento da necesaria loita contra a fraude fiscal, son razóns fundadas para proceder a esta revisión xeral do imposto sobre sociedades.

Por outra parte, non se pode esquecer a pequena e mediana empresa, que constitúen un elemento característico na configuración do noso tecido empresarial e que require normas máis sinxelas e neutrais, que permitan impulsar o seu crecemento e consoliden a competitividade da nosa economía.

Así mesmo, non se pode deixar de mencionar a excepcional crise que sufriu a recadación deste imposto, máis alá da propia crise económica que aconteceu nos últimos anos, crise recadatoria que exige unha reacción do lexislador para volver situar este imposto como elemento clave na súa contribución ao sostemento das cargas públicas.

Por último, séguense mantendo á marxe da presente lei determinadas normas específicas cuxa inclusión determinaría unha dispersión da normativa contida nelas ao afectaren un ámbito superior ao propio imposto sobre sociedades. Este é o caso, por exemplo, da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou a Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

II

Adicionalmente á xa comentada necesaria revisión global da norma aplicable ao imposto sobre sociedades, débense engadir outros obxectivos claros que inspiraron esta reforma, entre os cales destacan como principais os seguintes:

a) Neutralidade, igualdade e xustiza. Estes tres principios constitucionais convértense en obxectivo primordial da actual reforma, de maneira que a aplicación dos tributos non xere alteracións substanciais do comportamento empresarial, salvo que o imposto resulte indispensable para cubrir determinadas ineficiencias producidas polo propio mercado. Fóra destes supostos, o imposto sobre sociedades segue mantendo e agudizando o seu carácter neutral e igualitario. Como exemplos á aplicación destes principios, basta destacar a aproximación entre o tratamento do financiamento alleo e propio, a aproximación entre o tipo de gravame nominal e o efectivo ou a eliminación de incentivos fiscais.

b) Incremento da competitividade económica. Resulta imprescindible no momento actual favorecer, con carácter primordial, a competitividade empresarial e garantir o crecemento sostido da actividade económica. Neste sentido, a redución do tipo de gravame xeral, do 30 ao 25 por cento, constitúe un elemento primordial na consecución deste obxectivo. Así mesmo, o tratamento das rendas internacionais favorece a repatriación de dividendos sen custo tributario e convértese nun instrumento esencial na internacionalización da empresa española. Por último, tamén é destacable a innovadora

extensión do réxime de exención no tratamento das rendas procedentes de participacións en entidades españolas.

c) Simplificación do imposto. Resulta necesario introducir unha maior sinxeleza do imposto, que contribúa ao mellor cumprimento da norma. Neste punto son dignas de mención medidas como a simplificación das táboas de amortización, a racionalización das normas aplicables ás operacións vinculadas, a eliminación de diferentes tipos de gravame, en consonancia coas recomendacións de organismos internacionais, ou a aplicación dun réxime de exención xeneralizado nas rendas procedentes de participacións significativas.

d) Adaptación da norma ao dereito comunitario. O contorno comunitario constitúe, hoxe en día, un elemento indispensable que hai que ter en conta en calquera reforma do sistema tributario español. Neste sentido, dentro das medidas que buscan esta adaptación, require unha especial consideración o tratamento do sistema de eliminación da dobre imposición establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, que fora cuestionado pola Comisión Europea, de maneira que esta lei pretende dar cumprimento ao ordenamento comunitario equiparando o tratamento das rendas internas e internacionais. Igualmente, as modificacións realizadas nos réximes especiais de consolidación fiscal e reestruturacións pretenden, entre outros obxectivos, favorecer o cumprimento da indispensable compatibilidade co ordenamento comunitario. En definitiva, esta lei procura ser especialmente rigorosa desde a perspectiva da súa compatibilidade co ordenamento comunitario.

e) Estabilidade dos recursos e consolidación fiscal. Non se debe esquecer de novo a caída recadatoria do imposto sobre sociedades nos últimos anos, que fixo e fai necesaria a adopción de medidas que traten de paliar o déficit de recursos, co obxecto de alcanzar a estabilidade necesaria que a sustentabilidade do sector público require. Neste sentido, adóptanse medidas que tratan de ampliar a base imponible do imposto, como é o caso da extensión da non deducibilidade da deterioración de valor a todos os elementos patrimoniais do inmovilizado empresarial, ou as modificacións introducidas na limitación á deducibilidade de gastos financeiros, así como a eliminación de determinadas deducións.

f) Endebedamento-capitalización. No ano 2012 introduciuse unha limitación na deducibilidade de gastos financeiros establecendo un criterio específico de imputación temporal distinto ao contable, coa finalidade de favorecer indirectamente a capitalización empresarial. Nesta mesma tendencia, resulta necesario incidir na neutralidade na captación de financiamento empresarial, para estabilizar unha balanza que durante moito tempo se inclinou a favor do financiamento alleo. Neste obxectivo incide especialmente a nova reserva de capitalización, así como as modificacións que se incorporan no tratamento dos gastos financeiros.

g) Seguridade xurídica. A reforma trata, así mesmo, de incrementar a seguridade xurídica necesaria nunha norma desta natureza. As características especiais deste imposto, que trata de proporcionar un marco xurídico nunha realidade económica tan cambiante, fan necesario intentar reducir a litixiosidade. Esta lei recolle criterios doutriniais e xurisprudenciais e aclara cuestións que xeran ou poidan xerar unha conflitividade non desexada, garantindo a transparencia necesaria para acometer calquera decisión de investimento. Neste ámbito poden mencionarse as regras aplicables a operacións a prazos, a non integración na base imponible daqueles ingresos que proceden da reversión de gastos non deducibles ou a posibilidade de aplicar parcialmente o réxime de operacións de reestruturación.

h) Loita contra a fraude. Por último, aínda que non por iso menos importante, resulta esencial incrementar as medidas que favorezan unha efectiva loita contra a fraude fiscal, non só a nivel interno senón no ámbito da fiscalidade internacional. Precisamente neste ámbito, os últimos traballos elaborados pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico e materializados nos plans de acción contra a erosión da base imponible e o traslado de beneficios, constitúen unha ferramenta fundamental de análise da fraude fiscal internacional. Neste marco, a presente reforma anticipa medidas

encamiñadas a este obxectivo, como é o caso do tratamento dos híbridos, ou as modificacións realizadas en materia de transparencia fiscal internacional ou operacións vinculadas.

III

A presente lei está estruturada en 9 títulos, cun total de 132 artigos, 12 disposicións adicionais, 37 transitorias, unha derogatoria e 12 derradeiras.

Menciónanse a continuación as principais novidades que esta lei introduce en relación coa anterior.

Na regulación do feito impositivo, incorpórase o concepto de actividade económica, que non presenta diferenzas relevantes respecto ao concepto tradicionalmente utilizado no imposto sobre a renda das persoas físicas. Porén, resulta esencial que un imposto cuxa finalidade primordial é gravar as rendas obtidas na realización de actividades económicas, conteña unha definición ao respecto, adaptada á propia natureza das persoas xurídicas. Así mesmo, introdúcese o concepto de entidade patrimonial, que toma como punto de partida ás sociedades cuxa actividade principal consiste na xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, ben que se acomoda ás necesidades específicas deste imposto.

No ámbito dos contribuíntes, incorpóranse ao imposto sobre sociedades as sociedades civís que teñen obxecto mercantil, e que tributaban ata a aprobación desta lei como contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas a través do réxime de atribución de rendas. Esta medida require incorporar un réxime transitorio no imposto sobre a renda das persoas físicas que regule a traslación deste tipo de entidades como contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas a contribuíntes deste imposto.

Na estruturación do imposto, introdúcese novidades no réxime xeral de tributación que afectan a determinación da base impositiva, o tratamento da dobre imposición, os tipos de gravame e os incentivos fiscais, así como nos réximes especiais.

1. A base impositiva modifícase, entre outros, nos seguintes aspectos relevantes:

a) En materia de imputación temporal, actualízase o principio de devindicación en consonancia co recollido no ámbito contable do Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, así como no Plan xeral de contabilidade para pemes aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro. Así mesmo, a lei recolle de maneira expresa algo evidente, pero non regulado ata o de agora, en relación coa non integración na base impositiva da reversión daqueles gastos que non resultasen fiscalmente deducibles.

De maneira similar ao xa establecido anteriormente para transmisións de valores representativos do capital ou fondos propios de entidades, así como de establecementos permanentes, difírese no tempo a integración na base impositiva das rendas negativas que se poidan xerar na transmisión de elementos do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios, intanxibles e valores representativos de débeda, cando tal transmisión se realiza no ámbito dun grupo de sociedades. Adicionalmente, garántese a neutralidade e evítanse supostos de dobre imposición a través dun mecanismo que limita as rendas negativas ás realmente obtidas no seo do grupo mercantil.

b) É relevante a simplificación que se realiza nas táboas de amortización e que reduce a súa complexidade, cunhas táboas máis actualizadas e de mellor aplicación práctica. Non obstante, o tratamento das amortizacións segue sendo flexible en canto á posibilidade de aplicar diferentes métodos de amortización. Así mesmo, mantéñense os distintos supostos tradicionais de liberdade de amortización, entre os cales destaca, por encima de todos, o vinculado á actividade de I+D+i.

c) Respecto ás deterioracións de valor dos elementos patrimoniais, conxuntamente coa non deducibilidade xa introducida no ano 2013 en relación cos correspondentes a valores representativos do capital ou fondos propios de entidades, establécese como

novidade a non deducibilidade de calquera tipo de deterioración correspondente a outro tipo de activos, coa excepción das existencias e dos créditos e partidas por cobrar.

Por un lado, os valores de renda fixa que, tendo unha natureza financeira similar aos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades, aplicaban distinto réxime fiscal en canto ao efecto da súa valoración, de maneira que se establece a non deducibilidade da deterioración destes elementos, dando así unha maior consistencia á norma.

Por outro lado, establécese a non deducibilidade da deterioración correspondente a aqueles activos cuxa imputación como gasto na base imponible xa se realiza de maneira sistemática. Nestes casos, a amortización dos elementos patrimoniais ou o mantemento dunha regra especial de imputación do gasto na base imponible cando non existe a dita amortización, como ocorre cos activos intangibles de vida útil indefinida, incluído o fondo de comercio, permiten a integración na base imponible dos investimentos dunha maneira proporcionada no tempo, e que favorece a nivelación da base imponible con independencia do devir da actividade económica, e sen que se poida considerar que as diferenzas de valor atribuíbles de maneira excepcional aos ditos elementos patrimoniais deban influír sobre a capacidade fiscal dos contribuíntes.

Desta maneira conséguense unha distribución máis equilibrada no tempo dos gastos asociados aos investimentos, sen que a variación no valor patrimonial dos elementos do activo incida na base imponible. Débese facer unha excepción en relación cos terreos que, salvo supostos moi excepcionais, non son obxecto de amortización e aos cales resulta de aplicación a mesma regra sinalada.

d) Tamén se introducen novidades en materia de deducibilidade de determinados gastos.

En primeiro lugar, a norma fiscal sepárase da contabilidade naqueles instrumentos financeiros que mercantilmente representan participacións no capital ou fondos propios de entidades e, no entanto, contablemente teñen a consideración de pasivo financeiro. Nestes supostos, a normativa fiscal opta por atribuír a estes instrumentos o tratamento fiscal que corresponde a calquera participación no capital ou fondos propios de entidades, con independencia de que a contabilidade altere a dita natureza, como pode ocorrer coas accións sen voto ou coas accións rescatables. Así mesmo, atráese ao tratamento fiscal do financiamento propio os préstamos participativos outorgados por entidades pertencentes ao mesmo grupo de sociedades equiparando o tratamento fiscal que corresponde ao financiamento vía achegas aos fondos propios ou vía préstamo participativo dentro dun grupo mercantil.

En segundo lugar, limitáase a deducibilidade fiscal das atencións a clientes, ata o 1 por cento do importe neto da cifra de negocios da entidade, mentres que a deducibilidade de contías inferiores está sometida ás regras xerais de rexistro, xustificación e imputación temporal. Merece especial mención a inclusión dunha norma sobre operacións híbridas, entendendo como tales aquelas que teñen distinta cualificación fiscal nas partes intervenientes. Esta regra ten como obxectivo evitar a deducibilidade daqueles gastos que determinen un ingreso exento ou sometido a unha tributación nominal inferior ao 10 por cento, consecuencia desa diferente cualificación fiscal, cando esta operación se realiza entre partes vinculadas.

A norma tamén atende ás recomendacións realizadas polos organismos internacionais, incidindo na limitación á deducibilidade fiscal dos gastos financeiros. O tratamento fiscal dos gastos financeiros foi obxecto dunha profunda reforma no Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que introduciu dous tipos de limitacións. A primeira delas estaba referida á non deducibilidade daqueles gastos financeiros xerados no seo dun grupo mercantil, destinados á realización de determinadas operacións entre entidades que pertencen ao mesmo grupo, salvando, non obstante, aquelas operacións que fosen razoables desde a perspectiva económica, como poden ser supostos de reestruturación dentro do grupo, consecuencia directa dunha adquisición a terceiros, ou ben aqueles supostos en que se produce unha auténtica xestión das

entidades participadas adquiridas desde o territorio español. A segunda limitación tivo un alcance xeral, que se converte na práctica nunha regra de imputación temporal específica. É respecto desta segunda medida en que se incide aínda máis, seguindo as referidas recomendacións. Neste sentido, prevese unha limitación adicional en relación cos gastos financeiros asociados á adquisición de participacións en entidades cando, posteriormente, a entidade adquirida se incorpora ao grupo de consolidación fiscal a que pertence a adquirente ou ben é obxecto dunha operación de reestruturación, de maneira que a actividade da entidade adquirida, ou calquera outra que sexa obxecto de incorporación ao grupo fiscal ou reestruturación coa adquirente nos 4 anos posteriores, non soporte o gasto financeiro derivado da súa adquisición. Non obstante, esta limitación non se aplicará cando a débeda asociada á adquisición das participacións alcance un máximo dun 70 por cento e se reduza ao menos de maneira proporcional durante un prazo de 8 anos, ata que alcance un nivel do 30 por cento sobre o prezo de adquisición.

e) O réxime das operacións vinculadas foi obxecto dunha profunda modificación con ocasión da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e que tivo como elemento esencial a introdución dunhas obrigacións de documentación específicas exixibles ás operacións vinculadas. Por outra parte, o tratamento fiscal das operacións vinculadas constitúe un elemento transcendental internacionalmente, ao cal se dedican especificamente tanto a Unión Europea como a OCDE. Neste sentido, débese ter en conta que a interpretación do precepto que regula estas operacións debe realizarse, precisamente, en concordancia coas directrices de prezos de transferencia da OCDE e coas recomendacións do Foro Conxunto de Prezos de Transferencia da UE, na medida en que non contradigan o expresamente sinalado no dito precepto ou na súa normativa de desenvolvemento.

No ámbito das operacións vinculadas, esta lei presenta novidades en relación coa documentación específica que deberán elaborar as entidades afectadas, que terá un contido simplificado para aquelas entidades ou grupos de entidades cuxo importe neto da cifra de negocios sexa inferior a 45 millóns de euros, e non será necesaria en relación con determinadas operacións.

Tamén é innovadora a restrición do perímetro de vinculación, perímetro que foi escasamente alterado na Lei 36/2006 e respecto do cal se puxo de manifesto a necesidade crecente de restrinxir os supostos de vinculación no ámbito da relación socio-sociedade, que queda fixado no 25 por cento de participación.

Por outra parte, en relación coa propia metodoloxía de valoración das operacións, elimínase a xerarquía de métodos que se contiña na regulación anterior para determinar o valor de mercado das operacións vinculadas e admítense, adicionalmente, con carácter subsidiario outros métodos e técnicas de valoración, sempre que respecten o principio de libre competencia. Así mesmo, establécense nesta lei regras específicas de valoración para as operacións dos socios coas sociedades profesionais, axustadas á realidade económica.

Por último, deben mencionarse a modificación do réxime sancionador, que se converte en menos gravoso, e a estanquidade da valoración realizada conforme esta regulación específica das operacións vinculadas coa valoración que se poida facer noutros ámbitos, como pode ser o suposto do valor en alfándega.

f) Modifícase substancialmente o tratamento da compensación de bases impositivas negativas, destacando a aplicabilidade das ditas bases impositivas nun futuro sen límite temporal. Non obstante, introdúcese unha limitación cuantitativa no 70 por cento da base impositiva previa á súa compensación e admítense, en todo caso, un importe mínimo de 1 millón de euros. Adicionalmente, co obxecto de evitar a adquisición de sociedades inactivas ou cuasi-inactivas con bases impositivas negativas, establécense medidas que impiden o seu aproveitamento, incidindo así na loita contra a fraude fiscal.

Adicionalmente, a extensión do prazo de compensación ou dedución de determinados créditos fiscais máis alá do prazo de prescrición en beneficio dos contribuíntes acompáñase da limitación, a un período de 10 anos, do prazo de que dispón a Administración para comprobar a procedencia da compensación ou dedución orixinada.

Con esta modificación posibilitábase non só garantir o dereito do contribuínte a beneficiarse deses créditos, senón que se asegura o correcto exercicio doutros dereitos, como, por exemplo, o de rectificación das súas autoliquidacións cando na comprobación da procedencia da rectificación a Administración deba verificar aspectos vinculados a exercicios respecto dos cales se produciu a prescrición do dereito a liquidar.

2. Un dos aspectos máis innovadores desta lei é o tratamento da dobre imposición. Tras o ditame motivado da Comisión Europea n.º 2010/4111, relativo ao tratamento fiscal dos dividendos, resulta completamente necesaria unha revisión do mecanismo da eliminación da dobre imposición recollida no imposto sobre sociedades, con dous obxectivos fundamentais: (i) equiparar o tratamento das rendas derivadas de participacións en entidades residentes e non residentes, tanto en materia de dividendos como de transmisión destas, e (ii) establecer un réxime de exención xeral no ámbito das participacións significativas en entidades residentes.

A presente lei incorpora un réxime de exención xeral para participacións significativas, aplicable tanto no ámbito interno como internacional, eliminando neste segundo ámbito o requisito relativo á realización de actividade económica, ben que se incorpora un requisito de tributación mínima que se establece no 10 por cento de tipo nominal, e que se entende cumprido no suposto de países cos cales se subscribíse un convenio para evitar a dobre imposición internacional.

Este novo mecanismo de exención constitúe un mecanismo de indubidable relevancia para favorecer a competitividade e a internacionalización das empresas españolas. Así mesmo, o réxime de exención no tratamento das plusvalías de orixe interna simplifica considerablemente a situación previa, que incluía un complexo mecanismo para garantir a eliminación da dobre imposición. Este tratamento das rendas derivadas da tenza de participacións complementábase cunha importante reforma do réxime de transparencia fiscal internacional, que reestrutura todo o tratamento da dobre imposición cun conxunto normativo cuxo principal obxectivo é atraer a territorio español a tributación daquelas rendas pasivas, na súa maioría, que se localizan fóra do territorio español cunha finalidade eminentemente fiscal.

Por último, modifícase o tratamento da dobre imposición nas operacións de préstamo de valores e homoxenízase con outro tipo de contratos con idénticos efectos económicos, como poden ser determinadas operacións de venda con pacto de recompra de accións ou *equity swap*, cando o denominador común en todas elas é que o perceptor xurídico dos dividendos ou participacións en beneficios ten a obrigaón de restituílos ao seu titular económico. Neste caso, regúlase expresamente que a exención a aplicará, en caso de proceder, aquela entidade que mantén o rexistro contable dos valores, sempre que cumpra os requisitos necesarios para iso.

3. En relación co tipo de gravame do imposto, este presenta dous elementos innovadores.

O primeiro consiste na redución do tipo de gravame xeral, que pasa do 30 ao 25 por cento, de maneira que España se sitúa nun nivel substancialmente inferior de tributación en relación con países da nosa contorna. Porén, no caso de entidades de nova creación, o tipo de gravame mantense no 15 por cento para o primeiro período impositivo en que obteñen unha base imponible positiva e o seguinte. Todo iso incide directamente na competitividade da economía española e na internacionalización empresarial.

Esta diminución vai acompañada dun segundo elemento consistente en equiparar o tipo de gravame xeral co da pequena e mediana empresa; desta maneira elimínase unha diferenza de tipos de gravame que organismos internacionais, como o Fondo Monetario Internacional, consideran como un desincentivo ou un obstáculo ao crecemento empresarial, ao incremento da produtividade, de maneira que permite simplificar a aplicación do imposto. Non obstante, mantense o tipo de gravame do 30 por cento para as entidades de crédito, que quedan sometidas ao mesmo tipo que aquelas outras entidades que se dedican á exploración, investigación e explotación de hidrocarburos.

4. En materia de incentivos fiscais, destaca (i) unha simplificación do imposto, pois eliminanse determinados incentivos cuxo mantemento se considera innecesario, (ii) a

introdución de dous novos incentivos vinculados ao incremento do patrimonio neto, un aplicable no réxime xeral e outro específico para as empresas de dimensión reducida, e (iii) a potenciación doutros incentivos existentes como é o caso do destinado ao sector cinematográfico.

a) En primeiro lugar, desaparece a dedución por investimentos ambientais, tendo en conta que as exixencias en materia ambiental son cada vez superiores e que en ocasións se volven obrigatorias, polo que resultaba paradoxal o mantemento dun incentivo destas características. De novo, prevalece a neutralidade do imposto e resulta preferible que sexan outros parámetros os que se teñan en conta para realizar investimentos desta natureza.

b) En segundo lugar, é obxecto de eliminación a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios e a recentemente creada dedución por investimento de beneficios. Ambos os incentivos substitúense por un novo denominado reserva de capitalización, e que se traduce na non tributación daquela parte do beneficio que se destine á constitución dunha reserva indispoñible, sen que se estableza ningún requisito de investimento desta reserva nalgún tipo concreto de activo. Con esta medida preténdese potenciar a capitalización empresarial mediante o incremento do patrimonio neto e, con iso, incentivar o saneamento das empresas e a súa competitividade. Así mesmo, esta medida, conxuntamente coa limitación de gastos financeiros, neutraliza en maior medida o tratamento que ten no imposto sobre sociedades o financiamento alleo fronte ao financiamento propio, obxectivo primordial tras a crise económica e en consonancia coas recomendacións dos organismos internacionais.

c) Con destino exclusivo para a pequena e mediana empresa destaca como novidade a creación dunha reserva de nivelación de bases impositivas, a que se fai referencia máis adiante.

d) Mantense, mellorada, a dedución por investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica e as deducións por creación de emprego, incluíndo a correspondente aos traballadores con discapacidade, incentivos todos eles que se consideran imprescindibles na configuración actual do imposto sobre sociedades. Non obstante, dado que as porcentaxes de dedución non se ven alteradas, en xeral, respecto da normativa anterior, a minoración do tipo de gravame tradúcese nun incremento efectivo dos referidos incentivos. Destaca o incremento do importe da aplicación sen límite e aboamento da dedución no caso de investigación e desenvolvemento respecto daquelas entidades que realizan un considerable esforzo neste tipo de actividades.

e) O tratamento do sector cinematográfico e das artes escénicas require un punto especial, e esta lei recolle un incremento substancial nos incentivos fiscais vinculados a el.

Por unha parte, co obxecto de beneficiar o desenvolvemento da industria cinematográfica española, increméntase a porcentaxe de dedución por investimentos en producións cinematográficas e series audiovisuais ao 20 por cento para o primeiro millón de euros, o que, unido á referida redución do tipo de gravame, potencia substancialmente a dedución destinada ao cinema e ás series audiovisuais. Se a produción supera o dito importe, o exceso terá unha dedución do 18 por cento. Así mesmo, en consonancia coa Comunicación da Comisión Europea sobre axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual, do 15 de novembro de 2013, introdúcese o requisito de territorialización, que garante a aplicación do incentivo en producións realizadas substancialmente en España. Tamén se introduce un novo incentivo fiscal no suposto de espectáculos en vivo das artes escénicas e musicais.

Por outra parte, establécese unha dedución do 15 por cento dos gastos realizados en territorio español, no caso de grandes producións internacionais, coa finalidade de atraer a España este tipo de producións que teñen un alto impacto económico e, en especial, turístico. Co obxecto de garantir a aplicación práctica desta dedución de carácter internacional, establécese un mecanismo de monetización similar ao xa existente para a dedución por I+D+i.

5. Os réximes especiais do imposto tamén son obxecto de revisión xeral, como consecuencia de (i) a incorporación dun novo sistema para eliminar a dobre imposición baseado no método de exención, (ii) a necesidade de adaptar os réximes especiais ao ordenamento comunitario e (iii) a necesidade de actualizar, modernizar e establecer unha coherencia de toda a normativa do imposto sobre sociedades.

De entre eles, merecen unha especial mención, pola súa transcendencia, o réxime de consolidación fiscal, o réxime das operacións de reestruturación e o réxime das empresas de dimensión reducida.

a) No réxime de consolidación fiscal incorpóranse novidades, en primeiro lugar, na configuración do grupo fiscal, exixindo, por un lado, que se posúa a maioría dos dereitos de voto das entidades incluídas no perímetro de consolidación e permitindo, por outro lado, a incorporación no grupo fiscal de entidades indirectamente participadas a través doutras que non formasen parte do grupo fiscal, como pode ser o caso de entidades non residentes en territorio español ou de entidades comunmente participadas por outra non residente no dito territorio.

En segundo lugar, destaca a configuración do grupo como tal, incluso na determinación da base imponible, de maneira que calquera requisito ou cualificación estará determinado pola configuración do grupo fiscal como unha única entidade. Esta configuración tradúcese en regras específicas para a determinación da base imponible do grupo fiscal, de maneira que determinados axustes, como é o caso da reserva de capitalización ou de nivelación, se realicen a nivel do grupo.

Finalmente, esta lei establece que a integración dun grupo fiscal noutro non leve consigo os efectos da extinción daquel, o que fai prevalecer o carácter económico deste tipo de operacións, de maneira que a fiscalidade permaneza neutral en operacións de reestruturación que afectan grupos de consolidación fiscal.

b) O réxime especial aplicable ás operacións de reestruturación presenta catro novidades substanciais.

En primeiro lugar, este réxime configúrase expresamente como o réxime xeral aplicable ás operacións de reestruturación. Por tanto, desaparece a opción para a súa aplicación e establécese unha obrigação xenérica de comunicación á Administración tributaria da realización de operacións que o aplican.

A segunda novidade destacable baséase na desaparición do tratamento fiscal do fondo de comercio de fusión, consecuencia inmediata da aplicación do réxime de exención na transmisión de participacións de orixe interna, que fai innecesario o mantemento deste mecanismo complexo como instrumento para eliminar a dobre imposición. Esta novidade simplifica de maneira considerable a aplicación do imposto, ao eliminar a necesidade de proba dunha tributación noutro contribuínte, de difícil cumprimento en ocasións, como é o suposto de adquisición de participacións a través dun mercado organizado.

Como terceira novidade, establécese expresamente a subrogación da entidade adquirente nas bases impositivas negativas xeradas por unha rama de actividade cando esta é obxecto de transmisión por outra entidade, de maneira que as bases impositivas acompañan a actividade que as xerou, calquera que sexa o seu titular xurídico.

Finalmente, regúlase expresamente a inaplicación parcial do réxime e a circunscrición das regularizacións que se poidan efectuar ao ámbito da vantaxe fiscal obtida neste tipo de operacións.

c) Por último, o réxime de entidades de dimensión reducida séguese configurando sobre o importe neto da cifra de negocios, ben que destaca a eliminación da escala de tributación que acompañaba este réxime fiscal, minorando o tipo de gravame destas entidades.

Esta minoración do tipo de gravame vese acentuada mediante a innovadora reserva de nivelación de bases impositivas negativas, que supón unha redución desta ata un 10 por cento do seu importe. Esta medida resulta máis incentivadora que o comunmente denominado «*carry back*» en relación co tratamento das bases impositivas negativas, xa que permite minorar a tributación dun determinado período impositivo respecto das bases

impoñibles negativas que se vaian xerar nos 5 anos seguintes, anticipando, así, no tempo a aplicación das futuras bases impositivas negativas. De non xerarse bases impositivas negativas nese período, prodúcese un diferimento durante 5 anos da tributación da reserva constituída.

Esta medida pretende favorecer a competitividade e a estabilidade da empresa española, e na práctica permite reducir o seu tipo de gravame ata o 22,5 por cento, e, engadida á reserva de capitalización anteriormente sinalada, incide novamente na equiparación no tratamento fiscal do financiamento alleo e propio.

IV

As disposicións adicionais recollen, basicamente, aquelas que figuraban no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades e que actualmente se consideran en vigor.

Igual ocorre cunha parte importante das disposicións transitorias, que recompilan aquelas que tiñan tal carácter na normativa anterior, xa que se considera necesario o mantemento do *status quo* que nelas se establecía.

Non obstante, inclúense novas disposicións transitorias, como poden ser as que recollen o efecto da primeira aplicación das novas táboas de amortización simplificada, o réxime transitorio para a reversión da deterioración de valor de determinados elementos patrimoniais, o tratamento das bases impositivas negativas pendentes de compensar e das deducións por dobre imposición e incentivos fiscais pendentes de aplicar, as regras específicas para os grupos fiscais que se configuren con ocasión desta lei, ou os réximes transitorios aplicables a participacións adquiridas que xerasen tributación nos transmitentes e para os cales se require manter o sistema anterior de eliminación da dobre imposición. Por último, inclúense unhas disposicións transitorias que recollen as medidas temporais aplicables en 2015. Neste sentido, reproducense todas as medidas temporais que se estableceran, en relación co imposto sobre sociedades, na Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras. Ademais, para o ano 2015, destacan o establecemento do tipo de gravame xeral no 28 por cento e a non aplicación da limitación de bases impositivas negativas que introduce esta lei, co que resultan de aplicación as medidas temporais que afectaban exclusivamente as grandes empresas.

As disposicións derradeiras recoñecen o mantemento das normas específicas que resultan aplicables ás entidades cooperativas, ás entidades sen ánimo de lucro e ás sociedades cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

Por outra parte, modifícase a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, co obxecto de equiparar o tratamento das cotas tributarias negativas ao réxime previsto nesta lei en relación coas bases impositivas negativas. Así mesmo, en consonancia co Real decreto lei 14/2013, do 29 de novembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de supervisión e solvencia de entidades financeiras, establécese o tratamento fiscal específico nesta regulado para determinados activos por imposto diferido, en relación coas cooperativas.

No ámbito da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, establécese un incremento da porcentaxe de dedución aplicable polas persoas físicas, do 25 ao 30 por cento, ben que transitoriamente para 2015 esa porcentaxe queda establecida no 27,5 por cento. Adicionalmente, estímúlase a fidelización das doazóns, realizadas tanto por persoas físicas como xurídicas. En concreto, as persoas físicas poderán aplicar unha dedución do 75 por cento respecto dos primeiros 150 euros que sexan obxecto de doazón, e un 35 por cento polo exceso, sempre que se efectuasen donativos á mesma entidade nos últimos tres anos, ben que esas porcentaxes se sitúan no 50 e 32,5 por cento, respectivamente, no exercicio 2015. As doazóns fidelizadas durante un mínimo de 3 anos, realizadas polas persoas xurídicas, terán dereito a unha dedución do 40 por cento, ben que en 2015 esa porcentaxe se fixa no 37,5 por cento.

Modifícase tamén a Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, exceptuando a retención na distribución de dividendos entre dúas entidades acollidas ao réxime fiscal especial nela regulado, cando ambas sexan residentes fiscais en territorio español. Así mesmo, exceptúase de tributación a transmisión de participacións neste tipo de entidades por parte de socios non residentes en territorio español, cando estes non posúen unha participación significativa nestas entidades.

Por último, recóllese a habilitación á lei de orzamentos xerais do Estado para modificar determinados aspectos desta lei.

En suma, un conxunto de novidades que, volvendo ao inicialmente sinalado, adquiren entidade suficiente para configurar unha nova lei do imposto sobre sociedades, que resulta aquí obxecto de aprobación.

TÍTULO I

Natureza e ámbito de aplicación do imposto

Artigo 1. *Natureza.*

O imposto sobre sociedades é un tributo de carácter directo e natureza persoal que grava a renda das sociedades e demais entidades xurídicas de acordo coas normas desta lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación espacial.*

1. O imposto sobre sociedades aplicarase en todo o territorio español.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, o territorio español comprende tamén aquelas zonas adxacentes ás augas territoriais sobre as cales España poida exercer os dereitos que lle correspondan, referentes ao solo e subsolo mariño, augas supraxacentes e aos seus recursos naturais, de acordo coa lexislación española e co dereito internacional.

2. O disposto no punto anterior entenderase sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios históricos da Comunidade Autónoma do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

Artigo 3. *Tratados e convenios.*

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno, de conformidade co artigo 96 da Constitución española.

TÍTULO II

O feito imponible

Artigo 4. *Feito imponible.*

1. Constituirá o feito imponible a obtención de renda polo contribuínte, calquera que sexa a súa fonte ou orixe.

2. No réxime especial de agrupacións de interese económico, españolas e europeas, e de unións temporais de empresas, entenderase por obtención de renda a imputación ao contribuínte das bases impositivas, gastos ou demais partidas, das entidades sometidas ao dito réxime.

No réxime de transparencia fiscal internacional entenderase por obtención de renda a imputación na base imponible das rendas positivas obtidas pola entidade non residente.

Artigo 5. *Concepto de actividade económica e entidade patrimonial.*

1. Entenderase por actividade económica a ordenación por conta propia dos medios de produción e de recursos humanos ou dun de ambos coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

No caso de arrendamento de inmobles, entenderase que existe actividade económica unicamente cando para a súa ordenación se utilice, ao menos, unha persoa empregada con contrato laboral e xornada completa.

No suposto de entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, o concepto de actividade económica determinarase tendo en conta todas as que formen parte del.

2. Para os efectos do previsto nesta lei, entenderase por entidade patrimonial e que, por tanto, non realiza unha actividade económica, aquela na cal máis da metade do seu activo estea constituído por valores ou non estea afecto, nos termos do punto anterior, a unha actividade económica.

O valor do activo, dos valores e dos elementos patrimoniais non afectos a unha actividade económica será o que se deduza da media dos balances trimestrais do exercicio da entidade ou, en caso de que sexa dominante dun grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, dos balances consolidados. Para estes efectos non se computarán, de ser o caso, o diñeiro ou os dereitos de crédito procedentes da transmisión de elementos patrimoniais afectos a actividades económicas ou valores a que se refire o parágrafo seguinte, que se realizase no período impositivo ou nos dous períodos impositivos anteriores.

Para estes efectos, non se computarán como valores:

- a) Os posuídos para dar cumprimento a obrigaóns legais e regulamentarias.
- b) Os que incorporen dereitos de crédito nados de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades económicas.
- c) Os posuídos por sociedades de valores como consecuencia do exercicio da actividade constitutiva do seu obxecto.
- d) Os que outorguen, ao menos, o 5 por cento do capital dunha entidade e se posúan durante un prazo mínimo dun ano, coa finalidade de dirixir e xestionar a participación, sempre que se dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais, e a entidade participada non estea comprendida neste punto. Esta condición determinarase tendo en conta todas as sociedades que formen parte dun grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

Artigo 6. *Atribución de rendas.*

1. As rendas correspondentes ás sociedades civís que non teñan a consideración de contribuíntes deste imposto, herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como as retencións e ingresos á conta que soportasen, atribuiránselles aos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, respectivamente, de acordo co establecido na sección 2.^a do título X da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

2. As entidades en réxime de atribución de rendas non tributarán polo imposto sobre sociedades.

TÍTULO III

ContribuíntesArtigo 7. *Contribuíntes.*

1. Serán contribuíntes do imposto, cando teñan a súa residencia en territorio español:

a) As persoas xurídicas, excluídas as sociedades civís que non teñan obxecto mercantil.

b) As sociedades agrarias de transformación, reguladas no Real decreto 1776/1981, do 3 de agosto, polo que se aproba o Estatuto que regula as sociedades agrarias de transformación.

c) Os fondos de investimento, regulados na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

d) As unións temporais de empresas, reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal das agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento industrial rexional.

e) Os fondos de capital risco e os fondos de investimento colectivo de tipo cerrado regulados na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

f) Os fondos de pensións, regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

g) Os fondos de regulación do mercado hipotecario, regulados na Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.

h) Os fondos de titulación hipotecaria, regulados na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulación hipotecaria.

i) Os fondos de titulación de activos a que se refire a disposición adicional quinta.2 da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro.

j) Os fondos de garantía de investimentos, regulados na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

k) As comunidades titulares de montes veciñais en man común reguladas pola Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común, ou na lexislación autonómica correspondente.

l) Os fondos de activos bancarios a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

2. Os contribuíntes serán gravados pola totalidade da renda que obteñan, con independencia do lugar onde se producise e calquera que sexa a residencia do pagador.

3. Os contribuíntes deste imposto designaranse abreviada e indistintamente polas denominacións sociedades ou entidades ao longo desta lei.

Artigo 8. *Residencia e domicilio fiscal.*

1. Consideraranse residentes en territorio español as entidades nas cales concorra algún dos seguintes requisitos:

a) Que se constituísen conforme as leis españolas.

b) Que teñan o seu domicilio social en territorio español.

c) Que teñan a súa sede de dirección efectiva en territorio español.

Para estes efectos, entenderase que unha entidade ten a súa sede de dirección efectiva en territorio español cando nel radique a dirección e o control do conxunto das súas actividades.

A Administración tributaria poderá presumir que unha entidade radicada nalgún país ou territorio de nula tributación, segundo o previsto no punto 2 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, ou cualificado como paraíso fiscal, segundo o previsto no punto 1 da referida disposición, ten a súa residencia en territorio español cando os seus activos principais, directa ou indirectamente, consistan en bens situados ou dereitos que se cumpran ou exerzan en territorio español, ou cando a súa actividade principal se desenvolva neste, salvo que esa entidade acredite que a súa dirección e efectiva xestión teñen lugar naquel país ou territorio, así como que a constitución e operativa da entidade responde a motivos económicos válidos e razóns empresariais substantivas distintas da xestión de valores ou outros activos.

2. O domicilio fiscal dos contribuíntes residentes en territorio español será o do seu domicilio social, sempre que nel estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ao lugar en que se realice tal xestión ou dirección.

Nos supostos en que non se poida establecer o lugar do domicilio fiscal de acordo cos criterios anteriores, prevalecerá aquel onde radique o maior valor do inmovilizado.

Artigo 9. *Exencións.*

1. Estarán totalmente exentos do imposto:

- a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais.
- b) Os organismos autónomos do Estado e entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.
- c) O Banco de España, o fondo de garantía de depósitos de entidades de crédito e os fondos de garantía de investimentos.
- d) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- e) O Instituto de España e as reais academias oficiais integradas naquel e as institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia que teñan fins análogos aos da Real Academia Española.
- f) Os organismos públicos mencionados nas disposicións adicionais novena e décima, punto 1, da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.
- g) As axencias estatais a que se refiren as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, das axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, así como aqueles organismos públicos que estean totalmente exentos deste imposto e se transformen en axencias estatais.
- h) O Consello Internacional de Supervisión Pública en estándares de auditoría, ética profesional e materias relacionadas.

2. Estarán parcialmente exentas do imposto, nos termos previstos no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, as entidades e institucións sen ánimo de lucro a que sexa de aplicación o dito título.

3. Estarán parcialmente exentos do imposto nos termos previstos no capítulo XIV do título VII desta lei:

- a) As entidades e institucións sen ánimo de lucro non incluídas no punto anterior.
- b) As unións, federacións e confederacións de cooperativas.
- c) Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais e os sindicatos de traballadores.

d) Os fondos de promoción de emprego constituídos ao amparo do artigo vinte e dous da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.

e) As mutuas colaboradoras da Seguridade Social, reguladas no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

f) As entidades de dereito público Portos do Estado e as respectivas das comunidades autónomas, así como as autoridades portuarias.

4. Estarán parcialmente exentos do imposto os partidos políticos, nos termos establecidos na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

TÍTULO IV

A base imponible

CAPÍTULO I

Concepto e determinación da base imponible. Regras de imputación temporal

Artigo 10. *Concepto e determinación da base imponible.*

1. A base imponible estará constituída polo importe da renda obtida no período impositivo minorada pola compensación de bases impositivas negativas de períodos impositivos anteriores.

2. A base imponible determinarase polo método de estimación directa, polo de estimación obxectiva cando esta lei determine a súa aplicación e, subsidiariamente, polo de estimación indirecta, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. No método de estimación directa, a base imponible calcularase corrixindo, mediante a aplicación dos preceptos establecidos nesta lei, o resultado contable determinado de acordo coas normas previstas no Código de comercio, nas demais leis relativas a esa determinación e nas disposicións que se diten en desenvolvemento das citadas normas.

4. No método de estimación obxectiva a base imponible poderase determinar total ou parcialmente mediante a aplicación dos signos, índices ou módulos aos sectores de actividade que determine esta lei.

Artigo 11. *Imputación temporal. Inscripción contable de ingresos e gastos.*

1. Os ingresos e gastos derivados das transaccións ou feitos económicos imputaranse ao período impositivo en que se produza a súa devindicación, consonte a normativa contable, con independencia da data do seu pagamento ou do seu cobramento, respectando a debida correlación entre uns e outros.

2. A eficacia fiscal dos criterios de imputación temporal de ingresos e gastos, distintos dos previstos no punto anterior, utilizados excepcionalmente polo contribuínte para conseguir a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados, de acordo co previsto nos artigos 34.4 e 38.i) do Código de comercio, estará supeditada á aprobación pola Administración tributaria, na forma que regulamentariamente se determine.

3. 1.º Non serán fiscalmente deducibles os gastos que non se imputasen contablemente na conta de perdas e ganancias ou nunha conta de reservas se así o establece unha norma legal ou regulamentaria, coa excepción do previsto nesta lei respecto dos elementos patrimoniais que se poidan amortizar libremente ou de forma acelerada.

Os ingresos e os gastos imputados contablemente na conta de perdas e ganancias ou nunha conta de reservas nun período impositivo distinto daquel en que proceda a súa

imputación temporal, segundo o previsto nos puntos anteriores, imputaranse no período impositivo que corresponda de acordo co establecido en tales puntos. Non obstante, tratándose de gastos imputados contablemente nas ditas contas nun período impositivo posterior a aquel en que proceda a súa imputación temporal ou de ingresos imputados nelas nun período impositivo anterior, a imputación temporal duns e doutros efectuarase no período impositivo en que se realizase a imputación contable, sempre que disto non derive unha tributación inferior á que correspondería por aplicación das normas de imputación temporal prevista nos puntos anteriores.

2.º Os cargos ou aboamentos a partidas de reservas, rexistrados como consecuencia de cambios de criterios contables, integraranse na base impositiva do período impositivo en que se realicen.

Non obstante, non se integrarán na base impositiva os referidos cargos e aboamentos a reservas que estean relacionados con ingresos ou gastos, respectivamente, devindicados e contabilizados de acordo cos criterios contables existentes nos períodos impositivos anteriores, sempre que se integrasen na base impositiva dos ditos períodos. Tampouco se integrarán na base impositiva eses gastos e ingresos contabilizados de novo con ocasión da súa devindicación, de acordo co cambio de criterio contable.

4. No caso de operacións a prazos ou con prezo aprazado, as rendas entenderanse obtidas proporcionalmente a medida que sexan exixibles os correspondentes cobramentos, excepto que a entidade decida aplicar o criterio da devindicación.

Consideraranse operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas cuxa contraprestación sexa exixible, total ou parcialmente, mediante pagamentos sucesivos ou mediante un só pagamento, sempre que o período transcorrido entre a devindicación e o vencemento do último ou único prazo sexa superior ao ano.

En caso de se producir o endoso, desconto ou cobramento anticipado dos importes aprazados, entenderase obtida, nese momento, a renda pendente de imputación.

Non resultará fiscalmente deducible a deterioración de valor dos créditos respecto daquel importe que non fose obxecto de integración na base impositiva por aplicación do criterio establecido neste punto, ata que esta se realice.

5. Non se integrará na base impositiva a reversión de gastos que non fosen fiscalmente deducibles.

6. A reversión dunha deterioración ou corrección de valor que fose fiscalmente deducible imputarase na base impositiva do período impositivo en que se producise a reversión, sexa na entidade que practicou a corrección ou noutra vinculada con ela. A mesma regra aplicarase no suposto de perdas derivadas da transmisión de elementos patrimoniais que fosen novamente adquiridos.

7. Cando se eliminen provisións, por non se teren aplicado á súa finalidade, sen aboamento a unha conta de ingresos do exercicio, o seu importe integrarase na base impositiva da entidade que as dotase, na medida en que esa dotación se considerase gasto deducible.

8. Cando a entidade sexa beneficiaria ou teña recoñecido o dereito de rescate de contratos de seguro de vida nos cales, ademais, asuma o risco de investimento, integrará en todo caso na base impositiva a diferenza entre o valor liquidativo dos activos afectos á póliza ao final e ao comezo de cada período impositivo.

O disposto neste punto non se aplicará aos seguros que instrumenten compromisos por pensións asumidos polas empresas nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

O importe das rendas imputadas minorará o rendemento derivado da percepción de cantidades dos contratos.

9. As rendas negativas xeradas na transmisión de elementos do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios, inmovilizado intanxible e valores representativos de débeda, cando o adquirente sexa unha entidade do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da

residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, imputaranse no período impositivo en que tales elementos patrimoniais sexan dados de baixa no balance da entidade adquirente, sexan transmitidos a terceiros alleos ao referido grupo de sociedades, ou ben cando a entidade transmitente ou a adquirente deixen de formar parte del.

Non obstante, no caso de elementos patrimoniais amortizables, as rendas negativas integraranse, con carácter previo a esas circunstancias, nos períodos impositivos que resten de vida útil aos elementos transmitidos, en función do método de amortización utilizado respecto dos referidos elementos.

10. As rendas negativas xeradas na transmisión de valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades, cando o adquirente sexa unha entidade do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, imputaranse no período impositivo en que tales elementos patrimoniais sexan transmitidos a terceiros alleos ao referido grupo de sociedades, ou ben cando a entidade transmitente ou a adquirente deixen de formar parte del, minoradas no importe das rendas positivas obtidas na dita transmisión a terceiros. Non obstante, a minoración das rendas positivas non se producirá se o contribuínte proba que esas rendas tributaron efectivamente a un tipo de gravame de, ao menos, un 10 por cento.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente de aplicación no suposto de transmisión de participacións nunha unión temporal de empresas ou en formas de colaboración análogas a estas situadas no estranxeiro.

O disposto neste punto non resultará de aplicación no suposto de extinción da entidade transmitida, salvo que sexa consecuencia dunha operación de reestruturación acollida ao réxime especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei.

11. As rendas negativas xeradas na transmisión dun establecemento permanente, cando o adquirente sexa unha entidade do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, imputaranse no período impositivo en que o establecemento permanente sexa transmitido a terceiros alleos ao referido grupo de sociedades, ou ben cando a entidade transmitente ou a adquirente deixen de formar parte del, minoradas no importe das rendas positivas obtidas nesa transmisión a terceiros. Non obstante, a minoración das rendas positivas non se producirá se o contribuínte proba que esas rendas tributaron efectivamente a un tipo de gravame de, ao menos, un 10 por cento.

O disposto neste punto non resultará de aplicación no caso de cesamento da actividade do establecemento permanente.

12. As dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos por entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 13.1.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos puntos 1 e 2 do artigo 14 desta lei, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, que xerasen activos por imposto diferido, integraranse na base imponible de acordo co establecido nesta lei, co límite do 70 por cento da base imponible positiva previa á súa integración, á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas.

As cantidades non integradas nun período impositivo serán obxecto de integración nos períodos impositivos seguintes co mesmo límite. Para estes efectos, integraranse en primeiro lugar as dotacións correspondentes aos períodos impositivos máis antigos.

13. O ingreso correspondente ao rexistro contable de quitacións e esperas consecuencia da aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, imputarase na base imponible do debedor a medida que proceda rexistrar con posterioridade gastos financeiros derivados da mesma débeda e ata o límite do citado ingreso.

Non obstante, no suposto de que o importe do ingreso a que se refire o parágrafo anterior sexa superior ao importe total de gastos financeiros pendentes de rexistrar, derivados da mesma débeda, a imputación daquel na base imponible realizarase proporcionalmente aos gastos financeiros rexistrados en cada período impositivo respecto dos gastos financeiros totais pendentes de rexistrar derivados da mesma débeda.

CAPÍTULO II

Limitación á deducibilidade de gastos

Artigo 12. *Correccións de valor: amortizacións.*

1. Serán deducibles as cantidades que, en concepto de amortización do inmovilizado material, intanxible e dos investimentos inmobiliarios, correspondan á depreciación efectiva que sufran os distintos elementos por funcionamento, uso, desfrute ou obsolescencia.

Considerarase que a depreciación é efectiva cando:

a) Sexa o resultado de aplicar os coeficientes de amortización lineal establecidos na seguinte táboa:

Tipo de elemento	Coefficiente lineal máximo	Período de anos máximo
Obra civil		
Obra civil xeral	2%	100
Pavimentos	6%	34
Infraestruturas e obras mineiras	7%	30
Centrais		
Centrais hidráulicas	2%	100
Centrais nucleares	3%	60
Centrais de carbón	4%	50
Centrais renovables	7%	30
Outras centrais	5%	40
Edificios		
Edificios industriais	3%	68
Terreos dedicados exclusivamente a entulleiras	4%	50
Almacéns e depósitos (gasosos, líquidos e sólidos)	7%	30
Edificios comerciais, administrativos, de servizos e vivendas	2%	100
Instalacións		
Subestacións. Redes de transporte e distribución de enerxía	5%	40
Cables	7%	30
Resto das instalacións	10%	20
Maquinaria	12%	18
Equipamentos médicos e asimilados	15%	14
Elementos de transporte		
Locomotoras, vagóns e equipamentos de tracción	8%	25
Buques, aeronaves	10%	20
Elementos de transporte interno	10%	20
Elementos de transporte externo	16%	14
Autocamións	20%	10

Tipo de elemento	Coefficiente lineal máximo	Período de anos máximo
Mobiliario e enxoval		
Mobiliario	10%	20
Lenzaría	25%	8
Cristalaría	50%	4
Útiles e ferramentas	25%	8
Moldes, matrices e modelos	33%	6
Outro enxoval	15%	14
Equipamentos electrónicos e informáticos. Sistemas e programas		
Equipamentos electrónicos	20%	10
Equipamentos para procesos de información	25%	8
Sistemas e programas informáticos	33%	6
Producións cinematográficas, fonográficas, vídeos e series audiovisuais	33%	6
Outros elementos	10%	20

Regulamentariamente poderán modificarse os coeficientes e períodos previstos nesta letra ou establecer coeficientes e períodos adicionais.

b) Sexa o resultado de aplicar unha porcentaxe constante sobre o valor pendente de amortización.

A porcentaxe constante determinarase ponderando o coeficiente de amortización lineal obtido a partir do período de amortización segundo táboas de amortización oficialmente aprobadas, polos seguintes coeficientes:

- 1.º 1,5, se o elemento ten un período de amortización inferior a 5 anos.
- 2.º 2, se o elemento ten un período de amortización igual ou superior a 5 anos e inferior a 8 anos.
- 3.º 2,5, se o elemento ten un período de amortización igual ou superior a 8 anos.

A porcentaxe constante non poderá ser inferior ao 11 por cento.

Os edificios, mobiliario e enxoval non se poderán acoller á amortización mediante porcentaxe constante.

c) Sexa o resultado de aplicar o método dos números díxitos.

A suma de díxitos determinarase en función do período de amortización establecido nas táboas de amortización oficialmente aprobadas.

Os edificios, mobiliario e enxoval non se poderán acoller á amortización mediante números díxitos.

d) Se axuste a un plan formulado polo contribuínte e aceptado pola Administración tributaria.

e) O contribuínte xustifique o seu importe.

Regulamentariamente aprobarase o procedemento para a resolución do plan a que se refire a letra d).

2. O inmovilizado intanxible con vida útil definida amortizarase atendendo á súa duración.

3. Non obstante, poderán amortizarse libremente:

a) Os elementos do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios das sociedades anónimas laborais e das sociedades limitadas laborais afectos á realización das súas actividades, adquiridos durante os cinco primeiros anos a partir da data da súa cualificación como tales.

b) Os elementos do inmovilizado material e intanxible, excluídos os edificios, afectos ás actividades de investigación e desenvolvemento.

Os edificios poderán amortizarse de forma lineal durante un período de 10 anos, na parte en que estean afectos ás actividades de investigación e desenvolvemento.

c) Os gastos de investigación e desenvolvemento activados como inmovilizado intanxible, excluídas as amortizacións dos elementos que desfruten de liberdade de amortización.

d) Os elementos do inmovilizado material ou intanxible das entidades que teñan a cualificación de explotacións asociativas prioritarias de acordo co disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, adquiridos durante os cinco primeiros anos a partir da data do seu recoñecemento como explotación prioritaria.

e) Os elementos do inmovilizado material novos, cuxo valor unitario non exceda os 300 euros, ata o límite de 25.000 euros referido ao período impositivo. Se o período impositivo ten unha duración inferior a un ano, o límite sinalado será o resultado de multiplicar 25.000 euros pola proporción existente entre a duración do período impositivo respecto do ano.

As cantidades aplicadas á liberdade de amortización minorarán, para efectos fiscais, o valor dos elementos amortizados.

Artigo 13. Correccións de valor: perda por deterioración do valor dos elementos patrimoniais.

1. Serán deducibles as perdas por deterioración dos créditos derivadas das posibles insolvencias dos debedores, cando no momento da devindicación do imposto concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que transcorrese o prazo de 6 meses desde o vencemento da obrigaición.
- b) Que o debedor estea declarado en situación de concurso.
- c) Que o debedor estea procesado polo delito de ocultación de bens.
- d) Que as obrigaicións fosen reclamadas xudicialmente ou sexan obxecto dun litixio xudicial ou procedemento arbitral de cuxa solución dependa o seu cobramento.

Non serán deducibles as seguintes perdas por deterioración de créditos:

1.º As correspondentes a créditos debidos por entidades de dereito público, excepto que sexan obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía.

2.º As correspondentes a créditos debidos por persoas ou entidades vinculadas, salvo que estean en situación de concurso e se producise a apertura da fase de liquidación polo xuíz, nos termos establecidos na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

3.º As correspondentes a estimacións globais do risco de insolvencias de clientes e debedores.

Regulamentariamente estableceranse as normas relativas ás circunstancias determinantes da deducibilidade das dotacións por deterioración dos créditos e outros activos derivados das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras e as concernentes ao importe das perdas para a cobertura do citado risco. Estas normas resultarán igualmente de aplicación en relación coa deducibilidade das correccións valorativas por deterioración de valor dos instrumentos de débeda valorados polo seu custo amortizado que posúan os fondos de titulación hipotecaria e os fondos de titulación de activos a que se refiren as letras h) e i), respectivamente, do punto 1 do artigo 7 da presente lei.

2. Non serán deducibles:

a) As perdas por deterioración do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios e inmovilizado intanxible, incluído o fondo de comercio.

- b) As perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades.
- c) As perdas por deterioración dos valores representativos de débeda.

As perdas por deterioración sinaladas neste punto serán deducibles nos termos establecidos no artigo 20 desta lei.

3. Será deducible o prezo de adquisición do activo intanxible de vida útil indefinida, incluído o correspondente a fondos de comercio, co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe.

Esta dedución non está condicionada á súa imputación contable na conta de perdas e ganancias. As cantidades deducidas minorarán, para efectos fiscais, o valor do correspondente inmovilizado intanxible.

Artigo 14. *Provisións e outros gastos.*

1. Non serán deducibles os gastos por provisións e fondos internos para a cobertura de continxencias idénticas ou análogas ás que son obxecto do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Estes gastos serán fiscalmente deducibles no período impositivo en que se aboen as prestacións.

2. Non serán deducibles os gastos relativos a retribucións a longo prazo ao persoal mediante sistemas de achega definida ou prestación definida. Non obstante, serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, así como as realizadas a plans de previsión social empresarial. Estas contribucións imputaranse a cada partícipe ou asegurado, na parte correspondente, salvo as realizadas a plans de pensións de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.c) do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de continxencias análogas ás dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- 1.º Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas a que se vinculen as prestacións.
- 2.º Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.
- 3.º Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan tales contribucións.

Así mesmo, serán deducibles as contribucións efectuadas polas empresas promotoras previstas na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, sempre que se cumpran os requisitos anteriores, e as continxencias cubertas sexan as previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

3. Non serán deducibles os seguintes gastos asociados a provisións:

- a) Os derivados de obrigacións implícitas ou tácitas.
- b) Os concernentes aos custos de cumprimento de contratos que excedan os beneficios económicos que se espera recibir deles.
- c) Os derivados de reestruturacións, excepto se se refiren a obrigacións legais ou contractuais e non meramente tácitas.
- d) Os relativos ao risco de devolucións de vendas.
- e) Os de persoal que se correspondan con pagamentos baseados en instrumentos de patrimonio, utilizados como fórmula de retribución aos empregados, e se satisfagan en efectivo.

4. Os gastos correspondentes a actuacións ambientais serán deducibles cando se correspondan cun plan formulado polo contribuínte e aceptado pola Administración tributaria. Establecerase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos plans que se formulen.

5. Os gastos que, de conformidade cos tres puntos anteriores, non resultasen fiscalmente deducibles integraranse na base impositiva do período impositivo en que se aplique a provisión ou se destine o gasto á súa finalidade.

6. Os gastos de persoal que se correspondan con pagamentos baseados en instrumentos de patrimonio, utilizados como fórmula de retribución aos empregados, e se satisfagan mediante a entrega deles, serán fiscalmente deducibles cando se produza esta entrega.

7. Os gastos relativos ás provisións técnicas realizadas polas entidades aseguradoras serán deducibles ata o importe das contías mínimas establecidas polas normas aplicables. Con ese mesmo límite, o importe da dotación no exercicio á reserva de estabilización será deducible na determinación da base impositiva, mesmo cando non se integrase na conta de perdas e ganancias. Calquera aplicación desa reserva integrárase na base impositiva do período impositivo en que se produza.

As correccións por deterioración de primas ou cotas pendentes de cobramento serán incompatibles, para os mesmos saldos, coa dotación para a cobertura de posibles insolvencias de debedores.

8. Serán deducibles os gastos relativos ao fondo de provisións técnicas efectuados polas sociedades de garantía recíproca, con cargo á súa conta de perdas e ganancias, ata que o mencionado fondo alcance a contía mínima obrigatoria a que se refire o artigo 9 da Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca. As dotacións que excedan as contías obrigatorias serán deducibles nun 75 por cento.

Non se integrarán na base impositiva as subvencións outorgadas polas administracións públicas ás sociedades de garantía recíproca nin as rendas que deriven das ditas subvencións, sempre que unhas e outras se destinen ao fondo de provisións técnicas. O previsto neste punto tamén se aplicará ás sociedades de reafianzamento en canto ás actividades que, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, deben integrar necesariamente o seu obxecto social.

9. Os gastos inherentes aos riscos derivados de garantías de reparación e revisión serán deducibles ata o importe necesario para determinar un saldo da provisión non superior ao resultado de aplicar ás vendas con garantías vivas á conclusión do período impositivo a porcentaxe determinada pola proporción en que se atopasen os gastos realizados para facer fronte ás garantías habidas no período impositivo e nos dous anteriores en relación coas vendas con garantías realizadas nos ditos períodos impositivos.

O disposto no parágrafo anterior tamén se aplicará ás dotacións para a cobertura de gastos accesorios por devolucións de vendas.

As entidades de nova creación tamén poderán deducir as dotacións a que fai referencia o parágrafo primeiro, mediante a fixación da porcentaxe referida neste respecto dos gastos e vendas realizados nos períodos impositivos que transcorresen.

Artigo 15. *Gastos non deducibles.*

Non terán a consideración de gastos fiscalmente deducibles:

a) Os que representen unha retribución dos fondos propios.

Para os efectos do previsto nesta lei, terá a consideración de retribución de fondos propios a correspondente aos valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades, con independencia da súa consideración contable.

Así mesmo, terán a consideración de retribución de fondos propios a correspondente aos préstamos participativos outorgados por entidades que formen parte do mesmo grupo

de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

b) Os derivados da contabilización do imposto sobre sociedades. Non terán a consideración de ingresos os procedentes desa contabilización.

c) As multas e sancións penais e administrativas, as recargas do período executivo e a recarga por declaración extemporánea sen requirimento previo.

d) As perdas do xogo.

e) Os donativos e liberalidades.

Non se entenderán comprendidos nesta letra e) os gastos por atencións a clientes ou provedores nin os que consonte os usos e costumes se efectúen con respecto ao persoal da empresa nin os realizados para promocionar, directa ou indirectamente, a venda de bens e prestación de servizos, nin os que estean correlacionados cos ingresos.

Non obstante, os gastos por atencións a clientes ou provedores serán deducibles co límite do 1 por cento do importe neto da cifra de negocios do período impositivo.

Tampouco se entenderán comprendidas nesta letra e) as retribucións aos administradores polo desempeño de funcións de alta dirección, ou outras funcións derivadas dun contrato de carácter laboral coa entidade.

f) Os gastos de actuacións contrarias ao ordenamento xurídico.

g) Os gastos de servizos correspondentes a operacións realizadas, directa ou indirectamente, con persoas ou entidades residentes en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais, ou que se paguen a través de persoas ou entidades residentes nestes, excepto que o contribuínte probe que o gasto devindicado responde a unha operación ou transacción efectivamente realizada.

As normas sobre transparencia fiscal internacional non se aplicarán en relación coas rendas correspondentes aos gastos cualificados como fiscalmente non deducibles.

h) Os gastos financeiros devindicados no período impositivo, derivados de débedas con entidades do grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas destinadas á adquisición, a outras entidades do grupo, de participacións no capital ou fondos propios de calquera tipo de entidades, ou á realización de achegas no capital ou fondos propios doutras entidades do grupo, salvo que o contribuínte acredite que existen motivos económicos válidos para a realización desas operacións.

i) Os gastos derivados da extinción da relación laboral, común ou especial, ou da relación mercantil a que se refire o artigo 17.2.e) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ou de ambas, mesmo cando se satisfagan en varios períodos impositivos, que excedan, para cada perceptor, o maior dos seguintes importes:

1.º 1 millón de euros.

2.º O importe establecido con carácter obrigatorio no Estatuto dos traballadores, na súa normativa de desenvolvemento ou, de ser o caso, na normativa reguladora da execución de sentenzas, sen que se poida considerar como tal a establecida en virtude de convenio, pacto ou contrato. Non obstante, nos supostos de despedimentos colectivos realizados de conformidade co disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores, ou producidos polas causas previstas na letra c) do artigo 52 do citado estatuto, sempre que, en ambos os casos, se deban a causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou por forza maior, será o importe establecido con carácter obrigatorio no mencionado estatuto para o despedimento improcedente.

Para estes efectos, computaranse as cantidades satisfeitas por outras entidades que formen parte dun mesmo grupo de sociedades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

j) Os gastos correspondentes a operacións realizadas con persoas ou entidades vinculadas que, como consecuencia dunha cualificación fiscal diferente nestas, non xeren

ingreso ou xeren un ingreso exento ou sometido a un tipo de gravame nominal inferior ao 10 por cento.

Artigo 16. *Limitación na deducibilidade de gastos financeiros.*

1. Os gastos financeiros netos serán deducibles co límite do 30 por cento do beneficio operativo do exercicio.

Para estes efectos, entenderase por gastos financeiros netos o exceso de gastos financeiros respecto dos ingresos derivados da cesión a terceiros de capitais propios devindicados no período impositivo, excluídos aqueles gastos a que se refiren as letras g), h) e j) do artigo 15 desta lei.

O beneficio operativo determinarase a partir do resultado de explotación da conta de perdas e ganancias do exercicio determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, eliminando a amortización do inmovilizado, a imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras, a deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado, e engadindo os ingresos financeiros de participacións en instrumentos de patrimonio, sempre que se correspondan con dividendos ou participacións en beneficios de entidades nas cales, ou ben a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, sexa ao menos o 5 por cento, ou ben o valor de adquisición da participación sexa superior a 20 millóns de euros, excepto que esas participacións fosen adquiridas con débedas cuxos gastos financeiros non resulten deducibles por aplicación da letra h) do punto 1 do artigo 15 desta lei.

En todo caso, serán deducibles gastos financeiros netos do período impositivo por importe de 1 millón de euros.

Os gastos financeiros netos que non fosen obxecto de dedución poderán deducirse nos períodos impositivos seguintes, conxuntamente cos do período impositivo correspondente, e co límite previsto neste punto.

2. No caso de que os gastos financeiros netos do período impositivo non alcancen o límite establecido no punto 1 deste artigo, a diferenza entre o citado límite e os gastos financeiros netos do período impositivo sumarase ao límite previsto no punto 1 deste artigo, respecto da dedución de gastos financeiros netos nos períodos impositivos que conclúan nos 5 anos inmediatos e sucesivos, ata que se deduza esa diferenza.

3. Os gastos financeiros netos imputados aos socios das entidades que tributen consonte o establecido no artigo 43 desta lei serán tomados en conta por aqueles para os efectos da aplicación do límite previsto neste artigo.

4. Se o período impositivo da entidade ten unha duración inferior ao ano, o importe previsto no parágrafo cuarto do punto 1 deste artigo será o resultado de multiplicar 1 millón de euros pola proporción existente entre a duración do período impositivo respecto do ano.

5. Para os efectos do previsto neste artigo, os gastos financeiros derivados de débedas destinadas á adquisición de participacións no capital ou fondos propios de calquera tipo de entidades deduciranse co límite adicional do 30 por cento do beneficio operativo da propia entidade que realizou esa adquisición, sen incluír nese beneficio operativo o correspondente a calquera entidade que se fusione con aquela nos 4 anos posteriores a esa adquisición, cando a fusión non aplique o réxime fiscal especial previsto no capítulo VII do título VII desta lei. Estes gastos financeiros teranse en conta, igualmente, no límite a que se refire o punto 1 deste artigo.

Os gastos financeiros non deducibles que resulten da aplicación do disposto neste punto serán deducibles en períodos impositivos seguintes co límite previsto neste punto e no punto 1 deste artigo.

O límite previsto neste punto non resultará de aplicación no período impositivo en que se adquiren as participacións no capital ou fondos propios de entidades se a adquisición se financia con débeda, como máximo, nun 70 por cento do prezo de adquisición. Así mesmo, este límite non se aplicará nos períodos impositivos seguintes sempre que o importe desa débeda se minore, desde o momento da adquisición, ao menos na parte

proporcional que corresponda a cada un dos 8 anos seguintes, ata que a débeda alcance o 30 por cento do prezo de adquisición.

6. A limitación prevista neste artigo non resultará de aplicación:

a) Ás entidades de crédito e aseguradoras.

Para estes efectos, recibirán o tratamento das entidades de crédito aquelas entidades cuxos dereitos de voto correspondan, directa ou indirectamente, integramente a aquelas e cuxa única actividade consista na emisión e colocación no mercado de instrumentos financeiros para reforzar o capital regulatorio e o financiamento de tales entidades.

O mesmo tratamento recibirán, igualmente, os fondos de titulización hipotecaria, regulados na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria, e os fondos de titulización de activos a que se refire a disposición adicional quinta.2 da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro.

b) No período impositivo en que se produza a extinción da entidade, salvo que sexa consecuencia dunha operación de reestruturación.

CAPÍTULO III

Regras de valoración

Artigo 17. Regra xeral e regras especiais de valoración nos supostos de transmisións lucrativas e societarias.

1. Os elementos patrimoniais valoraranse de acordo cos criterios previstos no Código de comercio, corrixidos pola aplicación dos preceptos establecidos nesta lei.

Non obstante, as variacións de valor orixinadas por aplicación do criterio do valor razoable non terán efectos fiscais mentres non deban imputarse á conta de perdas e ganancias. O importe das revalorizacións contables non se integrará na base imponible, excepto cando se leven a cabo en virtude de normas legais ou regulamentarias que obriguen a incluír o seu importe na conta de perdas e ganancias. O importe da revalorización non integrada na base imponible non determinará un maior valor, para efectos fiscais, dos elementos revalorizados.

2. As operacións de aumento de capital ou fondos propios por compensación de créditos valoraranse fiscalmente polo importe do dito aumento desde o punto de vista mercantil, con independencia de cal sexa a valoración contable.

3. Os elementos patrimoniais transmitidos en virtude de fusión e escisión total ou parcial valoraranse, en sede das entidades e dos seus socios, de acordo co establecido no capítulo VII do título VII desta lei.

Os elementos patrimoniais achegados a entidades e os valores recibidos en contraprestación, así como os valores adquiridos por troca, valoraranse de acordo co establecido no capítulo VII do título VII desta lei.

Non obstante, en caso de non resultar de aplicación o réxime establecido no capítulo VII do título VII desta lei en calquera das operacións mencionadas neste punto, os referidos elementos patrimoniais valoraranse de acordo co establecido no punto seguinte.

4. Valoraranse polo seu valor de mercado os seguintes elementos patrimoniais:

a) Os transmitidos ou adquiridos a título lucrativo. Non terán esta consideración as subvencións.

b) Os achegados a entidades e os valores recibidos en contraprestación, salvo que resulte de aplicación o réxime previsto no capítulo VII do título VII desta lei ou ben que resulte de aplicación o punto 2 anterior.

c) Os transmitidos aos socios por causa de disolución, separación destes, redución do capital con devolución de achegas, repartición da prima de emisión e distribución de beneficios.

d) Os transmitidos en virtude de fusión e escisión total ou parcial, salvo que resulte de aplicación o réxime previsto no capítulo VII do título VII desta lei.

e) Os adquiridos por permuta.

f) Os adquiridos por troca ou conversión, salvo que resulte de aplicación o réxime previsto no capítulo VII do título VII desta lei.

Entenderase por valor de mercado o que fose acordado entre partes independentes. Poderase admitir calquera dos métodos previstos no artigo 18.4 desta lei.

5. Nos supostos previstos nas letras a), b), c) e d) do punto anterior, a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o valor de mercado dos elementos transmitidos e o seu valor fiscal. Non obstante, no suposto de aumento de capital ou fondos propios por compensación de créditos, a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o importe do aumento de capital ou fondos propios, na proporción que lle corresponda, e o valor fiscal do crédito capitalizado.

Nos supostos previstos nas letras e) e f) do punto anterior, as entidades integrarán na base imponible a diferenza entre o valor de mercado dos elementos adquiridos e o valor fiscal dos entregados.

Na adquisición a título lucrativo, a entidade adquirente integrará na súa base imponible o valor de mercado do elemento patrimonial adquirido.

A integración na base imponible das rendas a que se refire este artigo efectuarase no período impositivo en que se realicen as operacións de que derivan esas rendas.

6. Na redución de capital con devolución de achegas integrarase na base imponible dos socios o exceso do valor de mercado dos elementos recibidos sobre o valor fiscal da participación.

A mesma regra se aplicará no caso de distribución da prima de emisión de accións ou participacións.

Non obstante, tratándose de operacións realizadas por sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, non sometidas ao tipo xeral de gravame, o importe total percibido na redución de capital co límite do aumento do valor liquidativo das accións desde a súa adquisición ou subscripción ata o momento da redución de capital social, integrarase na base imponible do socio sen dereito a ningunha dedución na cota íntegra.

Calquera que sexa a contía que se perciba en concepto de distribución da prima de emisión realizada por esas sociedades de investimento de capital variable, integrarase na base imponible do socio sen dereito a ningunha dedución na cota íntegra.

Aplicarase o anteriormente sinalado a organismos de investimento colectivo equivalentes ás sociedades de investimento de capital variable que estean rexistrados noutro Estado, con independencia de calquera limitación que teñan respecto de grupos restrinxidos de investidores, na adquisición, cesión ou rescate das súas accións; en todo caso resultará de aplicación ás sociedades amparadas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.

7. Na distribución de beneficios integrarase na base imponible dos socios o valor de mercado dos elementos recibidos.

8. Na disolución de entidades e separación de socios integrarase na base imponible destes a diferenza entre o valor de mercado dos elementos recibidos e o valor fiscal da participación anulada.

9. Na fusión, absorción ou escisión total ou parcial integrarase na base imponible dos socios a diferenza entre o valor de mercado da participación recibida e o valor fiscal da participación anulada, salvo que resulte de aplicación o réxime fiscal especial previsto no capítulo VII do título VII desta lei.

10. A redución de capital cuxa finalidade sexa diferente á devolución de achegas non determinará para os socios rendas, positivas ou negativas, integrables na base imponible.

11. Nos casos de coberturas contables e partidas cubertas con cambios de valor recoñecidos na conta de perdas e ganancias, aquelas minorarán o valor destas para os efectos de determinar o tratamento fiscal que corresponda á renda obtida.

Artigo 18. *Operacións vinculadas.*

1. As operacións efectuadas entre persoas ou entidades vinculadas valoraranse polo seu valor de mercado. Entenderase por valor de mercado aquel que terían acordado persoas ou entidades independentes en condicións que respecten o principio de libre competencia.

2. Consideraranse persoas ou entidades vinculadas as seguintes:

- a) Unha entidade e os seus socios ou partícipes.
- b) Unha entidade e os seus conselleiros ou administradores, salvo no correspondente á retribución polo exercicio das súas funcións.
- c) Unha entidade e os cónxuxes ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao dos socios ou partícipes, conselleiros ou administradores.
- d) Dúas entidades que pertencen a un grupo.
- e) Unha entidade e os conselleiros ou administradores doutra entidade, cando ambas as entidades pertencen a un grupo.
- f) Unha entidade e os cónxuxes ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao dos socios ou partícipes doutra entidade cando ambas as entidades pertencen a un grupo.
- g) Unha entidade e outra entidade participada pola primeira indirectamente, polo menos, no 25 por cento do capital social ou dos fondos propios.
- h) Dúas entidades nas cales os mesmos socios, partícipes ou os seus cónxuxes, ou persoas unidas por relacións de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao, participen, directa ou indirectamente, polo menos, no 25 por cento do capital social ou dos fondos propios.
- i) Unha entidade residente en territorio español e os seus establecementos permanentes no estranxeiro.

Nos supostos en que a vinculación se defina en función da relación dos socios ou partícipes coa entidade, a participación deberá ser igual ou superior ao 25 por cento. A mención aos administradores incluírá os de dereito e os de feito.

Existe grupo cando unha entidade posúa ou poida posuír o control doutra ou outras segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

3. As persoas ou entidades vinculadas, con obxecto de xustificar que as operacións efectuadas se valoraron polo seu valor de mercado, deberán manter á disposición da Administración tributaria, de acordo con principios de proporcionalidade e suficiencia, a documentación específica que se establece regulamentariamente.

Esta documentación terá un contido simplificado en relación coas persoas ou entidades vinculadas cuxo importe neto da cifra de negocios, definido nos termos establecidos no artigo 101 desta lei, sexa inferior a 45 millóns de euros.

En ningún caso o contido simplificado da documentación resultará de aplicación ás seguintes operacións:

1.º Ás realizadas por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, no desenvolvemento dunha actividade económica, a que resulte de aplicación o método de estimación obxectiva con entidades nas cales aqueles ou os seus cónxuxes, ascendentes ou descendentes, de forma individual ou conxuntamente entre todos eles, teñan unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital social ou dos fondos propios.

- 2.º Ás operacións de transmisión de negocios.
- 3.º Ás operacións de transmisión de valores ou participacións representativas da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidades non admitidas a negociación nalgún dos mercados regulados de valores, ou que estean admitidos a negociación en mercados regulados situados en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.
- 4.º Ás operacións sobre inmobles.
- 5.º Ás operacións sobre activos intanxibles.

A documentación específica non será exixible:

- a) Ás operacións realizadas entre entidades que se integren nun mesmo grupo de consolidación fiscal, sen prexuízo do previsto no artigo 65.2 desta lei.
- b) Ás operacións realizadas cos seus membros ou con outras entidades integrantes do mesmo grupo de consolidación fiscal polas agrupacións de interese económico, de acordo co previsto na Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, e as unións temporais de empresas, reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional, e inscritas no rexistro especial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Non obstante, a documentación específica será exixible no caso de unións temporais de empresas ou fórmulas de colaboración análogas ás unións temporais que se acollan ao réxime establecido no artigo 22 desta lei.
- c) Ás operacións realizadas no ámbito de ofertas públicas de venda ou de ofertas públicas de adquisición de valores.
- d) Ás operacións realizadas coa mesma persoa ou entidade vinculada, sempre que o importe da contraprestación do conxunto de operacións non supere os 250.000 euros, de acordo co valor de mercado.

4. Para a determinación do valor de mercado aplicarase calquera dos seguintes métodos:

- a) Método do prezo libre comparable, polo que se compara o prezo do ben ou servizo nunha operación entre persoas ou entidades vinculadas co prezo dun ben ou servizo idéntico ou de características similares nunha operación entre persoas ou entidades independentes en circunstancias equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.
- b) Método do custo incrementado, polo que se engade ao valor de adquisición ou custo de produción do ben ou servizo a marxe habitual en operacións idénticas ou similares con persoas ou entidades independentes ou, na súa falta, a marxe que persoas ou entidades independentes aplican a operacións equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.
- c) Método do prezo de revenda, polo que se subtrae do prezo de venda dun ben ou servizo a marxe que aplica o propio revendedor en operacións idénticas ou similares con persoas ou entidades independentes ou, na súa falta, a marxe que persoas ou entidades independentes aplican a operacións equiparables, efectuando, se for preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades da operación.
- d) Método da distribución do resultado, polo que se asigna a cada persoa ou entidade vinculada que realice de forma conxunta unha ou varias operacións a parte do resultado común derivado da dita operación ou operacións, en función dun criterio que reflecta adecuadamente as condicións que terían subscrito persoas ou entidades independentes en circunstancias similares.
- e) Método da marxe neta operacional, polo que se atribúe ás operacións realizadas cunha persoa ou entidade vinculada o resultado neto, calculado sobre custos, vendas ou a magnitude que resulte máis adecuada en función das características das operacións

idénticas ou similares realizadas entre partes independentes, efectuando, cando sexa preciso, as correccións necesarias para obter a equivalencia e considerar as particularidades das operacións.

A elección do método de valoración terá en conta, entre outras circunstancias, a natureza da operación vinculada, a dispoñibilidade de información fiable e o grao de comparabilidade entre as operacións vinculadas e non vinculadas.

Cando non resulte posible aplicar os métodos anteriores, poderanse utilizar outros métodos e técnicas de valoración xeralmente aceptados que respecten o principio de libre competencia.

5. No suposto de prestacións de servizos entre persoas ou entidades vinculadas, valorados de acordo co establecido no punto 4, requirirase que os servizos prestados produzan ou poidan producir unha vantaxe ou utilidade ao seu destinatario.

Cando se trate de servizos prestados conxuntamente en favor de varias persoas ou entidades vinculadas, e sempre que non sexa posible a individualización do servizo recibido ou a cuantificación dos elementos determinantes da súa remuneración, será posible distribuír a contraprestación total entre as persoas ou entidades beneficiarias de acordo cunhas regras de repartición que atendan a criterios de racionalidade. Entenderase cumprido este criterio cando o método aplicado teña en conta, ademais da natureza do servizo e as circunstancias en que este se preste, os beneficios obtidos ou susceptibles de ser obtidos polas persoas ou entidades destinatarias.

6. Para os efectos do previsto no punto 4 anterior, o contribuínte poderá considerar que o valor convido coincide co valor de mercado no caso dunha prestación de servizos por un socio-profesional, persoa física, a unha entidade vinculada e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que máis do 75 por cento dos ingresos da entidade procedan do exercicio de actividades profesionais e conte cos medios materiais e humanos adecuados para o desenvolvemento da actividade.

b) Que a contía das retribucións correspondentes á totalidade dos socios-profesionais pola prestación de servizos á entidade non sexa inferior ao 75 por cento do resultado previo á dedución das retribucións correspondentes á totalidade dos socios-profesionais pola prestación dos seus servizos.

c) Que a contía das retribucións correspondentes a cada un dos socios-profesionais cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que se determine en función da contribución efectuada por estes á boa marcha da entidade, sendo necesario que consten por escrito os criterios cualitativos e/ou cuantitativos aplicables.

2.º Que non sexa inferior a 1,5 veces o salario medio dos asalariados da entidade que cumpran funcións análogas ás dos socios profesionais da entidade. En ausencia destes últimos, a contía das citadas retribucións non poderá ser inferior a 5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples.

O incumprimento do requisito establecido neste ordinal 2.º en relación con algún dos socios-profesionais non impedirá a aplicación do previsto neste punto aos restantes socios-profesionais.

7. No suposto de acordos de repartición de custos de bens ou servizos subscritos entre persoas ou entidades vinculadas, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As persoas ou entidades participantes que subscriban o acordo deberán acceder á propiedade ou outro dereito que teña similares consecuencias económicas sobre os activos ou dereitos que, de ser o caso, sexan obxecto de adquisición, produción ou desenvolvemento como resultado do acordo.

b) A achega de cada persoa ou entidade participante deberá ter en conta a previsión de utilidades ou vantaxes que cada un deles espere obter do acordo en atención a criterios de racionalidade.

c) O acordo deberá recoller a variación das súas circunstancias ou persoas ou entidades participantes e establecer os pagamentos compensatorios e axustes que se estimen necesarios.

O acordo suscrito entre persoas ou entidades vinculadas deberá cumprir os requisitos que regulamentariamente se fixen.

8. No caso de contribuíntes que posúan un establecemento permanente no estranxeiro, naqueles supostos en que así estea establecido nun convenio para evitar a dobre imposición internacional que lles resulte de aplicación, incluíranse na base imponible daqueles as rendas estimadas por operacións internas realizadas co establecemento permanente, valoradas polo seu valor de mercado.

9. Os contribuíntes poderán solicitar á Administración tributaria que determine a valoración das operacións efectuadas entre persoas ou entidades vinculadas con carácter previo á realización destas. A esta solicitude xuntaráse unha proposta que se fundamentará no principio de libre competencia.

A Administración tributaria poderá formalizar acordos con outras administracións para os efectos de determinar conxuntamente o valor de mercado das operacións.

O acordo de valoración producirá efectos respecto das operacións realizadas con posterioridade á data en que se aprobe e terá validez durante os períodos impositivos que se concreten no propio acordo, sen que poida exceder os 4 períodos impositivos seguintes ao da data en que se aprobe. Así mesmo, poderá determinarse que os seus efectos alcancen as operacións de períodos impositivos anteriores sempre que non prescribise o dereito da Administración a determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación nin houberse liquidación firme que recaía sobre as operacións obxecto de solicitude.

No suposto de variación significativa das circunstancias económicas existentes no momento da aprobación do acordo da Administración tributaria, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas.

As propostas a que se refire este punto poderán entenderse desestimadas unha vez transcorrido o prazo de resolución.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos de valoración de operacións vinculadas, así como o das súas posibles prórrogas.

10. A Administración tributaria poderá comprobar as operacións realizadas entre persoas ou entidades vinculadas e efectuará, de ser o caso, as correccións que procedan nos termos que se acordasen entre partes independentes de acordo co principio de libre competencia, respecto das operacións suxeitas a este imposto, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non residentes, coa documentación achegada polo contribuínte e os datos e información de que dispoña. A Administración tributaria quedará vinculada por esa corrección en relación co resto de persoas ou entidades vinculadas.

A corrección practicada non determinará a tributación por este imposto nin, de ser o caso, polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou polo imposto sobre a renda de non residentes dunha renda superior á efectivamente derivada da operación para o conxunto das persoas ou entidades que a realizasen. Para efectuar a comparación terase en conta aquela parte da renda que non se integre na base imponible por resultar de aplicación algún método de estimación obxectiva.

11. Naquelas operacións en que se determine que o valor convido é distinto do valor de mercado, a diferenza entre ambos os valores terá, para as persoas ou entidades vinculadas, o tratamento fiscal que corresponda á natureza das rendas postas de manifesto como consecuencia da existencia da dita diferenza.

En particular, nos supostos en que a vinculación se defina en función da relación socios ou partícipes-entidade, a diferenza terá, con carácter xeral, o seguinte tratamento:

a) Cando a diferenza sexa a favor do socio ou partícipe, a parte dela que se corresponda coa porcentaxe de participación na entidade considerárase como retribución de fondos propios para a entidade e como participación en beneficios para o socio. A parte da diferenza que non se corresponda con aquela porcentaxe terá para a entidade a consideración de retribución de fondos propios e para o socio ou partícipe de utilidade percibida dunha entidade pola condición de socio, accionista, asociado ou partícipe de acordo co previsto no artigo 25.1.d) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

b) Cando a diferenza sexa a favor da entidade, a parte da diferenza que se corresponda coa porcentaxe de participación nela terá a consideración de achega do socio ou partícipe aos fondos propios da entidade e aumentará o valor de adquisición da participación do socio ou partícipe. A parte da diferenza que non se corresponda coa porcentaxe de participación na entidade terá a consideración de renda para a entidade e de liberalidade para o socio ou partícipe. Cando se trate de contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, a renda considerárase como ganancia patrimonial de acordo co previsto no artigo 13.1.i).4.º do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Non se aplicará o disposto neste punto cando se proceda á restitución patrimonial entre as persoas ou entidades vinculadas nos termos que regulamentariamente se establezan. Esta restitución non determinará a existencia de renda nas partes afectadas.

12. Determinarase regulamentariamente a comprobación das operacións vinculadas, consonte as seguintes normas:

1.º A comprobación das operacións vinculadas levarase a cabo no seo do procedemento iniciado respecto do obrigado tributario cuxa situación tributaria sexa obxecto de comprobación. Sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo, estas actuacións entenderanse exclusivamente co dito obrigado tributario.

2.º Se contra a liquidación provisional practicada a ese obrigado tributario como consecuencia da comprobación, este interpón o correspondente recurso ou reclamación, notificaráselles esa circunstancia ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas, co obxecto de que poidan comparecer no correspondente procedemento e presentar as oportunas alegacións.

Transcorridos os prazos oportunos sen que o obrigado tributario interpuxese recurso ou reclamación, notificaráselles a liquidación practicada ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas para que aqueles que o desexen poidan optar de forma conxunta por interpoñer o oportuno recurso ou reclamación. A interposición de recurso ou reclamación interromperá o prazo de prescrición do dereito da Administración tributaria a efectuar as oportunas liquidacións ao obrigado tributario e ás demais persoas ou entidades afectadas, ás cales se comunicará a dita interrupción. O cómputo do dito prazo iniciarase de novo cando a liquidación practicada pola Administración adquirise firmeza.

3.º A firmeza da liquidación determinará a súa eficacia e firmeza fronte ás demais persoas ou entidades vinculadas. A Administración tributaria efectuará as regularizacións que correspondan, salvo que tales regularizacións se efectuase a propia persoa ou entidade vinculada afectada, nos termos que regulamentariamente se establezan.

4.º O disposto neste punto será aplicable respecto das persoas ou entidades vinculadas afectadas pola corrección que sexan contribuíntes do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes.

5.º O disposto neste punto entenderase sen prexuízo do previsto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno.

6.º Cando no seo da comprobación a que se refire este punto se efectuase a comprobación do valor da operación, non resultará de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 57 e no artigo 135 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

13. 1.º Constitúe infracción tributaria a falta de achega ou a achega de forma incompleta, ou con datos falsos, da documentación que, conforme o previsto no punto 3 deste artigo e na súa normativa de desenvolvemento, deban manter á disposición da Administración tributaria as persoas ou entidades vinculadas, cando a Administración tributaria non realice correccións en aplicación do disposto neste artigo.

Esta infracción terá a consideración de infracción grave e sancionarse de acordo coas seguintes normas:

a) A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 1.000 euros por cada dato e 10.000 euros por conxunto de datos, omitido, ou falso referidos a cada unha das obrigacións de documentación que se establezan regulamentariamente para o grupo ou para cada persoa ou entidade na súa condición de contribuínte.

b) A sanción prevista na letra anterior terá como límite máximo a menor das dúas contías seguintes:

– O 10 por cento do importe conxunto das operacións suxeitas a este imposto, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non residentes realizadas no período impositivo.

– O 1 por cento do importe neto da cifra de negocios.

2.º Constitúen infracción tributaria os seguintes supostos, sempre que impliquen a realización de correccións pola Administración tributaria, en aplicación do disposto neste artigo respecto das operacións suxeitas a este imposto, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non residentes:

(i) a falta de achega ou a achega de documentación incompleta, ou con datos falsos da documentación que, conforme o previsto no punto 3 deste artigo e na súa normativa de desenvolvemento, deban manter á disposición da Administración tributaria as persoas ou entidades vinculadas.

(ii) que o valor de mercado que derive da documentación prevista neste artigo e na súa normativa de desenvolvemento non sexa o declarado no imposto sobre sociedades, no imposto sobre a renda das persoas físicas ou no imposto sobre a renda de non residentes.

Estas infraccións terán a consideración de infracción grave e sancionaranse con multa pecuniaria proporcional do 15 por cento sobre o importe das cantidades que resulten das correccións que correspondan a cada operación. Esta sanción será incompatible coa que proceda, de ser o caso, pola aplicación dos artigos 191, 192, 193 ou 195 da Lei xeral tributaria, pola parte de bases que desen lugar á imposición da infracción prevista neste ordinal 2.º

3.º As correccións realizadas pola Administración tributaria en aplicación do disposto neste artigo respecto de operacións suxeitas a este imposto, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non residentes, que determinen falta de ingreso, obtención indebida de devolucións tributarias ou determinación ou acreditación improcedente de partidas para compensar en declaracións futuras ou se declare incorrectamente a renda neta sen que produza falta de ingreso ou obtención de devolucións por se ter compensado nun procedemento de comprobación ou investigación cantidades pendentes de compensación, téndose cumprido a obrigaçión de documentación específica a que se refire o punto 3 deste artigo, non constituirá a comisión das infraccións dos artigos 191, 192, 193 ou 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pola parte de bases que desen lugar ás referidas correccións.

4.º As sancións previstas neste punto serán compatibles coa establecida para a resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria no artigo 203 da Lei xeral tributaria, pola desatención dos requirimentos realizados.

Respecto das sancións impostas conforme o disposto neste artigo resultará de aplicación o establecido nos puntos 1.b) e 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.

14. O valor de mercado para efectos deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, non producirá efectos respecto a outros impostos, salvo disposición expresa en contrario. Así mesmo, o valor para efectos doutros impostos non producirá efectos respecto do valor de mercado das operacións entre persoas ou entidades vinculadas deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, salvo disposición expresa en contrario.

Artigo 19. Cambios de residencia, operacións realizadas con ou por persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais e cantidades suxeitas a retención. Regras especiais.

1. Integrarase na base impoñible a diferenza entre o valor de mercado e o valor fiscal dos elementos patrimoniais que sexan propiedade dunha entidade residente en territorio español que traslada a súa residencia fóra deste, excepto que tales elementos patrimoniais queden afectados a un establecemento permanente situado en territorio español da mencionada entidade. En caso de afectación a un establecemento permanente, será de aplicación a eses elementos patrimoniais o previsto no artigo 78 desta lei.

O pagamento da débeda tributaria resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior, no suposto de elementos patrimoniais transferidos a un Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, será aprazado pola Administración tributaria, por solicitude do contribuínte, ata a data da transmisión a terceiros dos elementos patrimoniais afectados. Resulta de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a súa normativa de desenvolvemento, en canto á devindicación de xuros de demora e á constitución de garantías para tal aprazamento.

2. As operacións que se efectúen con persoas ou entidades residentes en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais valoraranse polo seu valor de mercado.

Aqueles que realicen as operacións sinaladas no parágrafo anterior estarán suxeitos á obriga de documentación a que se refire o artigo 18.3 desta lei coas especialidades que regulamentariamente se establezan.

3. O perceptor de cantidades sobre as cales se deba reter á conta deste imposto computará aquelas pola contraprestación íntegra devindicada.

Cando a retención non se practicase ou o fose por importe inferior ao debido, por causa imputable exclusivamente ao retedor, o perceptor deducirá da cota a cantidade que debeu ser retida.

No caso de retribucións legalmente establecidas que fosen satisfeitas polo sector público, o perceptor só poderá deducir as cantidades efectivamente retidas.

Cando non se poida probar a contraprestación íntegra devindicada, a Administración tributaria poderá computar como importe íntegro unha cantidade que, unha vez restada dela a retención procedente, deite a efectivamente percibida. Neste caso deducirase da cota, como retención á conta, a diferenza entre o realmente percibido e o importe íntegro.

4. A renda que se poña de manifesto como consecuencia do exercicio do dereito de rescate dos contratos de seguro colectivo que instrumenten compromisos por pensións, nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002,

do 29 de novembro, non estará suxeita ao imposto sobre sociedades do titular dos recursos económicos que en cada caso corresponda, nos seguintes supostos:

a) Para a integración total ou parcial dos compromisos instrumentados na póliza noutro contrato de seguro que cumpra os requisitos da citada disposición adicional primeira.

b) Para a integración noutro contrato de seguro colectivo, dos dereitos que correspondan ao traballador segundo o contrato de seguro orixinal no caso de cesamento da relación laboral.

Os supostos establecidos nas letras a) e b) anteriores non alterarán a natureza das primas respecto da súa imputación fiscal por parte da empresa, nin o cómputo da antigüidade das primas satisfeitas no contrato de seguro orixinal. Non obstante, no suposto establecido na letra b) anterior, se as primas non foron imputadas, a empresa poderá deducilas con ocasión desta mobilización.

Non quedará suxeita a renda que se poña de manifesto como consecuencia da participación en beneficios dos contratos de seguro que instrumenten compromisos por pensións de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, cando esa participación en beneficios se destine ao aumento das prestacións aseguradas nos ditos contratos.

5. Non se integrarán na base imponible as rendas positivas ou negativas que se poñan de manifesto con ocasión do pagamento das débedas tributarias a que se refire o punto 2 do artigo 125 desta lei e das débedas tributarias a que se refire o artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

6. Non se integrarán na base imponible as subvencións concedidas aos contribuíntes deste imposto que exploten predios forestais xestionados de acordo con plans técnicos de xestión forestal, ordenación de montes, plans dasocráticos ou plans de repoboación forestal aprobados pola Administración forestal competente, sempre que o período de produción medio, segundo a especie de que se trate, determinado en cada caso pola Administración forestal competente, sexa igual ou superior a 20 anos.

Artigo 20. *Efectos da valoración contable diferente á fiscal.*

Cando un elemento patrimonial ou un servizo teñan diferente valoración contable e fiscal, a entidade adquirente daquel integrará na súa base imponible a diferenza entre ambas, da seguinte maneira:

a) Tratándose de elementos patrimoniais integrantes do activo circulante, no período impositivo en que estes motiven a devindicación dun ingreso ou dun gasto.

b) Tratándose de elementos patrimoniais non amortizables integrantes do inmovilizado, no período impositivo en que estes se transmitan ou se dean de baixa.

c) Tratándose de elementos patrimoniais amortizables integrantes do inmovilizado, nos períodos impositivos que resten de vida útil, aplicando á citada diferenza o método de amortización utilizado respecto dos referidos elementos, salvo que sexan obxecto de transmisión ou baixa con anterioridade, caso en que se integrará con ocasión dela.

d) Tratándose de servizos, no período impositivo en que se reciban, excepto que o seu importe deba incorporarse a un elemento patrimonial, caso en que se aplicará o previsto nos parágrafos anteriores.

CAPÍTULO IV

Exención para eliminar a dobre imposición. Valores representativos dos fondos propios de entidades e establecementos permanentes

Artigo 21. *Exención para evitar a dobre imposición sobre dividendos e rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades residentes e non residentes en territorio español.*

1. Estarán exentos os dividendos ou participacións en beneficios de entidades, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade sexa, ao menos, do 5 por cento ou ben que o valor de adquisición da participación sexa superior a 20 millóns de euros.

A participación correspondente deberase posuír de maneira ininterrompida durante o ano anterior ao día en que sexa exigible o beneficio que se distribúa ou, na súa falta, deberase manter posteriormente durante o tempo necesario para completar o dito prazo. Para o cómputo do prazo terase tamén en conta o período en que a participación fose posuída ininterrompidamente por outras entidades que reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formaren parte do mesmo grupo de sociedades, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

No suposto de que a entidade participada obteña dividendos, participacións en beneficios ou rendas derivadas da transmisión de valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades en máis do 70 por cento dos seus ingresos, a aplicación desta exención respecto desas rendas requirirá que o contribuínte teña unha participación indirecta nesas entidades que cumpra os requisitos sinalados nesta letra. A referida porcentaxe de ingresos calcularase sobre o resultado consolidado do exercicio, no caso de que a entidade directamente participada sexa dominante dun grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, e formule contas anuais consolidadas. Non obstante, a participación indirecta en filiais de segundo ou ulterior nivel deberá respectar a porcentaxe mínima do 5 por cento, salvo que esas filiais reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formaren parte do mesmo grupo de sociedades coa entidade directamente participada e formulen estados contables consolidados.

O requisito exigido no parágrafo anterior non resultará de aplicación cando o contribuínte acredite que os dividendos ou participacións en beneficios percibidos se integraron na base imponible da entidade directa ou indirectamente participada como dividendos, participacións en beneficios ou rendas derivadas da transmisión de valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades sen ter dereito á aplicación dun réxime de exención ou de dedución por dobre imposición.

b) Adicionalmente, no caso de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, que a entidade participada estivese suxeita e non exenta por un imposto estranxeiro de natureza idéntica ou análoga a este imposto a un tipo nominal de, ao menos, o 10 por cento no exercicio en que se obtivesen os beneficios que se reparten ou nos cales se participa, con independencia da aplicación dalgún tipo de exención, bonificación, redución ou dedución sobre aqueles.

Para estes efectos, teranse en conta aqueles tributos estranxeiros que tivesen por finalidade a imposición da renda obtida pola entidade participada, con independencia de que o obxecto do tributo o constituía a renda, os ingresos ou calquera outro elemento indiciario daquela.

Considerarase cumprido este requisito, cando a entidade participada sexa residente nun país co cal España teña suscrito un convenio para evitar a dobre imposición internacional, que lle sexa de aplicación e que conteña cláusula de intercambio de información.

No suposto de que a entidade participada non residente obteña dividendos, participacións en beneficios ou rendas derivadas da transmisión de valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades, a aplicación desta exención respecto desas rendas requirirá que o requisito previsto nesta letra se cumpra, ao menos, na entidade indirectamente participada.

No suposto de que a entidade participada, residente ou non residente en territorio español, obteña dividendos, participacións en beneficios ou rendas derivadas da transmisión de valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades procedentes de dúas ou máis entidades respecto das cales só nalgunha ou nalgunhas delas se cumpran os requisitos sinalados nas letras a) ou a) e b) anteriores, a aplicación da exención referirase a aquela parte dos dividendos ou participacións en beneficios recibidos polo contribuínte respecto de entidades nas cales se cumpran os citados requisitos.

Non se aplicará a exención prevista neste punto respecto do importe daqueles dividendos ou participacións en beneficios cuxa distribución xere un gasto fiscalmente deducible na entidade pagadora.

Para a aplicación deste artigo, no caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social e, na súa falta, consideraranse aplicadas as últimas cantidades aboadas a esas reservas.

2. 1.º Terán a consideración de dividendos ou participacións en beneficios os derivados dos valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades, con independencia da súa consideración contable.

2.º Terán a consideración de dividendos ou participacións en beneficios exentos as retribucións correspondentes a préstamos participativos outorgados por entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaçión de formular contas anuais consolidadas, salvo que xeren un gasto fiscalmente deducible na entidade pagadora.

3.º A exención prevista no punto 1 deste artigo non resultará de aplicación en relación cos dividendos ou participacións en beneficios recibidos cuxo importe deba ser obxecto de entrega a outra entidade con ocasión dun contrato que verse sobre os valores dos que aqueles proceden, rexistrando un gasto para o efecto.

A entidade receptora do dito importe en virtude do referido contrato poderá aplicar a exención prevista no referido punto 1 na medida en que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que conserve o rexistro contable dos ditos valores.
- b) Que probe que o dividendo foi percibido pola outra entidade contratante ou por unha entidade pertencente ao mesmo grupo de sociedades de calquera das dúas entidades, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.
- c) Que se cumpran as condicións establecidas no punto anterior para a aplicación da exención.

3. Estará exenta a renda positiva obtida na transmisión da participación nunha entidade cando se cumpran os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo. O mesmo réxime se aplicará á renda obtida nos supostos de liquidación da entidade, separación do socio, fusión, escisión total ou parcial, redución de capital, achega non en diñeiro ou cesión global de activo e pasivo.

O requisito previsto na letra a) do punto 1 deste artigo deberá cumprirse o día en que se produza a transmisión. O requisito previsto na letra b) do punto 1 deberá ser cumprido en todos e cada un dos exercicios de tenza da participación.

Non obstante, no caso de que o requisito previsto na letra b) do punto 1 non se cumprise nalgún ou nalgúns dos exercicios de tenza da participación, a exención prevista neste punto aplicarase de acordo coas seguintes regras:

a) Respecto daquela parte da renda que se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación, considerarase exenta aquela parte que se corresponda cos beneficios xerados naqueles exercicios en que se cumpra o requisito establecido na letra b) do punto 1.

b) Respecto daquela parte da renda que non se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación, entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario, durante o tempo de tenza da participación, e considerarase exenta aquela parte que proporcionalmente se corresponda coa tenza nos exercicios en que se cumprise o requisito establecido na letra b) do punto 1.

No caso de transmisión da participación no capital ou nos fondos propios dunha entidade residente ou non residente en territorio español que, pola súa vez, participase en dúas ou máis entidades respecto das cales só nalgunha ou nalgunhas delas se cumprisen os requisitos previstos nas letras a) ou b) do punto 1, a exención prevista neste punto aplicarase de acordo coas seguintes regras:

1.º Respecto daquela parte da renda que se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados polas entidades indirectamente participadas durante o tempo de tenza da participación, considerarase exenta aquela parte da renda que se corresponda cos beneficios xerados polas entidades en que se cumpra o requisito establecido na letra b) do punto 1.

2.º Respecto daquela parte da renda que non se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados polas entidades indirectamente participadas durante o tempo de tenza da participación, considerarase exenta aquela parte que proporcionalmente sexa atribuíble ás entidades en que se cumprise o requisito establecido na letra b) do punto 1.

A parte da renda que non teña dereito á exención nos termos sinalados neste punto integrarase na base imponible, e terá dereito á dedución establecida no artigo 31 desta lei, en caso de proceder a súa aplicación, sempre que se cumpran os requisitos necesarios para iso. Non obstante, para os efectos do establecido na letra a) do punto 1 do citado artigo, tomarase exclusivamente o importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de gravame de natureza idéntica ou análoga a este imposto, pola parte que proporcionalmente se corresponda coa renda que non teña dereito á exención correspondente a aqueles exercicios ou entidades respecto dos cales non se cumprise o requisito establecido na letra b) do punto 1 deste artigo, en relación coa renda total obtida na transmisión da participación.

4. Nos seguintes supostos, a aplicación da exención prevista no punto anterior terá as especialidades que se indican a continuación:

a) Cando a participación na entidade fose valorada conforme as regras do réxime especial do capítulo VII do título VII desta lei e a aplicación desas regras, incluso nunha transmisión anterior, determinase a non integración de rendas na base imponible deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, derivadas:

1.ª Da transmisión da participación nunha entidade que non cumpra o requisito da letra a) ou, total ou parcialmente ao menos nalgún exercicio, o requisito a que se refire a letra b) do punto 1 deste artigo.

2.^a Da achega non en diñeiro doutros elementos patrimoniais distintos ás participacións no capital ou fondos propios de entidades.

Neste suposto, a exención só se aplicará sobre a renda que corresponda á diferenza positiva entre o valor de transmisión da participación na entidade e o valor de mercado daquela no momento da súa adquisición pola entidade transmitente, Nos termos establecidos no punto 3. Nos mesmos termos integrarase na base impositiva do período a renda diferida con ocasión da operación acollida ao capítulo VII do título VII desta lei, en caso de aplicación parcial da exención prevista no punto anterior.

b) No suposto de transmisións sucesivas de valores homoxéneos, a exención limitarase ao exceso sobre o importe das rendas negativas netas obtidas nas transmisións previas que fosen obxecto de integración na base impositiva.

5. Non se aplicará a exención prevista no punto 3 deste artigo:

a) A aquela parte das rendas derivadas da transmisión da participación, directa ou indirecta, nunha entidade que teña a consideración de entidade patrimonial, nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei, que non se corresponda cun incremento de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación.

b) A aquela parte das rendas derivadas da transmisión da participación nunha agrupación de interese económico española ou europea, que non se corresponda cun incremento de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación.

c) Ás rendas derivadas da transmisión da participación, directa ou indirecta, nunha entidade que cumpra os requisitos establecidos no artigo 100 desta lei, sempre que, ao menos, o 15 por cento das súas rendas quede sometido ao réxime de transparencia fiscal internacional regulado no dito artigo.

Cando as circunstancias sinaladas nas letras a) ou c) deste punto se cumpran só nalgún ou nalgúns dos períodos impositivos de tenza da participación, non se aplicará a exención respecto daquela parte das rendas a que se refiren esas letras que proporcionalmente se corresponda con aqueles períodos impositivos.

O disposto neste punto resultará igualmente de aplicación nos supostos de liquidación da entidade, separación do socio, fusión, escisión total ou parcial, redución de capital, achega non en diñeiro ou cesión global de activo e pasivo.

6. Se se obtivese unha renda negativa na transmisión da participación nunha entidade que fose previamente transmitida por outra entidade que reúna as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte dun mesmo grupo de sociedades co contribuínte, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, esa renda negativa minorarase no importe da renda positiva obtida na transmisión precedente e á cal se aplicase un réxime de exención.

7. O importe das rendas negativas derivadas da transmisión da participación nunha entidade minorarase no importe dos dividendos ou participacións en beneficios recibidos da entidade participada a partir do período impositivo que se iniciase no ano 2009, sempre que os referidos dividendos ou participacións en beneficios non minorasen o valor de adquisición e que tivesen dereito á aplicación da exención prevista no punto 1 deste artigo.

No suposto de transmisións sucesivas de valores homoxéneos, o importe das rendas negativas minorarase, adicionalmente, no importe das rendas positivas netas obtidas nas transmisións previas que tivesen dereito á aplicación da exención prevista neste artigo.

8. Non se aplicará a exención prevista neste artigo:

a) Ás rendas distribuídas polo fondo de regulación de carácter público do mercado hipotecario.

b) Ás rendas obtidas por agrupacións de interese económico españolas e europeas, e por unións temporais de empresas cando, ao menos un dos seus socios, teña a condición de persoa física.

c) Ás rendas de fonte estranxeira que a entidade integre na súa base imponible e en relación coas cales opte por aplicar, se procede, a dedución establecida nos artigos 31 ou 32 desta lei.

9. En ningún caso se aplicará o disposto neste artigo cando a entidade participada sexa residente nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal, excepto que resida nun Estado membro da Unión Europea e o contribuínte acredite que a súa constitución e operativa responde a motivos económicos válidos e que realiza actividades económicas.

Artigo 22. Exención das rendas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente.

1. Estarán exentas as rendas positivas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente situado fóra do territorio español cando este estivese suxeito e non exento a un imposto de natureza idéntica ou análoga a este imposto cun tipo nominal de, ao menos, un 10 por cento, nos termos do punto 1 do artigo anterior.

Non se integrarán na base imponible as rendas negativas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente, excepto no caso de transmisión deste ou cesamento da súa actividade.

2. Estarán exentas, igualmente, as rendas positivas derivadas da transmisión dun establecemento permanente respecto do cal se cumpra o requisito de tributación nos termos do artigo anterior.

O importe das rendas negativas derivadas da transmisión dun establecemento permanente ou cesamento da súa actividade minorarase no importe das rendas positivas netas obtidas con anterioridade que tivesen dereito á exención prevista neste artigo ou á dedución por dobre imposición prevista no artigo 31 desta lei, procedentes del.

3. Considerarase que unha entidade opera mediante un establecemento permanente no estranxeiro cando, por calquera título, dispoña fóra do territorio español, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo en que realice toda ou parte da súa actividade, ou actúe nel por medio dun axente autorizado para contratar, en nome e por conta do contribuínte, que exerza habitualmente tales poderes. En particular, entenderase que constitúen establecemento permanente as sedes de dirección, as sucursais, as oficinas, as fábricas, os talleres, os almacéns, tendas ou outros establecementos, as minas, os pozos de petróleo ou de gas, as canteiras, as explotacións agrícolas, forestais ou pecuarias ou calquera outro lugar de exploración ou de extracción de recursos naturais, e as obras de construción, instalación ou montaxe cuxa duración exceda os 6 meses. Se o establecemento permanente se encontra situado nun país co cal España teña suscrito un convenio para evitar a dobre imposición internacional, que lle sexa de aplicación, aplicarase o que del resulte.

4. Considerarase que un contribuínte opera mediante establecementos permanentes distintos nun determinado país cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que realicen actividades claramente diferenciadas.
- b) Que a xestión destas se leve de modo separado.

5. Consideraranse rendas dun establecemento permanente aquelas que este podería obter se fose unha entidade distinta e independente, tendo en conta as funcións desenvolvidas, os activos utilizados e os riscos asumidos pola entidade a través do establecemento permanente.

Para estes efectos, teranse en conta as rendas estimadas por operacións internas coa propia entidade naqueles supostos en que así estea establecido nun convenio para evitar a dobre imposición internacional que resulte de aplicación.

6. Non se aplicará o réxime previsto neste artigo cando se dean, respecto das rendas obtidas no estranxeiro, as circunstancias previstas no punto 8 do artigo anterior. A

opción a que se refire a letra c) dese punto exerceraa cada establecemento permanente fóra do territorio español, incluso no caso de que existan varios no territorio dun só país.

7. En ningún caso se aplicará o disposto neste artigo cando o establecemento permanente estea situado nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal, excepto que se trate dun Estado membro da Unión Europea e o contribuínte acredite que a súa constitución e operativa responden a motivos económicos válidos e que realiza actividades económicas.

CAPÍTULO V

Reducións na base impoñible

Artigo 23. *Redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles.*

1. As rendas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación de patentes, debuxos ou modelos, planos, fórmulas ou procedementos secretos, de dereitos sobre informacións relativas a experiencias industriais, comerciais ou científicas, integraranse na base impoñible nun 40 por cento do seu importe, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a entidade cedente crease os activos obxecto de cesión, ao menos, nun 25 por cento do seu custo.

b) Que o cesionario utilice os dereitos de uso ou de explotación no desenvolvemento dunha actividade económica e que os resultados desa utilización non se materialicen na entrega de bens ou prestación de servizos polo cesionario que xeren gastos fiscalmente deducibles na entidade cedente, sempre que, neste último caso, a dita entidade estea vinculada co cesionario.

c) Que o cesionario non resida nun país ou territorio de nula tributación ou cualificado como paraíso fiscal, salvo que estea situado nun Estado membro da Unión Europea e o contribuínte acredite que a operativa responde a motivos económicos válidos e que realice actividades económicas.

d) Cando un mesmo contrato de cesión inclúa prestacións accesorias de servizos deberá diferenciarse no contrato a contraprestación correspondente a eles.

e) Que a entidade dispoña dos rexistros contables necesarios para poder determinar os ingresos e gastos directos correspondentes aos activos obxecto de cesión.

O disposto neste punto tamén resultará de aplicación no caso de transmisión dos activos intanxibles referidos nel, cando a transmisión se realice entre entidades que non formen parte dun grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas.

2. No caso de cesión de activos intanxibles, para os efectos do disposto no punto anterior, con independencia de que o activo estea ou non recoñecido no balance da entidade, entenderase por rendas a diferenza positiva entre os ingresos do exercicio procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación dos activos, e as cantidades que sexan deducidas nel por aplicación dos artigos 12.2 ou 13.3 desta lei, de ser o caso, e por aqueles gastos do exercicio directamente relacionados co activo cedido.

3. Esta redución deberá terse en conta para efectos da determinación do importe da cota íntegra a que se refire o artigo 31.1.b) desta lei.

4. En ningún caso darán dereito á redución as rendas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación, ou da transmisión, de marcas, obras literarias, artísticas ou científicas, incluídas as películas cinematográficas, de dereitos persoais susceptibles de cesión, como os dereitos de imaxe, de programas informáticos, equipamentos industriais, comerciais ou científicos, nin de calquera outro dereito ou activo distinto dos sinalados no punto 1.

5. Para os efectos de aplicar a presente redución, con carácter previo á realización das operacións, o contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria a adopción dun acordo previo de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión dos activos e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. A esa solicitude xuntaráse unha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderá entenderse desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos previos de valoración a que se refire este punto.

6. Así mesmo, con carácter previo á realización das operacións, o contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria un acordo previo de cualificación dos activos como pertencentes a algunha das categorías a que se refire o punto 1 deste artigo, e de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión daqueles e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. A esa solicitude xuntaráse unha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderá entenderse desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

A resolución deste acordo requirirá informe vinculante emitido pola Dirección Xeral de Tributos, en relación coa cualificación dos activos. En caso de estimalo procedente, a Dirección Xeral de Tributos poderá solicitar opinión non vinculante ao respecto ao Ministerio de Economía e Competitividade.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos previos de cualificación e valoración a que se refire este punto.

Artigo 24. *Obra benéfico-social das caixas de aforros e fundacións bancarias.*

1. Serán deducibles fiscalmente as cantidades que as caixas de aforros e as fundacións bancarias destinen dos seus resultados ao financiamento de obras benéfico-sociais, de conformidade coas normas polas cales se rexen.

2. As cantidades asignadas á obra benéfico-social das caixas de aforros e das fundacións bancarias deberán aplicarse, ao menos, nun 50 por cento, no mesmo período impositivo a que corresponda a asignación, ou no inmediato seguinte, á realización dos investimentos afectos, ou a sufragar gastos de sostemento das institucións ou establecementos acollidas a aquela.

3. Non se integrarán na base imponible:

a) Os gastos de mantemento da obra benéfico-social que se realicen con cargo ao fondo de obra social, mesmo cando excedan as asignacións efectuadas, sen prexuízo de que teñan a consideración de aplicación de futuras asignacións. Non obstante, eses gastos serán fiscalmente deducibles cando, de conformidade coa normativa contable que resulte aplicable, se rexistren con cargo á conta de perdas e ganancias.

b) As rendas derivadas da transmisión de investimentos afectos á obra benéfico-social.

4. A dotación á obra benéfico-social realizada polas fundacións bancarias ou, de ser o caso, os gastos de mantemento da obra benéfico-social que, de acordo coa normativa contable que resulte aplicable, se rexistren con cargo á conta de perdas e ganancias, poderán reducir a base imponible das entidades de crédito en que participen, na proporción que os dividendos percibidos das citadas entidades representen respecto dos ingresos totais das fundacións bancarias, ata o límite máximo dos citados dividendos. Para iso, a fundación bancaria deberá comunicar á entidade de crédito que satisfíxese os dividendos o importe da redución así calculada e a non aplicación desa cantidade como partida fiscalmente deducible na súa declaración deste imposto.

No caso de non aplicación do importe sinalado aos fins da súa obra benéfico-social, a fundación bancaria deberá comunicar o incumprimento da referida finalidade á entidade

de crédito, co obxecto de que esta regularice as cantidades indebidamente deducidas nos termos establecidos no artigo 125.3 desta lei.

Artigo 25. *Reserva de capitalización.*

1. Os contribuíntes que tributen ao tipo de gravame previsto nos puntos 1 ou 6 do artigo 29 desta lei terán dereito a unha redución na base imponible do 10 por cento do importe do incremento dos seus fondos propios, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o importe do incremento dos fondos propios da entidade se manteña durante un prazo de 5 anos desde o peche do período impositivo a que corresponda esta redución, salvo pola existencia de perdas contables na entidade.

b) Que se dote unha reserva polo importe da redución, que deberá figurar no balance con absoluta separación e título apropiado e será indispoñible durante o prazo previsto na letra anterior.

Para estes efectos, non se entenderá que se dispuxo da referida reserva, nos seguintes casos:

- a) Cando o socio ou accionista exerza o seu dereito a separarse da entidade.
- b) Cando a reserva se elimine, total ou parcialmente, como consecuencia de operacións ás cales lles resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei.
- c) Cando a entidade deba aplicar a referida reserva en virtude dunha obrigaón de carácter legal.

En ningún caso o dereito á redución prevista neste punto poderá superar o importe do 10 por cento da base imponible positiva do período impositivo previa a esta redución, á integración a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas.

Non obstante, en caso de insuficiente base imponible para aplicar a redución, as cantidades pendentes poderán ser obxecto de aplicación nos períodos impositivos que finalicen nos 2 anos inmediatos e sucesivos ao peche do período impositivo en que se xerase o dereito á redución, conxuntamente coa redución que poida corresponder, de ser o caso, por aplicación do disposto neste artigo no período impositivo correspondente, e co límite previsto no parágrafo anterior.

2. O incremento de fondos propios estará determinado pola diferenza positiva entre os fondos propios existentes ao peche do exercicio sen incluír os seus resultados, e os fondos propios existentes ao seu inicio, sen incluír os resultados do exercicio anterior.

Non obstante, para os efectos de determinar o referido incremento, non se terán en conta como fondos propios ao inicio e ao final do período impositivo:

- a) As achegas dos socios.
- b) As ampliacións de capital ou fondos propios por compensación de créditos.
- c) As ampliacións de fondos propios por operacións con accións propias ou de reestruturación.
- d) As reservas de carácter legal ou estatutario.
- e) As reservas indispoñibles que se doten por aplicación do disposto no artigo 105 desta lei e no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.
- f) Os fondos propios que correspondan a unha emisión de instrumentos financeiros compostos.
- g) Os fondos propios que se correspondan con variacións en activos por imposto derivadas dunha diminución ou aumento do tipo de gravame deste imposto.

Estas partidas tampouco se terán en conta para determinar o mantemento do incremento de fondos propios en cada período impositivo en que resulte exixible.

3. A redución correspondente á reserva prevista neste artigo será incompatible no mesmo período impositivo coa redución en base imponible en concepto de factor de esgotamento prevista nos artigos 91 e 95 desta lei.

4. O incumprimento dos requisitos previstos neste artigo dará lugar á regularización das cantidades indebidamente reducidas, así como dos correspondentes xuros de demora, nos termos establecidos no artigo 125.3 desta lei.

Artigo 26. *Compensación de bases impositivas negativas.*

1. As bases impositivas negativas que fosen obxecto de liquidación ou autoliquidación poderán ser compensadas coas rendas positivas dos períodos impositivos seguintes co límite do 70 por cento da base imponible previa á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei e á súa compensación.

En todo caso, poderanse compensar no período impositivo bases impositivas negativas ata o importe de 1 millón de euros.

A limitación á compensación de bases impositivas negativas non resultará de aplicación no importe das rendas correspondentes a quitacións ou esperas consecuencia dun acordo cos acredores do contribuínte. As bases impositivas negativas que sexan obxecto de compensación coas ditas rendas non se terán en consideración respecto do importe de 1 millón de euros a que se refire o parágrafo anterior.

O límite previsto neste punto non se aplicará no período impositivo en que se produza a extinción da entidade, salvo que sexa consecuencia dunha operación de reestruturación á cal lle resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei.

2. Se o período impositivo ten unha duración inferior ao ano, as bases impositivas negativas que poderán ser obxecto de compensación no período impositivo, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto anterior, serán o resultado de multiplicar 1 millón de euros pola proporción existente entre a duración do período impositivo respecto do ano.

3. O límite establecido no primeiro parágrafo do punto 1 deste artigo non resultará de aplicación no caso de entidades de nova creación a que se refire o artigo 29.1 desta lei, nos 3 primeiros períodos impositivos en que se xere unha base imponible positiva previa á súa compensación.

4. Non poderán ser obxecto de compensación as bases impositivas negativas cando concorran as seguintes circunstancias:

a) A maioría do capital social ou dos dereitos a participar nos resultados da entidade que fose adquirida por unha persoa ou entidade ou por un conxunto de persoas ou entidades vinculadas, con posterioridade á conclusión do período impositivo a que corresponde a base imponible negativa.

b) As persoas ou entidades a que se refire o parágrafo anterior tivesen unha participación inferior ao 25 por cento no momento da conclusión do período impositivo a que corresponde a base imponible negativa.

c) A entidade adquirida se encuentre nalgunha das seguintes circunstancias:

1.º Non viñese realizando ningunha actividade económica dentro dos 3 meses anteriores á adquisición;

2.º Realizase unha actividade económica nos 2 anos posteriores á adquisición diferente ou adicional á realizada con anterioridade, que determinase, en si mesma, un importe neto da cifra de negocios neses anos posteriores superior ao 50 por cento do importe medio da cifra de negocios da entidade correspondente aos 2 anos anteriores. Entenderase por actividade diferente ou adicional aquela que teña asignado diferente grupo á realizada con anterioridade, na Clasificación nacional de actividades económicas.

3.º Se trate dunha entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei.

4.º A entidade fose dada de baixa no índice de entidades por aplicación do disposto na letra b) do punto 1 do artigo 119 desta lei.

5. O dereito da Administración para comprobar ou investigar as bases impositivas negativas pendentes de compensación prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa compensación.

Transcorrido o dito prazo, o contribuínte deberá acreditar que as bases impositivas negativas cuxa compensación pretenda resultan procedentes, así como a súa contía, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e da contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

TÍTULO V

Período impositivo e devindicación do imposto

Artigo 27. *Período impositivo.*

1. O período impositivo coincidirá co exercicio económico da entidade.
2. En todo caso concluirá o período impositivo:
 - a) Cando a entidade se extinga.
 - b) Cando teña lugar un cambio de residencia da entidade residente en territorio español ao estranxeiro.
 - c) Cando se produza a transformación da forma xurídica da entidade e isto determine a non suxeición a este imposto da entidade resultante.

Co obxecto de determinar a base impositiva correspondente a este período impositivo entenderase que a entidade se dissolveu cos efectos establecidos no artigo 17.5 desta lei.
 - d) Cando se produza a transformación da forma societaria da entidade, ou a modificación do seu estatuto ou do seu réxime xurídico, e iso determine a modificación do seu tipo de gravame ou a aplicación dun réxime tributario distinto.

A renda derivada da transmisión posterior dos elementos patrimoniais existentes no momento da transformación ou modificación entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario, durante todo o tempo de tenza do elemento transmitido. A parte da dita renda xerada ata o momento da transformación ou modificación gravarase aplicando o tipo de gravame e o réxime tributario que lle correspondería á entidade de ter conservado a súa forma, estatuto ou réxime orixinario.

3. O período impositivo non excederá os 12 meses.

Artigo 28. *Devindicación do imposto.*

O imposto devindicarase o último día do período impositivo.

TÍTULO VI

Débeda tributaria

CAPÍTULO I

Tipo de gravame e cota integra

Artigo 29. *O tipo de gravame.*

1. O tipo xeral de gravame para os contribuíntes deste imposto será o 25 por cento.

Non obstante, as entidades de nova creación que realicen actividades económicas tributarán, no primeiro período impositivo en que a base impositiva resulte positiva e no

seguinte, ao tipo do 15 por cento, excepto se, de acordo co previsto neste artigo, deban tributar a un tipo inferior.

Para estes efectos, non se entenderá iniciada unha actividade económica:

a) Cando a actividade económica fose realizada con carácter previo por outras persoas ou entidades vinculadas no sentido do artigo 18 desta lei e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.

b) Cando a actividade económica fose exercida, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que teña unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50 por cento.

Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas.

O tipo de gravame do 15 por cento previsto neste punto non resultará de aplicación a aquelas entidades que teñan a consideración de entidade patrimonial, nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei.

2. Tributarán ao 20 por cento as sociedades cooperativas fiscalmente protexidas, excepto polo que se refire aos resultados extracooperativos, que tributarán ao tipo xeral.

As cooperativas de crédito e caixas rurais tributarán ao tipo xeral, excepto polo que se refire aos resultados extracooperativos, que tributarán ao tipo do 30 por cento.

3. Tributarán ao 10 por cento as entidades ás cales lles sexa de aplicación o réxime fiscal establecido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

4. Tributarán ao tipo do 1 por cento:

a) As sociedades de investimento de capital variable reguladas pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, sempre que o número de accionistas requirido sexa, como mínimo, o previsto no seu artigo 9.4.

b) Os fondos de investimento de carácter financeiro previstos na citada lei, sempre que o número de partícipes requirido sexa, como mínimo, o previsto no seu artigo 5.4.

c) As sociedades de investimento inmobiliario e os fondos de investimento inmobiliario regulados na citada lei, distintos dos previstos na letra d) seguinte, sempre que o número de accionistas ou partícipes requirido sexa, como mínimo, o previsto nos artigos 5.4 e 9.4 da dita lei e que, co carácter de institucións de investimento colectivo non financeiras, teñan por obxecto exclusivo o investimento en calquera tipo de inmovible de natureza urbana para o seu arrendamento.

A aplicación dos tipos de gravame previstos neste punto requirirá que os bens inmoibles que integren o activo das institucións de investimento colectivo a que se refire o parágrafo anterior non se alleen ata que non transcorresen polo menos 3 anos desde a súa adquisición salvo que, con carácter excepcional, medie a autorización expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A transmisión deses inmoibles antes do transcurso do período mínimo a que se refire esta letra c) determinará que a renda derivada desa transmisión tributará ao tipo xeral de gravame do imposto. Ademais, a entidade estará obrigada a ingresar, xunto coa cota do período impositivo correspondente ao período en que se transmitiu o ben, os importes resultantes de aplicar ás rendas correspondentes ao inmovible en cada un dos períodos impositivos anteriores en que resultase de aplicación o réxime previsto nesta letra c), a diferenza entre o tipo xeral de gravame vixente en cada período e o tipo do 1 por cento, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de ser o caso, resulten procedentes.

d) As sociedades de investimento inmobiliario e os fondos de investimento inmobiliario regulados na Lei de institucións de investimento colectivo que, ademais de reunir os requisitos previstos na letra c), desenvolvan a actividade de promoción

exclusivamente de vivendas para destinalas ao seu arrendamento e cumpran as seguintes condicións:

1.^a Os investimentos en bens inmobles afectos á actividade de promoción inmobiliaria non poderán superar o 20 por cento do total do activo da sociedade ou fondo de investimento inmobiliario.

2.^a A actividade de promoción inmobiliaria e a de arrendamento deberán ser obxecto de contabilización separada para cada inmovible adquirido ou promovido, co detalle que resulte necesario para coñecer a renda correspondente a cada vivenda, local ou predio rexistral independente en que estes se dividan, sen prexuízo do cómputo dos investimentos no total do activo para efectos da porcentaxe prevista na letra c).

3.^a Os inmobles derivados da actividade de promoción deberán permanecer arrendados ou ofrecidos en arrendamento pola sociedade ou fondo de investimento inmobiliario durante un período mínimo de 7 anos. Este prazo computarase desde a data de terminación da construción. Para estes efectos, a terminación da construción do inmovible acreditarase mediante o certificado final de obra a que se refire o artigo 6 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

A transmisión deses inmobles antes do transcurso do período mínimo a que se refire esta letra d) ou a letra c) anterior, segundo proceda, determinará que a renda derivada desa transmisión tributará ao tipo xeral de gravame do imposto. Ademais, a entidade estará obrigada a ingresar, xunto coa cota do período impositivo correspondente ao período en que se transmitiu o ben, os importes resultantes de aplicar ás rendas correspondentes ao inmovible en cada un dos períodos impositivos anteriores en que resultase de aplicación o réxime previsto nesta letra d) a diferenza entre o tipo xeral de gravame vixente en cada período e o tipo do 1 por cento, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de ser o caso, resulten procedentes.

As sociedades de investimento inmobiliario ou os fondos de investimento inmobiliario que desenvolvan a actividade de promoción de vivendas para o seu arrendamento estarán obrigadas a comunicar esa circunstancia á Administración tributaria no período impositivo en que se inicie a citada actividade.

e) O fondo de regulación do mercado hipotecario, establecido no artigo vinte e cinco da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.

5. Tributarán ao tipo do cero por cento os fondos de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

6. Tributarán ao tipo do 30 por cento as entidades de crédito, así como as entidades que se dediquen á exploración, investigación e explotación de xacementos e almacenamentos subterráneos de hidrocarburos nos termos establecidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

As actividades relativas á refinación e calquera outra distinta das de exploración, investigación, explotación, transporte, almacenamento, depuración e venda de hidrocarburos extraídos, ou da actividade de almacenamento subterráneo de hidrocarburos propiedade de terceiros, quedarán sometidas ao tipo xeral de gravame.

As entidades que desenvolvan exclusivamente a actividade de almacenamento de hidrocarburos propiedade de terceiros non lles resultará aplicable o réxime especial establecido no capítulo IX do título VII desta lei e tributarán ao tipo do 25 por cento.

7. Tributarán ao tipo de gravame especial que resulte do establecido no artigo 43 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, as entidades da zona especial canaria, pola parte de base impositiva correspondente ás operacións realizadas efectiva e materialmente no ámbito xeográfico da zona especial canaria.

Artigo 30. Cota íntegra.

Entenderase por cota íntegra a cantidade resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

No suposto de entidades que apliquen o disposto no artigo 105 desta lei, a cota íntegra estará determinada polo resultado de aplicar o tipo de gravame á base imponible minorada ou incrementada, segundo corresponda, polas cantidades derivadas do citado artigo 105.

CAPÍTULO II

Deducións para evitar a dobre imposición internacional**Artigo 31. Dedución para evitar a dobre imposición xurídica: imposto soportado polo contribuínte.**

1. Cando na base imponible do contribuínte se integren rendas obtidas e gravadas no estranxeiro, deducirase da cota íntegra a menor das dúas cantidades seguintes:

a) O importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de gravame de natureza idéntica ou análoga a este imposto.

Non se deducirán os impostos non pagados en virtude de exención, bonificación ou calquera outro beneficio fiscal.

Sendo de aplicación un convenio para evitar a dobre imposición, a dedución non poderá exceder o imposto que corresponda segundo aquel.

b) O importe da cota íntegra que en España correspondería pagar polas mencionadas rendas se se obtivesen en territorio español.

2. O importe do imposto satisfeito no estranxeiro incluírase na renda para os efectos previstos no punto anterior e, igualmente, formará parte da base imponible, mesmo cando non fose plenamente deducible.

Terá a consideración de gasto deducible aquela parte do importe do imposto satisfeito no estranxeiro que non sexa obxecto de dedución na cota íntegra por aplicación do sinalado no punto anterior, sempre que se corresponda coa realización de actividades económicas no estranxeiro.

3. Cando o contribuínte obtivese no período impositivo varias rendas do estranxeiro, a dedución realizarase agrupando as procedentes dun mesmo país, salvo as rendas de establecementos permanentes, que se computarán illadamente por cada un destes.

4. A determinación das rendas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente realizarase de acordo co establecido no punto 5 do artigo 22 desta lei.

Non se integrarán na base imponible as rendas negativas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente, excepto no caso de transmisión do establecemento permanente ou cesamento da súa actividade.

No suposto de establecementos permanentes que obtivesen en anteriores períodos impositivos rendas negativas que non se integrasen na base imponible da entidade, non se integrarán as rendas positivas obtidas con posterioridade ata o importe daquelas.

5. No caso de rendas negativas derivadas da transmisión dun establecemento permanente, o seu importe minorarase no importe das rendas positivas netas obtidas con anterioridade que tivesen dereito á exención prevista no artigo 22 desta lei ou á dedución por dobre imposición prevista neste artigo, procedentes daquel.

6. As cantidades non deducidas por insuficiencia de cota íntegra poderán deducirse nos períodos impositivos seguintes.

7. O dereito da Administración para comprobar as deducións por dobre imposición pendentes de aplicar prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido o dito prazo, o contribuínte deberá acreditar que as deducións cuxa aplicación pretenda resultan procedentes, así como a súa contía, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e da contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

Artigo 32. *Dedución para evitar a dobre imposición económica internacional: dividendos e participacións en beneficios.*

1. Cando na base imponible se computen dividendos ou participacións en beneficios pagados por unha entidade non residente en territorio español, deducirase o imposto efectivamente pagado por esta última respecto dos beneficios con cargo aos cales se aboan os dividendos, na contía correspondente de tales dividendos, sempre que esa contía se inclúa na base imponible do contribuínte. Para a aplicación desta dedución será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que a participación directa ou indirecta no capital da entidade non residente sexa, ao menos, do 5 por cento, ou ben que o valor de adquisición da participación sexa superior a 20 millóns de euros.

b) Que a participación se posúise de maneira ininterrompida durante o ano anterior ao día en que sexa exixible o beneficio que se distribúa ou, na súa falta, que se manteña durante o tempo que sexa necesario para completar un ano. Para o cómputo do prazo terase tamén en conta o período en que a participación fose posuída ininterrompidamente por outras entidades que reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte do mesmo grupo de sociedades, con independencia da residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas.

En caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social e, na súa falta, consideraranse aplicadas as últimas cantidades aboadas a tales reservas.

2. 1.º Terán a consideración de dividendos ou participacións en beneficios os derivados dos valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades, con independencia da súa consideración contable.

2.º A dedución prevista no punto 1 deste artigo non resultará de aplicación en relación cos dividendos ou participacións en beneficios recibidos cuxo importe deba ser obxecto de entrega a outra entidade con ocasión dun contrato que verse sobre os valores de que aqueles proceden, rexistrando un gasto para o efecto. A entidade receptora dese importe poderá aplicar a dedución prevista no referido punto 1 na medida en que conserve o rexistro contable de tales valores e estes cumplan as condicións establecidas no punto anterior.

3. Terá tamén a consideración de imposto efectivamente pagado o imposto satisfeito polas entidades participadas directamente pola sociedade que distribúe o dividendo e polas cales, pola súa vez, estean participadas directamente por aquelas, e así sucesivamente, na parte imputable aos beneficios con cargo aos cales se pagan os dividendos sempre que a participación indirecta en tales entidades sexa, ao menos, do 5 por cento e se cumpra o requisito a que se refire o punto anterior no concernente ao tempo de tenza da participación.

4. Esta dedución, conxuntamente coa establecida no artigo anterior respecto dos dividendos ou participacións nos beneficios, non poderá exceder a cota íntegra que correspondería pagar en España por estas rendas se se obtivesen en territorio español.

O exceso sobre ese límite non terá a consideración de gasto fiscalmente deducible, sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 31 desta lei.

5. As cantidades non deducidas por insuficiencia de cota íntegra poderán deducirse nos períodos impositivos seguintes.

6. Se se obtén unha renda negativa na transmisión da participación nunha entidade que fose previamente transmitida por outra entidade que reúna as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte dun mesmo grupo de

sociedades co contribuínte, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, esa renda negativa minorarase no importe da renda positiva obtida na transmisión precedente e á que se aplicase un réxime de exención.

7. O importe das rendas negativas derivadas da transmisión da participación nunha entidade non residente minorarase no importe dos dividendos ou participacións en beneficios recibidos da entidade participada a partir do período impositivo que se iniciase no ano 2009, sempre que os referidos dividendos ou participacións en beneficios non minorasen o valor de adquisición dela e tivesen dereito á aplicación da exención prevista no artigo 21 desta lei ou á dedución prevista neste artigo.

No suposto de transmisións sucesivas de valores homoxéneos, o importe das rendas negativas minorarase, adicionalmente, no importe das rendas positivas netas obtidas en transmisións previas que tivesen dereito á aplicación da exención prevista no artigo 21 desta lei.

8. O dereito da Administración para comprobar as deducións por dobre imposición pendentes de aplicar prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar que as deducións cuxa aplicación pretenda resultan procedentes, así como a súa contía, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e da contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

CAPÍTULO III

Bonificacións

Artigo 33. *Bonificación por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.*

1. Terá unha bonificación do 50 por cento a parte de cota íntegra que corresponda ás rendas obtidas en Ceuta ou Melilla por entidades que operen efectiva e materialmente nos ditos territorios.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior serán as seguintes:

- a) Entidades españolas domiciliadas fiscalmente nos ditos territorios.
- b) Entidades españolas domiciliadas fiscalmente fóra dos ditos territorios e que operen neles mediante establecemento ou sucursal.
- c) Entidades estranxeiras non residentes en España e que operen nos ditos territorios mediante establecemento permanente.

2. Entenderase por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla aquelas que correspondan a actividades que determinen nos ditos territorios o peche dun ciclo mercantil con resultados económicos.

Para estes efectos, considerarase cumprido o disposto no parágrafo anterior no caso de arrendamento de inmobles situados nestes territorios.

Non se estimará que median esas circunstancias cando se trate de operacións illadas de extracción, fabricación, compra, transporte, entrada e saída de xéneros ou efectos naqueles e, en xeral, cando as operacións non determinen por si soas rendas.

3. Para os efectos da aplicación da bonificación prevista neste artigo, terán a consideración de rendas obtidas en Ceuta ou Melilla aquelas correspondentes ás entidades relacionadas no punto 1 deste artigo, que posúan, como mínimo, un lugar fixo de negocios nos ditos territorios, ata un importe de 50.000 euros por persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa que exerza as súas funcións en Ceuta ou Melilla, cun límite máximo total de 400.000 euros. No suposto de que se obteñan rendas superiores ao citado importe, a aplicación da bonificación prevista neste artigo exixirá a acreditación do peche en Ceuta ou Melilla dun ciclo mercantil que determine resultados económicos. As cantidades a que se refire este punto determinaranse a nivel do grupo de sociedades, no suposto de entidades que formen parte del segundo os criterios

establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

Así mesmo, entenderanse obtidas en Ceuta ou Melilla as rendas procedentes do comercio por xunto cando esta actividade se organice, dirixa, contrate e facture a través dun lugar fixo de negocios situado nos ditos territorios que conte neles cos medios materiais e persoais necesarios para iso.

4. Excepcionalmente, para a determinación da renda imputable a Ceuta ou Melilla, obtida por entidades pesqueiras, procederase asignando as seguintes porcentaxes:

- a) O 20 por cento da renda total ao territorio en que estea a sede de dirección efectiva.
- b) O 40 por cento da renda total distribuirase en proporción ao volume de desembarcos de capturas que realicen en Ceuta ou Melilla.

As exportacións imputaranse ao territorio en que radique a sede de dirección efectiva.

c) O 40 por cento restante da renda total, en proporción ao valor contable dos buques segundo estean matriculados en Ceuta ou Melilla e en territorios distintos.

A porcentaxe prevista na letra c) só será aplicable cando a entidade de que se trate teña a sede de dirección efectiva en Ceuta ou Melilla. Noutro caso a porcentaxe engadirase á da letra b).

5. Nas entidades de navegación marítima e aérea atribuirase a renda a Ceuta ou Melilla consonte os mesmos criterios e porcentaxes aplicables ás empresas pesqueiras, substituíndo a referencia a desembarcos das capturas pola de pasaxes, fretes e arrendamentos alí contratados.

6. As entidades a que se refire a letra a) que teñan a súa sede de dirección efectiva en Ceuta ou Melilla e as referidas na letra c) do punto 1 deste artigo, que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla durante un prazo non inferior a 3 anos, poderán aplicar a bonificación prevista neste artigo polas rendas obtidas fóra destas cidades nos períodos impositivos que finalicen unha vez transcorrido o citado prazo cando, ao menos, a metade dos seus activos estean situados naquelas. Non obstante, quedan exceptuadas do previsto neste punto as rendas que procedan do arrendamento de bens inmoables situados fóra de tales territorios.

O importe máximo de rendas con dereito a bonificación será o das rendas obtidas en Ceuta ou Melilla, nos termos sinalados neste artigo.

Artigo 34. *Bonificación por prestación de servizos públicos locais.*

Terá unha bonificación do 99 por cento a parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas da prestación de calquera dos servizos comprendidos no punto 2 do artigo 25 ou no punto 1.a), b) e c) do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de competencias das entidades locais territoriais, municipais e provinciais, excepto cando se exploten polo sistema de empresa mixta ou de capital integramente privado.

A bonificación tamén se aplicará cando os servizos referidos no parágrafo anterior os presten entidades integramente dependentes do Estado ou das comunidades autónomas.

CAPÍTULO IV

Deducións para incentivar a realización de determinadas actividades

Artigo 35. *Dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.*

1. Dedución por actividades de investigación e desenvolvemento.

A realización de actividades de investigación e desenvolvemento dará dereito a practicar unha dedución da cota íntegra, nas condicións establecidas neste punto.

a) Concepto de investigación e desenvolvemento.

Considerarase investigación a indagación orixinal planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico e tecnolóxico, e desenvolvemento a aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considerarase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, sempre que estes non se poidan converter ou utilizar para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e a elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos. Para estes efectos, entenderase como lanzamento dun novo produto a súa introdución no mercado e como novo produto aquel cuxa novidade sexa esencial e non meramente formal ou accidental.

Tamén se considerará actividade de investigación e desenvolvemento a creación, combinación e configuración de software avanzado, mediante novos teoremas e algoritmos ou sistemas operativos, linguaxes, interfaces e aplicacións destinados á elaboración de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados substancialmente. Asimilarase a este concepto o software destinado a facilitar o acceso aos servizos da sociedade da información ás persoas con discapacidade, cando se realice sen fin de lucro. Non se inclúen as actividades habituais ou rutineiras relacionadas co mantemento do software ou as súas actualizacións menores.

b) Base da dedución.

A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos de investigación e desenvolvemento e, de ser o caso, polos investimentos en elementos de inmovilizado material e intanxible, excluídos os edificios e terreos.

Consideraranse gastos de investigación e desenvolvemento os realizados polo contribuínte, incluídas as amortizacións dos bens afectos ás citadas actividades, en canto estean directamente relacionados con tales actividades e se apliquen efectivamente á realización destas, e consten especificamente individualizados por proxectos.

A base da dedución minorarase no importe das subvencións recibidas para o fomento desas actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

Os gastos de investigación e desenvolvemento que integran a base da dedución deben corresponder a actividades efectuadas en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

Igualmente terán a consideración de gastos de investigación e desenvolvemento as cantidades pagadas para a realización desas actividades en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, por encarga do contribuínte, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Os investimentos entenderanse realizados cando os elementos patrimoniais sexan postos en condicións de funcionamento.

c) Porcentaxes de dedución.

1.º O 25 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

No caso de que os gastos efectuados na realización de actividades de investigación e desenvolvemento no período impositivo sexan maiores que a media dos efectuados nos 2 anos anteriores aplicarase a porcentaxe establecida no parágrafo anterior ata a dita media, e o 42 por cento sobre o exceso respecto desta. Ademais da dedución que proceda conforme o disposto nos parágrafos anteriores, practicarase unha dedución adicional do 17 por cento do importe dos gastos de persoal da entidade correspondentes

a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento.

2.º O 8 por cento dos investimentos en elementos de inmovilizado material e intanxible, excluídos os edificios e terreos, sempre que estean afectos exclusivamente ás actividades de investigación e desenvolvemento.

Os elementos en que se materialice o investimento deberán permanecer no patrimonio do contribuínte, salvo perdas xustificadas, ata que cumpran a súa finalidade específica nas actividades de investigación e desenvolvemento, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, admitido na letra a) do punto 1 do artigo 12, que se aplique, sexa inferior.

2. Dedución por actividades de innovación tecnolóxica.

A realización de actividades de innovación tecnolóxica dará dereito a practicar unha dedución da cota íntegra nas condicións establecidas neste punto.

a) Concepto de innovación tecnolóxica.

Considerarase innovación tecnolóxica a actividade cuxo resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos ou procesos de produción ou melloras substanciais dos xa existentes. Consideraranse novos aqueles produtos ou procesos cuxas características ou aplicacións, desde o punto de vista tecnolóxico, difiran substancialmente das existentes con anterioridade.

Esta actividade incluírá a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, a creación dun primeiro prototipo non comercializable, os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, incluídos os relacionados coa animación e cos videoxogos e os mostrarios téxtiles, da industria do calzado, do curtido, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira, sempre que non se poidan converter ou utilizar para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

b) Base da dedución.

A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos do período en actividades de innovación tecnolóxica que correspondan aos seguintes conceptos:

1.º Actividades de diagnóstico tecnolóxico tendentes á identificación, á definición e á orientación de solucións tecnolóxicas avanzadas, con independencia dos resultados en que culminen.

2.º Deseño industrial e enxeñaría de procesos de produción, que incluírán a concepción e a elaboración dos planos, debuxos e soportes destinados a definir os elementos descritivos, especificacións técnicas e características de funcionamento necesarios para a fabricación, proba, instalación e utilización dun produto, así como a elaboración de mostrarios téxtiles, da industria do calzado, do curtido, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira.

3.º Adquisición de tecnoloxía avanzada en forma de patentes, licenzas, *know-how* e deseños. Non darán dereito á dedución as cantidades satisfeitas a persoas ou entidades vinculadas ao contribuínte. A base correspondente a este concepto non poderá superar a contía de 1 millón de euros.

4.º Obtención do certificado de cumprimento das normas de aseguramento da calidade da serie ISO 9000, GMP ou similares, sen incluír aqueles gastos correspondentes á implantación de tales normas.

Considéranse gastos de innovación tecnolóxica os realizados polo contribuínte en canto estean directamente relacionados con esas actividades, se apliquen efectivamente á realización delas e consten especificamente individualizados por proxectos.

Os gastos de innovación tecnolóxica que integran a base da dedución deben corresponder a actividades efectuadas en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

Igualmente, terán a consideración de gastos de innovación tecnolóxica as cantidades pagadas para a realización desas actividades en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, por encarga do contribuínte, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

A base da dedución minorarase no importe das subvencións recibidas para o fomento desas actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

c) Porcentaxe de dedución.

O 12 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

3. Exclusiones.

Non se considerarán actividades de investigación e desenvolvemento nin de innovación tecnolóxica as consistentes:

a) Nas actividades que non impliquen unha novidade científica ou tecnolóxica significativa. En particular, os esforzos rutineiros para mellorar a calidade de produtos ou procesos, a adaptación dun produto ou proceso de produción xa existente aos requisitos específicos impostos por un cliente, os cambios periódicos ou de temporada, excepto os mostrarios téxtiles e da industria do calzado, do curtido, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira, así como as modificacións estéticas ou menores de produtos xa existentes para diferencialos doutros similares.

b) Nas actividades de produción industrial e provisión de servizos ou de distribución de bens e servizos. En particular, a planificación da actividade produtiva: a preparación e o inicio da produción, incluíndo o axuste de ferramentas e aquelas outras actividades distintas das descritas na letra b) do punto anterior; a incorporación ou modificación de instalacións, máquinas, equipamentos e sistemas para a produción que non estean afectados a actividades cualificadas como de investigación e desenvolvemento ou de innovación; a solución de problemas técnicos de procesos produtivos interrompidos; o control de calidade e a normalización de produtos e procesos; a prospección en materia de ciencias sociais e os estudos de mercado; o establecemento de redes ou instalacións para a comercialización; o adestramento e a formación do persoal relacionada con tales actividades.

c) Na exploración, sondaxe ou prospección de minerais e hidrocarburos.

4. Aplicación e interpretación da dedución.

a) Para a aplicación da dedución regulada neste artigo, os contribuíntes poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Economía e Competitividade, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do punto 1 deste artigo para cualificar as actividades do contribuínte como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación, tendo en conta en ambos os casos o establecido no punto 3. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

b) O contribuínte poderá presentar consultas sobre a interpretación e aplicación da presente dedución, cuxa contestación terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Para estes efectos, os contribuíntes poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Economía e Competitividade, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do punto 1 deste artigo para cualificar as actividades do contribuínte como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación

tecnolóxica, tendo en conta en ambos os casos o establecido no punto 3. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

c) Igualmente, para efectos de aplicar a presente dedución, o contribuínte poderá solicitar á Administración tributaria a adopción de acordos previos de valoración dos gastos e investimentos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica, conforme o previsto no artigo 91 da Lei xeral tributaria.

Para estes efectos, os contribuíntes poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Economía e Competitividade, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do punto 1 deste artigo, para cualificar as actividades do contribuínte como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación tecnolóxica, tendo en conta en ambos os casos o establecido no punto 3, así como á identificación dos gastos e investimentos que poidan ser imputados a tales actividades. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria exclusivamente en relación coa cualificación das actividades.

5. Desenvolvemento regulamentario.

Poderanse concretar regulamentariamente os supostos de feito que determinan a aplicación das deducións recollidas neste precepto, así como o procedemento de adopción de acordos de valoración a que se refire o punto anterior.

Artigo 36. *Dedución por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais.*

1. Os investimentos en producións españolas de longametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documentais, que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada darán dereito ao produtor a unha dedución:

- a) Do 20 por cento respecto do primeiro millón de base da dedución.
- b) Do 18 por cento sobre o exceso do dito importe.

A base da dedución estará constituída polo custo total da produción, así como polos gastos para a obtención de copias e os gastos de publicidade e promoción a cargo do produtor ata o límite para ambos do 40 por cento do custo de produción.

Ao menos o 50 por cento da base da dedución deberá corresponderse con gastos realizados en territorio español.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 3 millóns de euros.

No suposto dunha coprodución, os importes sinalados neste punto determinaranse, para cada coprodutor, en función da súa respectiva porcentaxe de participación naquela.

Para a aplicación da dedución establecida neste punto, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a') Que a produción obteña o correspondente certificado de nacionalidade e o certificado que acredite o carácter cultural en relación co seu contido, a súa vinculación coa realidade cultural española ou a súa contribución ao enriquecemento da diversidade cultural das obras cinematográficas que se exhiben en España, emitidos polo Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

b') Que se deposite unha copia nova e en perfecto estado da produción na Filmoteca Española ou na filmoteca oficialmente recoñecida pola respectiva comunidade autónoma, nos termos establecidos na Orde CUL/2834/2009.

A dedución prevista neste punto xerarase en cada período impositivo polo custo de produción en que incorreu, ben que se aplicará a partir do período impositivo en que finalice a produción da obra.

Non obstante, no suposto de producións de animación, a dedución prevista neste punto aplicarase a partir do período impositivo en que se obteña o certificado de nacionalidade sinalado na letra a') anterior.

A base da dedución minorarase no importe das subvencións recibidas para financiar os investimentos que xeran dereito a dedución.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas polo contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción.

2. Os produtores rexistrados no Rexistro de Empresas Cinematográficas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que se encarguen da execución dunha produción estranxeira de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada terán dereito a unha dedución do 15 por cento dos gastos realizados en territorio español, sempre que os gastos realizados en territorio español sexan, ao menos, de 1 millón de euros.

A base da dedución estará constituída polos seguintes gastos realizados en territorio español directamente relacionados coa produción:

1.º Os gastos de persoal creativo, sempre que teña residencia fiscal en España ou nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo, co límite de 50.000 euros por persoa.

2.º Os gastos derivados da utilización de industrias técnicas e outros provedores.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 2,5 millóns de euros por cada produción realizada.

A dedución prevista neste punto queda excluída do límite a que se refire o último parágrafo do punto 1 do artigo 39 desta lei. Para efectos do cálculo dese límite, non se computará esta dedución.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas polo contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción.

3. Os gastos realizados na produción e exhibición de espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais terán unha dedución do 20 por cento.

A base da dedución estará constituída polos custos directos de carácter artístico, técnico e promocional en que se incorra nas referidas actividades.

A dedución xerada en cada período impositivo non poderá superar o importe de 500.000 euros por contribuínte.

Para a aplicación desta dedución será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contribuínte obtivese un certificado para o efecto, nos termos que estableza mediante orde ministerial, o Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música.

b) Que, dos beneficios obtidos no desenvolvemento destas actividades no exercicio en que se xere o dereito á dedución, o contribuínte destine ao menos o 50 por cento á realización de actividades que dan dereito á aplicación da dedución prevista neste punto. O prazo para o cumprimento desta obrigaición será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtivesen os referidos beneficios e os 4 anos seguintes ao peche dese exercicio.

A base desta dedución minorarase no importe das subvencións recibidas para financiar os gastos que xeren o dereito a ela. O importe da dedución, xunto coas subvencións percibidas polo contribuínte, non poderá superar o 80 por cento de tales gastos.

Artigo 37. *Deducións por creación de emprego.*

1. As entidades que contraten o seu primeiro traballador a través dun contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores, definido no artigo 4 da

Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que sexa menor de 30 anos, poderán deducir da cota íntegra a cantidade de 3.000 euros.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as entidades que teñan un cadro de persoal inferior a 50 traballadores no momento en que concerten contratos de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores, definido no artigo 4 da Lei de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, con desempregados beneficiarios dunha prestación contributiva por desemprego regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, poderán deducir da cota íntegra o 50 por cento do menor dos seguintes importes:

- a) O importe da prestación por desemprego que o traballador teña pendente de percibir no momento da contratación.
- b) O importe correspondente a doce mensualidades da prestación por desemprego que teña recoñecida.

Esta dedución resultará de aplicación respecto daqueles contratos realizados no período impositivo ata alcanzar un cadro de persoal de 50 traballadores, e sempre que, nos 12 meses seguintes ao inicio da relación laboral, se produza, respecto de cada traballador, un incremento do cadro de persoal medio total da entidade en, ao menos, unha unidade respecto á existente nos 12 meses anteriores.

A aplicación desta dedución estará condicionada a que o traballador contratado percibise a prestación por desemprego durante, ao menos, 3 meses antes do inicio da relación laboral. Para estes efectos, o traballador proporcionará á entidade un certificado do Servizo Público de Emprego Estatal sobre o importe da prestación pendente de percibir na data prevista de inicio da relación laboral.

3. As deducións previstas nos puntos anteriores aplicaranse na cota íntegra do período impositivo correspondente á finalización do período de proba dun ano exixido no correspondente tipo de contrato e estarán condicionadas ao mantemento desta relación laboral durante ao menos 3 anos desde a data do seu inicio. O incumprimento de calquera dos requisitos sinalados neste artigo determinará a perda da dedución, que se regularizará na forma establecida no artigo 125.3 desta lei.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de mantemento do emprego cando o contrato de traballo se extinga, unha vez transcorrido o período de proba, por causas obxectivas ou despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

O traballador contratado que dea dereito a unha das deducións previstas neste artigo non se computará para efectos do incremento de cadro de persoal establecido no artigo 102 desta lei.

4. No suposto de contratos a tempo parcial, as deducións previstas neste artigo aplicaranse de maneira proporcional á xornada de traballo pactada no contrato.

Artigo 38. *Dedución por creación de emprego para traballadores con discapacidade.*

1. Será deducible da cota íntegra a cantidade de 9.000 euros por cada persoa/ano de incremento da media de cadro de persoal de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento e inferior ao 65 por cento, contratados polo contribuínte, experimentado durante o período impositivo, respecto ao cadro de persoal medio de traballadores da mesma natureza do período inmediato anterior.

2. Será deducible da cota íntegra a cantidade de 12.000 euros por cada persoa/ano de incremento da media de cadro de persoal de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento, contratados polo contribuínte, experimentado durante o período impositivo, respecto ao cadro de persoal medio de traballadores da mesma natureza do período inmediato anterior.

3. Os traballadores contratados que dean dereito á dedución prevista neste artigo non se computarán para efectos da liberdade de amortización con creación de emprego regulada no artigo 102 desta lei.

Artigo 39. *Normas comúns ás deducións previstas neste capítulo.*

1. As deducións previstas no presente capítulo practicaranse unha vez realizadas as deducións e bonificacións dos capítulos II e III deste título.

As cantidades correspondentes ao período impositivo non deducidas poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 15 anos inmediatos e sucesivos. Non obstante, as cantidades correspondentes á dedución prevista no artigo 35 desta lei poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 18 anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deducións previstas neste capítulo poderá diferirse ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

- a) Nas entidades de nova creación.
- b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

O importe das deducións previstas neste capítulo a que se refire este punto, aplicadas no período impositivo, non poderán exceder conxuntamente o 25 por cento da cota íntegra minorada nas deducións para evitar a dobre imposición internacional e as bonificacións. Non obstante, o límite elevarase ao 50 por cento cando o importe da dedución prevista no artigo 35 desta lei que corresponda a gastos e investimentos efectuados no propio período impositivo exceda o 10 por cento da cota íntegra, minorada nas deducións para evitar a dobre imposición internacional e as bonificacións.

2. Non obstante, no caso de entidades ás cales lles resulte de aplicación o tipo de gravame previsto no punto 1 ou no punto 6 do artigo 29 desta lei, as deducións por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 35 desta lei poderán opcionalmente quedar excluídas do límite establecido no último parágrafo do punto anterior e aplicarse cun desconto do 20 por cento do seu importe, nos termos establecidos neste punto. No caso de insuficiencia de cota, poderase solicitar o seu aboamento á Administración tributaria a través da declaración deste imposto, unha vez finalizado o prazo a que se refire a letra a) seguinte. Este aboamento rexerase polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, sen que, en ningún caso, se produza a devindicación do xuro de demora a que se refire o punto 2 do dito artigo 31.

O importe da dedución aplicada ou aboada, de acordo co disposto neste punto, no caso das actividades de innovación tecnolóxica non poderá superar conxuntamente o importe de 1 millón de euros anuais. Así mesmo, o importe da dedución aplicada ou aboada polas actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, de acordo co disposto neste punto, non poderá superar conxuntamente, e por todos os conceptos, os 3 millóns de euros anuais. Ambos os límites aplicaranse a todo o grupo de sociedades, no suposto de entidades que formen parte do mesmo grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas.

Para a aplicación do disposto neste punto será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que transcorra, ao menos, un ano desde a finalización do período impositivo en que se xerou a dedución sen que esta fose obxecto de aplicación.
- b) Que o cadro de persoal medio ou, alternativamente, o cadro de persoal medio adscrito a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica non

se vexa reducida desde o final do período impositivo en que se xerou a dedución ata a finalización do prazo a que se refire a letra c) seguinte.

c) Que se destine un importe equivalente á dedución aplicada ou aboada a gastos de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou a investimentos en elementos do inmovilizado material ou inmovilizado intanxible exclusivamente afectos a tales actividades, excluídos os inmoables, nos 24 meses seguintes á finalización do período impositivo en cuxa declaración se realice a correspondente aplicación ou a solicitude de aboamento.

d) Que a entidade obtivese un informe motivado sobre a cualificación da actividade como investigación e desenvolvemento ou innovación tecnolóxica ou un acordo previo de valoración dos gastos e investimentos correspondentes a esas actividades, nos termos establecidos no punto 4 do artigo 35 desta lei.

Adicionalmente, no suposto de que os gastos de investigación e desenvolvemento do período impositivo superen o 10 por cento do importe neto da súa cifra de negocios, a dedución prevista no punto 1 do artigo 35 desta lei xerada nese período impositivo poderá quedar excluída do límite establecido no último parágrafo do punto anterior e aplicarse ou aboarse cun desconto do 20 por cento do seu importe na primeira declaración que se presente transcorrido o prazo a que se refire a letra a) anterior, ata un importe adicional de 2 millóns de euros.

O incumprimento de calquera destes requisitos implicará a regularización das cantidades indebidamente aplicadas ou aboadas, na forma establecida no artigo 125.3 desta lei.

3. No caso de insuficiencia de cota na aplicación da dedución prevista no punto 2 do artigo 36 desta lei, poderase solicitar o seu aboamento á Administración tributaria a través da declaración deste imposto. Este aboamento rexeráse polo disposto no artigo 31 da Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento, sen que, en ningún caso, se produza a devindicación do xuro de demora a que se refire o punto 2 do artigo 31.

4. Un mesmo investimento non poderá dar lugar á aplicación de máis dunha dedución na mesma entidade salvo disposición expresa nin poderá dar lugar á aplicación dunha dedución en máis dunha entidade.

5. Os elementos patrimoniais afectos ás deducións previstas nos artigos anteriores deberán permanecer en funcionamento durante 5 anos, ou 3 anos, se se trata de bens móbiles, ou durante a súa vida útil se for inferior.

Conxuntamente coa cota correspondente ao período impositivo en que se manifieste o incumprimento deste requisito, ingresárase a cantidade deducida, ademais dos xuros de demora.

6. O dereito da Administración para comprobar as deducións previstas neste capítulo prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa aplicación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar que as deducións cuxa aplicación pretenda resultan procedentes, así como a súa contía, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e da contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

CAPÍTULO V

Pagamento fraccionado

Artigo 40. *O pagamento fraccionado.*

1. Nos primeiros 20 días naturais dos meses de abril, outubro e decembro, os contribuíntes deberán efectuar un pagamento fraccionado á conta da liquidación

correspondente ao período impositivo que estea en curso o día 1 de cada un dos meses indicados.

Non deberán efectuar o referido pagamento fraccionado nin estarán obrigadas a presentar a correspondente declaración as entidades a que se refiren os puntos 4 e 5 do artigo 29 desta lei.

2. A base para calcular o pagamento fraccionado será a cota íntegra do último período impositivo cuxo prazo de declaración estivese vencido o primeiro día dos 20 naturais a que fai referencia o punto anterior, minorado nas deducións e bonificacións que lle sexan de aplicación ao contribuínte, así como nas retencións e ingresos á conta correspondentes a aquel.

Cando o último período impositivo concluído sexa de duración inferior ao ano, tomarase tamén en conta a parte proporcional da cota de períodos impositivos anteriores, ata completar un período de 12 meses.

A contía do pagamento fraccionado previsto neste punto será o resultado de aplicar á base a porcentaxe do 18 por cento.

3. Os pagamentos fraccionados tamén se poderán realizar, a opción do contribuínte, sobre a parte da base imponible do período dos 3, 9 ou 11 primeiros meses de cada ano natural determinada segundo as normas previstas nesta lei.

Os contribuíntes cuxo período impositivo non coincida co ano natural realizarán o pagamento fraccionado sobre a parte da base imponible correspondente aos días transcorridos desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada un dos períodos de ingreso do pagamento fraccionado a que se refire o punto 1. Nestes supostos, o pagamento fraccionado será á conta da liquidación correspondente ao período impositivo que estea en curso o día anterior ao inicio de cada un dos citados períodos de pagamento.

Para que a opción a que se refire este punto sexa válida e produza efectos, deberá ser exercida na correspondente declaración censual, durante o mes de febreiro do ano natural a partir do cal deba producir efectos, sempre e cando o período impositivo a que se refira a citada opción coincida co ano natural. En caso contrario, o exercicio da opción deberá realizarse na correspondente declaración censual, durante o prazo de 2 meses contado desde o inicio dese período impositivo ou dentro do prazo comprendido entre o inicio dese período impositivo e a finalización do prazo para efectuar o primeiro pagamento fraccionado correspondente ao referido período impositivo cando este último prazo fose inferior a 2 meses.

O contribuínte quedará vinculado a esta modalidade do pagamento fraccionado respecto dos pagamentos correspondentes ao mesmo período impositivo e seguintes, mentres non se renuncie á súa aplicación a través da correspondente declaración censual, que se deberá exercer nos mesmos prazos establecidos no parágrafo anterior.

Non obstante, estarán obrigados a aplicar a modalidade a que se refire este punto os contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios superase a cantidade de 6 millóns de euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicie o período impositivo a que corresponda o pagamento fraccionado.

A contía do pagamento fraccionado previsto neste punto será o resultado de aplicar á base a porcentaxe que resulte de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto. Da cota resultante deduciranse as bonificacións do capítulo III do presente título, outras bonificacións que lle sexan de aplicación ao contribuínte, as retencións e ingresos á conta practicados sobre os ingresos do contribuínte e os pagamentos fraccionados efectuados correspondentes ao período impositivo.

4. As porcentaxes previstas nos dous puntos anteriores poderán ser modificadas pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

5. O pagamento fraccionado terá a consideración de débeda tributaria.

CAPÍTULO VI

Dedución dos pagamentos á conta

Artigo 41. *Dedución das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados.*

Serán deducibles da cota íntegra:

- a) As retencións á conta.
- b) Os ingresos á conta.
- c) Os pagamentos fraccionados.

Cando eses conceptos superen a cantidade resultante de practicar na cota íntegra do imposto as bonificacións e as deducións que resulten de aplicación ao contribuínte por este imposto, a Administración tributaria procederá, de oficio, a devolver o exceso.

TÍTULO VII

Réximes tributarios especiais

CAPÍTULO I

Definición e regras de aplicación dos réximes tributarios especiais

Artigo 42. *Definición e regras de aplicación.*

1. Son réximes tributarios especiais os regulados neste título, sexa por razón da natureza dos contribuíntes afectados ou por razón da natureza dos feitos, actos ou operacións de que se trate.

2. As normas contidas neste título aplicaranse, con carácter preferente, respecto das previstas no resto de títulos desta lei, que terán carácter supletorio.

CAPÍTULO II

Agrupacións de interese económico, españolas e europeas, e de unións temporais de empresas

Artigo 43. *Agrupacións de interese económico españolas.*

1. Ás agrupacións de interese económico reguladas pola Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, aplicaráselles as normas xerais deste imposto coas seguintes especialidades:

a) Estarán suxeitas ás obrigacións tributarias derivadas da aplicación desta lei, coa excepción do pagamento da débeda tributaria pola parte de base imponible imputable aos socios residentes en territorio español.

No suposto de que a entidade aplique a modalidade de pagamentos fraccionados regulada no punto 3 do artigo 40 desta lei, a base de cálculo non incluírá a parte da base imponible atribuíble aos socios que deban soportar a imputación da base imponible. En ningún caso procederá a devolución a que se refire o artigo 41 desta lei en relación con esa mesma parte.

b) Imputaranse aos seus socios residentes en territorio español ou non residentes con establecemento permanente nel:

1.º Os gastos financeiros netos que, de acordo co artigo 16 desta lei, non fosen obxecto de dedución nestas entidades no período impositivo. Os gastos financeiros netos que se imputen aos seus socios non serán deducibles pola entidade.

2.º A reserva de capitalización que, de acordo co disposto no artigo 25 desta lei, non fose aplicada por estas entidades no período impositivo. A reserva de capitalización que se impute aos seus socios non poderá ser aplicada pola entidade, salvo que o socio sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3.º As bases impoñibles positivas, minoradas ou incrementadas, de ser o caso, na reserva de nivelación a que se refire o artigo 105 desta lei, ou negativas, obtidas por estas entidades. As bases impoñibles negativas que imputen aos seus socios non serán compensables pola entidade que as obtivo.

4.º As bases das deducións e das bonificacións na cota a que teña dereito a entidade. As bases das deducións e bonificacións integraranse na liquidación dos socios, minorando a cota segundo corresponda por aplicación das normas deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

5.º As retencións e ingresos á conta correspondentes á entidade.

A reserva de nivelación de bases impoñibles a que se refire o artigo 105 desta lei engadirase, de ser o caso, á base impoñible da agrupación de interese económico.

2. Os dividendos e participacións en beneficios que correspondan a socios non residentes en territorio español tributarán en tal concepto, de conformidade coas normas establecidas no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e nos convenios para evitar a dobre imposición subscritos por España.

3. Os dividendos e participacións en beneficios que correspondan a socios que deban soportar a imputación da base impoñible e procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade se achase no presente réxime, non tributarán por este imposto nin polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe destes dividendos ou participacións en beneficios non se integrará no valor de adquisición das participacións dos socios ás cales fosen imputadas. Tratándose dos socios que adquiren as participacións con posterioridade á imputación, diminuírase o seu valor de adquisición no dito importe.

4. Na transmisión de participacións no capital, fondos propios ou resultados de entidades acollidas ao presente réxime, o valor de adquisición incrementarase no importe dos beneficios sociais que, sen efectiva distribución, fosen imputados aos socios como rendas das súas participacións no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e transmisión.

Igualmente, o valor de adquisición minorarase no importe das perdas sociais que fosen imputadas aos socios. Non obstante, cando así o establezan os criterios contables, o valor de adquisición minorarase no importe dos gastos financeiros, as bases impoñibles negativas, a reserva de capitalización, e as deducións e bonificacións, que fosen imputadas aos socios no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e transmisión, ata que se anule o referido valor, integrándose na base impoñible igualmente o correspondente ingreso financeiro.

5. Este réxime fiscal non será aplicable naqueles períodos impositivos en que se realicen actividades distintas das adecuadas ao seu obxecto ou se posúan, directa ou indirectamente, participacións en sociedades que sexan socios seus ou dirixan ou controlen, directa ou indirectamente, as actividades dos seus socios ou de terceiros.

Artigo 44. *Agrupacións europeas de interese económico.*

1. Ás agrupacións europeas de interese económico reguladas polo Regulamento (CEE) n.º 2137/1985 do Consello, do 25 de xullo de 1985, e aos seus socios, aplicaráselles o establecido no artigo anterior, coas seguintes especialidades:

a) Estarán suxeitas ás obrigacións tributarias derivadas da aplicación desta lei, coa excepción do pagamento da débeda tributaria.

Estas entidades non efectuarán os pagamentos fraccionados a que se refire o artigo 40 desta lei nin tampouco procederá para elas a devolución que recolle o artigo 41 da mesma lei.

b) Se a entidade non é residente en territorio español, os seus socios residentes en España integrarán na base imponible do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo proceda, a parte correspondente dos beneficios ou perdas determinadas na agrupación, corrixidas pola aplicación das normas para determinar a base imponible establecidas nesta lei.

Cando a actividade realizada polos socios a través da agrupación dese lugar á existencia dun establecemento permanente no estranxeiro, serán de aplicación as normas previstas nesta lei ou no respectivo convenio para evitar a dobre imposición internacional suscrito por España.

c) Os socios non residentes en territorio español, con independencia de que a entidade resida en España ou fóra dela, estarán suxeitos polo imposto sobre a renda de non residentes unicamente se, de acordo co establecido no artigo 13 do texto refundido de Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, ou no respectivo convenio de dobre imposición internacional, resulta que a actividade realizada por aqueles a través da agrupación dá lugar á existencia dun establecemento permanente no dito territorio.

d) Os beneficios imputados aos socios non residentes en territorio español que fosen sometidos a tributación en virtude de normas do imposto sobre rendas de non residentes non estarán suxeitos a tributación por razón da súa distribución.

2. O réxime previsto nos puntos anteriores non será de aplicación no período impositivo en que a agrupación europea de interese económico realice actividades distintas ás propias do seu obxecto ou ás prohibidas no punto 2 do artigo 3 do Regulamento CEE 2137/1985, do 25 de xullo.

Artigo 45. *Unións temporais de empresas.*

1. As unións temporais de empresas reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional, e inscritas no rexistro especial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, así como as súas empresas membros, tributarán consonte o establecido no artigo 43 desta lei, excepto en relación coa regra de valoración establecida no segundo parágrafo do punto 4 do citado artigo.

No caso de participacións en unións temporais de empresas, o valor de adquisición minorarase no importe das perdas sociais que fosen imputadas aos socios.

2. As empresas membros dunha unión temporal de empresas que opere no estranxeiro, así como as entidades que participen en obras, servizos ou subministracións que realicen ou presten no estranxeiro mediante fórmulas de colaboración análogas ás unións temporais, poderán acollerse polas rendas procedentes do estranxeiro á exención prevista no artigo 22 ou á dedución por dobre imposición prevista no artigo 31 desta lei, sempre que se cumpran os requisitos alí establecidos.

3. O previsto no presente artigo non será aplicable naqueles períodos impositivos en que o contribuínte realice actividades distintas a aquelas en que debe consistir o seu obxecto social.

Artigo 46. *Criterios de imputación.*

1. As imputacións a que se refire o presente capítulo efectuaranse ás persoas ou entidades que teñan os dereitos económicos inherentes á calidade de socio ou de empresa membro o día da conclusión do período impositivo da entidade sometida ao presente réxime, na proporción que resulte dos estatutos da entidade.

2. A imputación efectuarase:

- a) Cando os socios ou empresas membros sexan entidades sometidas a este réxime, na data de finalización do período impositivo da entidade sometida a este réxime.
- b) Nos demais supostos, no seguinte período impositivo, salvo que se decida facelo de maneira continuada na mesma data de finalización do período impositivo da entidade sometida a este réxime.

A opción manifestarase na primeira declaración do imposto en que deba producir efecto e deberá manterse durante tres anos.

Artigo 47. *Identificación de socios ou empresas membros.*

As entidades ás cales lles sexa de aplicación o disposto neste capítulo deberán presentar, conxuntamente coa súa declaración do imposto sobre sociedades, unha relación das persoas que posúan os dereitos inherentes ou a calidade de socio ou empresa membro o último día do seu período impositivo, así como a proporción en que cada unha delas participe nos resultados desas entidades.

CAPÍTULO III

Entidades dedicadas ao arrendamento de vivenda

Artigo 48. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderanse acoller ao réxime previsto neste capítulo as sociedades que teñan como actividade económica principal o arrendamento de vivendas situadas en territorio español que constrúisen, promovesen ou adquirisen. Esta actividade será compatible coa realización doutras actividades complementarias, e coa transmisión dos inmobles arrendados unha vez transcorrido o período mínimo de mantemento a que se refire a letra b) do punto 2 seguinte.

Para os efectos da aplicación deste réxime especial, unicamente se entenderá por arrendamento de vivenda o definido no artigo 2.1 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesa lei para os contratos de arrendamento de vivendas.

Asimilaranse a vivendas o mobiliario, os rochos, as prazas de garaxe co máximo de dúas, e calquera outra dependencia, espazos arrendados ou servizos cedidos como accesorios do predio polo mesmo arrendador, excluídos os locais de negocio, sempre que uns e outros se arrenden conxuntamente coa vivenda.

2. A aplicación do réxime fiscal especial regulado neste capítulo requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o número de vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade en cada período impositivo sexa en todo momento igual ou superior a 8.
- b) Que as vivendas permanezan arrendadas ou ofrecidas en arrendamento durante polo menos 3 anos. Este prazo computarase:

1.º No caso de vivendas que figuren no patrimonio da entidade antes do momento de acollerse ao réxime, desde a data de inicio do período impositivo en que se comunique a opción polo réxime, sempre que na dita data a vivenda se encontre arrendada. Do contrario, aplicarase o disposto no parágrafo seguinte.

2.º No caso de vivendas adquiridas ou promovidas con posterioridade pola entidade, desde a data en que foron arrendadas por primeira vez por ela.

O incumprimento deste requisito implicará para cada vivenda a perda da bonificación que lle correspondese. Xunto coa cota do período impositivo en que se produciu o incumprimento, deberá ingresarse o importe das bonificacións aplicadas na totalidade dos períodos impositivos en que resultaría de aplicación este réxime especial, sen

prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de ser o caso, resulten procedentes.

c) Que as actividades de promoción inmobiliaria e de arrendamento sexan obxecto de contabilización separada para cada inmovible adquirido ou promovido, co detalle que resulte necesario para coñecer a renda correspondente a cada vivenda, local ou predio rexistral independente en que estes se dividan.

d) No caso de entidades que desenvolvan actividades complementarias á actividade económica principal de arrendamento de vivendas, que ao menos o 55 por cento das rendas do período impositivo, excluídas as derivadas da transmisión dos inmovibles arrendados unha vez transcorrido o período mínimo de mantemento a que se refire a letra b) anterior, ou, alternativamente que ao menos o 55 por cento do valor do activo da entidade sexa susceptible de xerar rendas que teñan dereito á aplicación da bonificación a que se refire o artigo 49.1 desta lei.

3. A opción por este réxime deberá comunicarse á Administración tributaria. O réxime fiscal especial aplicarase no período impositivo que finalice con posterioridade a esa comunicación e nos sucesivos que conclúan antes de que se comunique á Administración tributaria a renuncia ao réxime.

4. Cando á entidade lle resulte de aplicación calquera dos restantes réximes especiais previstos neste título VII, excepto o de consolidación fiscal, transparencia fiscal internacional e o das fusións, escisións, achegas de activo, troca de valores e o de determinados contratos de arrendamento financeiro, non poderá optar polo réxime regulado neste capítulo, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

As entidades ás cales, de acordo co establecido no artigo 101 desta lei, lles sexan de aplicación os incentivos fiscais para as empresas de dimensión reducida previstos no capítulo XI deste título VII, poderán optar entre aplicar eses incentivos ou aplicar o réxime regulado neste capítulo.

Artigo 49. *Bonificacións.*

1. Terá unha bonificación do 85 por cento a parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas do arrendamento de vivendas que cumpran os requisitos do artigo anterior.

A bonificación prevista neste punto resultará incompatible, en relación coas rendas bonificadas, coa reserva de capitalización prevista no artigo 25 desta lei.

2. A renda que se bonifica derivada do arrendamento estará integrada para cada vivenda polo ingreso íntegro obtido, minorado nos gastos fiscalmente deducibles directamente relacionados coa obtención do dito ingreso e na parte dos gastos xerais que correspondan proporcionalmente ao citado ingreso.

Tratándose de vivendas que fosen adquiridas en virtude dos contratos de arrendamento financeiro a que se refire o capítulo XII do título VII desta lei, para calcular a renda que se bonifica non se terán en conta as correccións derivadas da aplicación do citado réxime especial.

3. No caso de dividendos ou participacións en beneficios distribuídos con cargo ás rendas ás cales lles resultase de aplicación a bonificación prevista no punto 1 anterior, a exención prevista no artigo 21 desta lei aplicarase sobre 50 por cento do seu importe. Non serán obxecto de eliminación tales dividendos ou participacións en beneficios cando a entidade tribute no réxime de consolidación fiscal. Para estes efectos, considerarase que o primeiro beneficio distribuído procede de rendas non bonificadas.

No caso de rendas derivadas da transmisión de participacións no capital de entidades que aplicasen este réxime fiscal, aplicaranse as regras xerais deste imposto. Non obstante, en caso de que proceda a aplicación do artigo 21 desta lei, a parte da renda que se corresponda con reservas procedentes de beneficios non distribuídos bonificados terá dereito á exención prevista nel sobre o 50 por cento desas reservas. Non serán

obxecto de eliminación esas rendas cando a transmisión corresponda a unha operación interna dentro dun grupo fiscal.

CAPÍTULO IV

Sociedades e fondos de capital risco e sociedades de desenvolvemento industrial rexional

Artigo 50. *Entidades de capital risco e os seus socios.*

1. As entidades de capital risco, reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, estarán exentas no 99 por cento das rendas positivas que obteñan na transmisión de valores representativos da participación no capital ou en fondos propios das empresas ou entidades de capital risco a que se refire o artigo 2 da citada lei, en relación con aquelas rendas que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei, sempre que a transmisión se produza a partir do inicio do segundo ano de tenza computado desde o momento de adquisición ou da exclusión de cotización e ata o décimo quinto, inclusive.

Excepcionalmente poderá admitirse unha ampliación deste último prazo ata o vixésimo ano, inclusive. Determinaranse regulamentariamente os supostos, as condicións e os requisitos que habilitan para esa ampliación.

Con excepción do suposto previsto no parágrafo anterior, non se aplicará a exención no primeiro ano e a partir do décimo quinto.

Non obstante, tratándose de rendas que se obteñan na transmisión de valores representativos da participación no capital ou en fondos propios das empresas a que se refire o segundo parágrafo do punto 1 do citado artigo 2 que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei, a aplicación da exención quedará condicionada a que, ao menos, os inmobles que representen o 85 por cento do valor contable total dos inmobles da entidade participada estean afectos, ininterrompidamente durante o tempo de tenza dos valores, ao desenvolvemento dunha actividade económica nos termos previstos no imposto sobre a renda das persoas físicas, distinta da financeira, tal e como se define na Lei reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, ou inmobiliaria.

No caso de que a entidade participada acceda á cotización nun mercado de valores regulado, a aplicación da exención prevista nos parágrafos anteriores quedará condicionada a que a entidade de capital risco proceda a transmitir a súa participación no capital da empresa participada nun prazo non superior a tres anos, contados desde a data en que se producise a admisión a cotización desta última.

2. As entidades de capital risco reguladas na Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, poderán aplicar a exención prevista no artigo 21.1 desta lei aos dividendos e participacións en beneficios procedentes das sociedades ou entidades que promovan ou fomenten, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións.

3. Os dividendos ou participacións en beneficios percibidos polos socios das entidades de capital risco terán o seguinte tratamento:

a) Darán dereito á exención prevista no artigo 21.1 desta lei calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións cando o seu perceptor sexa un contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en España.

b) Non se entenderán obtidos en territorio español cando o seu perceptor sexa unha persoa física ou entidade contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente en España.

4. As rendas positivas postas de manifesto na transmisión ou reembolso de accións ou participacións representativas do capital ou os fondos propios das entidades de capital risco terán o seguinte tratamento:

a) Darán dereito á exención prevista no artigo 21.3 desta lei, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións cando o seu perceptor sexa un contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en España.

b) Non se entenderán obtidas en territorio español cando o seu perceptor sexa unha persoa física ou entidade contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente en España.

5. O disposto neste artigo non será de aplicación en relación con aquela renda que se obteña a través dun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal ou cando o adquirente resida en tal país ou territorio.

6. Non será aplicable a exención prevista no punto 1 deste artigo en caso de non se cumpriren os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei, cando:

- a) O adquirente resida nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.
- b) A persoa ou entidade adquirente estea vinculada coa entidade de capital risco, salvo que sexa outra entidade de capital risco, caso en que esta última se subrogará no valor e a data de adquisición da entidade transmitente.
- c) Os valores transmitidos fosen adquiridos a unha persoa ou entidade vinculada coa entidade de capital risco.

Artigo 51. Socios das sociedades de desenvolvemento industrial rexional.

Os dividendos ou participacións en beneficios percibidos das sociedades participadas polas sociedades de desenvolvemento industrial rexional reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento industrial rexional, desfrutarán da exención prevista no artigo 21.1 desta lei calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións.

CAPÍTULO V

Institucións de investimento colectivo

Artigo 52. Tributación das institucións de investimento colectivo.

1. As institucións de investimento colectivo reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, con excepción das sometidas ao tipo xeral de gravame, non terán dereito á exención prevista no artigo 21 desta lei nin ás deducións para evitar a dobre imposición internacional previstas nos artigos 31 e 32 desta lei.

2. Cando o importe dos pagamentos fraccionados, retencións e ingresos á conta practicados sobre os ingresos supere a contía da cota íntegra, a Administración tributaria procederá, de oficio, a devolver o exceso.

Artigo 53. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo.

1. Os socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo a que se refire o artigo anterior que teñan a consideración de contribuíntes deste imposto, ou do imposto sobre a renda de non residentes que obteñan as súas rendas mediante establecemento

permanente en territorio español, integrarán na base imponible os dividendos ou participacións en beneficios distribuídos por esas institucións, así como as rendas derivadas da transmisión de accións ou participacións ou do reembolso destas, sen que lles resulte posible aplicar a exención prevista no artigo 21 desta lei, nin as deducións para evitar a dobre imposición internacional previstas nos artigos 31 e 32 desta lei.

2. O réxime previsto neste artigo será de aplicación aos socios ou partícipes de institucións de investimento colectivo, reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, distintas das previstas no artigo 54 desta lei, constituídas e domiciliadas nalgún Estado membro da Unión Europea e inscritas no rexistro especial da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para efectos da súa comercialización por entidades residentes en España.

Artigo 54. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.

1. Os contribuíntes deste imposto e do imposto sobre a renda de non residentes que obteñan as súas rendas mediante establecemento permanente en territorio español, que participen en institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais, integrarán na base imponible a diferenza positiva entre o valor liquidativo da participación ao día do peche do período impositivo e o seu valor de adquisición.

A cantidade integrada na base imponible considerárase maior valor de adquisición.

2. Os beneficios distribuídos pola institución de investimento colectivo non se integrarán na base imponible e minorarán o valor de adquisición da participación.

3. Presumírase, salvo proba en contrario, que a diferenza a que se refire o punto 1 é o 15 por cento do valor de adquisición da acción ou participación.

CAPÍTULO VI

Réxime de consolidación fiscal

Artigo 55. Definición.

1. Os grupos fiscais poderán optar polo réxime tributario previsto no presente capítulo. En tal caso as entidades que neles se integran non tributarán en réxime individual.

2. Entenderase por réxime individual de tributación o que correspondería a cada entidade en caso de non ser de aplicación o réxime de consolidación fiscal.

Artigo 56. Contribuínte.

1. O grupo fiscal terá a consideración de contribuínte.

2. A entidade representante do grupo fiscal estará suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal. Terá a consideración de entidade representante do grupo fiscal a entidade dominante cando sexa residente en territorio español, ou aquela entidade do grupo fiscal que este designe cando non exista ningunha entidade residente en territorio español que cumpra os requisitos para ter a condición de dominante.

3. As entidades que integren o grupo fiscal estarán igualmente suxeitas ás obrigacións tributarias que derivan do réxime de tributación individual, coa excepción do pagamento da débeda tributaria.

4. As actuacións administrativas de comprobación ou investigación realizadas fronte a calquera entidade do grupo fiscal, co coñecemento formal da entidade representante deste, interromperán o prazo de prescrición do imposto sobre sociedades que afecta o citado grupo fiscal.

Artigo 57. *Responsabilidades tributarias derivadas da aplicación do réxime de consolidación fiscal.*

As entidades do grupo fiscal responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria, excluídas as sancións.

Artigo 58. *Definición do grupo fiscal. Entidade dominante. Entidades dependentes.*

1. Entenderase por grupo fiscal o conxunto de entidades residentes en territorio español que cumpran os requisitos establecidos neste artigo e teñan a forma de sociedade anónima, de responsabilidade limitada e comanditaria por accións, así como as fundacións bancarias a que se refire o punto 3 deste artigo.

Cando unha entidade non residente en territorio español nin residente nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal, con personalidade xurídica e suxeita e non exenta a un imposto idéntico ou análogo ao imposto sobre sociedades español, teña a consideración de entidade dominante respecto de dúas ou máis entidades dependentes, o grupo fiscal estará constituído por todas as entidades dependentes que cumpran os requisitos sinalados no punto 3 deste artigo.

Para os únicos efectos de aplicar o réxime de consolidación fiscal, os establecementos permanentes de entidades non residentes consideraranse entidades residentes participadas ao 100 por cento do capital e dereitos de voto por aquelas entidades non residentes.

2. Entenderase por entidade dominante aquela que cumpra os requisitos seguintes:

a) Ter personalidade xurídica e estar suxeita e non exenta ao imposto sobre sociedades ou a un imposto idéntico ou análogo ao imposto sobre sociedades español, sempre que non sexa residente nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal. Os establecementos permanentes de entidades non residentes situados en territorio español que non residan nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal poderán ser considerados entidades dominantes respecto das entidades cuxas participacións estean afectas a el.

b) Que teña unha participación, directa ou indirecta, ao menos, do 75 por cento do capital social e posúa a maioría dos dereitos de voto doutra ou doutras entidades que teñan a consideración de dependentes o primeiro día do período impositivo en que sexa de aplicación este réxime de tributación.

A porcentaxe anterior será de, ao menos, o 70 por cento do capital social, se se trata de entidades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado. Esta última porcentaxe tamén será aplicable cando se teñan participacións indirectas noutras entidades sempre que se alcance esa porcentaxe a través de entidades participadas cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado.

c) Que esa participación e os referidos dereitos de voto se manteñan durante todo o período impositivo.

O requisito de mantemento da participación e dos dereitos de voto durante todo o período impositivo non será exixible no suposto de disolución da entidade participada.

d) Que non sexa dependente, directa ou indirectamente, de ningunha outra que reúna os requisitos para ser considerada como dominante.

e) Que non estea sometida ao réxime especial das agrupacións de interese económico, españolas e europeas, de unións temporais de empresas ou réximes análogos a ambos.

f) Que, tratándose de establecementos permanentes de entidades non residentes en territorio español, esas entidades non sexan dependentes, directa ou indirectamente, de ningunha outra que reúna os requisitos para ser considerada como dominante e non residan nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.

3. Entenderase por entidade dependente aquela que sexa residente en territorio español sobre a cal a entidade dominante posúa unha participación que reúna os requisitos contidos nas letras b) e c) do punto anterior, así como os establecementos

permanentes de entidades non residentes en territorio español respecto das cales unha entidade cumpra os requisitos establecidos no punto anterior.

Tamén terán esta mesma consideración as entidades de crédito integradas nun sistema institucional de protección a que se refire a letra d) do punto 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, sempre que a entidade central do sistema forme parte do grupo fiscal e sexa do 100 por cento a posta en común dos resultados das entidades integrantes do sistema e que o compromiso mutuo de solvencia e liquidez entre esas entidades alcance o 100 por cento dos recursos propios computables de cada unha delas. Consideraranse tamén entidades dependentes as fundacións bancarias a que se refire o artigo 43.1 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforro e fundacións bancarias, sempre que non teñan a condición de entidade dominante do grupo fiscal, así como calquera entidade integramente participada por aquelas a través das cales se posúa a participación na entidade de crédito.

4. Non poderán formar parte dos grupos fiscais as entidades en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que non sexan residentes en territorio español.
- b) Que estean exentas deste imposto.
- c) Que no peche do período impositivo fose declarada en situación de concurso e durante os períodos impositivos en que produza efectos esa declaración.
- d) Que no peche do período impositivo se encuentre na situación patrimonial prevista no artigo 363.1.e) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, de acordo coas súas contas anuais, mesmo cando non teñan a forma de sociedades anónimas, a menos que á conclusión do exercicio en que se aproban as contas anuais esta última situación estivese superada.
- e) As entidades dependentes que estean suxeitas ao imposto sobre sociedades a un tipo de gravame diferente ao da entidade representante do grupo fiscal, salvo o suposto previsto no punto seguinte.
- f) As entidades dependentes cuxo exercicio social, determinado por imperativo legal, non se poida adaptar ao da entidade representante.

5. Non obstante o disposto na letra e) do punto anterior, no suposto de que se cumpran o resto de requisitos sinalados neste artigo para a configuración dun grupo fiscal en que se integre, ao menos, unha entidade de crédito, sexa como entidade dominante ou como entidade dependente, con outras entidades suxeitas ao tipo xeral de gravame, poderase optar pola inclusión das referidas entidades de crédito dentro do grupo fiscal, con aplicación ao citado grupo do réxime previsto neste capítulo. A inclusión requirirá a adopción do correspondente acordo por parte da entidade de crédito e, de ser o caso, por parte da entidade dominante o grupo fiscal e será comunicada á Administración tributaria nos termos previstos no artigo 61 desta lei.

6. O grupo fiscal extinguirase cando a entidade dominante perda o dito carácter. Non obstante, non se extinguirá o grupo fiscal cando a entidade dominante perda tal condición e sexa non residente en territorio español, sempre que se cumpran as condicións para que todas as entidades dependentes sigan constituíndo un grupo de consolidación fiscal, salvo que se incorporen a outro grupo fiscal.

7. No suposto de que unha fundación bancaria perda a condición de entidade dominante dun grupo fiscal nun período impositivo, a entidade de crédito subrogarase na dita condición desde o inicio deste, sen que se produzan os efectos da extinción do grupo fiscal a que se refire o artigo 74 desta lei, salvo para aquelas entidades que deixen de formar parte do grupo por non teren a condición de dependentes nos termos sinalados no punto 3 deste artigo.

8. As sociedades para a xestión de activos, constituídas de acordo co disposto na Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, incluíranse no mesmo grupo fiscal das entidades de crédito, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto 2 deste artigo.

Artigo 59. Inclusión ou exclusión de entidades no grupo fiscal.

1. As entidades sobre as cales se adquira unha participación, directa ou indirecta, como a definida na letra b) do punto 2 do artigo anterior e cumpran o resto de requisitos sinalados no dito punto, integraranse obrigatoriamente no grupo fiscal con efecto do período impositivo seguinte.

No caso de entidades de nova constitución a integración producírase desde ese momento, sempre que se cumpran os restantes requisitos necesarios para formar parte do grupo fiscal.

2. As entidades dependentes que perdan tal condición quedarán excluídas do grupo fiscal con efecto do propio período impositivo en que se produza tal circunstancia.

Artigo 60. Determinación do dominio e dos dereitos de voto nas participacións indirectas.

1. Cando unha entidade participe noutra, esta segunda nunha terceira e así sucesivamente, para calcular a participación indirecta da primeira sobre as demais entidades, multiplicaranse, respectivamente, as porcentaxes de participación no capital social, de maneira que o resultado deses produtos deberá ser, ao menos, o 75 por cento ou, ao menos, o 70 por cento do capital social, se se trata ben de entidades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado ben de entidades participadas, directa ou indirectamente, por estas últimas.

2. Se nun grupo fiscal coexisten relacións de participación, directa e indirecta, para calcular a participación total dunha entidade noutra, directa e indirectamente controlada pola primeira, sumaranse as porcentaxes de participación directa e indirecta. Para que a entidade participada deba integrarse no grupo fiscal de sociedades, esa suma deberá ser, ao menos, o 75 por cento ou, ao menos, o 70 por cento do capital social, se se trata ben de entidades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado ben de entidades participadas, directa ou indirectamente, por estas últimas sempre que a través delas se alcance esa porcentaxe.

3. Se existen relacións de participación recíproca, circular ou complexa, deberá probarse, de ser o caso, con datos obxectivos a participación de, ao menos, o 75 por cento do capital social ou, ao menos, o 70 por cento do capital social, se se trata ben de entidades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado ben de entidades participadas, directa ou indirectamente, por estas últimas sempre que a través delas se alcance esa porcentaxe.

4. Para determinar os dereitos de voto aplicarase o establecido no artigo 3 das normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro.

Artigo 61. Aplicación do réxime de consolidación fiscal.

1. O réxime de consolidación fiscal aplicarase cando así o acorden todas e cada unha das entidades que deban integrar o grupo fiscal.

2. Os acordos a que se refire o punto anterior deberá adoptalos o Consello de Administración ou órgano equivalente, en calquera data do período impositivo inmediato anterior a aquel en que sexa de aplicación o réxime de consolidación fiscal.

3. As entidades que no sucesivo se integren no grupo fiscal deberán cumprir as obrigacións a que se refiren os puntos anteriores, dentro dun prazo que finalizará o día en que conclúa o primeiro período impositivo en que deban tributar no réxime de consolidación fiscal.

4. A falta dos acordos a que se refiren os puntos 1 e 2 deste artigo determinará a imposibilidade de aplicar o réxime de consolidación fiscal.

A falta dos acordos correspondentes ás entidades que no sucesivo deban integrarse no grupo fiscal constituirá infracción tributaria grave da entidade representante. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 20.000 euros polo primeiro período impositivo en

que se aplicase o réxime sen cumprir este requisito e de 50.000 euros polo segundo e seguintes, e non impedirá a efectiva integración no grupo das entidades afectadas.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5. Exercida a opción, o grupo fiscal quedará vinculado a este réxime de forma indefinida durante os períodos impositivos seguintes, mentres se cumpran os requisitos do artigo 58 e mentres non se renuncie á súa aplicación a través da correspondente declaración censual, que se deberá exercer, de ser o caso, no prazo de dous meses contado desde a finalización do último período impositivo da súa aplicación.

6. A entidade representante do grupo fiscal comunicará os acordos mencionados no punto 1 deste artigo á Administración tributaria con anterioridade ao inicio do período impositivo en que sexa de aplicación este réxime.

No suposto dun grupo fiscal constituído nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 1 do artigo 58 desta lei, a entidade representante comunicará, nos mesmos termos previstos no parágrafo anterior, o acordo adoptado pola entidade dominante non residente en territorio español, polo cal se designe a entidade representante do grupo fiscal. A falta de comunicación deste acordo terá os efectos establecidos no punto 4 deste artigo.

Así mesmo, cando se produzan variacións na composición do grupo fiscal, a entidade representante comunicarallo á Administración tributaria, identificando as entidades que se integraron nel e as que foron excluídas. Esa comunicación realizarase na declaración do primeiro pagamento fraccionado afectado pola nova composición.

Artigo 62. *Determinación da base imponible do grupo fiscal.*

1. A base imponible do grupo fiscal determinarase sumando:

a) As bases impositivas individuais correspondentes a todas e cada unha das entidades integrantes do grupo fiscal, tendo en conta as especialidades contidas no artigo 63 desta lei. Non obstante, os requisitos ou cualificacións establecidos tanto na normativa contable para a determinación do resultado contable, como nesta lei para a aplicación de calquera tipo de axustes a aquel, nos termos establecidos no punto 3 do artigo 10 desta lei, referiranse ao grupo fiscal.

b) As eliminacións.

c) As incorporacións das eliminacións practicadas en períodos impositivos anteriores, cando corresponda de acordo co artigo 65 desta lei.

d) As cantidades correspondentes á reserva de capitalización prevista no artigo 25 desta lei, que se referirá ao grupo fiscal. Non obstante, a dotación da reserva realizarasea calquera das entidades do grupo.

e) As dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei, referidas ao grupo fiscal, co límite do 70 por cento do importe positivo da agregación dos conceptos sinalados nas letras anteriores.

f) A compensación das bases impositivas negativas do grupo fiscal, cando o importe da suma dos parágrafos anteriores resulte positiva, así como das bases impositivas negativas referidas na letra e) do artigo 67 desta lei.

As cantidades correspondentes á reserva de nivelación prevista no artigo 105 desta lei minorarán ou incrementarán, segundo proceda, a base imponible do grupo fiscal. A dotación da citada reserva poderase realizar calquera entidade do grupo fiscal.

2. O importe das rendas negativas derivadas da transmisión da participación dunha entidade do grupo fiscal que deixe de formar parte del minorarase pola parte daquel que se corresponda con bases impositivas negativas xeradas dentro do grupo fiscal pola entidade transmitida e que fosen compensadas nel.

Artigo 63. Regras especiais aplicables na determinación das bases impositivas individuais das entidades integrantes do grupo fiscal.

As bases impositivas individuais correspondentes ás entidades integrantes do grupo fiscal a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo anterior determinaranse de acordo coas regras xerais previstas nesta lei, coas seguintes especialidades:

a) O límite establecido no artigo 16 desta lei en relación coa deducibilidade de gastos financeiros referirase ao grupo fiscal. Este límite non resultará de aplicación nos supostos de extinción da entidade, salvo que a extinción se realice dentro do grupo fiscal e a entidade extinguida teña gastos financeiros pendentes de deducir no momento da súa integración nel.

Non obstante, no caso de entidades de crédito ou aseguradoras que tributen no réxime de consolidación fiscal conxuntamente con outras entidades que non teñan esta consideración, o límite establecido no artigo 16 desta lei calcularase tendo en conta o beneficio operativo e os gastos financeiros netos destas últimas entidades, así como as eliminacións e incorporacións que correspondan en relación con todo o grupo.

b) Non se incluírá nas bases impositivas individuais a reserva de capitalización a que se refire o artigo 25 desta lei.

c) Non se incluírán nas bases impositivas individuais as dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei.

d) Non se incluírá nas bases impositivas individuais a compensación de bases impositivas negativas que tiveren correspondido á entidade en réxime individual.

e) Non se incluírá nas bases impositivas individuais a reserva de nivelación a que se refire o artigo 105 desta lei.

Artigo 64. Eliminacións.

As eliminacións realizaranse de acordo cos criterios establecidos nas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, sempre que afecten as bases impositivas individuais e coas especificidades previstas nesta lei.

Artigo 65. Incorporacións.

1. Os resultados eliminados incorporaranse á base impositiva do grupo fiscal cando así se estableza nas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro.

Non obstante, os resultados eliminados incorporaranse á base impositiva individual da entidade que xerese eses resultados e deixe de formar parte do grupo fiscal, no período impositivo en que se produza a dita exclusión.

2. Incorporaranse os ingresos, gastos ou resultados relativos á redución prevista no artigo 23 desta lei na base impositiva do grupo fiscal no período impositivo en que aqueles se entendan realizados fronte a terceiros e, nese caso, a cesión dos referidos activos estará sometida ás obrigacións de documentación a que se refire o punto 3 do artigo 18 desta lei.

Artigo 66. Compensación de bases impositivas negativas.

Se en virtude das normas aplicables para a determinación da base impositiva do grupo fiscal esta resulta negativa, o seu importe poderá ser compensado coas bases impositivas positivas do grupo fiscal nos termos previstos no artigo 26 desta lei.

Artigo 67. Regras especiais de incorporación de entidades no grupo fiscal.

No suposto de que unha entidade se incorpore a un grupo fiscal, na determinación da base impositiva do grupo fiscal resultarán de aplicación as seguintes regras:

a) Os gastos financeiros netos pendentes de deducir no momento da súa integración no grupo fiscal a que se refire o artigo 16 desta lei deduciranse co límite do 30 por cento

do beneficio operativo da propia entidade, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan á dita entidade, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei. Estes gastos financeiros teranse en conta, igualmente, no límite a que se refire o punto 1 do referido artigo 16.

Así mesmo, a diferenza establecida no punto 2 do artigo 16 desta lei xerada por unha entidade con anterioridade á súa integración no grupo fiscal será aplicable en relación cos gastos financeiros xerados pola propia entidade.

b) Para os efectos do previsto no artigo 16 desta lei, os gastos financeiros derivados de débedas destinadas á adquisición de participacións no capital ou fondos propios de calquera tipo de entidades que se incorporen a un grupo de consolidación fiscal deduciranse co límite adicional do 30 por cento do beneficio operativo da entidade ou grupo fiscal adquirente, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei, sen incluír no dito beneficio operativo o correspondente á entidade adquirida ou calquera outra que se incorpore ao grupo fiscal nos períodos impositivos que se inicien nos 4 anos posteriores a esa adquisición. Estes gastos financeiros teranse en conta, igualmente, no límite a que se refire o punto 1 do referido artigo 16.

Os gastos financeiros non deducibles que resulten da aplicación do disposto nesta letra serán deducibles en períodos impositivos seguintes co límite previsto nela e no punto 1 do artigo 16 desta lei.

O límite previsto nesta letra non resultará de aplicación no período impositivo en que se adquiren as participacións no capital ou fondos propios de entidades se a adquisición se financia con débeda, como máximo, nun 70 por cento do prezo de adquisición. Así mesmo, este límite non se aplicará nos períodos impositivos seguintes sempre que o importe desa débeda se minore, desde o momento da adquisición, ao menos na parte proporcional que corresponda a cada un dos 8 anos seguintes, ata que a débeda alcance o 30 por cento do prezo de adquisición.

c) As cantidades correspondentes á reserva de capitalización prevista no artigo 25 desta lei pendentes de aplicar aplicaranse na base imponible do grupo fiscal, co límite do 10 por cento da base imponible positiva individual da propia entidade previa á súa aplicación, á integración das dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan a esa entidade, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei.

d) As dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei pendentes de integrar na base imponible integraranse na base imponible do grupo fiscal, co límite do 70 por cento da base imponible positiva individual da propia entidade previa á integración das dotacións da referida natureza e á compensación de bases impositivas negativas, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan a esa entidade, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei.

e) As bases impositivas negativas de calquera entidade pendentes de compensar no momento da súa integración no grupo fiscal poderán ser compensadas na base imponible deste, co límite do 70 por cento da base imponible individual da propia entidade, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan a esa entidade, de acordo co establecido nos artigos 64 e 65 desta lei.

f) As cantidades correspondentes á reserva de nivelación de bases impositivas prevista no artigo 105 desta lei pendentes de engadir no momento da súa integración no grupo fiscal engadiranse á base imponible deste.

Artigo 68. *Período impositivo.*

1. O período impositivo do grupo fiscal coincidirá co da súa entidade representante.
2. Cando algunha das entidades dependentes conclúa un período impositivo de acordo coas normas reguladoras da tributación en réxime individual, esa conclusión non determinará a do grupo fiscal.

Artigo 69. *Tipo de gravame do grupo fiscal.*

O tipo de gravame do grupo fiscal será o correspondente á súa entidade representante. Non obstante, no caso dun grupo de consolidación fiscal en que se integre, ao menos, unha entidade de crédito, nos termos establecidos no punto 5 do artigo 58 desta lei, o tipo de gravame será do 30 por cento.

Artigo 70. *Cota íntegra do grupo fiscal.*

Entenderase por cota íntegra do grupo fiscal a contía resultante de aplicar o tipo de gravame que corresponda, de acordo co artigo anterior, á base impositiva do grupo fiscal. No suposto dun grupo fiscal que aplique o disposto no artigo 105 desta lei, a cota íntegra estará determinada polo resultado de aplicar o tipo de gravame á base impositiva minorada ou incrementada, segundo corresponda, polas cantidades derivadas do citado artigo 105.

Artigo 71. *Deducións e bonificacións da cota íntegra do grupo fiscal.*

1. A cota íntegra do grupo fiscal minorarase no importe das deducións e bonificacións previstas nos capítulos II, III e IV do título VI desta lei, así como calquera outra dedución que poida resultar de aplicación.

Os requisitos establecidos para a aplicación das mencionadas deducións e bonificacións referiranse ao grupo fiscal.

2. As deducións de calquera entidade pendentes de aplicación no momento da súa inclusión no grupo fiscal poderán deducirse na cota íntegra do grupo fiscal co límite que tiver correspondido a esa entidade no réxime individual de tributación, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan a tal entidade, de acordo co establecido nos artigos 64 e 65 desta lei.

Artigo 72. *Obrigacións de información.*

1. A entidade representante do grupo fiscal deberá formular, para efectos fiscais, o balance, a conta de perdas e ganancias, un estado que reflecta os cambios no patrimonio neto do exercicio e un estado de fluxos de efectivo consolidados, aplicando o método de integración global a todas as entidades que integran o grupo fiscal.

2. Os estados consolidados referiranse á mesma data de peche e período que as contas anuais da entidade representante do grupo fiscal, e o resto de entidades que forman parte do grupo fiscal deberán pechar o seu exercicio social na data en que o faga aquela entidade.

3. Aos documentos a que se refire o punto 1 xuntaráselles a seguinte información:

a) As eliminacións practicadas en períodos impositivos anteriores pendentes de incorporación.

b) As eliminacións practicadas no período impositivo debidamente xustificadas na súa procedencia e contía.

c) As incorporacións realizadas no período impositivo, igualmente xustificadas na súa procedencia e contía.

d) As diferenzas, debidamente explicadas, que poidan existir entre as eliminacións e incorporacións realizadas para efectos da determinación da base impositiva do grupo fiscal e as realizadas para efectos da elaboración dos documentos a que se refire o punto 1.

Artigo 73. *Causas determinantes da perda do réxime de consolidación fiscal.*

1. O réxime de consolidación fiscal perderase polas seguintes causas:

a) A concorrencia nalgunha ou nalgunhas das entidades integrantes do grupo fiscal dalgunha das circunstancias que de acordo co establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, determinan a aplicación do método de estimación indirecta.

b) O incumprimento das obrigacións de información a que se refire o punto 1 do artigo anterior.

2. A perda do réxime de consolidación fiscal producirase con efectos do período impositivo en que conorra algunha ou algunhas das causas a que se refire o punto anterior, e as entidades integrantes do grupo fiscal deberán tributar polo réxime individual no dito período.

Artigo 74. Efectos da perda do réxime de consolidación fiscal ou da extinción do grupo fiscal.

1. No suposto de perda do réxime de consolidación fiscal ou de extinción do grupo fiscal, procederase da forma seguinte:

a) As eliminacións pendentes de incorporación integraranse na base imponible individual das entidades que forman parte del, na medida en que xerasen a renda obxecto de eliminación.

b) As entidades que integren o grupo fiscal no período impositivo en que se produza a perda ou extinción deste réxime asumirán:

1.º Os gastos financeiros netos pendentes de deducir do grupo fiscal, a que se refire o artigo 16 desta lei, na proporción en que contribuísen á súa formación.

2.º A diferenza establecida no punto 2 do artigo 16 desta lei, na proporción en que contribuísen á súa formación.

3.º As cantidades correspondentes á reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei, na medida en que contribuísen á súa xeración.

4.º As dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei pendentes de integrar na base imponible, na proporción en que contribuísen á súa formación.

5.º O dereito á compensación das bases impositivas negativas do grupo fiscal pendentes de compensar, na proporción en que contribuísen á súa formación.

A compensación realizarase coas bases impositivas positivas que se determinen en réxime individual de tributación nos períodos impositivos seguintes.

6.º As cantidades correspondentes á reserva de nivelación de bases impositivas prevista no artigo 105 desta lei pendentes de engadir á base imponible, na proporción en que contribuíse á súa formación.

7.º O dereito á aplicación das deducións na cota do grupo fiscal pendentes de aplicar, na proporción en que contribuísen á súa formación.

A aplicación practicarase nas cotas íntegras que se determinen nos períodos impositivos que resten ata completar o prazo establecido nesta lei para a dedución pendente, contado a partir do seguinte ou seguintes a aquel ou aqueles en que se determinaron os importes deducibles.

8.º O dereito á dedución dos pagamentos fraccionados que realizase o grupo fiscal, na proporción en que contribuísen a eles.

2. O disposto no punto anterior será de aplicación cando algunha ou algunhas das entidades que integran o grupo fiscal deixen de pertencer a este.

3. Non obstante, cando a entidade dominante dun grupo fiscal adquira a condición de dependente, ou sexa absorbida por algunha entidade a través dunha operación de fusión acollida ao réxime fiscal especial do capítulo VII do título VII desta lei, que determine en ambos os casos que todas as entidades incluídas nun grupo fiscal se integren noutro grupo fiscal, aplicaranse as seguintes regras:

a) Non se integrarán na base imponible as eliminacións pendentes de incorporación en relación coas entidades que pasan a formar parte doutro grupo fiscal. Estas incorporacións realizaranse na base imponible deste grupo fiscal nos termos establecidos no artigo 65 desta lei.

b) Os gastos financeiros netos pendentes de deducir que, de acordo co previsto no punto 1 deste artigo, asuman as entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal, deduciranse co límite do 30 por cento do beneficio operativo de todas elas, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei.

Así mesmo, a diferenza establecida no punto 2 do artigo 16 desta lei que asuman esas entidades será aplicable en relación cos gastos financeiros xerados polas ditas entidades conxuntamente.

c) As cantidades correspondentes á reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei pendentes de aplicar que asuman as entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal aplicaranse na base imponible deste, co límite da suma das bases impositivas positivas das referidas entidades previa á súa aplicación, á integración das dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que corresponda realizar, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei.

d) As dotacións a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei pendentes de integrar na base imponible que asuman as entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal integraranse na base imponible deste, co límite da suma das bases impositivas positivas das referidas entidades previa á integración das dotacións da referida natureza e á compensación de bases impositivas negativas, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que corresponda realizar, de acordo co previsto nos artigos 64 e 65 desta lei.

e) As bases impositivas negativas pendentes de compensación que asuman as entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal, poderán ser compensadas por este co límite da suma das bases impositivas das entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan, de acordo co establecido nos artigos 64 e 65 desta lei.

f) As cantidades correspondentes á reserva de nivelación prevista no artigo 105 desta lei pendentes de engadir engadiranse, de acordo co disposto no dito artigo, á base imponible do grupo fiscal.

g) As deducións pendentes de aplicación que asuman as entidades que se incorporan ao novo grupo fiscal poderán deducirse na cota íntegra deste co límite da suma das cotas íntegras das entidades que se incorporan a el.

Artigo 75. *Declaración e autoliquidación do grupo fiscal.*

1. A entidade representante do grupo fiscal estará obrigada, ao tempo de presentar a declaración do grupo fiscal, a liquidar a débeda tributaria correspondente a este e a ingresala no lugar, forma e prazos que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas. A entidade representante do grupo fiscal deberá cumprir as mesmas obrigacións respecto dos pagamentos fraccionados.

2. A declaración do grupo fiscal deberá presentarse dentro do prazo correspondente á declaración en réxime de tributación individual da entidade representante deste.

CAPÍTULO VII

Réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos, troca de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea

Artigo 76. *Definicións.*

1. Terá a consideración de fusión a operación pola cal:

a) Unha ou varias entidades transmiten en bloque a outra entidade xa existente, como consecuencia e no momento da súa disolución sen liquidación, os seus respectivos

patrimonios sociais, mediante a atribución aos seus socios de valores representativos do capital social da outra entidade e, de ser o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda o 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun valor equivalente ao nominal deses valores deducido da súa contabilidade.

b) Dúas ou máis entidades transmiten en bloque a outra nova, como consecuencia e no momento da súa disolución sen liquidación, a totalidade dos seus patrimonios sociais, mediante a atribución aos seus socios de valores representativos do capital social da nova entidade e, de ser o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda o 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun valor equivalente ao nominal de tales valores deducido da súa contabilidade.

c) Unha entidade transmite, como consecuencia e no momento da súa disolución sen liquidación, o conxunto do seu patrimonio social á entidade que é titular da totalidade dos valores representativos do seu capital social.

2. 1.º Terá a consideración de escisión a operación pola cal:

a) Unha entidade divide en dúas ou máis partes a totalidade do seu patrimonio social e as transmite en bloque a dúas ou máis entidades xa existentes ou novas, como consecuencia da súa disolución sen liquidación, mediante a atribución aos seus socios, consonte unha norma proporcional, de valores representativos do capital social das entidades adquirentes da achega e, de ser o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda o 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun valor equivalente ao nominal dos ditos valores deducido da súa contabilidade.

b) Unha entidade segrega unha ou varias partes do seu patrimonio social que formen ramas de actividade e as transmite en bloque a unha ou varias entidades de nova creación ou xa existentes, mantendo no seu patrimonio ao menos unha rama de actividade na entidade transmitente, ou ben participacions no capital doutras entidades que lle confiran a maioría do capital social destas, recibindo a cambio valores representativos do capital social da entidade adquirente, que deberán atribuírse aos seus socios en proporción ás súas respectivas participacions, reducindo o capital social e reservas na contía necesaria e, de ser o caso, unha compensación en diñeiro nos termos da letra anterior.

c) Unha entidade segrega unha parte do seu patrimonio social, constituída por participacions no capital doutras entidades que confiran a maioría do capital social nestas, e as transmite en bloque a unha ou varias entidades de nova creación ou xa existentes, mantendo no seu patrimonio, ao menos, participacions de similares características no capital doutra ou doutras entidades ou ben unha rama de actividade, recibindo a cambio valores representativos do capital social destas últimas, que deberán atribuírse aos seus socios en proporción ás súas respectivas participacions, reducindo o capital social e as reservas na contía necesaria e, de ser o caso, unha compensación en diñeiro nos termos da letra a) anterior.

2.º Nos casos en que existan dúas ou máis entidades adquirentes, a atribución aos socios da entidade que se escinde de valores representativos do capital dalgunha das entidades adquirentes en proporción distinta á que tiñan na que se escinde requirirá que os patrimonios adquiridos por aquelas constitúan ramas de actividade.

3. Terá a consideración de achega non en diñeiro de ramas de actividade a operación pola cal unha entidade achega, sen ser disolta, a outra entidade de nova creación ou xa existente a totalidade ou unha ou máis ramas de actividade, recibindo a cambio valores representativos do capital social da entidade adquirente.

4. Entenderase por rama de actividade o conxunto de elementos patrimoniais que sexan susceptibles de constituír unha unidade económica autónoma determinante dunha explotación económica, é dicir, un conxunto capaz de funcionar polos seus propios medios. Poderán ser atribuídas á entidade adquirente as débedas contraídas para a organización ou o funcionamento dos elementos que se traspasan.

5. Terá a consideración de troca de valores representativos do capital social a operación pola cal unha entidade adquire unha participación no capital social doutra que lle permite obter a maioría dos dereitos de voto nela ou, se xa dispón de tal maioría, adquirir unha maior participación, mediante a atribución aos socios, a cambio dos seus valores, doutros representativos do capital social da primeira entidade e, de ser o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda o 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun valor equivalente ao nominal deses valores deducido da súa contabilidade.

6. O réxime tributario previsto neste capítulo será igualmente aplicable ás operacións en que interveñan contribuíntes deste imposto que non teñan a forma xurídica de sociedade mercantil, sempre que produzan resultados equivalentes aos derivados das operacións mencionadas nos puntos anteriores.

7. O réxime tributario previsto neste capítulo será igualmente aplicable ás operacións de cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou unha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea, respecto dos bens e dereitos situados en territorio español que queden afectados con posterioridade a un establecemento permanente situado no dito territorio. Para estes efectos, as regras previstas neste réxime especial para os supostos de transmisións de bens e dereitos serán de aplicación ás operacións de cambio de domicilio social, mesmo cando non dean lugar a tales transmisións.

Artigo 77. *Réxime das rendas derivadas da transmisión.*

1. Non se integrarán na base impositiva as seguintes rendas derivadas das operacións a que se refire o artigo anterior:

a) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español de bens e dereitos situados nel.

Cando a entidade adquirente resida no estranxeiro só se excluirán da base impositiva as rendas derivadas da transmisión daqueles elementos que queden afectados a un establecemento permanente situado en territorio español.

A transferencia destes elementos fóra do territorio español determinará a integración na base impositiva do establecemento permanente, no período impositivo en que se produza aquela, da diferenza entre o valor de mercado e o valor a que se refire o artigo seguinte minorado, de ser o caso, no importe das amortizacións e outras correccións de valor reflectidas contablemente que fosen fiscalmente deducibles.

O pagamento da débeda tributaria resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior, no suposto de elementos patrimoniais transferidos a un Estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, será aprazado pola Administración tributaria por solicitude do contribuínte ata a data da transmisión a terceiros dos elementos patrimoniais afectados, resultando de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a súa normativa de desenvolvemento, en canto á devindicación de xuros de demora e á constitución de garantías para ese aprazamento.

b) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español, de establecementos permanentes situados no territorio de Estados membros da Unión Europea, a favor de entidades que residan neles, revistan unha das formas enumeradas na parte A do anexo I da Directiva 2009/133/CE do Consello, do 19 de outubro, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e trocas de accións realizadas entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou unha SCE dun Estado membro a outro, e estean suxeitas e non exentas dalgún dos tributos mencionados na parte B do seu anexo I.

c) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español, de establecementos permanentes situados no territorio de Estados non pertencentes á Unión Europea en favor de entidades residentes en territorio español.

d) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades non residentes en territorio español, de establecementos permanentes situados nel.

Cando a entidade adquirente resida no estranxeiro só se excluirán da base impositiva as rendas derivadas da transmisión daqueles elementos que queden afectados a un establecemento permanente situado en territorio español.

A transferencia destes elementos fóra do territorio español determinará a integración na base impositiva do establecemento permanente, no exercicio en que se produza aquela, da diferenza entre o valor de mercado e o valor a que se refire o artigo seguinte minorado, de ser o caso, no importe das amortizacións e outras correccións de valor reflectidas contablemente que fosen fiscalmente deducibles.

O pagamento da débeda tributaria resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior, no suposto de elementos patrimoniais transferidos a un Estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, será aprazado pola Administración tributaria por solicitude do contribuínte ata a data da transmisión a terceiros dos elementos patrimoniais afectados. En canto á devindicación de xuros de demora e á constitución de garantías para ese aprazamento, resultará de aplicación o disposto na Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

e) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades non residentes en territorio español de participacións en entidades residentes en territorio español, en favor de entidades residentes no seu mesmo país ou territorio, ou en favor de entidades residentes na Unión Europea sempre que, neste último caso, tanto a entidade transmitente como a adquirente revistan unha das formas enumeradas na parte A do anexo I da Directiva 2009/133/CE, e estean suxeitas e non exentas a algún dos tributos mencionados na parte B do seu anexo I.

Non se excluirán da base impositiva as rendas derivadas das operacións referidas nas letras a), c) e d) anteriores cando a entidade adquirente estea exenta por este imposto ou sometida ao réxime de atribución de rendas.

Excluíranse da base impositiva as rendas derivadas das operacións a que se refire este punto aínda que a entidade adquirente desfrute da aplicación dun tipo de gravame ou dun réxime tributario especial. Cando a entidade adquirente desfrute da aplicación dun tipo de gravame ou dun réxime tributario especial distinto da transmitente, a renda derivada da transmisión de elementos patrimoniais existentes no momento da operación, realizada con posterioridade a esta, entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario durante o tempo de tenza do elemento transmitido. A parte da dita renda xerada ata o momento de realización da operación será gravada aplicando o tipo de gravame e o réxime tributario que tiver correspondido á entidade transmitente.

2. Poderá renunciarse ao réxime establecido no punto anterior, mediante a integración na base impositiva das rendas derivadas da transmisión da totalidade ou parte dos elementos patrimoniais.

3. En todo caso, integraranse na base impositiva as rendas derivadas de buques ou aeronaves ou de bens mobles afectos á súa explotación, que se poñan de manifesto nas entidades dedicadas á navegación marítima e aérea internacional cando a entidade adquirente non sexa residente en territorio español.

Artigo 78. *Valoración fiscal dos bens adquiridos.*

1. Os bens e dereitos adquiridos mediante as transmisións derivadas das operacións ás cales lles fose de aplicación o réxime previsto no artigo anterior valoraranse, para

efectos fiscais, polos mesmos valores fiscais que tiñan na entidade transmitente antes de realizarse a operación, manténdose igualmente a data de adquisición da entidade transmitente.

2. No suposto de que se exerza a opción de renuncia prevista no punto 2 do artigo anterior, os bens e dereitos adquiridos valoraranse de acordo coas regras establecidas no artigo 17 desta lei. Neste caso, a data de adquisición deses bens e dereitos será a data en que a adquisición teña eficacia mercantil.

3. Naqueles casos en que non sexa de aplicación o réxime previsto no artigo anterior tomarase o valor que proceda de acordo co artigo 17 desta lei.

Artigo 79. Valoración fiscal das accións ou participacións recibidas en contraprestación da achega.

As accións ou participacións recibidas como consecuencia dunha achega de ramas de actividade ou de elementos patrimoniais valoraranse, para efectos fiscais, polo mesmo valor fiscal que tiñan a rama de actividade ou os elementos patrimoniais achegados.

Non obstante, no suposto de que se exerza a opción de renuncia prevista no punto 2 do artigo 77 desta lei, as accións ou participacións recibidas valoraranse de acordo coas regras establecidas no artigo 17 desta lei.

Artigo 80. Réxime fiscal da troca de valores.

1. Non se integrarán na base imponible deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes as rendas que se poñan de manifesto con ocasión da troca de valores, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que os socios que realicen a troca de valores residan en territorio español ou no dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou no de calquera outro Estado sempre que, neste último caso, os valores recibidos sexan representativos do capital social dunha entidade residente en España.

Cando o socio teña a consideración de entidade en réxime de atribución de rendas, non se integrará na base imponible das persoas ou entidades que sexan socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes do citado socio, a renda xerada con ocasión da troca de valores, sempre que á operación lle sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no presente capítulo ou se realice ao abeiro da Directiva 2009/133/CE do Consello, do 19 de outubro, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e troca de valores realizadas entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou unha SCE dun Estado membro a outro, e os valores recibidos polo socio conserven a mesma valoración fiscal que tiñan os trocados.

b) Que a entidade que adquira os valores sexa residente en territorio español ou estea comprendida no ámbito de aplicación da Directiva 2009/133/CE.

2. Os valores recibidos pola entidade que realiza a troca de valores valoraranse, para efectos fiscais, polo valor fiscal que tiñan no patrimonio dos socios que efectúan a achega, segundo as normas deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, manténdose, igualmente, a data de adquisición dos socios achegantes.

Non obstante, naqueles casos en que as rendas xeradas nos socios non estivesen suxeitas a tributación en territorio español, tomarase o valor de mercado. Neste caso, a data de adquisición das accións será a correspondente á data de realización da operación de troca de valores.

3. Os valores recibidos polos socios valoraranse, para efectos fiscais, polo valor fiscal dos entregados, determinado de acordo coas normas deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes,

segundo proceda. Esta valoración aumentarase ou diminuírase no importe da compensación complementaria en diñeiro entregada ou recibida.

Os valores recibidos conservarán a data de adquisición dos entregados.

4. No caso de que o socio perda a calidade de residente en territorio español, integrárase na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto do último período impositivo que deba declararse por estes impostos, a diferenza entre o valor de mercado das accións ou participacións e o valor a que se refire o punto anterior, salvo que as accións ou participacións queden afectas a un establecemento permanente situado en territorio español.

O pagamento da débeda tributaria resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior, cando o socio adquira a residencia nun Estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, será aprazado pola Administración tributaria por solicitude do contribuínte ata a data da transmisión a terceiros das accións ou participacións afectadas. En canto á devindicación de xuros de demora e á constitución de garantías para tal aprazamento, resultará de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento,.

Se o obrigado tributario adquire de novo a condición de contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas sen ter transmitido a titularidade das accións ou participacións, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación co obxecto de obter a devolución das cantidades ingresadas correspondentes ás ganancias patrimoniais reguladas neste artigo. A solicitude de rectificación poderá presentarse a partir da finalización do prazo de declaración correspondente ao primeiro período impositivo en que deba presentarse unha autoliquidación deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A devolución a que se refire o parágrafo anterior rexerá polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo no concernente ao aboamento dos xuros de demora, que se devindicarán desde a data en que se realizase o ingreso ata a data en que se ordene o pagamento da devolución.

5. O réxime previsto neste artigo non resultará de aplicación en relación con aquelas operacións en que interveñan entidades domiciliadas ou establecidas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais ou obtidas a través deles.

Artigo 81. *Tributación dos socios nas operacións de fusión e escisión.*

1. Non se integrarán na base imponible as rendas que se poñan de manifesto con ocasión da atribución de valores da entidade adquirente aos socios da entidade transmitente, sempre que sexan residentes en territorio español ou no dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou no de calquera outro Estado sempre que, neste último caso, os valores sexan representativos do capital social dunha entidade residente en territorio español.

Cando o socio teña a consideración de entidade en réxime de atribución de rendas, non se integrará na base imponible das persoas ou entidades que sexan socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes no dito socio, a renda xerada con ocasión desa atribución de valores, sempre que á operación lle sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no presente capítulo ou se realice ao abeiro da Directiva 2009/133/CE do Consello, do 19 de outubro, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusionés, escisións, escisións parciais, achegas de activos e troca de valores realizadas entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou unha SCE dun Estado membro a outro, e os valores recibidos polo socio conserven a mesma valoración fiscal que tiñan os trocados.

2. Os valores recibidos en virtude das operacións de fusión e escisión valóranse, para efectos fiscais, polo valor fiscal dos entregados, determinado de acordo coas normas deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda

de non residentes, segundo proceda. Esta valoración aumentarase ou diminuirase no importe da compensación complementaria en diifeiro entregada ou recibida. Os valores recibidos conservarán a data de adquisición dos entregados.

3. No caso de que o socio perda a calidade de residente en territorio español, integrárase na base impositiva do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto do último período impositivo que se deba declarar por estes impostos, a diferenza entre o valor de mercado das accións ou participacións e o valor a que se refire o punto anterior, salvo que as accións ou participacións queden afectos a un establecemento permanente situado en territorio español.

O pagamento da débeda tributaria resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior, cando o socio adquira a residencia nun Estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo co cal exista un efectivo intercambio de información tributaria nos termos previstos no punto 3 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, será aprazado pola Administración tributaria por solicitude do contribuínte ata a data da transmisión a terceiros das accións ou participacións afectadas. En canto á devindicación de xuros de demora e á constitución de garantías para ese aprazamento, resultará de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

Se o obrigado tributario adquiere de novo a condición de contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas sen ter transmitido a titularidade das accións ou participacións, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación co obxecto de obter a devolución das cantidades ingresadas correspondentes ás ganancias patrimoniais reguladas neste artigo. A solicitude de rectificación poderá presentarse a partir da finalización do prazo de declaración correspondente ao primeiro período impositivo en que se deba presentar unha autoliquidación deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A devolución a que se refire o parágrafo anterior rexerá polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo no concernente ao aboamento dos xuros de demora, que se devindicarán desde a data en que se realizase o ingreso ata a data en que se ordene o pagamento da devolución.

4. Integráranse na base impositiva deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes as rendas obtidas en operacións nas cales interveñan entidades domiciliadas ou establecidas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais ou obtidas a través deles.

Artigo 82. *Participacións no capital da entidade transmitente e da entidade adquirente.*

1. Cando a entidade adquirente participe no capital ou nos fondos propios da entidade transmitente en, ao menos, un 5 por cento, non se integrará na base impositiva daquela a renda positiva ou negativa derivada da anulación da participación. Tampouco se producirá esa integración con ocasión da transmisión da participación que teña a entidade transmitente no capital da adquirente cando sexa, ao menos, dun 5 por cento do capital ou dos fondos propios.

2. Cando a entidade adquirente participe no capital da entidade transmitente nunha porcentaxe inferior ao 5 por cento, integrárase na base impositiva daquela a renda positiva ou negativa derivada da anulación da participación. Esa integración producirase, igualmente, con ocasión da transmisión da participación que teña a entidade transmitente no capital da adquirente cando sexa inferior ao 5 por cento do capital ou dos fondos propios.

Artigo 83. *Limitación na dedución de gastos financeiros destinados á adquisición de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades.*

Para os efectos do previsto no artigo 16 desta lei, os gastos financeiros derivados de débedas destinadas á adquisición de participacións no capital ou fondos propios de

calquera tipo de entidades deduciranse co límite adicional do 30 por cento do beneficio operativo da propia entidade que realizou a dita adquisición, sen incluír nese beneficio operativo o correspondente a calquera entidade que se fusione con aquela nos 4 anos posteriores a tal adquisición, cando a fusión aplique este réxime fiscal especial. Estes gastos financeiros teranse en conta, igualmente, no límite a que se refire o punto 1 do referido artigo 16.

Os gastos financeiros non deducibles que resulten da aplicación do disposto neste punto serán deducibles en períodos impositivos seguintes co límite previsto neste artigo e no punto 1 do artigo 16 desta lei.

O límite previsto neste punto non resultará de aplicación no período impositivo en que se adquiren as participacións no capital ou fondos propios de entidades se a adquisición se financia con débeda, como máximo, nun 70 por cento do prezo de adquisición. Así mesmo, este límite non se aplicará nos períodos impositivos seguintes sempre que o importe desa débeda se minore, desde o momento da adquisición, ao menos na parte proporcional que corresponda a cada un dos 8 anos seguintes, ata que a débeda alcance o 30 por cento do prezo de adquisición.

Artigo 84. *Subrogación nos dereitos e as obrigacións tributarias.*

1. Cando as operacións mencionadas no artigo 76 ou 87 desta lei determinen unha sucesión a título universal, transmitiráselle á entidade adquirente os dereitos e as obrigacións tributarias da entidade transmitente.

Cando a sucesión non sexa a título universal, transmitiráselle á entidade adquirente os dereitos e obrigacións tributarias que se refiran aos bens e dereitos transmitidos.

A entidade adquirente asumirá o cumprimento dos requisitos necesarios para continuar aplicando os beneficios fiscais ou consolidar os aplicados pola entidade transmitente.

2. Transmitiráselle á entidade adquirente as bases impositivas negativas pendentes de compensación na entidade transmitente, sempre que se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) A extinción da entidade transmitente.
- b) A transmisión dunha rama de actividade cuxos resultados xerasen bases impositivas negativas pendentes de compensación na entidade transmitente. Neste caso, transmitiránse as bases impositivas negativas pendentes de compensación xeradas pola rama de actividade transmitida.

Cando a entidade adquirente participe no capital da transmitente ou ben ambas formen parte dun grupo de sociedades a que se refire o artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, a base impositiva negativa susceptible de compensación reducirase no importe da diferenza positiva entre o valor das achegas dos socios, realizadas por calquera título, correspondente á participación ou ás participacións que as entidades do grupo teñan sobre a entidade transmitente, e o seu valor fiscal.

3. As subrogacións comprenderán exclusivamente os dereitos e obrigacións nacidos ao abeiro das leis españolas.

Artigo 85. *Perdas dos establecementos permanentes.*

As rendas xeradas na transmisión dun establecemento permanente aplicarán o réxime establecido no artigo 22 desta lei.

Non obstante, se non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 22 desta lei, o importe da renda positiva que supere as rendas negativas netas obtidas polo establecemento permanente integrarase na base impositiva da entidade transmitente, sen prexuízo de que se poida deducir da cota íntegra o imposto que, de non ser polas disposicións da Directiva 2009/133/CE do Consello, do 19 de outubro, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e

troca de valores realizadas entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou unha SCE dun Estado membro a outro, gravará esa mesma renda integrada na base impositiva, no Estado membro en que estea situado o dito establecemento permanente, co límite do importe da cota íntegra correspondente a esa renda integrada na base impositiva.

Artigo 86. *Obrigacións contables.*

1. A entidade adquirente deberá incluír na memoria anual a información que seguidamente se cita, salvo que a entidade transmitente exercese a facultade a que se refire o artigo 77.2 desta lei, caso en que unicamente se incluír a indicada na letra d):

- a) Período impositivo en que a entidade transmitente adquiriu os bens transmitidos.
- b) Último balance cerrado pola entidade transmitente.
- c) Relación de bens adquiridos que se incorporasen aos libros de contabilidade por un valor diferente a aquel polo cal figuraban nos da entidade transmitente con anterioridade á realización da operación, expresando ambos os valores así como as correccións valorativas constituídas nos libros de contabilidade das dúas entidades.
- d) Relación de beneficios fiscais desfrutados pola entidade transmitente respecto dos cales a entidade deba asumir o cumprimento de determinados requisitos de acordo co establecido no punto 1 do artigo 84 desta lei.

Para os efectos previstos neste punto, a entidade transmitente estará obrigada a comunicar estes datos á entidade adquirente.

2. Os socios persoas xurídicas deberán mencionar na memoria anual os seguintes datos:

- a) Valor contable e fiscal dos valores entregados.
- b) Valor polo cal se contabilizasen os valores recibidos.

3. As mencións establecidas nos puntos anteriores deberán realizarse mentres permanezan no inventario os valores ou elementos patrimoniais adquiridos ou deban cumprirse os requisitos derivados dos incentivos fiscais desfrutados pola entidade transmitente.

A entidade adquirente poderá optar, con referencia á segunda e posteriores memorias anuais, por incluír a mera indicación de que tales mencións figuran na primeira memoria anual aprobada tras a operación, que deberá ser conservada mentres concorra a circunstancia a que se refire o parágrafo anterior.

4. O incumprimento das obrigacións establecidas nos puntos anteriores terá a consideración de infracción tributaria grave. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 1.000 euros por cada dato omitido, en cada un dos primeiros 4 anos en que non se inclúa a información, e de 5.000 euros por cada dato omitido, en cada un dos anos seguintes, co límite do 5 por cento do valor polo cal a entidade adquirente reflectise os bens e dereitos transmitidos na súa contabilidade.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 87. *Achegas non en diñeiro.*

1. O réxime previsto no presente capítulo aplicarase, a opción do contribuínte deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, ás achegas non en diñeiro en que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que a entidade que recibe a achega sexa residente en territorio español ou realice actividades neste por medio dun establecemento permanente a que se afecten os bens achegados.
- b) Que, unha vez realizada a achega, o contribuínte achegante deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes,

participe nos fondos propios da entidade que recibe a achega en, ao menos, o 5 por cento.

c) Que, no caso de achega de accións ou participacións sociais por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente en territorio español, se terán que cumprir, ademais dos requisitos sinalados nas letras a) e b), os seguintes:

1.º Que á entidade de cuxo capital social sexan representativos non lle sexan de aplicación o réxime especial de agrupacións de interese económico, españolas ou europeas, e de unións temporais de empresas, previstos nesta lei, nin teña como actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario nos termos previstos no artigo 4.oito.dous da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

2.º Que representen unha participación de, ao menos, un 5 por cento dos fondos propios da entidade.

3.º Que o achegante os posúa de maneira ininterrompida durante o ano anterior á data do documento público en que se formalice a achega.

d) Que, no caso de achega de elementos patrimoniais distintos dos mencionados na letra c) por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes que sexan residentes en Estados membros da Unión Europea, tales elementos estean afectos a actividades económicas cuxa contabilidade se leve consonte o disposto no Código de comercio ou lexislación equivalente.

2. O réxime previsto no presente capítulo aplicarase tamén ás achegas de ramas de actividade efectuadas polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre a renda de non residentes que sexan residentes en Estados membros da Unión Europea, sempre que leven a súa contabilidade de acordo co Código de comercio ou lexislación equivalente.

Artigo 88. *Normas para evitar a dobre imposición.*

1. Para os efectos de evitar a dobre imposición que se poida producir por aplicación das regras de valoración previstas nos artigos 79, 80.2 e 87 desta lei, os beneficios distribuídos con cargo a rendas imputables aos bens achegados darán dereito á exención para evitar a dobre imposición de dividendos, calquera que sexa a porcentaxe de participación do socio e a súa antigüidade. Igual criterio se aplicará respecto das rendas xeradas na transmisión da participación.

2. Cando pola forma en como contabilizou a entidade adquirente non fose posible evitar a dobre imposición por aplicación das normas establecidas no punto anterior, esa entidade practicará, no momento da súa extinción, os axustes de signo contrario aos que practicaría por aplicación das regras de valoración establecidas nos artigos 79, 80.2 e 87 desta lei. A entidade adquirente poderá practicar os referidos axustes de signo contrario con anterioridade á súa extinción, sempre que probe que os socios transmitiron a súa participación e co límite da contía que se integrase na base imponible destes con ocasión da dita transmisión.

Artigo 89. *Aplicación do réxime fiscal.*

1. Entenderase que as operacións reguladas neste capítulo aplican o réxime establecido nel, salvo que expresamente se indique o contrario a través da comunicación a que se refire o parágrafo seguinte.

A realización das operacións a que se refiren os artigos 76 e 87 desta lei deberá ser obxecto de comunicación á Administración tributaria, pola entidade adquirente das operacións, salvo que esta non sexa residente en territorio español, caso en que a comunicación a realizará a entidade transmitente. Esta comunicación deberá indicar o

tipo de operación que se realiza e se se opta por non aplicar o réxime fiscal especial previsto neste capítulo.

Tratándose de operacións nas cales nin a entidade adquirente nin a transmitente sexan residentes en territorio español, a comunicación sinalada no parágrafo anterior deberá ser presentada polos socios, que deberán indicar que a operación se acolleu a un réxime fiscal similar ao establecido neste capítulo.

Esta comunicación presentarase na forma e nos prazos que se determine regulamentariamente. A falta de presentación en prazo desta comunicación constitúe infracción tributaria grave. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 10.000 euros por cada operación respecto da cal se tivese que subministrar información.

2. Non se aplicará o réxime establecido no presente capítulo cando a operación realizada teña como principal obxectivo a fraude ou a evasión fiscal. En particular, o réxime non se aplicará cando a operación non se efectúe por motivos económicos válidos, tales como a reestruturación ou a racionalización das actividades das entidades que participan na operación, senón coa mera finalidade de conseguir unha vantaxe fiscal.

As actuacións de comprobación da Administración tributaria que determinen a inaplicación total ou parcial do réxime fiscal especial por aplicación do disposto no parágrafo anterior eliminarán exclusivamente os efectos da vantaxe fiscal.

CAPÍTULO VIII

Réxime fiscal da minaría

Artigo 90. *Entidades mineiras: liberdade de amortización.*

1. As entidades que desenvolvan actividades de exploración, investigación e explotación ou beneficio de xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos clasificados na sección C), punto un, do artigo terceiro da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e na sección D) creada pola Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos, así como dos que regulamentariamente se determinen con carácter xeral entre os incluídos nas seccións A) e B) do artigo citado, poderán gozar, en relación cos seus investimentos en activos mineiros e coas cantidades aboadas en concepto de canon de superficie, de liberdade de amortización durante 10 anos contados a partir do comezo do primeiro período impositivo en cuxa base impositiva se integre o resultado da explotación.

2. Non se considerará entre as actividades mencionadas no punto anterior a mera prestación de servizos para a realización ou desenvolvemento das citadas actividades.

Artigo 91. *Factor de esgotamento: ámbito de aplicación e modalidades.*

1. Poderán reducir a base impositiva, no importe das cantidades que destinen, en concepto de factor de esgotamento, os contribuíntes que realicen, ao abeiro da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o aproveitamento dun ou varios dos seguintes recursos:

a) Os comprendidos na sección C) do punto un do artigo terceiro da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e na sección D) creada pola Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos.

b) Os obtidos a partir de xacementos de orixe non natural pertencentes á sección B) do punto un do referido artigo, sempre que os produtos recuperados ou transformados estean clasificados na sección C) ou na sección D) creada pola Lei 54/1980, do 5 de novembro, que modifica a Lei de minas.

2. O factor de esgotamento non excederá o 30 por cento da parte de base impositiva correspondente aos aproveitamentos sinalados no punto anterior.

3. As entidades que realicen os aproveitamentos dunha ou varias materias primas minerais declaradas prioritarias no Real decreto 647/2002, do 5 de xullo, polo que se

declaran as materias primas minerais e actividades con elas relacionadas, cualificadas como prioritarias para efectos do previsto na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, poderán optar, na actividade referente a estes recursos, por que o factor de esgotamento sexa de ata o 15 por cento do valor dos minerais vendidos, considerándose tamén como tales os consumidos polas mesmas empresas para o seu posterior tratamento ou transformación. Neste caso, a dotación para o factor de esgotamento non poderá ser superior á parte de base imponible correspondente ao tratamento, transformación, comercialización e venda das substancias obtidas dos aproveitamentos sinalados e dos produtos que incorporen esas substancias e outras derivadas delas.

4. No caso de que varias persoas físicas ou xurídicas se asociasen para a realización de actividades mineiras sen chegar a constituír unha personalidade xurídica independente, cada un dos partícipes poderá destinar, a *pro rata* da súa participación na actividade común, o importe correspondente en concepto de factor de esgotamento coas obrigacións establecidas nos seguintes artigos.

Artigo 92. *Factor de esgotamento: investimento.*

As cantidades que reducion a base imponible en concepto de factor de esgotamento só poderán ser investidas nos gastos, traballos e inmovilizados directamente relacionados coas actividades mineiras que a continuación se indican:

a) Exploración e investigación de novos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos.

b) Investigación que permita mellorar a recuperación ou calidade dos produtos obtidos.

c) Subscrición ou adquisición de valores representativos do capital social de empresas dedicadas exclusivamente ás actividades referidas nas letras a), b) e d) deste artigo, así como á explotación de xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos clasificados na sección C), punto un do artigo terceiro da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e na sección D) creada pola Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei de minas, con especial atención aos recursos minerais enerxéticos, no relativo a minerais radioactivos, recursos xeotérmicos, rochas bituminosas e calquera outro xacemento mineral ou recurso xeolóxico de interese enerxético que o Goberno acorde incluír nesta sección, sempre que en ambos os casos os valores se manteñan ininterrompidamente no patrimonio da entidade por un prazo de 10 anos.

No caso de que as empresas das cales se subscribiron as accións ou participacións, con posterioridade á subscrición realizen actividades diferentes ás mencionadas, o contribuínte deberá realizar a liquidación a que se refire o artigo 94.1 desta lei, ou ben reinvestir o importe correspondente a aquela subscrición noutros investimentos que cumpran os requisitos. Se o novo reinvestimento se fai en valores dos mencionados no primeiro parágrafo, estes deberán manterse durante o período que reste para completar o prazo dos 10 anos.

d) Investigación que permita obter un mellor coñecemento da reserva do xacemento en explotación.

e) Laboratorios e equipamentos de investigación aplicables ás actividades mineiras da empresa.

f) Actuacións comprendidas nos plans de restauración previstos no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

Artigo 93. *Factor de esgotamento: requisitos.*

1. O importe que en concepto de factor de esgotamento reduza a base imponible en cada período impositivo deberá investirse no prazo de 10 anos, contados a partir da súa conclusión.

2. Entenderase efectuado o investimento cando se realizasen os gastos ou traballos a que se refire o artigo anterior ou recibido o inmovilizado.

3. En cada período impositivo deberán incrementarse as contas de reservas da entidade no importe que reduciu a base imponible en concepto de factor de esgotamento.

4. O contribuínte deberá recoller na memoria dos 10 exercicios seguintes a aquel en que se realizou a correspondente redución o importe desta, os investimentos realizados con cargo a ela e as amortizacións realizadas, así como calquera diminución habida nas contas de reservas que se incrementaron como consecuencia do previsto no punto anterior e o destino daquela. Estes feitos poderán ser obxecto de comprobación durante este mesmo período.

5. Só se poderá dispor libremente das reservas constituídas en cumprimento do disposto no punto 3 na medida en que se vaian amortizando os investimentos ou unha vez transcorridos 10 anos desde que se subscribiron as correspondentes accións ou participacións financiadas cos ditos fondos.

6. Os investimentos financiados por aplicación do factor esgotamento non se poderán acoller ás deducións previstas no capítulo IV do título VI.

Artigo 94. Factor de esgotamento: incumprimento de requisitos.

1. Transcorrido o prazo de 10 anos sen se ter investido ou téndose investido inadecuadamente o importe correspondente, integrárase na base imponible do período impositivo concluído á expiración do dito prazo ou do exercicio en que se realizase a inadecuada disposición, debendo liquidarse os correspondentes xuros de demora que se devindicarán desde o día en que finalice o período de pagamento voluntario da débeda correspondente ao período impositivo en que se realizou a correlativa redución.

2. No caso de liquidación da entidade, o importe pendente de aplicación do factor de esgotamento integrárase na base imponible na forma e cos efectos previstos no punto anterior.

3. Do mesmo modo se procederá nos casos de cesión ou alleamento total ou parcial da explotación mineira e nos de fusión ou transformación de entidades, salvo que a entidade resultante, continuadora da actividade mineira, asuma o cumprimento dos requisitos necesarios para consolidar o beneficio desfrutado pola entidade transmitente ou transformada, nos mesmos termos en que viña figurando na entidade anterior.

CAPÍTULO IX

Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos

Artigo 95. Exploración, investigación e explotación de hidrocarburos: factor de esgotamento.

As sociedades cuxo obxecto social sexa exclusivamente a exploración, investigación e explotación de xacementos e de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos naturais, líquidos ou gasosos, existentes no territorio español e no subsolo do mar territorial e dos fondos mariños que estean baixo a soberanía do Reino de España, nos termos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e con carácter complementario destas, as de transporte, almacenamento, depuración e venda dos produtos extraídos, terán dereito a unha redución na súa base imponible, en concepto de factor de esgotamento, que poderá ser, a elección da entidade, calquera das dúas seguintes:

a) O 25 por cento do importe da contraprestación pola venda de hidrocarburos e da prestación de servizos de almacenamento, co límite do 50 por cento da base imponible previa a esta redución.

b) O 40 por cento da contía da base imponible previa a esta redución.

Artigo 96. *Factor de esgotamento: requisitos.*

1. As cantidades que reducion a base impoñible en concepto de factor de esgotamento deberán ser investidas polo concesionario nas actividades de exploración, investigación e explotación de xacementos ou de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos que desenvolva no territorio español e no subsolo do mar territorial e dos fondos mariños que estean baixo a soberanía do Reino de España, así como no abandono de campos e no desmantelamento de plataformas mariñas, no prazo de 10 anos contados desde a conclusión do período impositivo en que se reduza a base impoñible en concepto de esgotamento. A mesma consideración terán as actividades de exploración, investigación e explotación realizadas nos 4 anos anteriores ao primeiro período impositivo en que se reduza a base impoñible en concepto de esgotamento.

Para estes efectos, entenderase por exploración ou investigación os estudos preliminares de natureza xeolóxica, xeofísica ou sísmica, así como todos os gastos realizados na área dun permiso de exploración ou investigación, tales como as sondaxes de exploración, así como os de avaliación e desenvolvemento, se resultan negativos, os gastos de obras para o acceso e preparación dos terreos e de localización das ditas sondaxes. Tamén se considerarán gastos de exploración ou investigación os realizados nunha concesión e que se refiran a traballos para a localización e perforación dunha estrutura capaz de conter ou almacenar hidrocarburos, distinta á que contén o xacemento que deu lugar á concesión de explotación outorgada. Entenderase por abandono de campos e desmantelamento de plataformas mariñas os traballos necesarios para desmantelar as instalacións produtivas terrestres ou as plataformas mariñas deixando libre e expedito o solo ou o espazo mariño que aquelas ocupaban na forma establecida polo decreto de outorgamento.

Entenderase, para estes efectos, por investimentos en explotación os realizados na área dunha concesión de explotación, tales como o deseño, a perforación e a construción dos pozos, as instalacións de explotación e calquera outro investimento, tanxible ou intanxible, necesario para poder levar a cabo os labores de explotación, sempre que non se correspondan con investimentos realizados polo concesionario nas actividades de exploración ou de investigación referidas anteriormente.

Incluiranse como explotación, para estes efectos, as sondaxes de avaliación e de desenvolvemento que resulten positivas.

2. En cada período impositivo deberán incrementarse as contas de reserva da entidade no importe que reduciu a base impoñible en concepto de factor de esgotamento.

3. Só se poderá dispor libremente das reservas constituídas en cumprimento do punto anterior na medida en que se vaian amortizando os bens financiados cos ditos fondos.

4. O contribuínte deberá recoller na memoria dos 10 exercicios seguintes a aquel en que se realizou a correspondente redución o importe desta, os investimentos realizados con cargo a ela e as amortizacións realizadas, así como calquera diminución nas contas de reservas que se incrementaron como consecuencia do previsto no punto 2 e o destino daquela.

Estes feitos poderán ser obxecto de comprobación durante este mesmo período, para o cal o contribuínte deberá achegar a contabilidade e os oportunos soportes documentais que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos ao factor de esgotamento.

5. Os investimentos financiados por aplicación do factor de esgotamento non se poderán acoller ás deducións previstas no capítulo IV do título VI.

Artigo 97. *Factor de esgotamento: incumprimento de requisitos.*

1. Transcorrido o prazo de 10 anos sen se ter investido ou téndose investido inadecuadamente o importe correspondente, integrárase na base impoñible do período impositivo concluído á expiración do dito prazo ou do exercicio en que se realizase a

inadecuada disposición, debendo liquidarse os correspondentes xuros de demora que se devindicarán desde o día en que finalice o período de pagamento voluntario da débeda correspondente ao período impositivo en que se realizou a correlativa redución.

2. No caso de liquidación da entidade ou de cambio do seu obxecto social, o importe pendente de aplicación do factor de esgotamento integrarase na base impoñible na forma e cos efectos previstos no punto anterior.

3. Do mesmo modo se procederá nos casos de cesión ou alleamento total ou parcial, fusión ou transformación da entidade, salvo que a entidade resultante continuadora da actividade teña como obxecto social, exclusivamente, o establecido no artigo 95 desta lei e asuma o cumprimento dos requisitos necesarios para consolidar o beneficio desfrutado pola entidade transmitente ou transformada, nos mesmos termos en que viña figurando na entidade anterior.

Artigo 98. *Titularidade compartida.*

No caso de que varias sociedades teñan a titularidade compartida dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación, atribuiranse a cada unha das entidades copartícipes os ingresos, gastos, rendas derivadas da transmisión de elementos patrimoniais e investimentos que lle sexan imputables, de acordo co seu grao de participación.

Artigo 99. *Amortización de investimentos intanxibles e gastos de investigación. Compensación de bases impoñibles negativas.*

1. Os activos intanxibles e gastos de natureza investigadora realizados en permisos e concesións vixentes, caducados ou extinguidos, consideraranse como activo intanxible desde o momento da súa realización e poderán amortizarse cunha cota anual máxima do 50 por cento. Inclúiranse neste concepto os traballos previos xeolóxicos, xeofísicos e sísmicos e as obras de acceso e preparación de terreos, así como as sondaxes de exploración, avaliación e desenvolvemento e as operacións de reacondicionamento de pozos e conservación de xacementos.

Non existirá período máximo de amortización dos activos intanxibles e gastos de investigación.

2. Os elementos tanxibles do activo poderán ser amortizados, seguindo o criterio de «unidade de produción», conforme un plan aceptado pola Administración nos termos da letra d) do punto 1 do artigo 12 desta lei.

3. As entidades a que se refire o artigo 95 desta lei compensarán as bases impoñibles negativas mediante o procedemento de reducir as bases impoñibles dos exercicios seguintes nun importe máximo anual do 50 por cento de cada unha daquelas.

Este procedemento de compensación de bases impoñibles negativas substitúe o establecido no artigo 26 desta lei.

CAPÍTULO X

Transparencia fiscal internacional

Artigo 100. *Imputación de rendas positivas obtidas por entidades non residentes.*

1. Os contribuíntes imputarán na súa base impoñible as rendas positivas a que se refiren os puntos 2 ou 3 deste artigo cando se cumpran as circunstancias seguintes:

a) Que por si soas ou conxuntamente con persoas ou entidades vinculadas no sentido do artigo 18 desta lei teñan unha participación igual ou superior ao 50 por cento no capital, os fondos propios, os resultados ou os dereitos de voto da entidade non residente en territorio español, na data do peche do exercicio social desta última.

O importe da renda positiva que se vaia imputar determinarase en proporción á participación nos resultados e, na súa falta, en proporción á participación no capital, nos fondos propios ou nos dereitos de voto.

b) Que o importe satisfeito pola entidade non residente en territorio español, imputable a algunha das clases de rendas previstas no punto 2 ou 3 deste artigo por razón de gravame de natureza idéntica ou análoga a este imposto, sexa inferior ao 75 por cento do que correspondería de acordo coas normas daquel.

2. Os contribuíntes imputarán a renda total obtida pola entidade non residente en territorio español, cando esta non dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais para a súa realización, incluso se as operacións teñen carácter recorrente. Non obstante, no caso de dividendos, participacións en beneficios ou rendas derivadas da transmisión de participacións, atenderase, en todo caso, ao disposto no punto 4 deste artigo.

Entenderase por renda total o importe da base imponible que resulte de aplicar os criterios e principios establecidos nesta lei e nas restantes disposicións relativas a este imposto para a determinación daquela.

Este punto non resultará de aplicación cando o contribuínte acredite que as referidas operacións se realizan cos medios materiais e persoais existentes nunha entidade non residente en territorio español pertencente ao mesmo grupo, no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, ou ben que a súa constitución e operativa responde a motivos económicos válidos.

A aplicación do disposto no primeiro parágrafo deste punto prevalecerá sobre o previsto no punto seguinte.

3. No suposto de non aplicarse o establecido no punto anterior, imputarase unicamente a renda positiva que proveña de cada unha das seguintes fontes:

a) Titularidade de bens inmobles rústicos e urbanos ou de dereitos reais que recaian sobre estes, salvo que estean afectos a unha actividade económica, ou cedidos en uso a entidades non residentes, pertencentes ao mesmo grupo de sociedades da titular no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, e igualmente estean afectos a unha actividade económica.

b) Participación en fondos propios de calquera tipo de entidade e cesión a terceiros de capitais propios, nos termos previstos nos puntos 1 e 2 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Non se entenderá incluída nesta letra a renda positiva que proceda dos seguintes activos financeiros:

1.º Os tidos para dar cumprimento a obrigacións legais e regulamentarias orixinadas polo exercicio de actividades económicas.

2.º Os que incorporen dereitos de crédito nacidos de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades económicas.

3.º Os tidos como consecuencia do exercicio de actividades de intermediación en mercados oficiais de valores.

4.º Os tidos por entidades de crédito e aseguradoras como consecuencia do exercicio das súas actividades, sen prexuízo do establecido na letra g).

A renda positiva derivada da cesión a terceiros de capitais propios entenderase que procede da realización de actividades crediticias e financeiras a que se refire a letra g) cando o cedente e o cesionario pertencen a un grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, e os ingresos do cesionario procedan, ao menos no 85 por cento, do exercicio de actividades económicas.

c) Operacións de capitalización e seguro que teñan como beneficiaria a propia entidade.

d) Propiedade industrial e intelectual, asistencia técnica, bens mobles, dereitos de imaxe e arrendamento ou subarrendamento de negocios ou minas, nos termos establecidos no punto 4 do artigo 25 da Lei 35/2006.

e) Transmisión dos bens e dereitos referidos nas letras a), b), c) e d) anteriores que xere rendas.

f) Instrumentos financeiros derivados, excepto os designados para cubrir un risco especificamente identificado derivado da realización de actividades económicas.

g) Actividades crediticias, financeiras, aseguradoras e de prestación de servizos realizadas, directa ou indirectamente, con persoas ou entidades residentes en territorio español e vinculadas no sentido do artigo 18 desta lei, en canto determinen gastos fiscalmente deducibles nas ditas entidades residentes.

Non se incluírá a renda positiva prevista nesta letra cando máis do 50 por cento dos ingresos derivados das actividades crediticias, financeiras, aseguradoras ou de prestación de servizos realizadas pola entidade non residente procedan de operacións efectuadas con persoas ou entidades non vinculadas no sentido do artigo 18 desta lei.

4. Non se imputarán as rendas previstas nas letras b) e e) anteriores, no suposto de valores derivados da participación no capital ou nos fondos propios de entidades que outorguen, ao menos, o 5 por cento do capital dunha entidade e se posúan durante un prazo mínimo dun ano, coa finalidade de dirixir e xestionar a participación, sempre que dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais, e a entidade participada non cumpra os requisitos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei.

No suposto de entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, os requisitos relativos á porcentaxe de participación, así como a existencia dunha dirección e xestión da participación determinarase tendo en conta todas as que formen parte del.

5. Non se imputarán as rendas previstas no punto 3 deste artigo cando a suma dos seus importes sexa inferior ao 15 por cento da renda total obtida pola entidade non residente, excepto as rendas a que se refire a letra g) dese punto, que se imputarán na súa totalidade.

6. Non se imputarán as rendas a que fai referencia o punto 3 deste artigo cando se correspondan con gastos fiscalmente non deducibles de entidades residentes en territorio español.

7. Estarán obrigadas á imputación prevista neste artigo as entidades residentes en territorio español comprendidas na letra a) do punto 1 que participen directamente na entidade non residente ou ben indirectamente a través doutra ou doutras entidades non residentes. Neste último caso o importe da renda positiva será o correspondente á participación indirecta.

8. A imputación realizarase no período impositivo que comprenda o día en que a entidade non residente en territorio español conclúse o seu exercicio social que, para estes efectos, non poderá entenderse de duración superior a 12 meses.

9. O importe das rendas positivas que se vaian imputar calcularase de acordo cos principios e criterios establecidos nesta lei e nas restantes disposicións relativas a este imposto para a determinación da base imponible.

Para estes efectos utilizarase o tipo de cambio vixente ao peche do exercicio social da entidade non residente en territorio español.

En ningún caso se imputará unha cantidade superior á renda total da entidade non residente.

10. Non se integrarán na base imponible os dividendos ou participacións en beneficios na parte que corresponda á renda positiva que fose incluída na base imponible. O mesmo tratamento se aplicará aos dividendos á conta.

En caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social, entendéndose aplicadas as últimas cantidades aboadas a tales reservas.

Unha mesma renda positiva soamente poderá ser obxecto de imputación por unha soa vez, calquera que sexa a forma e a entidade en que se manifieste.

11. Serán deducibles da cota íntegra os seguintes conceptos:

a) Os impostos ou gravames de natureza idéntica ou análoga a este imposto, efectivamente satisfeitos, na parte que corresponda á renda positiva imputada na base imponible.

Consideraranse como impostos efectivamente satisfeitos os pagados tanto pola entidade non residente como polas súas participadas, sempre que sobre estas teña aquela a porcentaxe de participación establecida no artigo 32.3 desta lei.

b) O imposto ou gravame efectivamente satisfeito no estranxeiro por razón da distribución dos dividendos ou participacións en beneficios, sexa conforme un convenio para evitar a dobre imposición ou de acordo coa lexislación interna do país ou territorio de que se trate, na parte que corresponda á renda positiva imputada con anterioridade na base imponible.

Cando a participación sobre a entidade non residente sexa indirecta a través doutra ou doutras entidades non residentes, deducirase o imposto ou gravame de natureza idéntica ou análoga a este imposto efectivamente satisfeito por aquela ou aquelas na parte que corresponda á renda positiva imputada con anterioridade na base imponible.

Estas deducións practicaranse mesmo cando os impostos correspondan a períodos impositivos distintos a aquel en que se realizou a imputación.

En ningún caso se deducirán os impostos satisfeitos en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.

A suma das deducións das letras a) e b) deste punto non poderá exceder a cota íntegra que en España corresponda pagar pola renda positiva incluída na base imponible.

12. Para calcular a renda derivada da transmisión da participación, directa ou indirecta, o valor de adquisición incrementarase no importe dos beneficios sociais que, sen efectiva distribución, se correspondan con rendas que fosen imputadas aos socios como rendas das súas accións ou participacións no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e transmisión.

No caso de entidades que teñan a consideración de entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei, o valor de transmisión que se vaia computar será, como mínimo, o valor do patrimonio neto que corresponda aos valores transmitidos resultante do último balance cerrado, unha vez substituído o valor contable dos activos polo valor que terían para efectos do imposto sobre o patrimonio ou polo valor de mercado se este fose inferior.

13. Os contribuíntes aos cales lles sexa de aplicación o previsto no presente artigo deberán presentar conxuntamente coa declaración por este imposto os seguintes datos relativos á entidade non residente en territorio español:

- a) Nome ou razón social e lugar do domicilio social.
- b) Relación de administradores e lugar do seu domicilio fiscal.
- c) Balance, conta de perdas e ganancias e memoria.
- d) Importe da renda positiva que deba ser obxecto de imputación na base imponible.
- e) Xustificación dos impostos satisfeitos respecto da renda positiva que deba ser obxecto de imputación na base imponible.

14. Cando a entidade participada resida nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal ou nun país ou territorio de nula tributación, presumirase que:

- a) Se cumpre a circunstancia prevista na letra b) do punto 1.
- b) As rendas da entidade participada reúnen as características do punto 3 deste artigo.
- c) A renda obtida pola entidade participada é o 15 por cento do valor de adquisición da participación.

As presuncións contidas nos parágrafos anteriores admitirán proba en contrario.

15. Para os efectos do presente artigo entenderase que o grupo de sociedades a que se refire o artigo 42 do Código de comercio inclúe as entidades multigrupo e asociadas nos termos da lexislación mercantil.

16. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, sempre que o contribuínte acredite que a súa constitución e operativa responden a motivos económicos válidos e que realiza actividades económicas ou se trate dunha institución de investimento colectivo regulada na Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, distintas das previstas no artigo 54 desta lei, constituída e domiciliada nalgún Estado membro da Unión Europea.

CAPÍTULO XI

Incentivos fiscais para as entidades de dimensión reducida

Artigo 101. *Ámbito de aplicación. Cifra de negocios.*

1. Os incentivos fiscais establecidos neste capítulo aplicaranse sempre que o importe neto da cifra de negocios habida no período impositivo inmediato anterior sexa inferior a 10 millóns de euros.

Non obstante, estes incentivos non resultarán de aplicación cando a entidade teña a consideración de entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei.

2. Cando a entidade sexa de nova creación, o importe da cifra de negocios referirase ao primeiro período impositivo en que se desenvolva efectivamente a actividade. Se o período impositivo inmediato anterior tivese unha duración inferior ao ano, ou a actividade se desenvolvese durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3. Cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas, o importe neto da cifra de negocios referirase ao conxunto de entidades pertencentes ao dito grupo, tendo en conta as eliminacións e incorporacións que correspondan por aplicación da normativa contable. Igualmente se aplicará este criterio cando unha persoa física por si soa ou conxuntamente co cónxuxe ou outras persoas físicas unidas por vínculos de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o segundo grao inclusive, se encontren con relación a outras entidades das que sexan socios nalgunha das situacións a que se refire o artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia das entidades e da obrigaición de formular contas anuais consolidadas.

4. Os incentivos fiscais establecidos neste capítulo tamén serán de aplicación nos tres períodos impositivos inmediatos e seguintes a aquel período impositivo en que a entidade ou conxunto de entidades a que se refire o punto anterior alcancen a referida cifra de negocios de 10 millóns de euros, determinada de acordo co establecido neste artigo, sempre que estas cumprisen as condicións para ser consideradas como de dimensión reducida tanto naquel período como nos dous períodos impositivos anteriores a este último.

O establecido no parágrafo anterior será igualmente aplicable cando esa cifra de negocios se alcance como consecuencia de que se realizase unha operación acollida ao réxime fiscal establecido no capítulo VII do título VII desta lei, sempre que as entidades que realizasen tal operación cumpran as condicións para ser consideradas como de dimensión reducida tanto no período impositivo en que se realice a operación como nos dous períodos impositivos anteriores a este último.

Artigo 102. *Liberdade de amortización.*

1. Os elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios, afectos a actividades económicas, postos á disposición do contribuínte no período impositivo en que se cumpran as condicións do artigo anterior, poderán ser amortizados libremente sempre que, durante os 24 meses seguintes á data do inicio do período impositivo en que os bens adquiridos entren en funcionamento, o cadro de persoal medio total da empresa se incremente respecto do cadro de persoal medio dos 12 meses anteriores, e ese incremento se manteña durante un período adicional doutros 24 meses.

A contía do investimento que poderá beneficiarse do réxime de liberdade de amortización será a que resulte de multiplicar a cifra de 120.000 euros polo referido incremento calculado con dous decimais.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

A liberdade de amortización será aplicable desde a entrada en funcionamento dos elementos que se poidan acoller a ela.

2. O réxime previsto no punto anterior tamén será de aplicación aos elementos encargados en virtude dun contrato de execución de obra suscrito no período impositivo, sempre que a súa posta á disposición sexa dentro dos 12 meses seguintes á súa conclusión.

3. O previsto nos dous puntos anteriores será igualmente de aplicación aos elementos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios construídos pola propia empresa.

4. No suposto de que se incumpra a obrigaçión de incrementar ou manter o cadro de persoal deberase proceder a ingresar a cota íntegra que correspondese á cantidade deducida en exceso máis os xuros de demora correspondentes.

O ingreso da cota íntegra e dos xuros de demora realizarase conxuntamente coa autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se incumprise unha ou outra obrigaçión.

5. O previsto neste artigo tamén será de aplicación aos elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios obxecto dun contrato de arrendamento financeiro, coa condición de que se exerza a opción de compra.

Artigo 103. *Amortización dos elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios e do inmovilizado intanxible.*

1. Os elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios, así como os elementos do inmovilizado intanxible, afectos en ambos os casos a actividades económicas, postos á disposición do contribuínte no período impositivo en que se cumpran as condicións do artigo 101 desta lei, poderán amortizarse en función do coeficiente que resulte de multiplicar por 2 o coeficiente de amortización lineal máximo previsto nas táboas de amortización oficialmente aprobadas.

2. O réxime previsto no punto anterior tamén será de aplicación aos elementos encargados en virtude dun contrato de execución de obra suscrito no período impositivo, sempre que a súa posta á disposición sexa dentro dos 12 meses seguintes á súa conclusión.

3. O previsto nos dous puntos anteriores será igualmente de aplicación aos elementos do inmovilizado material, intanxible e dos investimentos inmobiliarios construídos ou producidos pola propia empresa.

4. O réxime de amortización previsto neste artigo será compatible con calquera beneficio fiscal que poida proceder por razón dos elementos patrimoniais suxeitos a ela.

5. Os elementos do inmovilizado intanxible a que se refire o punto 3 do artigo 13 desta lei, adquiridos no período impositivo en que se cumpran as condicións do artigo 101 desta lei, poderán deducirse nun 150 por cento do importe que resulte de aplicar o dito punto.

Artigo 104. *Perdas por deterioración dos créditos por posibles insolvencias de debedores.*

1. No período impositivo en que se cumpran as condicións do artigo 101 desta lei, será deducible a perda por deterioración dos créditos para a cobertura do risco derivado das posibles insolvencias ata o límite do 1 por cento sobre os debedores existentes á conclusión do período impositivo.

2. Os debedores sobre os cales se recoñecese a perda por deterioración dos créditos por insolvencias establecidas no artigo 13.1 desta lei e aqueles outros cuxas perdas por deterioración non teñan o carácter de deducibles segundo o disposto no dito artigo, non se incluírán entre os debedores referidos no punto anterior.

3. O saldo da perda por deterioración efectuada de acordo co previsto no punto 1 non poderá exceder o límite citado no dito punto.

4. As perdas por deterioración dos créditos para a cobertura do risco derivado das posibles insolvencias dos debedores, efectuadas nos períodos impositivos nos cales se deixasen de cumprir as condicións do artigo 101 desta lei, non serán deducibles ata o importe do saldo da perda por deterioración a que se refire o punto 1.

Artigo 105. *Reserva de nivelación de bases impositibles.*

1. As entidades que cumpran as condicións establecidas no artigo 101 desta lei no período impositivo e apliquen o tipo de gravame previsto no primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 29 desta lei poderán minorar a súa base impositible positiva ata o 10 por cento do seu importe.

En todo caso, a minoración non poderá superar o importe de 1 millón de euros. Se o período impositivo ten unha duración inferior a un ano, o importe da minoración non poderá superar o resultado de multiplicar 1 millón de euros pola proporción existente entre a duración do período impositivo respecto do ano.

2. As cantidades a que se refire o punto anterior engadiranse á base impositible dos períodos impositivos que conclúan nos 5 anos inmediatos e sucesivos á finalización do período impositivo en que se realice esa minoración, sempre que o contribuínte teña unha base impositible negativa, e ata o importe dela.

O importe restante engadirase á base impositible do período impositivo correspondente á data de conclusión do referido prazo.

3. O contribuínte deberá dotar unha reserva polo importe da minoración a que se refire o punto 1 deste artigo, que será indispoñible ata o período impositivo en que se produza a adición á base impositible da entidade das cantidades a que se refire o punto anterior.

A reserva deberá dotarse con cargo aos resultados positivos do exercicio en que se realice a minoración en base impositible. En caso de non se poder dotar esta reserva, a minoración estará condicionada a que esta se dote con cargo aos primeiros resultados positivos de exercicios seguintes respecto dos cales resulte posible realizar esa dotación.

Para estes efectos, non se entenderá que se dispuxo da referida reserva nos seguintes casos:

- a) Cando o socio ou accionista exerza o seu dereito a separarse da entidade.
- b) Cando a reserva se elimine, total ou parcialmente, como consecuencia de operacións ás cales lles resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei.
- c) Cando a entidade deba aplicar a referida reserva en virtude dunha obrigaición de carácter legal.

4. A minoración prevista neste artigo terase en conta para os efectos de determinar os pagamentos fraccionados a que se refire o punto 3 do artigo 40 desta lei.

5. As cantidades destinadas á dotación da reserva prevista neste artigo non poderán aplicarse, simultaneamente, ao cumprimento da reserva de capitalización establecida no

artigo 25 desta lei nin da reserva para investimentos en Canarias prevista no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

6. O incumprimento do disposto neste artigo determinará a integración na cota íntegra do período impositivo en que teña lugar o incumprimento, a cota íntegra correspondente ás cantidades que foron obxecto de minoración, incrementadas nun 5 por cento, ademais dos xuros de demora.

CAPÍTULO XII

Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro

Artigo 106. *Contratos de arrendamento financeiro.*

1. O previsto neste artigo aplicarase aos contratos de arrendamento financeiro en que o arrendador sexa unha entidade de crédito ou un establecemento financeiro de crédito.

2. Os contratos a que se refire o punto anterior terán unha duración mínima de dous anos cando teñan por obxecto bens mobles e de 10 anos cando teñan por obxecto bens inmoables ou establecementos industriais. Non obstante, regulamentariamente, para evitar prácticas abusivas, poderán establecerse outros prazos mínimos de duración en función das características dos distintos bens que poidan constituir o seu obxecto.

3. As cotas de arrendamento financeiro deberán aparecer expresadas nos respectivos contratos diferenciando a parte que corresponda á recuperación do custo do ben pola entidade arrendadora, excluído o valor da opción de compra e a carga financeira exixida por ela, todo isto sen prexuízo da aplicación do gravame indirecto que corresponda.

4. O importe anual da parte das cotas de arrendamento financeiro correspondente á recuperación do custo do ben deberá permanecer igual ou ter carácter crecente ao longo do período contractual.

5. Terá, en todo caso, a consideración de gasto fiscalmente deducible a carga financeira satisfeita á entidade arrendadora.

6. A mesma consideración terá a parte das cotas de arrendamento financeiro satisfeitas correspondente á recuperación do custo do ben, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto terreos, soares e outros activos non amortizables. No caso de que tal condición concorra só nunha parte do ben obxecto da operación, poderá deducirse unicamente a proporción que corresponda aos elementos susceptibles de amortización, que deberá ser expresada diferenciadamente no respectivo contrato.

O importe da cantidade deducible de acordo co disposto no parágrafo anterior non poderá ser superior ao resultado de aplicar ao custo do ben o duplo do coeficiente de amortización lineal segundo táboas de amortización oficialmente aprobadas que corresponda ao citado ben. O exceso será deducible nos períodos impositivos sucesivos, respectando igual límite. Para o cálculo do citado límite terase en conta o momento da posta en condicións de funcionamento do ben. Tratándose dos contribuíntes a que se refire o capítulo XI do título VII desta lei, tomarase o duplo do coeficiente de amortización lineal segundo táboas de amortización oficialmente aprobadas multiplicado por 1,5.

7. A dedución das cantidades a que se refire o punto anterior non estará condicionada á súa imputación contable na conta de perdas e ganancias.

8. As entidades arrendatarias poderán optar a través dunha comunicación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, nos termos que regulamentariamente se establezan, por establecer que o momento temporal a que se refire o punto 6 se corresponde co momento do inicio efectivo da construción do activo, atendendo ao cumprimento simultáneo dos seguintes requisitos:

a) Que se trate de activos que teñan a consideración de elementos do inmovilizado material que sexan obxecto dun contrato de arrendamento financeiro, en que as cotas do

referido contrato se satisfagan de forma significativa antes da finalización da construción do activo.

- b) Que a construción destes activos implique un período mínimo de 12 meses.
- c) Que se trate de activos que reúnan requisitos técnicos e de deseño singulares e que non se correspondan con producións en serie.

Nos supostos de perda ou inutilización definitiva do ben por causa non imputable ao contribuínte e debidamente xustificada, non se integrará na base imponible do arrendatario a diferenza positiva entre a cantidade deducida en concepto de recuperación do custo do ben e a súa amortización contable.

CAPÍTULO XIII

Réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros

Artigo 107. *Entidades de tenza de valores estranxeiros.*

1. Poderán acollerse ao réxime previsto neste capítulo as entidades cuxo obxecto social comprenda a actividade de xestión e administración de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español mediante a correspondente organización de medios materiais e persoais.

Os valores ou participacións representativos da participación no capital da entidade de tenza de valores estranxeiros deberán ser nominativos.

As entidades sometidas aos réximes especiais das agrupacións de interese económico, españolas e europeas, e de unións temporais de empresas, non poderán acollerse ao réxime deste capítulo.

Tampouco poderán acollerse as entidades que teñan a consideración de entidade patrimonial nos termos establecidos no punto 2 do artigo 5 desta lei.

2. A opción polo réxime das entidades de tenza de valores estranxeiros deberá comunicarse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O réxime aplicarase ao período impositivo que finalice con posterioridade a tal comunicación e aos sucesivos que conclúan antes de que se comunique ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a renuncia ao réxime.

Poderanse establecer regulamentariamente os requisitos da comunicación e o contido da información que se subministre con ela.

Artigo 108. *Distribución de beneficios. Transmisión da participación.*

1. Os beneficios ou participacións en beneficios distribuídos aos socios con cargo ás rendas exentas a que se refire o artigo 21 desta lei que procedan de entidades non residentes en territorio español ou ás rendas exentas a que se refire o artigo 22 desta lei obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o perceptor sexa un contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, os beneficios percibidos terán o tratamento que corresponda de acordo con esta lei.

b) Cando o perceptor sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, o beneficio distribuído considerarase renda do aforro.

c) Cando o perceptor sexa unha entidade ou persoa física non residente en territorio español sen establecemento permanente, o beneficio distribuído non se entenderá obtido en territorio español.

A distribución da prima de emisión terá o tratamento previsto neste punto para a distribución de beneficios. Para estes efectos, entenderase que o primeiro beneficio distribuído procede de rendas exentas.

2. As rendas obtidas na transmisión da participación na entidade de tenza de valores ou nos supostos de separación do socio ou liquidación da entidade recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o perceptor sexa un contribuínte deste imposto ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en territorio español, e cumpra o requisito de participación na entidade de tenza de valores estranxeiros establecido no punto 1 do artigo 21 desta lei, poderá aplicar o réxime de exención nos termos previstos no dito artigo.

b) Cando o perceptor sexa unha entidade ou persoa física non residente en territorio español, non se entenderá obtida en territorio español a renda que se corresponda coas reservas dotadas con cargo ás rendas exentas ou con diferenzas de valor, imputables en ambos os casos ás participacións en entidades non residentes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei ou a establecementos permanentes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 22 desta lei.

3. A entidade de tenza de valores deberá mencionar na memoria o importe das rendas exentas e os impostos pagados no estranxeiro correspondentes a estas, así como facilitar aos seus socios a información necesaria para que estes poidan cumprir o previsto nos puntos anteriores.

4. O disposto na letra c) do punto 1 e na letra b) do punto 2 deste artigo non se aplicará cando o perceptor da renda resida nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.

CAPÍTULO XIV

Réxime de entidades parcialmente exentas

Artigo 109. *Ámbito de aplicación.*

O presente réxime aplicarase ás entidades a que se refire o artigo 9, punto 3, desta lei.

Artigo 110. *Rendas exentas.*

1. Estarán exentas as seguintes rendas obtidas polas entidades que se citan no artigo anterior:

a) As que procedan da realización de actividades que constitúan o seu obxecto ou finalidade específica, sempre que non teñan a consideración de actividades económicas. En particular, estarán exentas as cotas satisfeitas polos asociados, colaboradores ou benefactores, sempre que non se correspondan co dereito a percibir unha prestación derivada dunha actividade económica.

Para os efectos da aplicación deste réxime á entidade de dereito público Portos do Estado e ás autoridades portuarias, considerarase que non proceden da realización de actividades económicas os ingresos de natureza tributaria e os procedentes do exercicio da potestade sancionadora e da actividade administrativa realizadas polas autoridades portuarias, así como os procedentes da actividade de coordinación e control de eficiencia do sistema portuario realizada polo ente público Portos do Estado.

b) As derivadas de adquisicións e de transmisións a título lucrativo, sempre que unhas e outras se obteñan ou realicen en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica.

c) As que se poñan de manifesto na transmisión onerosa de bens afectos á realización do obxecto ou finalidade específica cando o total produto obtido se destine a novos investimentos en elementos do inmovilizado relacionadas co dito obxecto ou finalidade específica.

Os novos investimentos deberán realizarse dentro do prazo comprendido entre o ano anterior á data da entrega ou posta á disposición do elemento patrimonial e os tres anos posteriores e manterse no patrimonio da entidade durante 7 anos, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, dos admitidos no artigo 12.1 desta lei, que se aplique for inferior.

En caso de non realizarse o investimento dentro do prazo sinalado, a parte de cota íntegra correspondente á renda obtida ingresarase, ademais dos xuros de demora, conxuntamente coa cota correspondente ao período impositivo en que venceu aquel.

A transmisión dos ditos elementos antes do termo do mencionado prazo determinará a integración na base imponible da parte de renda non gravada, salvo que o importe obtido sexa obxecto dun novo reinvestimento.

2. A exención a que se refire o punto anterior non alcanzará os rendementos de actividades económicas, nin as rendas derivadas do patrimonio, nin as rendas obtidas en transmisións, distintas das sinaladas nel.

Artigo 111. *Determinación da base imponible.*

1. A base imponible determinarase aplicando as normas previstas no título IV desta lei.

2. Non terán a consideración de gastos fiscalmente deducibles, ademais dos establecidos no artigo 15 desta lei, os seguintes:

a) Os gastos imputables exclusivamente ás rendas exentas. Os gastos parcialmente imputables ás rendas non exentas serán deducibles na porcentaxe que representen os ingresos obtidos no exercicio de actividades económicas respecto dos ingresos totais da entidade.

b) As cantidades que constitúan aplicación de resultados e, en particular, dos que se destinen ao sostemento das actividades exentas a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo anterior.

CAPÍTULO XV

Réxime das comunidades titulares de montes veciñais en man común

Artigo 112. *Réxime das comunidades titulares de montes veciñais en man común.*

1. A base imponible correspondente ás comunidades titulares de montes veciñais en man común reducirase no importe dos beneficios do exercicio que se apliquen a:

a) Investimentos para a conservación, mellora, protección, acceso e servizos destinados ao uso social a que o monte estea destinado.

b) Gastos de conservación e mantemento do monte.

c) Financiamento de obras de infraestrutura e servizos públicos de interese social.

A aplicación do beneficio ás indicadas finalidades deberase efectuar no propio período impositivo ou nos 4 seguintes. En caso de non realizarse os investimentos ou gastos dentro do prazo sinalado, a parte da cota íntegra correspondente aos beneficios non aplicados efectivamente aos investimentos e gastos descritos, xunto cos xuros de demora, ingresarase conxuntamente coa cota correspondente ao período impositivo en que venceu o dito prazo.

A Administración tributaria, na comprobación do destino dos gastos e investimentos indicados, poderá solicitar os informes que precise das administracións autonómicas e locais competentes.

Esta redución é incompatible coa reserva de capitalización prevista no artigo 25 desta lei e coa reserva de nivelación de bases imposables prevista no artigo 105 desta lei.

2. Os beneficios poderán aplicarse nun prazo superior ao establecido no punto anterior, sempre que nese prazo o contribuínte formule un plan especial de investimentos e gastos e sexa aceptado pola Administración tributaria nos termos que se establezan regulamentariamente.

3. As comunidades titulares de montes veciñais en man común tributarán ao tipo xeral de gravame.

4. As comunidades titulares de montes veciñais en man común non estarán obrigadas a presentar declaración por este imposto naqueles períodos impositivos en que non obteñan ingresos sometidos a el, nin incorran en ningún gasto, nin realicen os investimentos e gastos a que se refire o punto 1.

5. Os partícipes ou membros das comunidades titulares de montes veciñais en man común integrarán na base do imposto sobre a renda das persoas físicas as cantidades que lles sexan efectivamente distribuídas pola comunidade. Estes ingresos terán o tratamento previsto para as participacións en beneficios de calquera tipo de entidade, a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

CAPÍTULO XVI

Réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe

Artigo 113. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderán acollerse ao réxime especial previsto neste capítulo:

a) As entidades inscritas nalgún dos rexistros de empresas navieiras referidos no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, cuxa actividade comprenda a explotación de buques propios ou arrendados.

b) As entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques a que se refire o punto seguinte. Para estes efectos, enténdese por xestión técnica e de tripulación a asunción da completa responsabilidade da explotación náutica do buque, así como de todos os deberes e responsabilidades impostos polo Código internacional de xestión para a seguridade da explotación dos buques e a prevención da contaminación adoptado pola Organización Marítima Internacional mediante a Resolución A 741.

2. Os buques cuxa explotación posibilita a aplicación do citado réxime deben reunir os seguintes requisitos:

a) Estar xestionados estratéxica e comercialmente desde España ou desde o resto da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo. Para estes efectos, enténdese por xestión estratéxica e comercial a asunción polo propietario do buque ou polo arrendatario do control e risco da actividade marítima ou de traballos no mar.

b) Ser aptos para a navegación marítima e estar destinados exclusivamente a actividades de transporte de mercadorías, pasaxeiros, salvamento e outros servizos prestados necesariamente no mar, sen prexuízo do establecido na letra c) seguinte.

c) Tratándose de buques destinados á actividade de remolque será necesario que menos do 50 por cento dos ingresos do período impositivo procedan de actividades que se realicen nos portos e na prestación de axuda a un buque autopropulsado para chegar a porto. No caso de buques con actividade de dragaxe, será necesario que máis do 50 por cento dos ingresos do período impositivo procedan da actividade de transporte e depósito no fondo do mar de materiais extraídos, alcanzando este réxime exclusivamente a esta parte da súa actividade.

Respecto das entidades que cedan o uso destes buques, este requisito entenderase cumprido cando xustifiquen que os ingresos da entidade que desenvolve a actividade de remolque ou dragaxe cumpre aquelas porcentaxes en cada un dos períodos impositivos en que sexa aplicable este réxime a aquelas entidades.

Os buques destinados á actividade de remolque e de dragaxe deberán estar rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

3. Cando o réxime sexa aplicable a contribuíntes con buques non rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, o incremento da porcentaxe da tonelaxe neta deses buques respecto do total da frota da entidade acollida ao réxime especial, calquera que sexa a súa causa, non impedirá a aplicación dese réxime coa condición de que a porcentaxe media da tonelaxe neta de buques rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea respecto da tonelaxe neta total referida ao ano anterior ao momento en que se produce ese incremento se manteña durante o período dos 3 anos posteriores.

Esta condición non se aplicará cando a porcentaxe da tonelaxe neta de buques rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea sexa ao menos do 60 por cento.

4. Non se poderá aplicar este réxime cando a totalidade dos buques non estean rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea. Tampouco poderán acollerse ao presente réxime os buques destinados, directa ou indirectamente, a actividades pesqueiras ou deportivas, nin os de lecer.

5. Non resultará de aplicación este réxime durante os períodos impositivos en que concorran simultaneamente as seguintes circunstancias:

- a) Que a entidade teña a condición de mediana ou grande empresa de acordo co disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea.
- b) Que perciban unha axuda de Estado de reestruturación concedida ao abeiro do establecido na Comunicación 2004/C244/02 da Comisión Europea.
- c) Que a Comisión Europea non tivese en conta os beneficios fiscais derivados da aplicación deste réxime cando tomou a decisión sobre a axuda de reestruturación.

Artigo 114. *Determinación da base impoñible polo método de estimación obxectiva.*

1. As entidades acollidas a este réxime determinarán a parte de base impoñible que se corresponda coa explotación, titularidade ou xestión técnica e de tripulación dos buques que reúnan os requisitos do artigo anterior, aplicando ás toneladas de rexistro neto de cada un deses buques a seguinte escala:

Toneladas de rexistro neto	Importe diario por cada 100 toneladas — Euros
Desde 0 e ata 1.000	0,90
Desde 1.001 e ata 10.000	0,70
Desde 10.001 e ata 25.000	0,40
Desde 25.001	0,20

Para a aplicación da escala tomaranse os días do período impositivo en que os buques estean á disposición do contribuínte ou nos cales se realizase a xestión técnica e de tripulación, excluindo os días en que non estean operativos como consecuencia de reparacións ordinarias ou extraordinarias.

A parte de base impoñible así determinada inclúe as rendas derivadas dos servizos de practicaxe, remolque, amarre e desamarre, prestados ao buque adscrito a este réxime, cando o buque sexa utilizado pola propia entidade, así como os servizos de carga,

descarga, estiba e desestiba relacionados coa carga do buque transportada nel, sempre que se facturen ao usuario do transporte e sexan prestados pola propia entidade ou por un terceiro non vinculado a ela.

A aplicación deste réxime deberá abarcar a totalidade dos buques do solicitante que cumpran os requisitos daquel, e os buques que se adquiran, arrenden ou xestionen con posterioridade á autorización, sempre que cumpran estes requisitos, e poderanse acoller a el buques tomados en fretamento, sempre que a suma da súa tonelaxe neta non supere o 75 por cento do total da frota da entidade ou, de ser o caso, do grupo fiscal suxeito ao réxime. No caso de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, a solicitude deberá estar referida a todas as entidades do grupo fiscal que cumpran os requisitos do artigo 113 desta lei.

2. A renda positiva ou negativa que, de ser o caso, se poña de manifesto como consecuencia da transmisión dun buque afecto a este réxime considerárase integrada na base impositiva calculada de acordo co punto anterior.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando se trate de buques cuxa titularidade xa se tiña cando se accedeu a este réxime especial ou de buques usados adquiridos unha vez comezada a súa aplicación, procederase do seguinte modo:

No primeiro exercicio en que sexa de aplicación o réxime ou no que se adquirisen os buques usados dotarase unha reserva indispoñible por un importe equivalente á diferenza positiva existente entre o valor normal de mercado e o valor neto contable de cada un dos buques afectados por esta regra, ou ben especificarase a citada diferenza, separadamente para cada un dos buques e durante todos os exercicios en que se manteña a titularidade destes, na memoria das súas contas anuais. No caso de buques adquiridos mediante unha operación á cal se lle aplicase o réxime especial do capítulo VII do título VII desta lei, o valor neto contable determinarase partindo do valor de adquisición polo que figurase na contabilidade da entidade transmitente.

O incumprimento da obriga de non disposición da reserva ou da obriga de mención na memoria constituirá infracción tributaria grave, e sancionárase cunha multa pecuniaria proporcional do cinco por cento do importe da citada diferenza.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O importe da citada reserva positiva, xunto coa diferenza positiva existente na data da transmisión entre a amortización fiscal e contable do buque alleado, engadirase á base impositiva a que se refire o punto 1 deste artigo cando se producise a mencionada transmisión. De igual modo se procederá se o buque se transmite, de forma directa ou indirecta, con ocasión dunha operación a que resulte de aplicación o réxime especial do capítulo VII do título VII desta lei.

3. A parte de base impositiva determinada segundo o punto 1 deste artigo non poderá ser compensada con bases impositivas negativas derivadas do resto das actividades da entidade navieira, nin do exercicio en curso nin dos anteriores, nin tampouco coas bases impositivas pendentes de compensar no momento de aplicación do presente réxime.

4. A determinación da parte de base impositiva que corresponda ao resto de actividades do contribuínte realizarase aplicando o réxime xeral do imposto, tendo en conta exclusivamente as rendas procedentes delas. Tratándose de actividade de dragaxe, esa parte de base impositiva incluirá a renda desa actividade non acollida a este réxime especial.

Esa parte de base impositiva estará integrada por todos os ingresos que non procedan de actividades acollidas ao réxime e polos gastos directamente relacionados coa obtención daqueles, así como pola parte dos gastos xerais de administración que proporcionalmente correspondan á cifra de negocio xerada por estas actividades.

Para os efectos do cumprimento deste réxime, a entidade deberá dispor dos rexistros contables necesarios para poder determinar os ingresos e gastos, directos ou indirectos, correspondentes ás actividades acollidas a este, así como os activos afectos a elas.

Artigo 115. *Tipo de gravame e cota.*

1. En todo caso, resultará de aplicación o tipo xeral de gravame previsto no primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 29 desta lei.

2. A parte da cota íntegra atribuíble á parte de base imponible determinada segundo o disposto no punto 1 do artigo 114 desta lei non poderá reducirse pola aplicación de ningún tipo de dedución ou bonificación. Así mesmo, a adquisición dos buques que se afecten ao presente réxime non suporá a aplicación de ningún incentivo nin dedución fiscal.

A parte de cota íntegra que proceda do resto de base imponible non se poderá minorar pola aplicación de deducións xeradas pola adquisición dos buques referidos antes da súa afectación ao réxime regulado neste capítulo.

Artigo 116. *Pagamentos fraccionados.*

Os contribuíntes que se acollan ao presente réxime deberán efectuar pagamentos fraccionados de acordo coa modalidade establecida no punto 3 do artigo 40 desta lei aplicada sobre a base imponible calculada conforme as regras establecidas no artigo 114 desta lei e aplicando a porcentaxe a que se refire o artigo 115 desta lei, sen computar ningunha dedución sobre a parte de cota derivada da parte de base imponible determinada segundo o disposto no punto 1 do artigo 114 desta lei.

Artigo 117. *Aplicación do réxime.*

1. O réxime tributario previsto neste capítulo aplicarase da seguinte forma:

a) A súa aplicación estará condicionada á autorización polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo de solicitude do contribuínte. Esta autorización concederase por un período de 10 anos a partir da data que estableza a autorización, e poderase solicitar a súa prórroga por períodos adicionais doutros 10 anos.

b) A solicitude deberá especificar o período impositivo a partir do cal vaia producir efectos e presentarse con anterioridade ao seu inicio.

c) A solicitude deberá resolverse no prazo máximo de tres meses. Transcorrido este, poderá entenderse desestimada.

Para a concesión do réxime, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá en conta a existencia dunha contribución efectiva aos obxectivos da política comunitaria de transporte marítimo, especialmente no relativo ao nivel tecnolóxico dos buques que garanta a seguridade na navegación e a prevención da contaminación do ambiente e ao mantemento do emprego comunitario tanto a bordo como en tarefas auxiliares do transporte marítimo. Para tal fin poderá solicitar informe previo dos organismos competentes.

d) O incumprimento das condicións do réxime ou a renuncia á súa aplicación impedirán formular unha nova solicitude ata que transcorra un mínimo de 5 anos.

e) A Administración tributaria poderá verificar a correcta aplicación do réxime e a concorrencia en cada exercicio dos requisitos exixidos para a súa aplicación.

2. O incumprimento dos requisitos establecidos no presente réxime implicará o cesamento dos efectos da autorización correspondente e a perda da totalidade dos beneficios fiscais derivados dela. Deberanse ingresar, xunto á cota do período impositivo en que se produciu o incumprimento, as cotas íntegras correspondentes ás cantidades que se deberían ter ingresado aplicando o réxime xeral deste imposto, na totalidade dos períodos a que resultou de aplicación a autorización, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de ser o caso, resulten procedentes.

O incumprimento da condición establecida no punto 3 do artigo 113 desta lei implicará a perda do réxime para aqueles buques adicionais que motivaron o incremento a que se refire o dito punto, procedendo a regularización establecida no parágrafo anterior que corresponda exclusivamente a tales buques.

Cando tal incremento sexa motivado pola baixa de buques rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea, a regularización corresponderá aos ditos buques por todos os períodos impositivos en que eles estivesen incluídos neste réxime.

3. A aplicación do réxime tributario previsto no presente capítulo será incompatible, para un mesmo buque, coa aplicación da disposición adicional cuarta desta lei.

TÍTULO VIII

Xestión do imposto

CAPÍTULO I

O índice de entidades

Artigo 118. *Índice de entidades.*

1. En cada delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria levarase un índice de entidades en que se inscribirán as que teñan o seu domicilio fiscal dentro do seu ámbito territorial, excepto as entidades a que se refire o punto 1 do artigo 9 desta lei.

2. Regulamentariamente estableceranse os procedementos de alta, inscrición e baixa no índice de entidades.

Artigo 119. *Baixa no índice de entidades.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria ditará, logo de audiencia dos interesados, acordo de baixa provisional nos seguintes casos:

a) Cando os débitos tributarios da entidade para coa Facenda pública do Estado sexan declarados falidos de conformidade co disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

b) Cando a entidade non presentase a declaración por este imposto correspondente a 3 períodos impositivos consecutivos.

2. O acordo de baixa provisional será notificado ao rexistro público correspondente, que deberá proceder a practicar na folla aberta á entidade afectada unha nota marxinal en que se fará constar que, no sucesivo, non se poderá realizar ningunha inscrición que concirna aquela sen presentación de certificación de alta no índice de entidades.

3. O acordo de baixa provisional non exime a entidade afectada de ningunha das obrigacións tributarias que lle poidan incumbir.

CAPÍTULO II

Obrigacións contables. Bens e dereitos non contabilizados. Revalorizacións voluntarias. Estimación de rendas no método de estimación indirecta

Artigo 120. *Obrigacións contables. Facultades da Administración tributaria.*

1. Os contribuíntes deste imposto deberán levar a súa contabilidade de acordo co previsto no Código de comercio ou co establecido nas normas polas que se rexen.

En todo caso, os contribuíntes a que se refire o capítulo XIV do título VII desta lei levarán a súa contabilidade de tal forma que permita identificar os ingresos e gastos correspondentes ás rendas exentas e non exentas.

2. A Administración tributaria poderá realizar a comprobación e investigación mediante o exame da contabilidade, libros, correspondencia, documentación e xustificantes concernentes aos negocios do contribuínte, incluídos os programas de contabilidade e os arquivos e soportes magnéticos. A Administración tributaria poderá analizar directamente a documentación e os demais elementos a que se refire o parágrafo

anterior e tomar nota por medio dos seus axentes dos apuntamentos contables que se coiden precisos e obter copia ao seu cargo, mesmo en soportes magnéticos, de calquera dos datos ou documentos a que se refire este punto.

A Administración tributaria poderá comprobar e investigar os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións, valores e demais circunstancias determinantes da obrigaçión tributaria. Neste sentido, poderá regularizar os importes correspondentes a aquelas partidas que se integren na base imponible nos períodos impositivos obxecto de comprobación, mesmo cando deriven de operacións realizadas en períodos impositivos prescritos.

3. As entidades dominantes dos grupos de sociedades do artigo 42 do Código de comercio estarán obrigadas, por requirimento da inspección dos tributos formulada no curso do procedemento de comprobación, a facilitar a conta de perdas e ganancias, o balance, o estado que reflecta os cambios no patrimonio neto do exercicio e o estado de fluxos de efectivo das entidades pertencentes ao grupo que non sexan residentes en territorio español. Tamén deberán facilitar os xustificantes e demais antecedentes relativos a tal documentación contable cando poidan ter transcendencia en relación con este imposto.

Artigo 121. Bens e dereitos non contabilizados ou non declarados: presunción de obtención de rendas.

1. Presumirase que foron adquiridos con cargo a renda non declarada os elementos patrimoniais cuxa titularidade corresponda ao contribuínte e non estean rexistrados nos seus libros de contabilidade.

A presunción procederá igualmente no caso de ocultación parcial do valor de adquisición.

2. Presumirase que os elementos patrimoniais non rexistrados en contabilidade son propiedade do contribuínte cando este teña a posesión sobre eles.

3. Presumirase que o importe da renda non declarada é o valor de adquisición dos bens ou dereitos non rexistrados en libros de contabilidade, minorado no importe das débedas efectivas contraídas para financiar tal adquisición, así mesmo non contabilizadas. En ningún caso o importe neto poderá resultar negativo.

A contía do valor de adquisición probarase a través dos documentos xustificativos desta ou, se non for posible, aplicando as regras de valoración establecidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Presumirase a existencia de rendas non declaradas cando fosen rexistradas nos libros de contabilidade do contribuínte débedas inexistentes.

5. O importe da renda consecuencia das presuncións contidas nos puntos anteriores imputarase ao período impositivo máis antigo de entre os non prescritos, excepto que o contribuínte probe que corresponde a outro ou outros.

6. En todo caso, entenderase que foron adquiridos con cargo a renda non declarada que se imputará ao período impositivo máis antigo de entre os non prescritos susceptible de regularización, os bens e dereitos respecto dos cales o contribuínte non cumprise no prazo establecido para o efecto a obrigaçión de información a que se refire a disposición adicional décimo oitava da Lei xeral tributaria.

Non obstante, non resultará de aplicación o previsto neste punto cando o contribuínte acredite que os bens e dereitos cuxa titularidade lle corresponde foron adquiridos con cargo a rendas declaradas ou ben con cargo a rendas obtidas en períodos impositivos respecto dos cales non tivese a condición de contribuínte deste imposto.

7. O valor dos elementos patrimoniais a que se refiren os puntos 1 e 6, en canto fose incorporado á base imponible, será válido para todos os efectos fiscais.

Artigo 122. Revalorizacións contables voluntarias.

1. Os contribuíntes que realizen revalorizacións contables cuxo importe non se inclúe na base impositiva deberán mencionar na memoria o importe daquelas, os elementos afectados e o período ou períodos impositivos en que se practicaron.

As citadas mencións deberán realizarse en todas e cada unha das memorias correspondentes aos exercicios en que os elementos revalorizados se achen no patrimonio do contribuínte.

2. Constituirá infracción tributaria grave o incumprimento da obrigaón establecida no punto anterior.

Esta infracción sancionase, por unha soa vez, cunha multa pecuniaria proporcional do 5 por cento do importe da revalorización, cuxo pagamento non determinará que o citado importe se incorpore, para efectos fiscais, ao valor do elemento patrimonial obxecto da revalorización.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 123. Estimación de rendas no método de estimación indirecta.

Cando a base impositiva se determine a través do método de estimación indirecta, as cesións de bens e dereitos e as prestacións de servizos, nas súas distintas modalidades, presumiranse retribuídas polo seu valor de mercado.

CAPÍTULO III**Declaración, autoliquidación e liquidación provisional****Artigo 124. Declaracións.**

1. Os contribuíntes estarán obrigados a presentar unha declaración por este imposto no lugar e na forma que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

A declaración presentase no prazo dos 25 días naturais seguintes aos 6 meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Se ao inicio do indicado prazo o ministro de Facenda e Administracións Públicas non determinase a forma de presentar a declaración dese período impositivo, a declaración presentase dentro dos 25 días naturais seguintes á data de entrada en vigor da norma que determine esa forma de presentación. Non obstante, en tal suposto o contribuínte poderá optar por presentar a declaración no prazo a que se refire o parágrafo anterior cumprindo os requisitos formais que se establecesen para a declaración do período impositivo precedente.

2. Os contribuíntes exentos a que se refire o punto 1 do artigo 9 desta lei non estarán obrigados a declarar.

3. Os contribuíntes a que se refiren os puntos 2, 3 e 4 do artigo 9 desta lei estarán obrigados a declarar a totalidade das súas rendas, exentas e non exentas.

Artigo 125. Autoliquidación e ingreso da débeda tributaria.

1. Os contribuíntes, ao tempo de presentaren a súa declaración, deberán determinar a débeda correspondente e ingresala no lugar e na forma determinados polo ministro de Facenda e Administracións Públicas.

2. O pagamento da débeda tributaria poderá realizarse mediante entrega de bens integrantes do patrimonio histórico español que estean inscritos no Inventario xeral de bens mobles ou no Rexistro xeral de bens de interese cultural, de acordo co disposto no artigo setenta e tres da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

3. O dereito á aplicación de exencións, deducións ou calquera incentivo fiscal na base impositiva ou na cota íntegra estará condicionado ao cumprimento dos requisitos exixidos na normativa aplicable.

Salvo que especificamente se estableza outra cousa, cando con posterioridade á aplicación da exención, dedución ou incentivo fiscal se produza a perda do dereito a desfrutar deste, o contribuínte deberá ingresar xunto coa cota do período impositivo en que teña lugar o incumprimento dos requisitos ou condicións a cota íntegra ou cantidade deducida correspondente á exención, dedución ou incentivo aplicado en períodos anteriores, ademais dos xuros de demora.

Artigo 126. *Liquidación provisional.*

Os órganos de xestión tributaria poderán efectuar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto nos artigos 133 e 139 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da posterior comprobación e investigación que poida realizar a Inspección dos tributos.

CAPÍTULO IV

Devolución

Artigo 127. *Devolución.*

1. Cando a suma das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados deste imposto sexa superior ao importe da cota resultante da autoliquidación, a Administración tributaria practicará, se procede, liquidación provisional dentro dos 6 meses seguintes ao termo do prazo establecido para a presentación da declaración.

Cando a declaración fose presentada fóra de prazo, os 6 meses a que se refire o parágrafo anterior computaranse desde a data da súa presentación.

2. Cando a cota resultante da autoliquidación ou, de ser o caso, da liquidación provisional sexa inferior á suma das cantidades efectivamente retidas á conta deste imposto, dos ingresos á conta e dos pagamentos fraccionados deste imposto realizados, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a citada cota, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.

3. Se a liquidación provisional non se practicase no prazo establecido no punto 1 anterior, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a cota autoliquidada, sen prexuízo da práctica das liquidacións provisionais ou definitivas posteriores que poidan resultar procedentes.

4. Transcorrido o prazo establecido no punto 1 deste artigo sen que se ordenase o pagamento da devolución por causa non imputable ao contribuínte, aplicarase á cantidade pendente de devolución o xuro de demora na contía e forma previstas nos artigos 26.6 e 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5. O procedemento de devolución será o previsto nos artigos 124 a 127, ambos inclusive, da Lei xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO V

Obrigación de reter e ingresar á conta

Artigo 128. *Retencións e ingresos á conta.*

1. As entidades, incluídas as comunidades de bens e as de propietarios, que satisfagan ou aboem rendas suxeitas a este imposto, estarán obrigadas a reter ou a efectuar ingresos á conta, en concepto de pagamento á conta, da cantidade que resulte de aplicar as porcentaxes de retención indicadas no punto 6 deste artigo á base de retención determinada regulamentariamente, e a ingresar o seu importe no Tesouro nos casos e formas que se establezan.

Tamén estarán obrigadas a reter e ingresar as persoas físicas respecto das rendas que satisfagan ou aboem no exercicio das súas actividades económicas, así como as

persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español que operen nel mediante establecemento permanente.

Así mesmo, estará obrigado a practicar retención ou ingreso á conta o representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, que actúe en nome da entidade aseguradora que opere en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións que se realicen en España.

2. O suxeito obrigado a reter deberá presentar nos prazos, forma e lugares que se establezan regulamentariamente declaración das cantidades retidas ou declaración negativa cando non se producise a práctica destas. Así mesmo, presentará un resumo anual de retencións co contido que se determine regulamentariamente.

Os modelos de declaración correspondentes aprobaraos o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

3. O suxeito obrigado a reter estará obrigado a expedir, nas condicións que regulamentariamente se determinen, certificación acreditativa da retención practicada ou doutros pagamentos á conta efectuados.

4. Regulamentariamente estableceranse os supostos en que non existirá retención. En particular, non se practicará retención:

- a) Nas rendas obtidas polas entidades a que se refire o artigo 9.1 desta lei.
- b) Nos dividendos ou participacións en beneficios repartidos por agrupacións de interese económico, españolas e europeas, e por unións temporais de empresas que correspondan a socios que deban soportar a imputación da base imponible e procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade tributase segundo o disposto no réxime especial do capítulo II do título VII desta lei.
- c) Nos dividendos ou participacións en beneficios, xuros e outras rendas satisfeitas entre sociedades que formen parte dun grupo que tribute no réxime de consolidación fiscal.
- d) Nos dividendos ou participacións en beneficios a que se refire o punto 1 do artigo 21 desta lei.
- e) Nas rendas obtidas polo cambio de activos en que estean investidas as provisións dos seguros de vida en que o tomador asume o risco do investimento.
- f) Nos premios de loterías e apostas que, pola súa contía, estean exentos do gravame especial a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

5. Cando en virtude de resolución xudicial ou administrativa se deba satisfacer unha renda suxeita a retención ou ingreso á conta deste imposto, o pagador deberá practicala sobre a cantidade íntegra que veña obrigado a satisfacer e deberá ingresar o seu importe no Tesouro, de acordo co previsto neste artigo.

6. A porcentaxe de retención ou ingreso á conta será a seguinte:

- a) Con carácter xeral, o 19 por cento.
Cando se trate de rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas en tales territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal, esa porcentaxe dividirase por dous.
- b) No caso de rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, o 24 por cento.
- c) No caso de premios de loterías e apostas que, pola súa contía, estean suxeitos e non exentos do gravame especial de determinadas loterías e apostas a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, o 20 por cento. Neste

caso, a retención practícarase sobre o importe do premio suxeito e non exento, de acordo coa referida disposición.

Regulamentariamente poderán modificarse as porcentaxes de retención e ingreso á conta previstas neste punto.

Artigo 129. *Normas sobre retención, transmisión e obrigacións formais relativas a activos financeiros e outros valores mobiliarios.*

1. Nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta por este imposto, nos casos e na forma que regulamentariamente se estableza, as entidades xestoras, administradoras, depositarias, comercializadoras ou calquera outra encargada das operacións mencionadas, así como o representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e na disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que actúe en nome da xestora que opere en réxime de libre prestación de servizos.

Regulamentariamente poderá establecerse a obrigación de efectuar pagamentos á conta a cargo do transmitente de accións e participacións de institucións de investimento colectivo, co límite do 20 por cento da renda obtida nas citadas transmisións.

2. Para os efectos da obrigación de reter sobre os rendementos implícitos do capital mobiliario, á conta deste imposto, esta retención efectuarana as seguintes persoas ou entidades:

a) Nos rendementos obtidos na transmisión ou reembolso dos activos financeiros sobre os cales regulamentariamente se establecese a obrigación de reter, o retedor será a entidade emisora ou as institucións financeiras encargadas da operación.

b) Nos rendementos obtidos en transmisións relativas a operacións que non se documenten en títulos, así como nas transmisións encargadas a unha institución financeira, o retedor será o banco, caixa ou entidade que actúe por conta do transmitente.

c) Nos casos non recollidos nos parágrafos anteriores, será obrigatoria a intervención de fedatario público que practicará a correspondente retención.

3. Para proceder ao alleamento ou obtención do reembolso dos títulos ou activos con rendementos implícitos que deban ser obxecto de retención, deberase acreditar a súa adquisición previa con intervención dos fedatarios ou institucións financeiras mencionadas no punto anterior, así como o prezo a que se realizou a operación.

O emisor ou as institucións financeiras encargadas da operación que, de acordo co parágrafo anterior, non deban efectuar o reembolso ao redor do título ou activo, deberán constituír pola dita cantidade depósito á disposición da autoridade xudicial.

4. Os fedatarios públicos que interveñan ou medien na emisión, subscripción, transmisión, troca, conversión, cancelación e reembolso de efectos públicos, valores ou calquera outro título e activo financeiro, así como en operacións relativas a dereitos reais sobre eles, estarán obrigados a comunicar tales operacións á Administración tributaria presentando relación nominal de suxeitos intervinientes con indicación do seu domicilio e número de identificación fiscal, clase e número dos efectos públicos, valores, títulos e activos, así como do prezo e data da operación, nos prazos e de acordo co modelo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

A mesma obrigación recaerá sobre as entidades e establecementos financeiros de crédito, as sociedades e axencias de valores, os demais intermediarios financeiros e calquera persoa física ou xurídica que se dedique habitualmente á intermediación e colocación de efectos públicos, valores ou calquera outro título de activos financeiros, índices, futuros e opcións sobre eles; incluso os documentos mediante anotacións en conta, respecto das operacións que impliquen, directa ou indirectamente, a captación ou colocación de recursos a través de calquera clase de valores ou efectos.

Así mesmo, estarán suxeitas a esta obrigación de información as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e as entidades comercializadoras respecto das

accións e participacións nas ditas institucións incluídas nos seus rexistros de accionistas ou partícipes.

As obrigacións de información que establece este punto entenderanse cumpridas respecto ás operacións sometidas a retención que nel se mencionan, coa presentación da relación de perceptores, axustada ao modelo oficial do resumo anual de retencións correspondente.

5. Deberá comunicarse á Administración tributaria a emisión de certificados, xustificantes ou documentos representativos da adquisición de metais ou obxectos preciosos, timbres de valor filatélico ou pezas de valor numismático, polas persoas físicas ou xurídicas que se dediquen habitualmente á promoción do investimento nos ditos valores.

6. O disposto nos puntos 2 e 3 anteriores resultará aplicable en relación coa obrigação de reter ou de ingresar á conta que se estableza regulamentariamente respecto ás transmisións de activos financeiros de rendemento explícito.

CAPÍTULO VI

Conversión de activos por imposto diferido en crédito exixible fronte á Administración tributaria

Artigo 130. *Conversión de activos por imposto diferido en crédito exixible fronte á Administración tributaria.*

1. Os activos por imposto diferido correspondentes a dotacións por deterioración dos créditos ou doutros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos a entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 13.1.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos puntos 1 e 2 do artigo 14 desta lei, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, converteranse nun crédito exixible fronte á Administración tributaria, cando se dea calquera das seguintes circunstancias:

a) Que o contribuínte rexistre perdas contables nas súas contas anuais, auditadas e aprobadas polo órgano correspondente.

Neste suposto, o importe dos activos por imposto diferido obxecto de conversión estará determinado polo resultado de aplicar sobre o total destes a porcentaxe que representen as perdas contables do exercicio respecto da suma de capital e reservas.

b) Que a entidade sexa obxecto de liquidación ou insolvencia xudicialmente declarada.

Así mesmo, os activos por imposto diferido polo dereito a compensar en exercicios posteriores as bases impositivas negativas converteranse nun crédito exixible fronte á Administración tributaria cando aqueles sexan consecuencia de integrar na base impositiva as dotacións por deterioración dos créditos ou doutros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores, así como as dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, que xeraron os activos por imposto diferido a que se refire o primeiro parágrafo deste punto.

2. A conversión dos activos por imposto diferido a que se refire o punto anterior nun crédito exixible fronte á Administración tributaria producirase no momento da presentación da autoliquidación do imposto sobre sociedades correspondente ao período impositivo en que se producen as circunstancias descritas no punto anterior.

3. A conversión dos activos por imposto diferido nun crédito exixible fronte á Administración tributaria a que se refire o punto 1 deste artigo determinará que o contribuínte poida optar por solicitar o seu aboamento á Administración tributaria ou por compensar eses créditos con outras débedas de natureza tributaria de carácter estatal

que o propio contribuínte xere a partir do momento da conversión. O procedemento e o prazo de compensación ou aboamento estableceranse de forma regulamentaria.

4. Os activos por imposto diferido a que se refire o punto 1 anterior poderán trocarse por valores de débeda pública, unha vez transcorrido o prazo de 18 anos, computado desde o último día do período impositivo en que se produza o rexistro contable de tales activos. No suposto de activos rexistrados con anterioridade á entrada en vigor desta norma, este prazo computarase desde a dita entrada en vigor. O procedemento e o prazo da troca estableceranse de forma regulamentaria.

CAPÍTULO VII

Facultades da Administración para determinar a base imponible

Artigo 131. *Facultades da Administración para determinar a base imponible.*

Para os efectos de determinar a base imponible, a Administración tributaria aplicará as normas a que se refire o artigo 10.3 desta lei.

TÍTULO IX

Orde xurisdiccional

Artigo 132. *Xurisdición competente.*

A xurisdición contencioso-administrativa, logo de esgotamento da vía económico-administrativa, será a única competente para dirimir as controversias de feito e dereito que se susciten entre a Administración tributaria e os contribuíntes en relación con calquera das cuestións a que se refire esta lei.

Disposición adicional primeira. *Restricións á exención por dobre imposición de dividendos.*

Non terán dereito á exención prevista no artigo 21 desta lei:

a) Os beneficios distribuídos con cargo ás reservas constituídas cos resultados correspondentes aos incrementos de patrimonio a que se refire o punto 1 do artigo 3 da Lei 15/1992, do 5 de xuño, sobre medidas urxentes para a progresiva adaptación do sector petroleiro ao marco comunitario.

b) Os dividendos distribuídos con cargo a beneficios correspondentes a rendementos bonificados de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, e de rendementos procedentes de sociedades acollidas á bonificación establecida no artigo 19 da Lei foral 12/1993, do 15 de novembro, e na disposición adicional quinta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, ou de entidades ás cales lles sexa aplicable a exención prevista nas normas forais 5/1993, do 24 de xuño, de Bizkaia, 11/1993, do 26 de xuño, de Gipuzkoa, e 18/1993, do 5 de xullo, de Araba.

En caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social e, na súa falta, consideraranse aplicadas as últimas cantidades aboadas a tales reservas.

Disposición adicional segunda. *Réxime do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana en operacións de reestruturación empresarial.*

Non se devindicará o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana con ocasión das transmisións de terreos de natureza urbana derivadas de operacións ás cales lles resulte aplicable o réxime especial regulado en capítulo VII do

título VII desta lei, coa excepción das relativas a terreos que se acheguen ao abeiro do previsto no artigo 87 desta lei cando non estean integrados nunha rama de actividade.

Na posterior transmisión dos mencionados terreos entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas no capítulo VII do título VII.

Non será de aplicación o establecido no artigo 9.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional terceira. *Subvencións da política agraria e pesqueira comunitaria e axudas públicas.*

1. Non se integrarán na base impositiva do imposto sobre sociedades as rendas positivas que se poñan de manifesto como consecuencia:

a) Da percepción das seguintes axudas da política agraria comunitaria:

- 1.^a Abandono definitivo do cultivo da viña.
- 2.^a Prima á arrinca de plantacións de maceiras.
- 3.^a Prima á arrinca de plataneiras.
- 4.^a Abandono definitivo da produción leiteira.
- 5.^a Abandono definitivo do cultivo de peras, melocotóns e nectarinas.
- 6.^a Arrinca de plantacións de peras, melocotóns e nectarinas.
- 7.^a Abandono definitivo do cultivo da remolacha azucreira e da cana de azucre.

b) Da percepción das seguintes axudas da política pesqueira comunitaria: pola paralización definitiva da actividade pesqueira dun buque e pola súa transmisión para a constitución de sociedades mixtas en terceiros países, así como polo abandono definitivo da actividade pesqueira.

c) A percepción de axudas públicas que teñan por obxecto reparar a destrución, por incendio, inundación ou afundimento de elementos patrimoniais afectos ao exercicio de actividades económicas.

d) A percepción das axudas ao abandono da actividade de transporte por estrada satisfeitas polo Ministerio de Fomento a transportistas que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora da concesión desas axudas.

e) A percepción de indemnizacións públicas a causa do sacrificio obrigatorio do gando no marco de actuacións destinadas á erradicación de epidemias ou enfermidades. Esta disposición só afectará os animais destinados á reprodución.

2. Para calcular a renda que non se integrará na base impositiva terase en conta tanto o importe das axudas percibidas como as perdas patrimoniais que, de ser o caso, se produzan nos elementos afectos ás actividades. Cando o importe destas axudas sexa inferior ao das perdas producidas nos citados elementos, poderá integrarse na base impositiva a diferenza negativa. Cando non existan perdas, só se excluírá de gravame o importe das axudas.

Disposición adicional cuarta. *Incentivos fiscais para a renovación da frota mercante.*

1. Poderanse amortizar de maneira acelerada os buques, embarcacións e artefactos navais que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se trate de buques, embarcacións ou artefactos navais novos que se puxesen á disposición do adquirente entre o 1 de xaneiro do ano 1999 e o 31 de decembro do ano 2003 ou que fosen encargados en virtude dun contrato de construción subscrito dentro dese período, sempre que a súa posta á disposición do adquirente sexa anterior ao 31 de decembro do ano 2006, ou ben que se trate de buques usados adquiridos despois do 1 de xaneiro de 1999 que fosen obxecto de melloras cuxo importe sexa superior ao 25 por cento do seu valor de adquisición e que se realizasen antes do 31 de decembro do ano 2003.

b) Que o buque, embarcación ou artefacto naval sexa inscribible nas listas primeira, segunda ou quinta do artigo 4.1 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

c) Que o contribuínte adquirente explore o buque, embarcación ou artefacto naval mediante a súa afectación á súa propia actividade, ou ben mediante o seu arrendamento a casco nu sempre que, neste último caso, a entidade arrendadora sexa unha agrupación española ou europea de interese económico e se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o arrendatario sexa unha persoa física ou xurídica que teña como actividade habitual a explotación de buques, embarcacións ou artefactos navais e que o elemento afecte a dita actividade.

2.º Que o arrendador traslade ao menos o 75 por cento da vantaxe fiscal obtida ao usuario.

Para estes efectos, a vantaxe fiscal valorarase na actualización, ao tipo que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, das diferenzas nos ingresos fiscais que se producirían con e sen a aplicación deste réxime.

3.º Que os socios da entidade arrendadora manteñan a participación nela durante ao menos as dúas terceiras partes do prazo do contrato de arrendamento.

4.º Que o prezo de adquisición do buque, embarcación ou artefacto naval, o tipo de xuro do financiamento utilizado e o importe do aluguer, sexan os normais de mercado entre partes independentes.

5.º Que non exista vinculación entre o vendedor do activo e o arrendatario deste.

6.º Que ao menos o 20 por cento dos recursos necesarios para financiar a adquisición do buque, embarcación ou artefacto naval proceda de fondos propios da agrupación.

d) Que se solicite e obteña a concesión do beneficio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con carácter previo á construción ou mellora do elemento. Para a concesión do beneficio, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá en conta, desde o punto de vista do interese xeral, que o proxecto presenta un interese económico e social significativo, en particular en materia de emprego. Para tal fin, será necesario o informe previo dos ministerios de Economía e Competitividade e de Fomento, segundo se trate de elementos novos ou usados respectivamente; a solicitude deberá resolverse no prazo máximo de 3 meses, transcorrido o cal poderá entenderse desestimada.

2. A amortización practicarase de acordo coas seguintes normas:

a) A amortización anual fiscalmente deducible terá como límite o 35 por cento do prezo de adquisición do buque ou do valor da mellora.

b) A amortización poderá realizarse con anterioridade á posta do buque, embarcación ou artefacto naval, en condicións de funcionamento ou do inicio da mellora, co límite das cantidades pagadas.

c) A dedución das cantidades que excedan o importe da depreciación efectiva non estará condicionada á súa imputación contable á conta de perdas e ganancias. Estas cantidades incrementarán a base imponible con ocasión da amortización ou transmisión do elemento que desfrutou daquela.

3. Os buques, embarcacións ou artefactos navais adquiridos en réxime de arrendamento financeiro poderán acollerse, alternativamente, á amortización especial prevista na presente norma ou ao disposto no artigo 106 desta lei.

4. Se os requisitos se incumpren posteriormente, o contribuínte perderá o beneficio da amortización acelerada e deberá ingresar o importe das cotas correspondentes aos exercicios durante os cales gozase deste incentivo fiscal, xunto coas sancións, recargas e xuros de demora que resulten procedentes.

Disposición adicional quinta. *Incidencia da reserva para investimentos en Canarias no cálculo dos pagamentos fraccionados.*

Para os efectos do disposto no punto 3 do artigo 40 desta lei, poderá reducirse da base imponible o importe da reserva para investimentos en Canarias, regulada no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que prevexa realizarse, rateada en cada un dos períodos dos 3, 9 ou 11 primeiros meses do período impositivo e co límite máximo do 90 por cento da base imponible de cada un deles.

Se o importe da reserva que efectivamente se dote é inferior en máis dun 20 por cento do importe da redución na base imponible realizada para calcular a contía de cada un dos pagamentos fraccionados elevados ao ano, a entidade estará obrigada a regularizar eses pagamentos pola diferenza entre a previsión inicial e a dotación efectiva, sen prexuízo da liquidación dos xuros e recargas que, de ser o caso, resulten procedentes.

Disposición adicional sexta. *Exención de rendas derivadas da transmisión de determinados inmobles.*

Estarán exentas nun 50 por cento as rendas positivas derivadas da transmisión de bens inmobles de natureza urbana que teñan a condición de activo non corrente ou que fosen clasificados como activos non correntes mantidos para a venda e que fosen adquiridos a título oneroso a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda de activos inmobiliarios do sector financeiro, e ata o 31 de decembro de 2012.

Non formarán parte da renda con dereito á exención o importe das perdas por deterioración relativas aos inmobles nin as cantidades correspondentes á reversión do exceso de amortización que fose fiscalmente deducible en relación coa amortización contabilizada.

Non resultará de aplicación a presente disposición cando o inmovible se adquirise ou transmitise a unha persoa ou entidade respecto da cal se produza algunha das circunstancias establecidas no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, ou ao cónxuxe da persoa anteriormente indicada ou a calquera persoa unida a esta por parentesco, en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído.

Disposición adicional sétima. *Entidades deportivas.*

O réxime fiscal previsto no capítulo VII do título VII desta lei resultará de aplicación no suposto de adscrición dun equipo profesional a unha sociedade anónima deportiva de nova creación, sempre que se axuste plenamente ás normas previstas na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e nos reais decretos 1084/1991, do 5 de xullo, e 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas.

Disposición adicional oitava. *Réxime fiscal especial aplicable ás operacións de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

1. O réxime fiscal establecido no capítulo VII do título VII desta lei, para as operacións mencionadas no seu artigo 76, incluídos os seus efectos nos demais tributos, será de aplicación ás transmisións do negocio ou de activos ou pasivos realizadas por entidades de crédito a favor doutra entidade de crédito, ao abeiro da normativa de reestruturación bancaria, mesmo cando non se correspondan coas operacións mencionadas nos artigos 76 e 87 desta lei.

2. As entidades de crédito que participen en tales operacións poderán instar ao Banco de España ou ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria que soliciten informe á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre as consecuencias tributarias que deriven delas.

O informe emitirase no prazo máximo dun mes e terá efectos vinculantes para os órganos e entidades da Administración tributaria encargados da aplicación dos tributos.

Disposición adicional novena. *Participacións preferentes.*

O réxime de información establecido no artigo 44 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, resultará de aplicación ás remuneracións derivadas das participacións preferentes que cumpran os requisitos previstos na disposición adicional primeira da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, calquera que sexa a cualificación contable.

Disposición adicional décima. *Facultades de comprobación da Administración tributaria.*

O disposto nos puntos 5 do artigo 26, 7 do artigo 31, 8 do artigo 32, 6 do artigo 39 e 2 do artigo 120 desta lei, resultará de aplicación nos procedementos de comprobación e investigación xa iniciados no momento da súa entrada en vigor en que, na dita data, non se formalizase proposta de liquidación.

Disposición adicional décimo primeira. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, entenderanse realizadas aos preceptos correspondentes desta lei.

Disposición adicional décimo segunda. *Grupos fiscais con entidade dominante sometida á normativa foral da Comunidade Autónoma do País Vasco.*

Para efectos do réxime de consolidación fiscal establecido no capítulo VI do título VII desta lei, os grupos fiscais nos cales a entidade dominante sexa unha entidade residente en territorio español e sometida á normativa foral no imposto sobre sociedades de conformidade co concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco equipararanse no seu tratamento fiscal aos grupos fiscais en que a entidade dominante sexa non residente en territorio español.

Disposición transitoria primeira. *Regularización de axustes extracontables.*

Os axustes extracontables, positivos e negativos, practicados para determinar as bases impositivas do imposto sobre sociedades correspondentes a períodos impositivos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, tomaranse en consideración para os efectos da determinación das bases impositivas correspondentes aos períodos impositivos en que sexa de aplicación esta lei, de acordo co previsto nas normas que os regularon.

En ningún caso será admisible que unha mesma renda non se tome en consideración ou o sexa dúas veces para os efectos da determinación da base impositiva polo imposto sobre sociedades.

No caso de operacións a prazos ou con prezo aprazado realizadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, as rendas pendentes de integrar en períodos impositivos iniciados a partir desa data integraranse na base impositiva de acordo co réxime fiscal que resulte de aplicación no momento en que se realizaron as operacións, mesmo cando a integración se realice en períodos impositivos iniciados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria segunda. *Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos e de fomento da minaría.*

1. As disposicións establecidas nesta lei para as actividades de investigación e de explotación de hidrocarburos serán de aplicación ás entidades con permiso de investigación e concesións de explotación que continúen rexéndose pola Lei 21/1974, do 27 de xuño, sobre a investigación e explotación de hidrocarburos.

2. Os activos que na entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades se estean amortizando de acordo cos coeficientes máximos de amortización establecidos no punto B.1 do artigo 47 do Real decreto 2362/1976, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei sobre investigación e explotación de hidrocarburos do 27 de xuño de 1974, poderán amortizarse aplicando os mencionados coeficientes, e deberán quedar totalmente amortizados no prazo máximo de 20 anos contado desde a citada data de entrada en vigor.

3. Os saldos pendentes de investimento correspondentes a suxeitos pasivos que, de acordo co punto 4 da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, optasen por aplicar o réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos establecido no capítulo X do título VIII da Lei 43/1995, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2002, aplicaranse na forma establecida no artigo 96 desta lei.

O prazo a que se refire o artigo 96 desta lei non será de aplicación cando as cantidades se destinen ao abandono de campos ou ao desmantelamento de plataformas mariñas sempre que correspondan a explotacións existentes no momento da entrada en vigor da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición transitoria terceira. *Beneficios fiscais da reconversión e reindustrialización.*

Os contribuíntes afectados polos reais decretos de reconversión desfrutarán dos beneficios fiscais establecidos pola Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización, nos termos que naqueles se prevé.

Disposición transitoria cuarta. *Contratos de arrendamento financeiro celebrados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Rexeranse ata o seu total cumprimento polas normas establecidas na disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, os contratos de arrendamento financeiro celebrados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que versen sobre bens cuxa entrega ao usuario se realizase igualmente con anterioridade á súa entrada en vigor, ou sobre bens inmoebles cuxa entrega se realizase dentro do prazo dos dous anos posteriores á dita data de entrada en vigor.

Disposición transitoria quinta. *Saldo da provisión para insolvencias amparada no artigo 82 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 2631/1982, do 15 de outubro.*

Os contribuíntes que na entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, tivesen constituído un fondo para provisión de insolvencias mediante o sistema regulado no punto 6 do artigo 82 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 2631/1982, do 15 de outubro, aplicarán o seu

saldo á cobertura dos créditos de dudoso cobramento existentes na dita data e o exceso, de ser o caso, aos que se vaian producindo con posterioridade ata a súa total extinción.

Entrementres, non serán deducibles as dotacións que se efectúen para a cobertura dos citados créditos.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio dos beneficios sobre operacións financeiras.*

As sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe que tivesen recoñecidos beneficios neste imposto o día 1 de xaneiro de 1979 para as operacións de financiamento e refinanciamento en función da súa lexislación específica e do establecido na disposición transitoria terceira, punto 2, da Lei 61/1978, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades e nas súas normas de desenvolvemento, conservarán tal dereito adquirido nos seus actuais termos. Así mesmo, os contribuíntes que na data de entrada en vigor da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, desfrutasen da bonificación a que se refiren o artigo 25.c) da Lei 61/1978; o artigo 1 do Real decreto lei 5/1980, do 19 de maio, sobre bonificación das cotas do imposto sobre sociedades, correspondente aos xuros que deben satisfacer corporacións locais, comunidades autónomas e Estado, en razón de determinados préstamos ou empréstitos; os artigos 6.5.º e 20 da Lei 12/1988, do 25 de maio, de beneficios fiscais relativos á Exposición Universal Sevilla 1992, aos actos conmemorativos do V Centenario do Descubrimento de América e aos Xogos Olímpicos de Barcelona 1992, e o artigo 6.5 da Lei 30/1990, do 27 de decembro, de beneficios fiscais relativos a Madrid Capital Europea da Cultura 1992, en virtude de resolución acordada polo Ministerio de Economía e Facenda, continuarán aplicándoa nos termos establecidos nas normas respectivas.

Disposición transitoria sétima. *Valor fiscal das participacións das institucións de investimento colectivo.*

Para os efectos de calcular o exceso do valor liquidativo a que fai referencia o artigo 54 desta lei, tomarase como valor de adquisición o valor liquidativo o primeiro día do primeiro período impositivo a que fose de aplicación a Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, respecto das participacións e accións que naquel posuise o contribuínte. A diferenza entre ese valor e o valor efectivo de adquisición non se tomará como valor de adquisición para os efectos da determinación das rendas derivadas da transmisión ou reembolso das accións ou participacións.

Os dividendos e participacións en beneficios distribuídos polas institucións de investimento colectivo que procedan de beneficios obtidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei 43/1995 integranse na base imponible dos seus socios ou partícipes. Para estes efectos, entenderase que as primeiras reservas distribuídas foron dotadas cos primeiros beneficios gañados.

Disposición transitoria oitava. *Réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de Lei da normativa de defensa da competencia.*

As transmisións de elementos patrimoniais que se realizasen nos termos establecidos na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, rexeranse polo establecido nela, mesmo cando o reinvestimento e os demais requisitos se produzan en períodos impositivos iniciados a partir da dita data.

Disposición transitoria novena. *Réxime fiscal das participacións en entidades que aplicasen o réxime fiscal especial de transparencia fiscal, establecido na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

1. Os dividendos e participacións en beneficios de entidades que procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe estivese suxeita ao réxime de transparencia fiscal establecido na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non tributarán no imposto sobre a renda das persoas físicas nin no imposto sobre sociedades. O importe destes dividendos ou participacións en beneficios non se integrará no valor de adquisición das accións ou participacións dos socios aos cales fosen imputados.

Tratándose dos socios que adquiriron as accións ou participacións con posterioridade á imputación, diminuirase o valor de adquisición daquelas en tales importes.

2. Non estarán suxeitos a retención ou ingreso á conta os dividendos ou participacións en beneficios a que se refire o punto anterior.

3. Na transmisión de accións e participacións no capital de entidades que estivesen suxeitas ao réxime de transparencia fiscal en períodos impositivos anteriores, o valor de adquisición incrementarase no importe dos beneficios sociais obtidos nos ditos períodos que, sen efectiva distribución, fosen imputados aos socios como rendas das súas accións ou participacións no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e transmisión en que as entidades tributasen baixo o citado réxime.

Disposición transitoria décima. *Réxime fiscal das participacións en entidades que aplicasen o réxime especial de sociedades patrimoniais establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

1. A distribución de beneficios obtidos en exercicios en que fose de aplicación o réxime especial das sociedades patrimoniais establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, recibirá o seguinte tratamento:

a) Cando o perceptor sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, os dividendos e participacións en beneficios a que se refiren as letras a) e b) do punto 1 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, non se integrarán na renda do período impositivo do dito imposto. A distribución do dividendo non estará suxeita a retención ou ingreso á conta.

b) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, os beneficios percibidos terán dereito á exención do 50 por cento do seu importe.

c) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, os beneficios percibidos terán o tratamento que lles corresponda de acordo co establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, para estes contribuíntes.

2. As rendas obtidas na transmisión da participación en entidades que se correspondan con reservas procedentes de beneficios obtidos en exercicios en que fose de aplicación o réxime das sociedades patrimoniais, recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o transmitente sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, para efectos da determinación da ganancia ou perda patrimonial aplicarase o disposto no artigo 35.1.c) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2006.

b) Cando o transmitente sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades, ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, en ningún caso poderá aplicar o réxime de exención previsto nesta lei.

Na determinación destas rendas, o valor de transmisión que se compute será, como mínimo, o valor do patrimonio neto que corresponda aos valores transmitidos resultante do último balance cerrado, unha vez substituído o valor contable dos activos non afectados polo valor que terían para efectos do imposto sobre o patrimonio, ou polo valor de mercado se for inferior.

O disposto no primeiro parágrafo tamén se aplicará nos supostos de disolución da entidade, separación do socio, fusión, escisión total ou parcial ou cesión global de activo e pasivo.

c) Cando o transmitente sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, terá o tratamento que lle corresponda de acordo co establecido para estes contribuíntes no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

3. As entidades que tributaron no réxime especial de sociedades patrimoniais deberán seguir cumprindo as obrigacións de información nos termos establecidos no artigo 47 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Disposición transitoria décimo primeira. Valor fiscal dos elementos patrimoniais adxudicados aos socios con ocasión da disolución de sociedades transparentes e de sociedades patrimoniais.

No suposto de sociedades transparentes que fosen obxecto de disolución e liquidación nos termos establecidos na disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, os elementos adquiridos polos socios terán o valor e a data de adquisición que se estableceron na referida disposición transitoria.

No suposto de sociedades patrimoniais que fosen obxecto de disolución e liquidación nos termos establecidos na disposición transitoria vixésimo cuarta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, os elementos adquiridos polos socios terán o valor e a data de adquisición que se estableceron na referida disposición transitoria.

Disposición transitoria décimo segunda. Réxime fiscal dos axustes contables pola primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, ou do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo.

Os cargos e aboamentos a partidas de reservas que se correspondan con gastos ou ingresos que, de acordo co disposto no terceiro parágrafo do punto 1 da disposición transitoria vixésimo sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, non foron obxecto de integración na base imponible con ocasión da primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, ou do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, tampouco serán obxecto de integración nela con ocasión da súa devindicación contable de novo segundo os criterios contables establecidos en tales normas.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente de aplicación con ocasión dos cargos e aboamentos a reservas que correspondese realizar con ocasión da primeira

aplicación do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo.

Disposición transitoria décimo terceira. *Aplicación da táboa de amortización prevista nesta lei en elementos patrimoniais adquiridos con anterioridade. Liberdade de amortización pendente de aplicar.*

1. Os elementos patrimoniais para os cales, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, se estivese aplicando un coeficiente de amortización distinto ao que lles correspondería por aplicación da táboa de amortización prevista no artigo 12.1 desta lei amortizaranse durante os períodos impositivos que resten ata completar a súa nova vida útil, de acordo coa referida táboa, sobre o valor neto fiscal do ben existente ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Así mesmo, aqueles contribuíntes que estivesen aplicando un método de amortización distinto ao resultante de aplicar os coeficientes de amortización lineal en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 e, en aplicación da táboa de amortización prevista nesta lei lles corresponda un prazo de amortización distinto, poderán optar por aplicar o método de amortización lineal no período que reste ata finalizar a súa nova vida útil, sobre o valor neto fiscal existente ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2015.

As adquisicións de activos novos realizadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2004 aplicarán os coeficientes de amortización lineal máximos previstos nesta lei, multiplicados por 1,1.

Os cambios nos coeficientes de amortización aplicados polos contribuíntes que se poidan orixinar a raíz da entrada en vigor da presente lei contabilizaranse como un cambio de estimación contable.

2. Os contribuíntes que realizen investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, aos cales lles resultase de aplicación a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, e polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, e teñan cantidades pendentes de aplicar, correspondentes á liberdade de amortización, poderán aplicar esas cantidades nas condicións alí establecidas.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Fondo de comercio financeiro.*

A dedución establecida no punto 5 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente para os períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, continuará sendo de aplicación, nos termos alí establecidos, respecto das adquisicións de valores representativos da participación en fondos propios de entidades non residentes en territorio español, realizadas ata o 21 de decembro de 2007, así como as realizadas cunha obrigaçión irrevogable convida ata o 21 de decembro de 2007, de acordo co sinalado no punto 3 do artigo 1 da Decisión da Comisión Europea do 28 de outubro de 2009 e no punto 3 do artigo 1 da Decisión da Comisión Europea do 12 de xaneiro de 2011.

Así mesmo, no caso de adquisición de valores que confiran a maioría da participación nos fondos propios de entidades residentes noutro Estado non membro da Unión Europea, realizadas entre o 21 de decembro de 2007 e o 21 de maio de 2011, poderá aplicarse a dedución establecida no referido punto 5 do artigo 12 cando se demostre a existencia de obstáculos xurídicos explícitos ás combinacións transfronteirizas de empresas, nos termos establecidos nos puntos 4 e 5 do artigo 1 da citada Decisión da Comisión do 12 de xaneiro de 2011.

Disposición transitoria décimo quinta. *Perdas por deterioración do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios, inmovilizado intanxible e valores representativos de débeda.*

A reversión das perdas por deterioración do inmovilizado material, investimentos inmobiliarios, inmovilizado intanxible e valores representativos de débeda que resultasen fiscalmente deducibles en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, integraranse na base imponible do imposto sobre sociedades do período impositivo en que se produza a recuperación do seu valor no ámbito contable.

No caso de inmovilizado intanxible de vida útil indefinida, a referida reversión integrarase na base imponible co límite do valor fiscal que tería o activo intanxible tendo en conta o disposto no artigo 13.3 desta lei.

Disposición transitoria décimo sexta. *Réxime transitorio aplicable ás perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades, e ás rendas negativas obtidas no estranxeiro a través dun establecemento permanente, xeradas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.*

1. A reversión das perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades que resultasen fiscalmente deducibles da base imponible do imposto sobre sociedades de acordo co establecido no punto 3 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, con independencia da súa imputación contable na conta de perdas e ganancias, integraranse na base imponible do período en que o valor dos fondos propios ao peche do exercicio exceda o do inicio, en proporción á súa participación, tendo en conta as achegas ou devolucións de achegas realizadas nel, co límite do dito exceso. Para estes efectos, entenderase que a diferenza positiva entre o valor dos fondos propios ao peche e ao inicio do exercicio, nos termos establecidos neste parágrafo, se corresponde, en primeiro lugar, con perdas por deterioración que resultaron fiscalmente deducibles.

Igualmente, serán obxecto de integración na base imponible as referidas perdas por deterioración, polo importe dos dividendos ou participacións en beneficios percibidos das entidades participadas, excepto que esa distribución non teña a condición de ingreso contable.

O disposto neste punto non resultará de aplicación respecto daquelas perdas por deterioración de valor da participación que veñan determinadas pola distribución de dividendos ou participacións en beneficios e que non desen lugar á aplicación da dedución por dobre imposición interna ou ben que as referidas perdas non resultasen fiscalmente deducibles no ámbito da dedución por dobre imposición internacional.

2. A reversión das perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de entidades que coticen nun mercado regulado ás cales non lles resultase de aplicación o punto 3 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, integraranse na base imponible do imposto sobre sociedades do período impositivo en que se produza a recuperación do seu valor no ámbito contable.

3. No caso de que un establecemento permanente obtivese rendas negativas netas que se integrasen na base imponible da entidade en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, a exención prevista no artigo 22 desta lei ou a dedución a que se refire o artigo 31 desta lei só se aplicarán ás rendas positivas obtidas con posterioridade a partir do momento en que superen a contía das ditas rendas negativas.

4. Se se produce a transmisión dun establecemento permanente e é de aplicación o réxime previsto na letra b) do punto 1 do artigo 77 desta lei, a base imponible da entidade transmitente residente en territorio español incrementarase no importe do exceso das

rendas negativas sobre as positivas imputadas polo establecemento permanente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, co límite da renda positiva derivada da súa transmisión.

5. No caso dunha unión temporal de empresas que, téndose acollido ao réxime de exención previsto no artigo 50 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente para períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, obtivese rendas negativas netas no estranxeiro que se integrasen na base imponible das entidades membros en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, cando en sucesivos exercicios a unión temporal obteña rendas positivas, as empresas membros integrarán na súa base imponible, con carácter positivo, a renda negativa previamente imputada, co límite do importe das ditas rendas positivas.

A mesma regra resultará de aplicación no suposto de entidades que participen en obras, servizos ou subministracións no estranxeiro mediante fórmulas de colaboración análogas ás unións temporais de empresas que se acollesen ao réxime de exención sinalado.

6. No suposto de operacións de reestruturación acollidas ao réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei:

a) Se o socio perde a calidade de residente en territorio español, a diferenza a que se refiren o punto 4 do artigo 80 e o punto 3 do artigo 81 desta lei corríxase, de ser o caso, no importe das perdas por deterioración do valor que fosen fiscalmente deducibles en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

b) Para efectos do previsto no punto 2 do artigo 84 desta lei, en ningún caso serán compensables as bases impositivas negativas correspondentes a perdas sufridas pola entidade transmitente que motivasen a depreciación da participación da entidade adquirente no capital da transmitente, ou a depreciación da participación doutra entidade nesta última cando todas elas formen parte dun grupo de sociedades a que se refire o artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas, cando calquera das referidas depreciacións se producise en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

7. O límite establecido no parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 26 desta lei non resultará de aplicación no importe das rendas correspondentes á reversión das perdas por deterioración que se integren na base imponible por aplicación do disposto nos puntos anteriores desta disposición transitoria, sempre que as perdas por deterioración deducidas durante o período impositivo en que se xeraron as bases impositivas negativas que se pretenden compensar representasen, ao menos, o 90 por cento dos gastos deducibles do dito período. En caso de que a entidade teña bases impositivas negativas xeradas en varios períodos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, este requisito poderá cumprirse mediante o cómputo agregado do conxunto dos gastos deducibles dos ditos períodos impositivos.

Disposición transitoria décimo sétima. *Réxime aplicable a determinados instrumentos financeiros emitidos ou outorgados con anterioridade ao 20 de xuño de 2014.*

O disposto na letra a) do artigo 15 e no punto 2 do artigo 21 desta lei non resultará de aplicación aos préstamos participativos outorgados con anterioridade ao 20 de xuño de 2014.

As operacións de préstamos de valores realizadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 rexeranse polo réxime fiscal establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria décimo oitava. *Endebedamento de operacións de adquisición de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades.*

1. O disposto na letra b) do artigo 67 desta lei non resultará de aplicación ás entidades que se incorporasen a un grupo fiscal en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 20 de xuño de 2014.

2. O disposto no punto 5 do artigo 16 e no artigo 83 desta lei non resultará de aplicación ás operacións de reestruturación realizadas con anterioridade ao 20 de xuño de 2014. Tampouco resultará de aplicación o disposto naqueles preceptos en relación con aquelas operacións de reestruturación realizadas a partir do 20 de xuño de 2014 entre entidades pertencentes ao mesmo grupo de consolidación fiscal en períodos impositivos iniciados con anterioridade á dita data.

Disposición transitoria décimo novena. *Rendas derivadas da transmisión de participacións.*

1. No suposto de transmisión de participacións no capital ou nos fondos propios de entidades, respecto das cales o contribuínte efectuase algunha corrección de valor que resultase fiscalmente deducible, a corrección de valor integrarase, en todo caso, na base imponible do contribuínte, para os efectos de determinar a exención a que se refire o artigo 21 desta lei.

2. O importe das rendas negativas derivadas da transmisión da participación nunha entidade residente minorarase no importe dos dividendos ou participacións en beneficios recibidos da entidade participada a partir dos períodos impositivos que se iniciasen no ano 2009 ata aqueles períodos impositivos que se iniciasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, sempre que os referidos dividendos ou participacións en beneficios non minorasen o seu valor de adquisición e tivesen dereito á aplicación da dedución por dobre imposición interna prevista no punto 2 do artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición transitoria vixésima. *Réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles.*

As cesións do dereito de uso ou de explotación de activos intanxibles que se realizasen con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, regularanse polo establecido no artigo 23 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción dada a este pola disposición adicional oitava.1.oito da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

Disposición transitoria vixésimo primeira. *Bases impositivas negativas pendentes de compensar no imposto sobre sociedades.*

As bases impositivas negativas pendentes de compensación ao inicio do primeiro período impositivo que comezase a partir do 1 de xaneiro de 2015 poderanse compensar nos períodos impositivos seguintes.

Disposición transitoria vixésimo segunda. *Entidades de nova creación. Tipo de gravame reducido por mantemento ou creación de emprego.*

1. As entidades de nova creación constituídas entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2014 que realicen actividades económicas tributarán de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

2. As entidades acollidas ao establecido na disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, regularanse polo establecido nela, mesmo cando os requisitos exixidos se produzan en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria vixésimo terceira. *Réxime transitorio no imposto sobre sociedades das deducións para evitar a dobre imposición.*

1. No suposto de adquisición de participacións que se producisen en períodos impositivos iniciados, no transmitente, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, os dividendos ou participacións en beneficios correspondentes a valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades residentes en territorio español que cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 desta lei terán dereito á exención prevista no citado artigo.

Non obstante, cumpríndose os referidos requisitos, a distribución de dividendos ou participacións en beneficios que se corresponda cunha diferenza positiva entre o prezo de adquisición da participación e o valor das achegas dos socios realizadas por calquera título non terá a consideración de renda e minorará o valor fiscal da participación. Adicionalmente, o contribuínte terá dereito a unha dedución do 100 por cento da cota íntegra que correspondese aos ditos dividendos ou participacións en beneficios cando:

a) O contribuínte probe que un importe equivalente ao dividendo ou participación en beneficios se integrou na base imponible do imposto sobre sociedades tributando a algún dos tipos de gravame previstos nos puntos 1, 2 e 7 do artigo 28 ou no artigo 114 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, en concepto de renda obtida polas sucesivas entidades propietarias da participación con ocasión da súa transmisión, e que esa renda non tivese dereito á dedución por dobre imposición interna de plusvalías prevista no dito texto refundido.

Neste suposto, cando as anteriores entidades propietarias da participación aplicasen ás rendas por elas obtidas con ocasión da súa transmisión a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios establecida no artigo 42 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a dedución será do 18 por cento do importe do dividendo ou da participación en beneficios.

b) O contribuínte probe que un importe equivalente ao dividendo ou participación en beneficios se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, en concepto de renda obtida polas sucesivas persoas físicas propietarias da participación, coa ocasión da súa transmisión.

Neste suposto, a dedución non poderá exceder o importe resultante de aplicar ao dividendo ou á participación en beneficios o tipo de gravame que no imposto sobre a renda das persoas físicas corresponde ás ganancias patrimoniais integradas na parte especial da base imponible ou na do aforro, para o caso de transmisións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2007.

A dedución establecida neste punto será de aplicación, igualmente, cando a distribución de dividendos ou a participación en beneficios non determine a integración de renda na base imponible por non ter a consideración de ingreso.

Esta dedución practicarase parcialmente cando a proba a que se refire este punto teña carácter parcial.

2. No suposto de adquisición de participacións que se producisen en períodos impositivos iniciados, no transmitente, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, os dividendos ou participacións en beneficios correspondentes a valores representativos do capital ou dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español que cumpran os requisitos establecidos no artigo 32 desta lei, e que se correspondan coa diferenza positiva entre o prezo de adquisición da participación e os fondos propios da

entidade participada no momento da adquisición non terá a consideración de renda e minorará o valor fiscal da participación, sempre que o contribuínte probe que un importe equivalente ao dividendo ou participación en beneficios tributou en España a través de calquera transmisión da participación. Adicionalmente, o contribuínte poderá aplicar a dedución prevista no artigo 32 desta lei, tendo en conta que o límite a que se refire o seu punto 4 se calculará en función da cota íntegra que resultaría de integrar na base imponible os referidos dividendos ou participacións en beneficios.

A mesma regra resultará de aplicación no suposto en que os dividendos ou participacións en beneficios non determinen a integración de renda na base imponible por non teren a consideración de ingreso.

3. No caso de dividendos e participacións en beneficios procedentes de valores representativos do capital ou os fondos propios de entidades residentes en territorio español, adquiridos antes da entrada en vigor do Real decreto lei 8/1996, do 7 de xuño, de medidas fiscais urxentes sobre corrección da dobre imposición intersocietaria e sobre incentivos á internacionalización das empresas, non resultará de aplicación o establecido no punto 1 desta disposición. Neste caso serán aplicables as restricións contidas no artigo 28 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na súa redacción orixinal, anterior á entrada en vigor do Real decreto lei 8/1996.

4. As deducións por dobre imposición establecidas nos artigos 30, 31 e 32, do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente nos períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, pendentes de aplicar na entrada en vigor desta lei, así como aquelas deducións xeradas por aplicación desta disposición non deducidas por insuficiencia de cota íntegra, poderán deducirse nos períodos impositivos seguintes.

O importe das deducións establecidas nesta disposición transitoria e nos artigos 30, 31.1.b) e 32.3 do citado texto refundido determinarase tendo en conta o tipo de gravame vixente no período impositivo en que esta se aplique.

5. No caso de operacións de reestruturación que se acollesen ao disposto no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente nos períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, para os efectos de evitar a dobre imposición que se poida producir por aplicación das regras de valoración previstas nos artigos 86, 87.2 e 94 do citado texto refundido, os beneficios distribuídos con cargo a rendas imputables aos bens achegados darán dereito á exención para evitar a dobre imposición de dividendos, calquera que sexa a porcentaxe de participación do socio e a súa antigüidade. Igual criterio se aplicará respecto das rendas xeradas na transmisión da participación.

Cando pola forma en como contabilizou a entidade adquirente non fose posible evitar a dobre imposición por aplicación das normas establecidas no punto anterior, esa entidade practicará, no momento da súa extinción, os axustes de signo contrario aos que tería practicado por aplicación das regras de valoración establecidas nos artigos 86, 87.2 e 94 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades. A entidade adquirente poderá practicar os referidos axustes de signo contrario con anterioridade á súa extinción, sempre que probe que os socios transmitiron a súa participación e co límite da contía que se integrase na base imponible destes con ocasión desa transmisión.

Disposición transitoria vixésimo cuarta. *Deducións para incentivar a realización de determinadas actividades pendentes de aplicar no imposto sobre sociedades.*

1. As deducións por investimentos en activos fixos materiais novos xerados de acordo co artigo 26 da Lei 61/1978, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que o contribuínte optase por aplicar nos períodos impositivos en que se realicen os pagamentos de acordo co establecido no artigo 218.3 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 2631/1982, do 15 de outubro, seguiranse aplicando nas liquidacións dos períodos impositivos en que se efectúan os referidos pagamentos, nas condicións e requisitos previstos na citada norma.

As deducións a que se refire o parágrafo anterior deduciranse respectando o límite sobre cota líquida previsto na referida lei e nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

Para estes efectos entenderase por cota líquida a resultante de minorar a cota íntegra nas deducións e bonificacións previstas nos capítulos II e III do título VI desta lei.

As deducións procedentes de diferentes modalidades ou períodos impositivos do artigo 26 da Lei 61/1978, do 27 de decembro, non poderán superar un límite conxunto do 35 por cento da cota líquida.

As deducións a que se refiren os parágrafos anteriores practícaranse unha vez realizadas as deducións e bonificacións establecidas nos capítulos II e III do título VI desta lei e, a continuación, as deducións establecidas no capítulo IV do título VI, cuxo límite se computará independentemente do establecido no parágrafo anterior.

2. As deducións na cota íntegra establecidas no artigo 69.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, xeradas en períodos impositivos en que fose de aplicación o réxime das sociedades patrimoniais, que estivesen pendentes de aplicar ao inicio do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2015, poderán deducirse a partir do dito período impositivo, cos límites e condicións establecidos nesta lei.

3. As deducións previstas no capítulo IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e no capítulo IV do título VI do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que estivesen pendentes de aplicar ao inicio do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2015, poderán deducirse a partir do dito período impositivo, cos requisitos previstos na súa respectiva normativa de aplicación con anterioridade a esa data, no prazo e coas condicións establecidos no artigo 39 desta lei. O límite establecido no referido artigo 39 aplicarase, igualmente, sobre a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios regulada no artigo 42 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, e a dita dedución computarase para efectos do cálculo do citado límite.

4. No suposto de entidades que teñan deducións por dobre imposición interna pendentes de aplicar procedentes da aplicación do artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, o límite establecido no último parágrafo do punto 1 do artigo 39 desta lei aplicarase sobre a cota íntegra minorada nas deducións para evitar a dobre imposición interna e internacional e as bonificacións aplicadas.

5. As rendas acollidas á dedución por investimento de beneficios prevista no artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, regularanse polo establecido nel e nas súas normas de desenvolvemento, mesmo cando o investimento e os demais requisitos se produzan en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015.

6. As rendas acollidas ao reinvestimento de beneficios extraordinarios prevista no artigo 21 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente ata 1 de xaneiro de 2002, que non aplicasen a dedución establecida no artigo 36 ter da Lei 43/1995 por aplicación do punto dous da disposición transitoria terceira da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, regularanse polo establecido no referido artigo 21 e nas súas normas de desenvolvemento.

7. As rendas acollidas á dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios prevista no artigo 42 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, regularanse polo establecido nel e nas súas normas de desenvolvemento, mesmo cando o reinvestimento e os demais requisitos se produzan en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Non obstante, no caso de operacións a prazos ou con prezo aprazado, as porcentaxes de dedución do 12 e 17 por cento establecidos no punto 1 dese artigo serán, respectivamente, do 10 e do 15 por cento, calquera que sexa o período impositivo en que se practique a dedución para as rendas integradas na base impositiva dos períodos impositivos iniciados dentro de 2015. Así mesmo, esas porcentaxes serán, respectivamente, do 7 e do 12 por cento calquera que sexa o período impositivo en que se practique a dedución para as rendas integradas na base impositiva dos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Disposición transitoria vixésimo quinta. *Grupos fiscais.*

1. As entidades que estean aplicando o réxime de consolidación fiscal na entrada en vigor desta lei continuarán na súa aplicación, de acordo coas normas contidas no capítulo VI do título VII desta lei.

2. As entidades que, de acordo co disposto no artigo 58 desta lei, cumpran as condicións para ser consideradas como dependentes dun grupo de consolidación fiscal, sen formaren parte del con anterioridade á entrada en vigor desta lei por non cumpriren os requisitos necesarios para iso, integraranse no mencionado grupo no primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2015. A opción e comunicación a que se refire o artigo 61 desta lei deberán realizarse dentro do referido período impositivo.

Non se extinguirá o grupo fiscal cando a súa entidade dominante en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 se converta en dependente dunha entidade non residente en territorio español por aplicación do disposto no artigo 58 desta lei no primeiro período impositivo que se inicie a partir da dita data, salvo que ese grupo fiscal se integre noutro xa existente. Neste último caso, resultarán de aplicación os efectos previstos no punto 3 do artigo 74 desta lei, e a opción e comunicación a que se refire o punto 6 do artigo 61 desta lei deberá realizarse dentro do primeiro período impositivo que se inicie en 2015.

3. As entidades que, de acordo co disposto no artigo 58 desta lei, cumpran as condicións para formar un grupo de consolidación fiscal, sen formaren parte del con anterioridade á entrada en vigor desta lei por non cumpriren os requisitos necesarios para iso, poderán optar pola aplicación do réxime de consolidación fiscal no primeiro período impositivo iniciado a partir do 1 de xaneiro de 2015, sempre que a opción e comunicación a que se refire o artigo 61 desta lei se realice antes da finalización do dito período impositivo.

4. Os efectos previstos no punto 3 do artigo 74 desta lei resultarán de aplicación no suposto de grupos fiscais respecto dos cales a entidade dominante adquira a condición de dependente dunha entidade residente en España, por aplicación do disposto no artigo 58 desta lei no primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2015. Neste suposto, a opción e comunicación a que se refire o artigo 61 desta lei deberán realizarse dentro do referido período impositivo.

5. No suposto en que dous ou máis grupos fiscais deban integrarse por aplicación do disposto no artigo 58 desta lei, esa integración e, de ser o caso, a incorporación doutras entidades no grupo fiscal respecto das cales a entidade dominante cumpra tal condición, poderase realizar no primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2016. Neste caso, aqueles poderán seguir aplicando o réxime de consolidación fiscal nos períodos impositivos que se inicien no ano 2015 coa mesma composición existente en 31 de decembro de 2014, sen prexuízo de que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 67 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente nos períodos impositivos que se iniciasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, que determine a incorporación ou a exclusión dalgunha entidade ou a extinción do grupo.

6. As eliminacións practicadas nun grupo fiscal en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 procedentes da transmisión de participacións

en entidades pendentes de incorporar na entrada en vigor desta lei incorporaranse de acordo co establecido no artigo 65 e resultaralles de aplicación o disposto no artigo 21 desta lei.

Disposición transitoria vixésimo sexta. *Réxime de consolidación fiscal dos grupos formados por entidades de crédito integrantes dun sistema institucional de protección das caixas de aforros.*

1. Para efectos da aplicación do réxime de consolidación fiscal establecido no capítulo VI do título VII desta lei, naqueles grupos cuxa entidade dominante sexa a entidade central dun sistema institucional de protección a que se refire a letra d) do punto 3 do artigo oitavo da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, teranse en consideración as seguintes especialidades:

a) Poderá aplicarse ese réxime desde o inicio do período impositivo en que se constituía o sistema institucional de protección. A opción e comunicación pola aplicación do dito réxime, a que se refire o artigo 61 desta lei, realizarase dentro do prazo que finaliza o día en que conclúa o dito período impositivo.

Incluiranse no grupo no mesmo período impositivo as sociedades que cumpran as condicións establecidas no artigo 58.2.a) desta lei, cuxas participacións representativas do seu capital social se achegasen á entidade central en cumprimento do plan de integración do sistema e tal entidade manteña a participación ata a conclusión dese período impositivo, a través de operacións acollidas ao réxime fiscal establecido no capítulo VII do título VII desta lei ou ao réxime establecido no artigo 7.1 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, e tivesen a consideración de sociedades dependentes da entidade de crédito achegante, como consecuencia de que esta última entidade tributaba nese réxime especial como entidade dominante.

b) Cando as entidades de crédito que se integran como entidades dependentes do grupo fiscal cuxa dominante é a entidade central estivesen tributando no réxime de consolidación fiscal como dominantes, mesmo cando se extingan eses grupos, non se incorporarán as eliminacións a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 74 desta lei, que se correspondan con operacións realizadas por entidades que se integran naquel outro grupo fiscal como entidades dependentes. Os resultados eliminados incorporaranse á base imponible desoutro grupo fiscal nos termos establecidos no artigo 65 desta lei.

c) As bases impositivas negativas pendentes de compensar polas entidades de crédito que cumpran as condicións establecidas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 58 desta lei, que estean integradas como sociedades dependentes no grupo fiscal cuxa dominante é a entidade central, poderán ser compensadas na base imponible do grupo, nos termos establecidos no artigo 67.e) desta lei, co límite da base imponible individual da entidade central ou da entidade bancaria a que, pola súa vez, a entidade central achegase todo o seu negocio financeiro, coa condición de que as caixas de aforros e, de ser o caso, a entidade central, con posterioridade á achega, non desenvolvan actividades económicas e as súas rendas se limiten aos rendementos procedentes do seu patrimonio ou das participacións no capital doutras entidades nas cales participen. Este tratamento non se verá afectado polo feito de que a achega do negocio financeiro non incluíse determinados activos e pasivos como consecuencia da existencia dalgunha condición que imposibilite a achega.

O anterior aplicarase mesmo no caso de que a entidade bancaria quede excluída do grupo en que a dominante é a entidade central, incluso no suposto de extinción daquel.

d) As deducións na cota pendentes de aplicar polas entidades de crédito que cumpran as condicións establecidas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 58 desta lei, que estean integradas como sociedades dependentes no grupo fiscal cuxa dominante é a entidade central, poderán deducirse na cota íntegra dese grupo fiscal co límite que correspondese no réxime individual de tributación á entidade central ou á entidade

bancaria a que, pola súa vez, a entidade central achegase todo o seu negocio financeiro, coa condición de que as caixas de aforros e, de ser o caso, a entidade central, con posterioridade á achega, non desenvolvan actividades económicas e as súas rendas se limiten aos rendementos procedentes do seu patrimonio ou das participacións no capital doutras entidades nas cales participen. Este tratamento non se verá afectado polo feito de que a achega do negocio financeiro non incluíse determinados activos e pasivos como consecuencia da existencia dalgunha condición que imposibilite a achega.

O anterior aplicárase mesmo no caso de que a entidade bancaria quede excluída do grupo en que a dominante é a entidade central, incluso no suposto de extinción daquel.

e) Cando se transmitan activos e pasivos á entidade central por parte das entidades de crédito como sociedades dependentes do grupo cuxa dominante é a entidade central, como consecuencia da constitución e ampliación do sistema institucional de protección, téndose realizado esa transmisión mediante operacións acollidas ao réxime fiscal establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ou ao réxime establecido no artigo 7.1 do Real decreto lei 11/2010, as rendas xeradas con anterioridade a esa transmisión imputables a eses activos e pasivos imputaranse á entidade central de acordo co previsto nas normas mercantís.

O establecido nas letras c) e d) anteriores tamén será de aplicación no caso de que con posterioridade á constitución do sistema institucional de protección, a entidade central pase a ter a consideración de dependente doutro grupo que tribute no réxime de consolidación fiscal.

2. Para efectos da aplicación tanto do réxime fiscal establecido no artigo 7.2 do Real decreto lei 11/2010, como do réxime fiscal establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, ao cal se acollisen transmisións de activos e pasivos realizadas entre entidades de crédito en cumprimento dos acordos dun sistema institucional de protección, a non integración de rendas a que se refiren ambos os réximes fiscais incluírá, de ser o caso, as eliminacións que tivesen que ser incorporadas na base imponible do grupo fiscal consecuencia daquelas transmisións, no suposto de que eses activos e pasivos formen parte do patrimonio de entidades integrantes dun grupo que estivese tributando segundo o réxime de consolidación fiscal.

3. Cando, no caso dos grupos a que se refire o punto 1 anterior que estivesen tributando no réxime de consolidación fiscal, quedase excluída deles a entidade bancaria á cal achegasen todo o seu negocio financeiro, incluso nos supostos de extinción do referido grupo fiscal, o establecido na letra a) do artigo 74.1 desta lei aplicárase coas seguintes especialidades:

a) Se a entidade bancaria mantén participacións en entidades que cumpran as condicións establecidas no artigo 58.3 desta lei, a entidade bancaria e as súas participadas que reúnan os requisitos para iso poderán aplicar o réxime de consolidación fiscal desde o inicio do período impositivo en que teña lugar esa exclusión. A opción e comunicación pola aplicación deste réxime, a que se refire o artigo 61 desta lei, realizarase dentro do prazo que finaliza o día en que conclúa ese período impositivo. En tal caso, os resultados eliminados incorporaranse á base imponible desoutro grupo fiscal nos termos establecidos no artigo 65 desta lei, sempre que se integren no dito grupo as entidades que interviñesen nas operacións que xerasen tales resultados.

b) Cando se cumpra o establecido na letra a) anterior, pero non se integren nese grupo algunha das entidades que interviñesen nas operacións que xerasen os resultados eliminados, tales resultados incorporaranse nos termos establecidos no artigo 65 desta lei, na base imponible do grupo persistente en que se xerou a renda que foi, no seu momento, obxecto da eliminación, coa condición de que tanto a outra entidade que non forma parte do grupo fiscal a que pertenza a entidade bancaria, como esta última entidade formen parte dun mesmo grupo a que se refire o artigo 42 do Código de comercio, con independencia da súa residencia e da obrigaçión de formular contas anuais consolidadas,

en que a dominante sexa a entidade central dun sistema institucional de protección ou a caixa de aforros que, en ambos os casos, achegasen todo o seu negocio financeiro á entidade bancaria.

Disposición transitoria vixésimo sétima. *Participacións no capital da entidade transmitente e da entidade adquirente.*

1. Non obstante o establecido no artigo 78 desta lei, no suposto de operacións acollidas ao réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII desta lei, cando a entidade adquirente participe no capital da entidade transmitente, en ao menos, un 5 por cento, o importe da diferenza entre o valor fiscal da participación e os fondos propios que se corresponda coa porcentaxe de participación adquirida nun período impositivo que, no transmitente, se iniciase con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 imputarase aos bens e dereitos adquiridos, aplicando o método de integración global establecido no artigo 46 do Código de comercio e demais normas de desenvolvemento, e a parte daquela diferenza que non fose imputada será fiscalmente deducible da base imponible, co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a participación non fose adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a persoas físicas residentes en territorio español, ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación ás referidas persoas ou entidades.

O requisito previsto nesta letra a) entenderase cumprido:

1.º Tratándose dunha participación adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada coa entidade adquirente que, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas ou entidades, cando o importe da diferenza mencionada no parágrafo anterior tributou en España a través de calquera transmisión da participación.

Igualmente, procederá a dedución da indicada diferenza cando o contribuínte probe que un importe equivalente a esta tributou efectivamente noutro Estado membro da Unión Europea, en concepto de beneficio obtido con ocasión da transmisión da participación, soportando un gravame equivalente ao que resultase de aplicar este imposto, sempre que o transmitente non resida nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.

2.º Tratándose dunha participación adquirida a persoas físicas residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas físicas, cando se probe que a ganancia patrimonial obtida por esas persoas físicas se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Que a entidade adquirente e a transmitente non formen parte dun grupo de sociedades, segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas.

O requisito establecido nesta letra b) non se aplicará respecto do prezo de adquisición da participación satisfeito pola persoa ou entidade transmitente cando, pola súa vez, a adquirise de persoas ou entidades non vinculadas residentes en territorio español.

Cando se cumpran os requisitos a) e b) anteriores, a valoración que resulte da parte imputada aos bens do activo fixo adquirido terá efectos fiscais, e será deducible da base imponible, no caso de bens amortizables, a amortización contable da dita parte imputada, nos termos previstos no artigo 12 desta lei, sendo igualmente aplicable a dedución establecida no punto 3 do artigo 13 desta lei.

O importe da diferenza fiscalmente deducible a que se refire esta disposición minorarase na contía das bases impositivas negativas pendentes de compensación na entidade transmitente que poidan ser compensadas pola entidade adquirente, en proporción á participación.

2. O réxime previsto no punto anterior resultará igualmente de aplicación ao importe das diferenzas a que se refire o seu parágrafo primeiro, xeradas con ocasión das operacións realizadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria vixésimo oitava. *Amortización de elementos patrimoniais obxecto de reinvestimento por empresas de dimensión reducida.*

As entidades que estean aplicando o disposto no artigo 113 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, poderán continuar a súa aplicación, cos requisitos e condicións establecidos naquel.

Disposición transitoria vixésimo novena. *Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.*

Os elementos patrimoniais respecto dos cales se obtivese a correspondente autorización administrativa en virtude do establecido no punto 11 do artigo 115 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, nun período impositivo iniciado antes do 1 de xaneiro de 2013, rexeranse, para efectos da aplicación do disposto no referido artigo e do réxime de entidades navieiras en función da tonelaxe, pola normativa vixente en 31 de decembro de 2012.

Disposición transitoria trixésima. *Aplicación da Decisión da Comisión Europea do 17 de xullo de 2013, relativa ao réxime fiscal aplicable a determinados acordos de arrendamento financeiro.*

De acordo co establecido nos artigos 1 e 3 da Decisión da Comisión Europea do 17 de xullo de 2013, relativa ao réxime fiscal aplicable a determinados acordos de arrendamento financeiro, as autorizacións administrativas concedidas entre o 30 de abril de 2007 e o 29 de xuño de 2011, en relación co punto 11 do artigo 115 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2012, e co réxime fiscal especial de entidades navieiras en función da tonelaxe, a favor de agrupacións de interese económico, reguladas pola Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, terán as seguintes especialidades:

a) O disposto no punto 11 do artigo 115 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2012, non resultará de aplicación na medida en que constituía axuda de Estado incompatible nos termos previstos pola referida decisión.

b) Non resultará de aplicación o réxime fiscal especial de entidades navieiras en función da tonelaxe ás agrupacións de interese económico, na medida en que constituía axuda de Estado incompatible nos termos previstos pola referida decisión.

Disposición transitoria trixésimo primeira. *Entidades de tenza de valores estranxeiros.*

As participacións adquiridas por entidades acollidas ao réxime fiscal especial de entidades de tenza de valores estranxeiros previsto no capítulo XIV do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos que se iniciasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, que tivesen un valor de adquisición superior a 6 millóns de euros sen cumprir o requisito de participación mínima establecido na letra a) do punto 1 do artigo 21 do citado texto refundido, poderán aplicar o réxime fiscal establecido nese artigo e no capítulo XIII do título VII desta lei, nos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Disposición transitoria trixésimo segunda. *Sociedades civís suxeitas a este imposto.*

1. O previsto nesta disposición será de aplicación ás sociedades civís e aos seus socios aos cales lles resultase de aplicación o réxime de atribución de rendas, de acordo co establecido na sección 2.^a do título X da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 e teñan a consideración de contribuíntes do imposto sobre sociedades a partir desa data.

2. A integración das rendas devindicadas e non integradas na base imponible dos períodos impositivos en que a entidade tributou no réxime de atribución de rendas realizarase na base imponible do imposto sobre sociedades correspondente ao primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2016. As rendas que se integrasen na base imponible do contribuínte en aplicación do réxime de atribución de rendas non se integrarán novamente con ocasión da súa devindicación.

En ningún caso os cambios de criterio de imputación temporal consecuencia da consideración das sociedades civís como contribuíntes do imposto sobre sociedades a partir do 1 de xaneiro de 2016 comportarán que algún gasto ou ingreso quede sen computar ou que se impute novamente noutro período impositivo.

3. Cando a sociedade civil tivese a obrigación de levar contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio nos exercicios 2014 e 2015 conforme o disposto no artigo 68 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, aplicaranse as seguintes regras:

a) A distribución de beneficios obtidos en períodos impositivos en que fose de aplicación o réxime de atribución de rendas, calquera que sexa a entidade que reparta os beneficios obtidos polas sociedades civís, o momento en que a repartición se realice e o réxime fiscal especial aplicable ás entidades nese momento, recibirá o seguinte tratamento:

1.º Cando o perceptor sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, os beneficios a que se refiren as letras a) e b) do punto 1 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, non se integrarán na base imponible. A distribución deses beneficios non estará suxeita a retención ou ingreso á conta.

2.º Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, os beneficios percibidos non se integrarán na base imponible. A distribución deses beneficios non estará suxeita a retención ou ingreso á conta.

3.º Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, os beneficios percibidos terán o tratamento que lles corresponda de acordo co establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre non residentes para estes contribuíntes.

b) As rendas obtidas na transmisión da participación nas sociedades civís que se correspondan con reservas procedentes de beneficios non distribuídos obtidos en exercicios en que fose de aplicación o réxime de atribución de rendas, calquera que sexa a entidade cuxas participacións se transmiten, o momento en que se realiza a transmisión e o réxime fiscal especial aplicable ás entidades nese momento, recibirán o seguinte tratamento:

1.º Cando o transmitente sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, computarase pola diferenza entre o valor de adquisición e de titularidade e o valor de transmisión daquelas.

Para tal efecto, o valor de adquisición e de titularidade estimarase integrado:

Primeiro. Polo prezo ou cantidade desembolsada para a súa adquisición.

Segundo. Polo importe dos beneficios sociais que, sen efectiva distribución, fosen obtidos pola sociedade durante os períodos impositivos en que resultou de aplicación o réxime de atribución de rendas no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e o alleamento.

Terceiro. Tratándose de socios que adquiran a participación con posterioridade á obtención dos beneficios sociais, diminuírase o valor de adquisición no importe dos beneficios que procedan de períodos impositivos en que fose de aplicación o réxime de atribución de rendas.

2.º Cando o transmitente sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, aplicarase o disposto nesta lei.

3.º Cando o transmitente sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente terá o tratamento que lle corresponda de acordo co establecido para estes contribuíntes no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

4. No caso de sociedades civís distintas das previstas no punto 3 anterior, entenderase que en 1 de xaneiro de 2016, para efectos fiscais, a totalidade dos seus fondos propios están formados por achegas dos socios, co límite da diferenza entre o valor do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios, reflectidos nos correspondentes libros de rexistro, e o pasivo exixible, salvo que se probe a existencia doutros elementos patrimoniais.

As participacións en 1 de xaneiro de 2016 na sociedade civil adquiridas con anterioridade a tal data terán como valor de adquisición o que derive do disposto no parágrafo anterior.

Disposición transitoria trixésimo terceira. Conversión de activos por imposto diferido xerados en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 en crédito exixible fronte á Administración tributaria.

O réxime establecido no artigo 130 desta lei resultará de aplicación aos activos por imposto diferido xerados en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, correspondentes a dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos a entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 13.1.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos artigos 13.1.b) e 14.1.f) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción vixente en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación.

No suposto de activos rexistrados con anterioridade ao primeiro período impositivo que se iniciase a partir do 1 de xaneiro de 2014, o prazo a que se refire o punto 4 do artigo 130 desta lei computarase desde o último día do citado período impositivo.

Disposición transitoria trixésimo cuarta. Medidas temporais aplicables no período impositivo 2015.

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien dentro do ano 2015, aplicaranse as seguintes especialidades:

a) A letra a) do punto 1 do artigo 7 desta lei terá a seguinte redacción:

«a) As persoas xurídicas, excepto as sociedades civís.»

b) Os contribuíntes que realizasen investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, ás cales lles resultase de aplicación a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, e polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, e teñan cantidades pendentes de aplicar, correspondentes á liberdade de amortización, poderán aplicar esas cantidades nas condicións alí establecidas.

Non obstante, nos períodos impositivos que se inicien dentro de 2015, os contribuíntes que realizasen investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, aos cales lles resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, en períodos impositivos en que non cumprisen os requisitos establecidos no punto 1 do artigo 108 do citado texto refundido, e teñan cantidades pendentes de aplicar, poderán aplicalas, co límite do 40 por cento da base imponible previa á súa aplicación, á integración a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas.

Nos períodos impositivos que se inicien dentro do ano 2015, os contribuíntes que realizasen investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, aos cales lles resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción dada polo Real decreto lei 13/2010, en períodos impositivos en que non cumprisen os requisitos establecidos no punto 1 do artigo 108 do citado texto refundido, e teñan cantidades pendentes de aplicar, poderán aplicalas, co límite do 20 por cento da base imponible previa á súa aplicación, á integración a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei e á compensación de bases impositivas negativas.

No caso de que os contribuíntes teñan cantidades pendentes de aplicar nos termos sinalados nos dous parágrafos anteriores, aplicarán o límite do 40 por cento, ata que esgoten as cantidades pendentes xeradas consonte o disposto no Real decreto lei 6/2010, entendéndose aplicadas estas en primeiro lugar. Poderanse aplicar no mesmo período impositivo as cantidades pendentes segundo o disposto no parágrafo anterior, ata o importe da diferenza entre o límite previsto no dito parágrafo e as cantidades xa aplicadas no mesmo período impositivo.

Os límites previstos nos tres parágrafos anteriores aplicaranse, igualmente, respecto dos contribuíntes referidos nesta letra e os investimentos en curso realizados ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, que correspondan a elementos novos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a 2 anos entre a data de encargo ou inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento, aos cales lles resultase de aplicación a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, e polo Real decreto lei 13/2010.

c) A dedución da diferenza a que se refire a disposición transitoria décimo cuarta desta lei está suxeita ao límite da centésima parte do seu importe.

d) As deducións correspondentes ao fondo de comercio a que se refire o artigo 13.3 desta lei e á diferenza prevista na disposición transitoria vixésimo sétima desta lei están suxeitas ao límite anual máximo da centésima parte do seu importe.

O disposto nesta letra non resultará de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no punto 1 do artigo 101 desta lei.

e) A dedución correspondente ao inmovilizado intanxible de vida útil indefinida que non teña a consideración de fondo de comercio a que se refire o artigo 13.3 desta lei está suxeita ao límite anual máximo da cincuentava parte do seu importe.

O disposto nesta letra non resultará de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no punto 1 do artigo 101 desta lei.

f) Nos contratos de arrendamento financeiro vixentes cuxos períodos anuais de duración se inicien dentro do ano 2015, o requisito establecido no punto 4 do artigo 106 desta lei non será exixido ao importe da parte das cotas de arrendamento correspondente á recuperación do custo do ben.

O importe anual da parte desas cotas nese período non poderá exceder o 50 por cento do custo do ben, caso de bens mobles, ou do 10 por cento dese custo, tratándose de bens inmoables ou establecementos industriais.

g) Non resultará de aplicación o límite a que se refire o punto 1 do artigo 26 desta lei.

Non obstante, a compensación de bases impositivas negativas de exercicios anteriores, para os contribuíntes cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015, terá os seguintes límites:

– A compensación de bases impositivas negativas está limitada ao 50 por cento da base impositiva previa á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei e a dita compensación, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– A compensación de bases impositivas negativas está limitada ao 25 por cento da base impositiva previa á aplicación da reserva de capitalización establecida no artigo 25 desta lei e a dita compensación, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 60 millóns de euros.

A limitación á compensación de bases impositivas negativas non resultará de aplicación no importe das rendas correspondentes a quitacións e esperas consecuencia dun acordo cos acredores non vinculados co contribuínte.

h) As dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivados das posibles insolvencias de debedores, así como os correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, a que se refire o punto 12 do artigo 11 desta lei integraranse na base impositiva co límite da base impositiva positiva previa á súa integración e á compensación de bases impositivas negativas.

Non obstante, esa integración estará sometida aos límites sinalados na letra g) anterior, cando se dean as circunstancias alí establecidas. Estes límites aplicaranse sobre a base impositiva positiva previa á integración das referidas dotacións e á compensación de bases impositivas negativas.

i) O tipo xeral de gravame establecido no primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 29 desta lei será do 28 por cento.

Non obstante, tributarán ao tipo do 25 por cento:

1.º As mutuas de seguros xerais, as mutualidades de previsión social e as mutuas colaboradoras da Seguridade Social que cumpran os requisitos establecidos pola súa normativa reguladora.

2.º As sociedades de garantía recíproca e as sociedades de reafianzamento reguladas na Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre o réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, inscritas no rexistro especial do Banco de España.

3.º As sociedades cooperativas de crédito e caixas rurais, excepto polo que se refire aos resultados extracooperativos, que tributarán ao tipo do 30 por cento.

4.º Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais e os sindicatos de traballadores.

5.º As entidades sen fins lucrativos ás cales non lles sexa de aplicación o réxime fiscal establecido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6.º Os fondos de promoción de emprego constituídos ao amparo do artigo 22 da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.

7.º As unións, federacións e confederacións de cooperativas.

8.º A entidade de dereito público Portos do Estado e as autoridades portuarias.

As entidades que se dediquen á exploración, investigación e explotación de xacementos e almacenamentos subterráneos de hidrocarburos nos termos establecidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, tributarán ao tipo de gravame do 33 por cento.

9.º As comunidades titulares de montes veciñais en man común.

j) As entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 101 desta lei tributarán consonte a seguinte escala, excepto se de acordo co previsto no artigo 29 desta lei deben tributar a un tipo diferente do xeral:

1.º Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros, ao tipo do 25 por cento.

2.º Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 28 por cento.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, a parte da base imponible que tributará ao tipo do 25 por cento será a resultante de aplicar a 300.000 euros a proporción en que se achen o número de días do período impositivo entre 365 días, ou a base imponible do período impositivo cando esta sexa inferior.

k) As entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida nos períodos impositivos iniciados en 2015 sexa inferior a 5 millóns de euros e o cadro de persoal medio neles sexa inferior a 25 empregados tributarán ao tipo de gravame do 25 por cento.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

Para os efectos da aplicación do tipo de gravame previsto nesta letra, deberá terse en conta que:

1.º A aplicación do tipo de gravame previsto nesta letra está condicionada a que durante os 12 meses seguintes ao inicio dos períodos impositivos que comecen en 2015, o cadro de persoal medio da entidade non sexa inferior á unidade e, ademais, tampouco sexa inferior ao cadro de persoal medio dos 12 meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Cando a entidade se constituíse dentro dese prazo anterior de 12 meses, tomarase o cadro de persoal medio que resulte dese período.

Para o cálculo do cadro de persoal medio da entidade tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

Computarase que o cadro de persoal medio dos 12 meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009 é cero cando a entidade se constituíse a partir desa data.

2.º Para os efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no punto 3 do artigo 101 desta lei.

Cando a entidade sexa de nova creación ou o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, ou ben a actividade se desenvolvese durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3.º Cando a entidade se constituíse dentro do ano 2015 e o cadro de persoal medio nos 12 meses seguintes ao inicio do primeiro período impositivo sexa superior a cero e inferior á unidade, o tipo de gravame previsto nesta letra aplicarase no período impositivo

de constitución da entidade coa condición de que nos 12 meses posteriores á conclusión dese período impositivo o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

4.º Cando se incumpran as condicións establecidas nesta letra, o contribuínte deberá regularizar a súa situación tributaria nos termos establecidos no artigo 125.3 desta lei.

l) Na determinación dos pagamentos fraccionados que se realicen na modalidade prevista no punto 3 do artigo 40 desta lei, integrarase na base imponible do período respecto do cal se calcula o correspondente pagamento fraccionado o 25 por cento do importe dos dividendos e as rendas devindicadas nel que se correspondan con participacións no capital ou nos fondos propios de entidades non residentes, aos cales lles resulte de aplicación o artigo 21 desta lei. Así mesmo, integrarase no correspondente pagamento fraccionado o 100 por cento do importe dos dividendos e as rendas devindicadas nel que se correspondan con participacións no capital ou nos fondos propios de entidades residentes, aos cales lles resulte de aplicación o referido artigo 21.

m) A cantidade que se deberá ingresar correspondente aos pagamentos fraccionados establecidos no punto 3 do artigo 40 desta lei, para aqueles contribuíntes que estean obrigados a aplicar esta modalidade e cuxo importe neto da cifra de negocios nos 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015 sexa ao menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 12 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos 3, 9 ou 11 primeiros meses de cada ano natural ou, para contribuíntes cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo. Quedará excluído do resultado positivo referido, o importe deste que se corresponda con rendas derivadas de operacións de quitación ou espera consecuencia dun acordo de acredores do contribuínte, e no dito resultado incluírase aquela parte do seu importe que se integre na base imponible do período impositivo.

Non obstante, a porcentaxe establecida no parágrafo anterior será do 6 por cento para aquelas entidades alí referidas nas cales, ao menos o 85 por cento dos ingresos dos 3, 9 ou 11 primeiros meses de cada ano natural ou, para contribuíntes cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, correspondan a rendas ás cales lles resulten de aplicación as exencións previstas nos artigos 21 ou 22 desta lei.

No caso de entidades parcialmente exentas ás cales lles resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo XIV do título VII desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non exentas. No caso de entidades ás cales lles resulte de aplicación a bonificación establecida no artigo 34 desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non bonificadas.

O disposto neste punto non resultará de aplicación ás entidades a que se refiren os puntos 3, 4 e 5 do artigo 29 desta lei nin ás referidas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

n) A porcentaxe a que se refire o punto 3 do artigo 40 desta lei será:

1.º Tratándose de contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios non superase a cantidade de 6 millóns de euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015, o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto.

2.º Tratándose de contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios superase a cantidade de 6 millóns de euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015:

– O resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa inferior a 10 millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por quince vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos 10 millóns de euros pero inferior a 20 millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por dezasete vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– O resultado de multiplicar por dezanove vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos 60 millóns de euros.

ñ) A porcentaxe de retención ou ingreso á conta a que se refire a letra a) do punto 6 do artigo 128 desta lei elévase ao 20 por cento.

Disposición transitoria trixésimo quinta. *Réxime fiscal aplicable a activos intanxibles adquiridos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

O réxime fiscal establecido nos artigos 12.2 e 13.3 desta lei non resultará de aplicación aos activos intanxibles, incluído o fondo de comercio, adquiridos en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, a entidades que formen parte coa adquirente do mesmo grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas.

Disposición transitoria trixésimo sexta. *Límite na compensación de bases impositivas negativas e activos por imposto diferido para o ano 2016.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien no ano 2016, os límites establecidos no primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 26, na letra e) do punto 1 do artigo 62 e nas letras d) e e) do artigo 67 desta lei serán do 70 por cento, nos termos establecidos, respectivamente, nos citados preceptos.

Disposición transitoria trixésimo sétima. *Dedución por reversión de medidas temporais.*

1. Os contribuíntes que tributen ao tipo de gravame previsto no punto 1 do artigo 29 desta lei e lles resultase de aplicación a limitación ás amortizacións establecida no artigo 7 da Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, terán dereito a unha dedución na cota íntegra do 5 por cento das cantidades que integren na base impositiva do período impositivo de acordo co parágrafo terceiro do citado artigo, derivadas das amortizacións non deducidas nos períodos impositivos que se iniciasen en 2013 e 2014.

Esta dedución será do 2 por cento nos períodos impositivos que se inicien en 2015.

2. Os contribuíntes que tributen ao tipo de gravame previsto no punto 1 do artigo 29 desta lei que se acollesen á actualización de balances prevista no artigo 9 da Lei 16/2012 terán dereito a unha dedución na cota íntegra do 5 por cento das cantidades que integren na base impositiva do período impositivo derivadas da amortización correspondente ao incremento neto de valor resultante daquela actualización.

Esta dedución será do 2 por cento nos períodos impositivos que se inicien en 2015.

3. As deducións previstas na presente disposición aplicaranse con posterioridade ás demais deducións e bonificacións que resulten de aplicación por este imposto.

As cantidades non deducidas por insuficiencia de cota íntegra poderán deducirse en períodos impositivos seguintes.

Disposición derogatoria.

1. No momento da entrada en vigor desta lei quedarán derogadas todas as disposicións que se opoñan ao establecido nela e, en particular, o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

En concreto, quedan derogadas:

a) O punto 2 da disposición adicional décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no que se refire a este imposto.

b) Os puntos 1, 2, 4, 7 e 8 do artigo 7 do Real decreto lei 11/2010, do 9 xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.

2. Non obstante, conservarán a súa vixencia no que se refire a este imposto:

a) As disposicións legais relativas ao réxime tributario dos organismos internacionais de que España forma parte.

b) A Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

c) O artigo 3.3 da Lei 15/1992, do 5 de xuño, sobre medidas urxentes para a progresiva adaptación do sector petrolero ao marco comunitario.

d) O artigo 12 do Real decreto lei 3/1993, do 26 de febreiro, de medidas urxentes sobre materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego.

e) Os artigos 93 e 94 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, sobre modificación dos aspectos fiscais do réxime económico e fiscal de Canarias, e a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

f) O Real decreto lei 7/1994, do 20 de xuño, sobre liberdade de amortización para os investimentos xeradores de emprego.

g) O Real decreto lei 2/1995, do 17 de febreiro, sobre liberdade de amortización para investimentos creadores de emprego.

h) O artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

i) A disposición adicional oitava da Lei 40/1994, do 30 de decembro, de ordenación do Sistema eléctrico nacional, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

j) O artigo 14 e a disposición adicional única da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, así como a disposición adicional terceira do Real decreto lei 15/1997, do 5 de setembro, polo que se modifica a Lei 5/1996, de creación de determinadas entidades de dereito público.

k) A disposición adicional vixésimo quinta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

l) A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

m) O artigo 27 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

n) A disposición adicional sétima da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

ñ) O Real decreto 647/2002, do 5 de xullo, polo que se declaran as materias primas minerais e actividades con elas relacionadas, cualificadas como prioritarias para efectos do previsto na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

o) O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

p) A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

q) O artigo 24 do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

- r) A disposición adicional segunda e a disposición adicional terceira da Lei 23/2005, do 18 de novembro, de reformas en materia tributaria para o impulso á produtividade.
- s) A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.
- t) A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.
- u) A Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.
- v) A disposición adicional sexta do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.
- w) O artigo 41 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro.
- x) O artigo 8 e a disposición transitoria segunda da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.
- y) A disposición adicional décimo sétima e disposición adicional vixésima primeira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.
- z) Os artigos 7 e 9 da Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica.
- aa) O artigo 49 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.

3. O Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, continuará vixente, mentres non se opoña ao previsto nesta lei, ata a entrada en vigor da norma regulamentaria que se poida ditar en desenvolvemento desta lei.

4. A derogación das disposicións a que se refire o punto 1 non prexudicará os dereitos da Facenda pública respecto ás obrigacións devindicadas durante a súa vixencia.

Disposición derradeira primeira. *Entidades acollidas á Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.*

1. As cooperativas tributarán de acordo co establecido na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

2. Os grupos de sociedades cooperativas poderán tributar en réxime de declaración consolidada de acordo co previsto no Real decreto 1345/1992, do 6 de novembro, polo que se ditan as normas para a adaptación das disposicións que regulan a tributación sobre o beneficio consolidado aos grupos de sociedades cooperativas.

Disposición derradeira segunda. *Entidades acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

As entidades que reúnan as características e cumpran os requisitos previstos no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, terán o réxime fiscal que nela se establece.

Disposición derradeira terceira. *Entidades acollidas á Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.*

As entidades que reúnan as características e cumpran os requisitos previstos na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, terán o réxime fiscal que nela se establece.

Disposición derradeira cuarta. *Modificacións na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.*

Primeiro. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2011, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas:

Un. Engádesse unha disposición adicional sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sétima. *Regras especiais aplicables ás cooperativas en relación cos activos por imposto diferido.*

No suposto de sociedades cooperativas ás cales lles resulte de aplicación esta lei, aplicaranse as seguintes especialidades:

a) O límite a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, referirase á cota íntegra positiva sen ter en conta a súa integración nin a compensación de cotas negativas.

b) A aplicación do réxime de consolidación fiscal por aqueles grupos fiscais integrados por sociedades cooperativas ás cales lles resulte de aplicación o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, terán as seguintes especialidades:

1.º Para proceder á suma alxébrica de cotas íntegras das cooperativas que formen parte do grupo fiscal non incluírá nas bases impoñibles desas entidades as dotacións a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades. Estas dotacións incluíranse na cota íntegra, en función do tipo de gravame que corresponda, con posterioridade á referida suma, e co límite do 60 por cento da cota positiva do grupo.

2.º No suposto de que unha entidade se incorpore a un grupo fiscal, as dotacións a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades pendentes de integrar na cota íntegra integraranse na cota íntegra do grupo, en función do tipo de gravame que corresponda, co límite do 60 por cento da cota íntegra positiva individual da propia entidade.

3.º No suposto de perda do réxime de consolidación fiscal ou extinción do grupo fiscal, as entidades que o integren asumirán as dotacións a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, pendentes de integrar na cota, na proporción en que contribuísen á súa formación.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria sétima. *Dotacións por deterioración de determinados activos.*

Nos períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2014, as dotacións a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades nos termos establecidos nos números 1.º e 2.º da letra b) da disposición adicional sétima desta lei, incluíranse na cota íntegra do grupo, en función do tipo de gravame que corresponda, co límite da cota íntegra positiva do grupo ou individual, respectivamente.

Non obstante, nos períodos impositivos que se inicien no ano 2014, as dotacións a que se refire o artigo 19.13 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades nos termos establecidos nos números 1.º e 2.º da letra b) da disposición adicional sétima desta lei realizadas por contribuíntes cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro,

do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015, terá os seguintes límites:

– As dotacións estarán limitadas ao 50 por cento da cota íntegra previa á súa incorporación e á compensación de cotas negativas, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– As dotacións estarán limitadas ao 25 por cento da cota íntegra previa á súa incorporación e á compensación de cotas negativas, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 60 millóns de euros.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2014, engádese a letra c) á disposición adicional sétima da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Os activos por imposto diferido a que se refire o último parágrafo do punto 1 da disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, deberán entenderse referidos aos correspondentes ao dereito a compensar en exercicios posteriores as cotas negativas.»

Terceiro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2015, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas:

Un. Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Compensación de cotas negativas.*

1. Se a suma alxébrica a que se refire o artigo anterior resulta negativa, a cooperativa poderá compensar o seu importe coas cotas íntegras positivas dos períodos impositivos seguintes, co límite do 60 por cento da cota íntegra previa á súa compensación. En todo caso, serán compensables no período impositivo cotas íntegras polo importe que resulte de multiplicar 1 millón de euros ao tipo medio de gravame da entidade.

O dereito da Administración para comprobar ou investigar as cotas negativas pendentes de compensación prescribirá aos 10 anos contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo establecido para presentar a declaración ou autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se xerou o dereito á súa compensación.

Transcorrido ese prazo, o contribuínte deberá acreditar que as cotas negativas cuxa compensación pretenda resultan procedentes, así como a súa contía, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación e da contabilidade, con acreditación do seu depósito durante o citado prazo no Rexistro Mercantil.

2. Este procedemento substitúe a compensación de bases impositibles negativas prevista no artigo 26 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades que, en consecuencia, non será aplicable ás cooperativas.»

Dous. Engádese a disposición transitoria oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria oitava. *Compensación de cotas negativas no ano 2015.*

O límite a que se refire o punto 1 do artigo 24 desta lei non resultará de aplicación nos períodos impositivos que se inicien no ano 2015.

Non obstante, a compensación de cotas negativas de exercicios anteriores, para os contribuíntes cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor

engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2015, terá os seguintes límites:

– A compensación de cotas negativas está limitada ao 50 por cento da cota íntegra previa a esa compensación, cando nesos 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– A compensación de cotas negativas está limitada ao 25 por cento da cota íntegra previa a esa compensación, cando nesos 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 60 millóns de euros.

A limitación á compensación de cotas negativas non resultará de aplicación no importe das rendas correspondentes a quitacións e esperas consecuencia dun acordo cos acredores non vinculados co contribuínte.»

Disposición derradeira quinta. *Modificacións na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado:

Un. Modifícase o artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 19. *Dedución da cota do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas terán dereito a deducir da cota íntegra o resultado de aplicar á base da dedución correspondente ao conxunto de donativos, doazóns e achegas con dereito a dedución, determinada segundo o disposto no artigo 18 desta lei, a seguinte escala:

Base de dedución importe ata	Porcentaxe de dedución
150 euros	75
Resto base de dedución.	30

Se nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores se realizasen donativos, doazóns ou achegas con dereito a dedución en favor dunha mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deles, ao do exercicio anterior, a porcentaxe de dedución aplicable á base da dedución en favor desa mesma entidade que exceda os 150 euros, será o 35 por cento.

2. A base desta dedución computarase para efectos do límite previsto no punto 1 do artigo 69 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria quinta. *Porcentaxes de dedución na cota do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.*

Durante o período impositivo 2015 a porcentaxe de dedución para bases de dedución de ata 150 euros a que se refire o punto 1 do artigo 19 desta lei, será do 50 por cento, e a aplicable ao resto da base da dedución, o 27,5 por cento. Cando resulte de aplicación o disposto no último parágrafo dese punto, a porcentaxe de dedución que se aplicará será o 32,5 por cento.

Nos períodos impositivos que se inicien no ano 2015, a porcentaxe de dedución a que se refire o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 20 desta lei, será do 37,5 por cento.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2015, engádese un parágrafo ao punto 1 do artigo 20 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que queda redactado da seguinte forma:

«Se nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores se realizasen donativos, doazóns ou achegas con dereito a dedución en favor dunha mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deles, ao do período impositivo anterior, a porcentaxe de dedución aplicable á base da dedución en favor desa mesma entidade será o 40 por cento.»

Disposición derradeira sexta. *Modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Primeiro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, modifícase o punto 6 do artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«6. No suposto de que unha caixa de aforros ou unha fundación bancaria perda a condición de sociedade dominante dun grupo fiscal nun período impositivo, a entidade de crédito subrogarase na dita condición desde o inicio dese período, sen que se produzan os efectos da extinción do grupo fiscal a que se refire o artigo 81 desta lei, salvo para aquelas entidades que deixen de formar parte do grupo por non teren a condición de dependentes nos termos sinalados no punto 3 deste artigo.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2014, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o punto 13 do artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«13. As dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co contribuínte, non debidos por entidades de dereito público e cuxa deducibilidade non se produza por aplicación do disposto no artigo 12.2.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos artigos 13.1.b) e 14.1.f) desta lei, correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, de ser o caso, prexubilación, que xeraren activos por imposto diferido, integraranse na base imponible de acordo co establecido nesta lei, co límite da base imponible positiva previa á súa integración e á compensación de bases impositivas negativas.

Non obstante, no caso de contribuíntes cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2014, a integración na base imponible das referidas dotacións estará sometida aos seguintes límites:

– O 50 por cento da base imponible positiva previa á súa integración e á compensación de bases impositivas negativas, cando neses 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 20 millóns de euros pero inferior a 60 millóns de euros.

– O 25 por cento da base imponible positiva previa á súa integración e á compensación de bases impositivas negativas, cando nesos 12 meses o importe neto da cifra de negocios sexa ao menos de 60 millóns de euros.

As cantidades non integradas nun período impositivo serán obxecto de integración nos períodos impositivos seguintes co mesmo límite. Para estes efectos, integraranse, en primeiro lugar, as dotacións correspondentes aos períodos impositivos máis antigos.»

Dous. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 24, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Non se integrarán na base imponible:

a) Os gastos de mantemento da obra benéfico-social que se realicen con cargo ao fondo de obra social, mesmo cando excedan as asignacións efectuadas, sen prexuízo de que teñan a consideración de aplicación de futuras asignacións. Non obstante, eses gastos serán fiscalmente deducibles cando, de conformidade coa normativa contable que resulte aplicable, se rexistren con cargo á conta de perdas e ganancias.

b) As rendas derivadas da transmisión de investimentos afectas á obra benéfico-social.

4. A dotación á obra benéfico-social realizada polas fundacións bancarias ou, de ser o caso, os gastos de mantemento da obra benéfico-social que, de acordo coa normativa contable que resulte aplicable, se rexistren con cargo á conta de perdas e ganancias, poderán reducir a base imponible das entidades de crédito en que participen, na proporción que os dividendos percibidos das citadas entidades representen respecto dos ingresos totais das fundacións bancarias, ata o límite máximo dos citados dividendos. Para iso, a fundación bancaria deberá comunicar á entidade de crédito que satisfíxese os dividendos o importe da redución así calculada e a non aplicación desa cantidade como partida fiscalmente deducible na súa declaración deste imposto.

No caso de non aplicación do importe sinalado aos fins da súa obra benéfico-social, a fundación bancaria deberá comunicar o incumprimento da referida finalidade á entidade de crédito, co obxecto de que esta regularice as cantidades indebidamente deducidas nos termos establecidos no artigo 137.3 desta lei.»

Disposición derradeira sétima. *Modificacións na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.*

Un. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2014, modifícase o punto 4 do artigo 9, da Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, que queda redactado da seguinte forma:

«4. En todo caso, estarán suxeitos a retención os dividendos ou participacións en beneficios a que se refiren as letras a) e b) do punto 1 do artigo 10, excepto que se trate de entidades que reúnan os requisitos para a aplicación desta lei.

Así mesmo, estarán suxeitos a retención os dividendos ou participacións en beneficios a que se refire a letra c) do punto 1 do artigo 10 desta lei, de acordo co establecido no artigo 31 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, salvo aqueles aos cales resulte de aplicación o disposto no punto anterior.»

Dous. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2015, modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 10 da Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola

que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os dividendos distribuídos con cargo a beneficios ou reservas respecto dos cales se aplicase o réxime fiscal especial establecido nesta lei, recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, non será de aplicación a exención establecida no artigo 21 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

b) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o disposto no artigo 25.1.a) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

c) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, aplicarase o disposto no artigo 24.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

2. As rendas obtidas na transmisión ou reembolso da participación no capital das sociedades que optasen pola aplicación deste réxime recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o transmitente ou perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, non será de aplicación a exención establecida no artigo 21 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

b) Cando o transmitente ou perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, a ganancia ou perda patrimonial determinarase de acordo co previsto na letra a) do punto 1 do artigo 37 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

c) Cando o transmitente ou perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente cuxa participación no capital social da entidade sexa igual ou superior ao 5 por cento, non será de aplicación a exención establecida na letra i) do punto 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.»

Disposición derradeira oitava. *Modificacións na Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2014, modifícase o primeiro parágrafo do punto dous do artigo 2.terceiro da Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A cantidade que se ingresará correspondente aos pagamentos fraccionados establecidos no punto 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para aqueles suxeitos pasivos que estean obrigados a aplicar esta modalidade e cuxo importe neto da cifra de negocios dentro do ano 2014 ou 2015 sexa ao menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 12 por cento do resultado positivo da conta de perdas e

ganancias do exercicio dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo. Quedará excluído do resultado positivo referido o importe deste que se corresponda con rendas derivadas de operacións de quitación ou espera consecuencia dun acordo de acredores do contribuínte, e incluírase no dito resultado aquela parte do seu importe que se integre na base imponible do período impositivo.»

Disposición derradeira novena. *Habilitacións á Lei de orzamentos xerais do Estado.*

1. A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá:
 - a) Modificar os tipos de gravame.
 - b) Modificar os límites cuantitativos, coeficientes e porcentaxes fixos.
 - c) Modificar as exencións.
 - d) Introducir e modificar as normas precisas para cumprir as obrigacións derivadas do Tratado da Unión Europea e do dereito que deste derive.
 - e) Modificar os aspectos procedementais e de xestión do tributo.
 - f) Modificar os prazos de presentación de declaracións.

2. A Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá os incentivos fiscais pertinentes en relación con este imposto, cando así sexa conveniente para a execución da política económica.

Disposición derradeira décima. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Esta lei apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015 e será de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir da expresada data, salvo as disposicións derradeiras cuarta a sétima, que entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado» e serán de aplicación nos termos nelas establecidos.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY